



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X lexislatura  
Serie Pleno  
Número 126

**Sesión plenaria**  
10 de setembro de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG4KDcYeup5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## ORDE DO DÍA

---

### Punto 1. Texto legislativo

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para promover determinadas actuacións para a mellora mediambiental (doc. núm. 39918, 10/PPL-000031)  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 384, do 15.11.2018

### Punto 2. Comparecencias

#### 2.1 52099 (10/CPP-000104)

Do Sr. conselleiro de Cultura e Turismo, por petición propia, para informar sobre o Plan estratéxico do Xacobeo  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 498, do 04.07.2019

#### 2.254374 (10/CPP-000107)

Da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para informar da situación actual do sistema de acceso á illa de Ons por parte dos veciños e veciñas  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

Acumúlase na anterior a seguinte

#### 2.3 54163 (10/CPP-000106)

Da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición dos GG. PP. de En Marea, do Bloque Nacionalista Galego e do Mixto, para dar conta dos criterios establecidos para o acceso de visitantes á illa de Ons, no Parque Nacional das Illas Atlánticas, e as restricións para o acceso das persoas de Ons e outras persoas coas que teñen relación de parentesco ou amizade  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

### Punto 3. Mocións

#### 3.1 52544 (10/MOC-000155)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección das persoas galegas usuarias de produtos financeiros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 508, do 19.07.2019



**3.2 52567 (10/MOC-000156)****Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre a xestión das subvencións percibidas polo sindicato Xóvenes Agricultores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 508, do 19.07.2019

**Punto 4. Propositions non de lei****4.1 47097 (10/PNP-003547)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa concreción e deseño de medidas para a mellora da atención primaria no sistema sanitario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

**4.2 51576 (10/PNP-003866)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas obras iniciadas na serra do Oribio, supostamente para a construción dun parque eólico nos concellos de Samos e de Triacastela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 493, do 26.06.2019

**4.3 51911 (10/PNP-003889)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a dotación por parte do Goberno galego ao Sergas dos recursos económicos necesarios para negociar na mesa sectorial un plan de estabilidade laboral que permita convocar as ofertas públicas de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 495, do 01.07.2019

**4.4 53132 (10/PNP-003960)****Grupo Parlamentario Mixto****Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis**

Sobre a elaboración por parte da Xunta de Galicia, antes do primeiro trimestre de 2020, dun protocolo específico de atención ás persoas maiores que viven soas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

**4.5 53868 (10/PNP-003989)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e catorce deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para solicitar do Goberno do Estado a adopción de varias medidas no eido da transición enerxética que permitan o mantemento da actividade e o emprego vinculado á central térmica das Pontes

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 521, do 29.08.2019



**4.6 54032 (10/PNP-004003)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar a oferta de estudos de mestrado no noso sistema universitario, así como respecto das axudas para favorecer o acceso a estes estudos en igualdade de condicións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

**4.7 54051 (10/PNP-004005)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para recuperar os investimentos pendentes en materia de infraestruturas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

**4.8 54185 (10/PNP-004018)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e dezasete deputados/as máis**

Sobre o mantemento por parte da Xunta de Galicia da defensa diante da Unesco dunha candidatura para a declaración como patrimonio da humanidade da totalidade do actual territorio do Parque Nacional da Illas Atlánticas de Galicia e que non exclúa os arquipélagos de Ons e Sálvora nin a illa de Cortegada.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 521, do 29.08.2019

**4.9 54188 (10/PNP-004019)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a activación das cubas, así como para o mantemento do emprego e da actividade industrial, na factoría de Alcoa en San Cibrao, e as demandas que debe realizar ao Goberno central para paliar a crise da industria electrointensiva galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

**Punto 5. Interpelacións****5.1 49605 (10/INT-001661)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa oferta de solo empresarial e a implantación e fixación de empresas en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 476, do 14.05.2019

**5.2 52802 (10/INT-001751)****Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar as actuais condicións laborais no sector do telemarketing, así como para evitar a deslocalización e a perda de postos de traballo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 512, do 29.07.2019



**5.3 53912 (10/INT-001786)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa mellora continua do sistema educativo galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta****6.1 54849 (10/POPX-000160)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón**

Sobre a valoración das políticas do Goberno galego en materia de vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

**6.2 54853 (10/POPX-000161)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a xestión que vai levar a cabo o Goberno galego no último ano da X lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

**6.3 54854 (10/POPX-000162)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Míguez, Gonzalo**

Sobre o plan de acción do Goberno galego para o que queda de lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

**Punto 7. Preguntas ao Goberno****7.1 53685 (10/POP-006334)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración da actual relación institucional entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

**7.2 54214 (10/POP-006457)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis**

Sobre os principais beneficios que quere acadar a Xunta de Galicia para os funcionarios públicos e a sociedade galega en xeral mediante a reforma integral do Edificio Administrativo de San Caetano

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019



**7.3 54031 (10/POP-006414)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para evitar os efectos en Galicia da deslocalización de servizos de provisión e xestión de rede da empresa de telefonía R Cable

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

**7.4 54848 (10/PUP-000262)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vega Pérez, Daniel e sete deputados/as máis**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia diante do Goberno central para o mantemento da actividade da industria electrointensiva, en especial, a da planta de Alcoa en San Cibrao

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

**7.5 54851 (10/PUP-000263)****Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos datos do investimento estranxeiro en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

**7.6 51771 (10/POP-006073)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da reapertura da escola unitaria do Colexio Rural Agrupado de Narón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 493, do 26.06.2019

**7.7 53343 (10/POP-006272)****Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre a valoración por parte do Goberno galego da elevada porcentaxe de prazas que quedaron sen cubrir na oferta pública de emprego para o ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

**7.8 54006 (10/POP-006408)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre o funcionamento das visitas ao pazo de Meirás

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

**7.9 53518 (10/POP-006306)****Grupo Parlamentario Mixto****Vázquez Verao, Paula**

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia das condicións laborais do persoal do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019



**7.10 54182 (10/POP-006451)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre o pechamento de camas hospitalarias durante os meses de verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

**7.11 52661 (10/POP-006148)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Rodríguez Arias, Marta e oito deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para seguir ampliando o Programa de aco-  
llemento familiar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 513, do 30.07.2019



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.*

### **Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dun novo deputado.** (Punto preliminar da orde do día.)

*Antes de entrar na orde do día, en cumprimento do artigo 7.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o señor presidente procede a solicitar a prestación de xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado, don Xoán Xosé Jove González. (Páx. 13.)*

*O señor Xoán Xosé Jove González (M) presta a súa promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia. (Páx. 13.)*

### **Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para promover determinadas actuacións para a mellora medioambiental.** (Punto primeiro da orde do día.)

*Presentación da proposición de lei: Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 14.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Villares Naveira (M) (Páx. 17.), Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 20.), Sr. Sánchez García (GCE) (Páx. 23.) e Sr. Trenor López (P). (Páx. 25.)*

*Rolda de réplica: Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 28.)*

### **Votación do texto lexislativo**

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para promover determinadas actuacións para a mellora medioambiental: rexeitada por 32 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención. (Páx. 30.)*





**Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura e Turismo, por petición propia, para informar sobre o Plan estratéxico do Xacobeo. (Punto segundo da orde do día.)**

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 31.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Casal Vidal (M)* (Páx. 40.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 43.), *Sra. Cuña Bóveda (GCE)* (Páx. 47.), *Sra. Burgo López (S)* (Páx. 49.) e *Sra. Antón Vilasánchez (P)* (Páx. 52.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 55.)

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno.* (Páx. 62.) *Nesta rolda interveñen o señor Casal Vidal (M)* (Páx. 62.), *a señora Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 63.), *a señora Cuña Bóveda (GCE)* (Páx. 65.), *a señora Burgo López (S)* (Páx. 66.), *a señora Antón Vilasánchez (P)* (Páx. 68.) e *o señor conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 69.)

**Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria**

*O señor presidente comunica que se vai pasar ao punto 3, de mocións.* (Páx. 72.)

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre a política do Goberno galego en relación coa protección das persoas galegas usuarias de produtos financeiros. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 72.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 73.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Casal Vidal (M)* (Páx. 76.) e *Sra. Porrill Lueiro (S)*. (Páx. 77.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Torregrosa Sañudo (CE)* (Páx. 78.) e *Sra. Romero Fernández (P)*. (Páx. 80.)

*A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 82.)

**Moción do G. P. De En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre a xestión das subvencións percibidas polo sindicato Xóvenes Agricultores. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 83.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Quinteiro Araújo (CE)*. (Páx. 83.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Pérez Seco (S)*. (Páx. 86.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rodríguez Estévez (M)* (Páx. 87.), *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 88.) e *Sr. Blanco Pardelo (P)*. (Páx. 89.)

*A señora Quinteiro Araújo (CE) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 91.)



### ***Votación das mocións***

Votación dos puntos 1, 2 e 3 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre a política do Goberno galego en relación coa protección das persoas galegas usuarias de produtos financeiros: *rexeitados por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 93.)

Votación dos puntos 4, 5 e 6 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre a política do Goberno galego en relación coa protección das persoas galegas usuarias de produtos financeiros: *rexeitados por 17 votos a favor, 38 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 94.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre a xestión das subvencións percibidas polo sindicato Xóvenes Agricultores: *rexeitado por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 94.)

*Suspéndese a sesión ás tres da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos.*

### ***Debate acumulado***

**Comparecencia da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para informar da situación actual do sistema de acceso á illa de Ons por parte dos veciños e veciñas.** (Punto segundo da orde do día.)

**Comparecencia da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición dos GG. PP. de En Marea, do Bloque Nacionalista Galego e do Mixto, para dar conta dos criterios establecidos para o acceso de visitantes á illa de Ons, no Parque Nacional das Illas Atlánticas, e as restricións para o acceso das persoas de Ons e outras persoas coas que teñen relación de parentesco ou amizade.** (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 94.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Villares Naveira (M)* (Páx. 103.), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 106.), *Sr. Cal Ogando (GCE)* (Páx. 110.), *Sra. Pierres López (S)* (Páx. 113.) e *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 116.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 120.)

*O señor presidente (Calvo Pouso) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno (Páx. 126.). Nesta rolda interveñen o señor Villares Naveira (M) (Páx. 126.), o señor Bará Torres (BNG) (Páx. 128.), o señor Cal Ogando (GCE) (Páx. 129.), a señora Pierres López (S) (Páx. 131.), o señor Trenor*



López (P) (Páx. 133.) e a señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 135.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa concreción e deseño de medidas para a mellora da atención primaria no sistema sanitario. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 137.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 138.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Vázquez Verao (M) (Páx. 141.) e Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 143.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Solla Fernández (GCE) (Páx. 145.) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 147.)

*O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 149.)*

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas obras iniciadas na serra do Oribio, supostamente para a construción dun parque eólico nos concellos de Samos e de Triacastela. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 150.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Sánchez García (GCE). (Páx. 151.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Vázquez Verao (M) (Páx. 154.) e Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 156.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 158.) e Sra. Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 160.)

*O señor Sánchez García (GCE) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 162.)*

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a dotación por parte do Goberno galego ao Sergas dos recursos económicos necesarios para negociar na mesa sectorial un plan de estabilidade laboral que permita convocar as ofertas públicas de emprego. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 163.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Solla Fernández (GCE). (Páx. 164.)



Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vázquez Verao (M)* (Páx. 167.) e *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 169.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 170.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 172.)

*A señora Solla Fernández (GCE) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 174.)

*Suspéndese a sesión ás oito e cincuenta e dous minutos do serán.*



Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

**O señor PRESIDENTE:** Bos días. Imos dar comezo á sesión. *(Pausa.)*

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

### **Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dun novo deputado**

**O señor PRESIDENTE:** Como punto preliminar, antes de entrar na orde do día, corresponde a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dun novo deputado.

Dando cumprimento ao previsto no artigo 7.1 do Regulamento, procedo a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía do novo deputado —a ver se o digo ben, porque onte confundínme con estas tres...—, don Xoán Xosé Jove González.

Segundo o procedemento, a fórmula é de contestar «si, xuro» ou «si, prometo» á pregunta desta Presidencia. Prégolle que responda dende o escano á pregunta que lle vou formular.

Don Xoán Xosé Jove González, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia?

**O señor JOVE GONZÁLEZ:** Si, prometo por imperativo legal acatar...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, promete.

**O señor JOVE GONZÁLEZ:** ...o Estatuto de autonomía e a Constitución, afondando nos principios reitores de xustiza social, igualdade e loita por un medio ambiente máis sustentable...

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, promesa feita. Moitas grazas.

Unha vez prestada a promesa, adquire a condición plena de deputado. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Entramos xa nos textos lexislativos.

### **Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para promover determinadas actuacións para a mellora medioambiental**

**O señor PRESIDENTE:** Para a presentación da proposición de lei ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Vilán Lorenzo.



**A señora VILÁN LORENZO:** Bo día a todas e a todos. Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero saudar os representantes da plataforma que en Casalonga loitou para evitar que se convertese nunha situación semellante a esta, que é Grixoa e Miramontes, en Santiago de Compostela, e tamén os representantes do Concello de Teo.

Nestes últimos tempos, por moda quizais, a maioría dos partidos políticos semella que queren loitar por ser os campións na protección do medio ambiente; incluso vostedes, señoras e señores deputados e deputadas do Partido Popular, que van por aí presumindo de que queren unha Galicia verde.

Hai un dito moi sabio que di: «Polos seus actos os coñeceredes». E hoxe veremos se os seus actos se corresponden co que pregoan, se votan vostedes a favor da toma en consideración desta proposición de lei, porque estou segura de que vostedes —seino—, moitos e moitas de vostedes, están preocupados pola seguridade e pola saúde das galegas e dos galegos, sei que é así, porque dende hai anos hai moitos lugares de Galicia onde están a acontecer situacións —digamos— que poden incidir ou que xa están a incidir, e esta é a proba. Este é un vertedoiro, pero esta fotografía é o resultado da explosión en Paramos, en Tui, por causa dunha pirotecnia ilegal nese caso.

Pois eses acontecementos que xa teñen incidido negativamente na seguridade, na saúde e no medio ambiente do país, nós cremos que é necesario salvarlos, e a forma de salvarlos nunha democracia, a forma máis efectiva, é a través de medidas normativas que eviten precisamente eses resultados lesivos que xa temos visto na nosa comunidade e que vemos todos os días.

¿Que está a ocorrer? ¿Que vemos todos os días que está a ocorrer? Pois que hai empresas que de maneira lexítima promoven instalacións de actividades perigosas, neste caso de xestión de residuos e tamén de actividades pirotécnicas, en solo rústico e preto de zonas residenciais, polo tanto, en zonas que están habitadas.

¿Cales son os problemas? Os problemas, por exemplo, para as plantas de xestión de residuos, é que comezan chamándose plantas de xestión de residuos e acaban sendo isto, acaban sendo vertedoiros; vertedoiros que logo están fóra de control e que son xa inicialmente moi pouco garantistas para protexer o medio ambiente.

Ocorre tamén que a lexislación actual fai que sexan os concellos os que teñan obriga de emitir informes, por exemplo, sobre as solicitudes de compatibilidade urbanística deses proxectos de instalación previas á autorización ambiental integrada, que é xa competencia da Xunta de Galicia. E ocorre tamén que os concellos, sabémolo todos, hainos máis grandes, hainos medianos, hainos moi pequenos, e non teñen medios; os medios son moi precarios, sobre todo naqueles concellos que teñen maior superficie rural no noso país.

Vou poñer os tres exemplos que ultimamente nos teñen afectado de maneira moi negativa en Galicia: a pirotecnia de Paramos, en Tui; a canteira de Casalonga, en Teo; e a situación do vertedoiro de Grixoa, de Miramontes, en Santiago. Son tres situacións reais, distintas,



diferentes. Por un lado, está unha actividade pirotécnica; por outro lado, está un proxecto; e por outro lado, está unha que comezou sendo unha planta de xestión de residuos, un verdedeiro que xa existe.

En Paramos, sei que moitos e moitas de nós estivemos alí, a sensación ao chegar era... eu persoalmente teño a sorte de non ter estado nunca nunha guerra, pero a sensación que daba, segundo medios gráficos que alí estaban e que si estiveran, era de estar nun Kosovo, con todo destruído. É certo que a nave que había en Paramos era unha nave ilegal, pero en Tui mesmo hai una nave legal da mesma empresa que tivo problemas xudiciais pola súa ampliación, e que ademais ocasionou no seu momento problemas ao Concello. Non estamos a falar só de naves ilegais, senón tamén de empresas pirotécnicas que teñen naves legais que conviven coas persoas.

Na antiga canteira de Casalonga, en Teo, estamos a falar de actividades perigosas relativas aos residuos, á xestión de residuos. Isto non vén de agora. Hai un par de anos, no ano 2017, no concello entrou unha solicitude de compatibilidade urbanística para instalar unha planta de xestión de residuos por parte dunha empresa, o grupo Toysal. Teoricamente, era para producir biogás, esa era a teoría. Pero nese momento todo o concello de Teo, toda a corporación municipal, tamén os seus concelleiras e concelleiros, señoras e señores do PP, a plataforma Casalonga limpa de residuos e todos os veciños e veciñas de Teo opuxéronse a esta planta de xestión de residuos, e tiñan razón. Tiñan razón porque, efectivamente, o que non querían era que se convertese nisto que é agora Grixoa en Santiago.

Tiñan tanta razón que, despois de que o Concello emitise un informe negativo e que a Xunta supostamente paralizase esa actividade, a propia empresa tenlle dado unha volta a esa situación. Aínda que de entrada ía alugar o espazo da canteira para non desenvolver ningunha actividade mineira, agora dálle unha volta e di que quere sacar pedra da canteira, en concreto 95.000 toneladas.

Non hai ningunha información ao Concello nin sobre o plan de restauración da mina, nin sobre o plan de laboreo, nin sobre a documentación sobre seguridade e saúde pública, dunha maneira moi parecida que aquel proxecto inicial, que non tiña practicamente plan de restauración, ocupaba este espazo en todo aquel proxecto.

Neste verán, o seu goberno abriu un expediente de caducidade pola falta de actividade da canteira, despois de que o concello, que ten un só técnico, emitise un informe negativo desta actividade. Claro, ¡que vostedes vaian por detrás da actividade dos concellos, cando os concellos teñen moitos menos medios que a Xunta de Galicia, a nós asústanos!, e o que queremos é facilitar que isto non ocorra. Por iso esta proposición de lei que traemos hoxe aquí.

Di esa empresa que o quere é instalar unha planta de xestión de tecnosolos, que é como se chama agora modernamente. O problema está en que se pode converter ese proxecto en algo parecido, en algo semellante, a este de Grixoa, que o único que nos produce é noxo sen necesidade de cheirar, simplemente con mirar unha fotografía. Pretenden incluso o baleirado dunha lagoa que hai alí.



Estou segura de que vostedes tamén estarían en contra, e están en contra, do que está a ocorrer en Grixoa, en Miramontes. Seguro que agora a Dirección Xeral de Calidade Ambiental está colaborando coa Fiscalía de Medio Ambiente de Galicia, despois de que os veciños da contorna de Santiago, e en concreto de Grixoa, tivesen que acudir á Fiscalía, a Fiscalía abrise en outubro do ano pasado dilixencias de investigación penal, e agora haxa dúas querelas abertas pola propia Fiscalía dende hai máis ou menos seis meses.

Á Fiscalía —xa llo contamos á conselleira o día que veu aquí contestar unha interpelación— bastoulle con ler as actas de inspección que entre o ano 2010 e 2018 —creo recordar— os técnicos da súa consellería ían levantando sobre a planta de Grixoa, sobre a planta de Miramontes. Esas actas, ata que a Fiscalía as tivo na man, non sabemos que pasou con elas, ou ben non se leron por parte dos técnicos ou ben, se as leron, consideraron que non planteaban ningún tipo de problema e que non había que ir a ningún sitio con elas, nin sequera á Fiscalía.

As actas din un montón de cousas, entre elas, que se supera a cantidade de orgánicos vertidos nesta canteira, en Grixoa, que non estaban no proxecto construtivo inicial nin tampouco na autorización ambiental integrada, que xa sabemos que vostedes nos van dicir que se outorgou por parte do Goberno de Emilio Pérez Touriño no ano 2008.

Estes son tres exemplos, tres exemplos reais, e non son os únicos, no resto de Galicia está a ocorrer algo parecido. Nós cremos que para evitar problemas de seguridade a veciñas e veciños, para evitar que Casalonga se transforme nun novo Grixoa ou nun novo Miramontes, para evitar situacións como o que ocorreu en Paramos, en Tui, debemos mudar esta situación, e a forma de mudar unha situación, a forma máis garantista nunha democracia, é a través dunha norma, a través dunha proposición de lei, precisamente por iso trouxemos esta proposición de lei, para modificar a Lei do solo de Galicia do ano 2016. Creemos que así imos ter máis seguridade para as persoas, mellor saúde, mellor situación do medio ambiente tamén.

Xa lles pedimos no seu momento a vostedes, e a través de vostedes ao Goberno da Xunta, que se modificase o Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022, e vostedes dixéronnos que non. Naquela comisión na que se pediu e votaron vostedes en contra, saíu a posibilidade de modificar a normativa. É máis, o día que veu aquí a conselleira a responder á interpelación, dixo literalmente: cumprindo a lei soluciónase o problema. Pero cumprindo a lei actual non se soluciona o problema porque o problema está aquí e aquí, o problema está latente en Casalonga. Polo tanto, efectivamente, cumprindo unha lei diferente o problema pode ser que se solucione, e ás veces hai que arriscar, en democracia hai que arriscar tamén, de acordo cos procedementos que marca a normativa, evidentemente. Se non se arriscase, se houbese persoas que non arriscasen, non estaríamos onde estamos hoxe. Se ninguén no seu momento arriscase respecto do cambio climático e insistise, non estaríamos na situación na que hoxe estamos.

Nós cremos que hai que modificar a Lei do solo no seu artigo 35, cando fala de usos e actividades permitidos en solo rústico, para que se redacte de maneira máis acorde coa realidade actual e rematar así coa situación de indefensión á que se ven abocadas moitas veciñas e





moitos veciños da nosa comunidade, tendo que ir, por exemplo, á Fiscalía para que se defendan os seus dereitos.

Engadimos ademais o artigo 39 cunha nova letra, a letra g bis), que vai completar o artigo 35 para a xestión de residuos e tamén para as instalacións pirotécnicas, para que non se poidan situar a unha distancia inferior a 2.500 metros dos núcleos rurais ou urbanos, ou a 1.000 metros das vivendas máis próximas —agás que o planeamento municipal motive o contrario—.

Para garantir esta seguridade —que pretendemos que sexa certa—, engadimos unha disposición transitoria para que, nun prazo non superior a dous anos dende que entre en vigor esta modificación lexislativa —se vostedes aceptan votar a favor da toma en consideración—, a Xunta vaia coñecendo as instalacións que non cumpren o que di a lei, que traslade esa información aos concellos e que se lles inste a que modifiquen esa situación e se adapten á nova normativa.

E axudamos os concellos que teñen medios precarios cunha segunda disposición transitoria, para que a Xunta colabore a través de convenios con aqueles concellos que non teñan medios suficientes, e financien as súas actuacións para obter informes. Recordo de novo que en Teo hai un único técnico, que tivo que facer de maneira inxente este traballo.

Se vostedes están dispostos a mudar esta situación para que a solución sexa definitiva —polo menos diferente— e remate con estes problemas que existen. Coa situación que temos agora, e tal e como está redactada a Lei do solo, cremos que deben votar a favor da toma en consideración desta proposición de lei. E logo, con consenso e con diálogo, sermos capaces de negociar entre todos unha norma na que os galegos e as galegas...

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**A señora VILÁN LORENZO:** ...—remato xa, presidente— se vexan amparados fronte aos verdedoiros e ás pirotécnicas a carón das súas casas. Estamos dispostos, incluso, a debater sobre os límites, sobre as distancias, sobre o que vostedes consideren oportuno.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Bos días, señorías.

Desde En Marea queremos facer unha primeira contextualización da Lei do solo de Galicia, porque entendemos que a problemática exposta en relación con tres concellos realmente é unha problemática xeral que vén determinada pola forma en que se configurou o réxime competencial atribuído aos concellos en relación con determinadas obras, determinadas actuacións, na Lei do solo do ano 2016. De feito, quero recordar que foi obxecto de crítica xeral por



parte da academia e tamén por parte dos técnicos e das técnicas que se dedicaban á cuestión urbanística e á xestión do territorio, o feito do reparto competencial á hora do establecemento de informes e autorizacións para como se facían determinadas actuacións en solo rústico. Esta atribución, que fixo descansar sobre os concellos responsabilidades que anteriormente descansaban sobre a Administración autonómica, que distribuía e atribuía competencias sobre todo eximindo de responsabilidade, precisamente pola vía de informes, en relación cos concellos, non tivo en conta en moitas ocasións —e acábase de dar conta de exemplos de concellos pequenos, sobre todo de concellos pequenos— os recursos realmente existentes para a emisión deste tipo de informes, e ningunha previsión de recursos materiais nin de recursos persoais.

Ademais —como se pode apreciar na propia Lei do solo de Galicia—, non se tivo en conta ningunha previsión normativa para paliar esta situación, nin tampouco unha memoria económica para facerlle fronte. De aí que, por exemplo, esta reforma proposta agora polo Partido Socialista nunha das súas disposicións adicionais prevexa precisamente o tema de conveniar para ter capacidade co fin de afrontar a emisión deses informes.

Nós entendemos —como o entendeu a maior parte da crítica no seu momento, no 2016— que tivo o efecto para a Xunta de Galicia de simplemente desentenderse das súas responsabilidades na ordenación do territorio. Claro, ¿cal foi o principal prexudicado? O principal prexudicado foi a deficitaria xestión do solo rústico, e, en xeral, do espazo rural galego, e sempre cunha posterior intervención correctora moito máis custosa para a propia Administración autonómica, ben sexa na vía disciplinaria ben sexa na vía dos tribunais, cando, realmente, cunha asignación eficiente de recursos e unha distribución racional de competencias podíase ter operado un marco diferente, máis áxil e máis garantista cos bens que están en liza, aos que se acaba de facer referencia agora mesmo.

A partir de aquí, ¿cal é o resultado? O resultado é a desprotección de bens valiosos na ordenación do territorio, incluídas —como se puxo aquí de manifesto, de xeito directo ou ben indirecto— a vida, a saúde e o medio natural. Desde o punto de vista da protección dos valores que trata de salvagardar a ordenación do territorio por parte da Lei do solo de Galicia, o resultado é unha maior vulnerabilidade. ¿Por que? Porque se produce unha desprotección real deses valores, pola baixa calidade da emisión dos informes ou a baixa capacidade de resiliencia da Administración fronte ás presións, nalgúns casos, das empresas pola implantación de determinadas actividades. ¿Por que? Pois porque a tutela institucional é menor por esa pouca capacidade.

Queremos destacar a este respecto, sobre todo, no que ten que ver coa ordenación do territorio, varios valores que resultan especialmente desprotexidos. En primeiro lugar, os recursos naturais, e, polo tanto, a maior vulnerabilidade fronte a determinadas actividades das que fai unha enumeración, que entendo que non é taxativa, o Partido Socialista con relación ao medio natural. En xeral, a protección ou a baixa protección do medio ambiente, pero tamén os recursos produtivos que nos dispensa a base territorial; é dicir, o uso do solo rústico no sector primario, por exemplo, para a gandería ou para o desenvolvemento de usos agrarios queda tamén seriamente comprometido por este tipo de actuacións.

E, finalmente, e en ocasións como a que se invoca na reforma no segundo dos artigos, afecta indirectamente á calidade de vida, e mesmo nalgúns casos ao compromiso para a vida e a



saúde. Fíxose referencia ao caso dos silos na pirotécnica de Tui, á situación ilegal na que estaba Paramos; pero tamén a situacións que, incluso sendo cualificadas como legais, se producían con base en que non se fixera unha actividade previa con todo rigor, algo que vemos que en ocasións ten consecuencias funestas.

¿Cal é a consecuencia material desta situación? Pois é que, lonxe de promover a autonomía municipal —ao contrario—, se produce a súa vulnerabilidade pola baixa capacidade técnica e de resiliencia das presións que sofren as administracións como consecuencia das actividades emprendidas por determinadas empresas. Polo tanto, desde o punto de vista institucional, a situación provocada pola actual Lei do solo de Galicia en canto ao réxime autorizador xeral foi a debilitación da autonomía municipal. E dicimos iso porque a atribución de competencias sen atribución de recursos persoais e materiais para poder facer realmente a emisión de informes con rigor, sen presións, para poder emitir algo que sexa respectuoso con aqueles valores que se tratan de protexer coa ordenación do territorio, o resultado acaba sendo, precisamente, a debilidade da protección destes valores. E todo isto cun resultado de vulneración dos dereitos que se querían teoricamente tutelar por parte dos seus promotores, nalgúns casos voluntariamente, e nalgúns casos incluso non intencionalmente, senón por desidia ou por falta de capacidade técnica. Polo tanto, a caracterización da resposta técnica é de baixa calidade.

Pero aínda debemos de facer alusión a unha circunstancia adicional que foi pasada por alto. Hai unha consecuencia máis extrema desta situación, que é o incremento do risco tanto de prácticas corruptas como de prácticas clientelares. É o extremo das situacións non desexables, o risco de prácticas desta natureza asociadas á febleza dos concellos, singularmente aqueles que poidan ter un tamaño máis pequeno, unha poboación máis pequena, recursos máis reducidos ou exíguo peso político, polo simple feito da dificultade de se negar a informar positivamente proxectos que son presentados polas empresas como fornecedores de emprego na localidade. E todo isto, claro, á marxe de que, posteriormente, actos que son simple propaganda non cheguen a materializarse, como postos de traballo, ou non sexan da natureza e das características prometidas.

Tamén sen descontar —e ten sucedido en numerosos exemplos, o de Tui tamén podería ser un deles seguramente— a relevancia social, ou a implantación social, ou o recoñecemento social da propia empresa na vila coa súa implantación previa, o cal fai que o contacto co poder municipal dea lugar a resultados moitas veces non queridos, sobre todo no que é a tutela dos bens dos que estamos falando, particularmente da ordenación do territorio, do medio natural e da protección da vida e a saúde das persoas.

Como conclusión de todo isto, nós entendemos que por parte de En Marea esta proposición de lei debe de ter un voto favorable. Desde logo, dende o noso grupo vai telo, porque nós entendemos que reforza a autonomía local, reforza materialmente as capacidades dos concellos para reaccionar fronte á vulneración potencial dos seus valores de ordenación do territorio en terreos rurais, en terreo rústico. Entendemos, ademais, que hai informes polos que a eficiencia de recursos da Administración autonómica non está reñida —ou non debería de estar— coa autonomía local. Polo tanto, para a mellor protección dos valores anexos á ordenación do territorio, ao medio natural ou aos recursos produtivos da saúde e a vida das



persoas. Por esta razón, desde o noso grupo parlamentario votaremos a favor desta proposición de lei.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Esta presidencia entende que o posicionamento é dun partido político que é o de En Marea integrado no Grupo Mixto. Quero deixar claro isto para que non nos... Creo que o falamos tamén xa na Xunta de Portavoces. Posiciónase vostede, neste caso, como portavoz do Grupo Mixto. Outra cousa é que vostede pertenza ao partido político de En Marea, esa é outra cuestión.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Bo día.

En primeiro lugar, temos que dicir que o BNG vai apoiar a admisión a trámite desta proposición de lei, pero non porque pensemos que esta proposición de lei vaia resolver cuestións que están agora no debate público, porque non as vai resolver. En primeiro lugar, porque a lei non ten efectos retroactivos, hai proxectos que xa están en tramitación. E, en segundo lugar, porque hai que diferenciar cuestións que non teñen nada que ver.

Unha cousa son as plantas industriais de xestión de residuos, como a que se pretendía instalar en Casalonga, que se poden botar abaixo coa actual Lei do solo, como se fixo por parte do Concello de Teo e con moita pasividade da Xunta de Galiza; pero o Concello de Teo, despois de oito meses de darlle voltas, si que fixo un informe de compatibilidade negativa para botar abaixo esa planta. E outra cousa é o que se pretende facer agora en Casalonga —Casalonga 2ª fase—, que é un plan de restauración, que ten unha normativa propia de ámbito estatal, unha normativa básica, que regula este tipo de actividades, e ao que, polo tanto, non lle afectaría esta modificación da Lei do solo que se propón aquí. Polo tanto, penso que é importante diferenciar eses planos.

Apoiamos a admisión a trámite porque ten que ser un punto de partida para que deamos un debate sobre esta cuestión, porque temos problemas graves a este respecto que temos que resolver, mellorando no que sexa necesario a redacción da Lei do solo, tamén o Plan de residuos industriais de Galiza, e facéndolle fronte a unha situación moi preocupante que se está producindo en todo o país, sobre todo —hai que dicilo— na provincia da Coruña, na contorna de Santiago, cos casos de Miramontes ou de Casalonga, e tamén —como estamos vendo estes días— ese campo minado tóxico que é nestes momentos o concello de Sobrado, onde hai diversos proxectos pseudolegalizados, clandestinos, que están poñendo en risco a saúde pública, o estado dos ríos e do medio ambiente.

Polo tanto, hai que afrontar este tema en toda a súa complexidade e non vender solucións máxicas, porque esta proposta de modificación da Lei do solo non resolve o núcleo duro do problema que temos no país a respecto das operacións especulativas que están en marcha, con negocios millonarios para utilizar as canteiras como macrovertedoiros, que é o caso do



proxecto que hai neste momento en Casalonga, do Proxecto Toysal, que vai por outro carril de circulación e con outro ritmo. Vai amparado nesa normativa estatal sobre restauración de actividades mineiras e de canteiras, e tamén na normativa estatal que regula o tratamento dos residuos de construción e demolición.

Aquí do que se trata é diso, dunha operación para dar un gran pelotazo enchendo o oco dunha canteira con 9 millóns de metros cúbicos de residuos —que din que son inertes— da construción e da demolición, que empezan sendo residuos inertes e despois non sabemos o que acaban sendo. Iso é o que hai que parar neste momento. E os concellos tamén, coa Lei do solo na man, poden facer... Porque, claro, a Lei do solo actual fala dese informe de compatibilidade urbanística e fala daqueles casos onde hai unha urbanización evidente dos terreos, unha transformación urbanística dos terreos, que era o caso que se producía no primeiro proxecto que intentou Toysal para Casalonga. E todo isto por non falar do xa destruído, do mal xa feito con esa epidemia que tivemos aquí, promovida polo Partido Popular, desa auténtica peste dos tecnosolos, dese artefacto para sementar canteiras abandonadas en todo o país, sobre todo na provincia da Coruña, de auténticas bombas tóxicas de efecto retardado.

Ese mal xa está feito, paremos agora os novos males, as novas ameazas que temos enriba. E iso temos que facelo —como dicimos— cambiando máis que a Lei do solo, porque mesmo na redacción que ten este texto vemos moitas ambigüidades e moitas inconcrecións que despois, en todo caso, podemos analizar.

O problema neste momento, con respecto ao proxecto de Toysal, está na normativa estatal, e neste momento, coa parálise da política estatal do Goberno e do Parlamento —creo que hoxe había un pleno no Parlamento do Estado despois de sete ou oito meses—, non sei se poderemos esperar algo. Pero, en todo caso, o Partido Socialista algo ten que dicir tamén, polas súas competencias a nivel de Estado, para buscar solución a estes problemas.

O problema está nesas canteiras abandonadas onde hai eses movementos especulativos, onde hai unha auténtica piratería de empresas que non se dedican á xestión de canteiras, senón que se dedican á xestión de residuos, e que están mercando en todo o país estas canteiras para utilizalas como macrovertedoiros para depositar nelas todo tipo de residuos. Compran terreos a baixo prezo, terreos que están devaluados, e revalorízanos con este auténtico negocio, que nós estimamos que no caso de Toysal en Casalonga anda por riba dos 50 millóns de euros. Aquí non hai ningún interese de restauración ambiental, o que hai é o interese da empresa de facer un gran negocio, trasladando para alí residuos procedentes non sabemos de onde, que anuncian que van ser residuos de construcións e demolicións, residuos inertes, pero a saber o que van ser, polos antecedentes que temos.

Ademais hai outras solucións —como xa dixemos— que pasarían pola propia rexeneración natural da canteira, pola súa restauración, pola conservación dunha lagoa artificial que se xerou aí e pola utilización dos propios residuos xerados na actividade mineira que deixou de ter utilización.

Polo tanto, pensamos que hai que abordar —como dicíamos— este problema en toda a súa complexidade e a súa diversidade de situacións. Por iso o BNG xa trouxo a este Parlamento



distintas iniciativas que van precisamente en busca desa solución integral. Por iso propuxemos, en primeiro lugar, crear unha comisión de estudo sobre a regulación da xestión dos residuos industriais na Galiza, analizando esas dúas cuestións: os cambios que habería que facer na Lei do solo e tamén as modificacións na Lei de residuos industriais, para evitar esa indefinición, esa porta aberta. Porque eu creo que todo o mundo pode entender que as plantas de residuos industriais deben estar en parques industriais, non en canteiras; iso parece que é unha cuestión obvia. Pero o Plan de residuos este tema non o deixa ben pechado, por iso sería necesario modificalo. E despois, desde logo, afrontar a modificación da normativa estatal, deses dous reais decretos que teñen que ver coa restauración dos espazos degradados das canteiras, que neste momento é excesivamente ambigua e permisiva; e tamén o que fai referencia á xestión dos residuos da construción e da demolición.

A Xunta de Galiza tamén ten deberes que facer, porque pode tamén —como fixeron outras comunidades— aprobar unha normativa propia a respecto diso que se chama valorización dos residuos de construción destinados a operacións de restauración mineira.

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** Si, señor presidente.

Polo tanto, creo que as cuestións están claras. É certo que é mellorable a Lei do solo, pero non podemos vender esta modificación como unha solución máxica, e menos como a solución para o problema que ten agora Casalonga e outras canteiras que poden estar en situacións similares.

Ese proxecto, o primeiro proxecto, o proxecto da planta industrial de tratamentos de lodos de depuradoras de Toysal, parouse fundamentalmente pola mobilización social masiva de todo un pobo contra esa agresión ambiental ao lado das súas casas. Iso foi o que fixo, a fin de contas, que o Concello tivese que poñerse as pilas e, despois de moitas voltas e reviravoltas, facer ese informe de compatibilidade negativa, porque había unha evidente transformación urbanística.

E do que fala esta modificación do proxecto da Lei do solo é tanto das pirotecnias, efectivamente, que lles hai que buscar unha solución tamén coa normativa sectorial específica, como das plantas de xestión de residuos. Pero aquí non estamos falando de plantas de xestión de residuos, de instalacións de xestión de residuos, neste caso non se trata diso, trátase dun plan...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...de restauración dunha canteira, e a iso hai que buscarlle outras solucións que non están nesta proposta.

En todo caso, como dicimos, benvida sexa para abrir o debate e para buscar unha solución global a toda esta problemática que está sendo permitida, como estamos vendo agora tamén en Sobrado, polo Goberno da Xunta do Partido Popular.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días.

Comeza un novo período de sesións no que agardo menoscabar moitas veces o decoro, decoro entendido como o entende o Partido Popular, que é todo aquilo que moleste ao Partido Popular, que critique ao Partido Popular, que manifieste opinións contrarias ao Partido Popular.

A palabra decoro foi un concepto moi utilizado durante a ditadura franquista, palabra á que se lle atribuían valores nacionais de exemplaridade e moralidade —a súa, a do franquismo—, como agora o Partido Popular pretende impoñer as súas normas sociais e pónenas como límite. Afectaba aos costumes e ás relacións sociais e tamén era sinónimo de honradez, honestidade e dignidade. Era norma, forma e fondo, pero tamén era imposición.

E eu pregunto, ¿que menoscaba o decoro desta Cámara que a xente da plataforma de Casalonga puidera manifestar nunha camiseta que non quere ese vertedoiro aí? ¿A quen insulta? ¿A que dignidade ataca a emisión dunha opinión como dicir «Mina de Touro non»? Pois como dicía o grupo Hechos Contra el Decoro: *en democracia de la cal, mantener la chusma a raya sigue siendo necesario*. E o que queren manter vostedes a raia é a opinión da sociedade con estas normas que por primeira vez plasman por escrito e os deixan ben retratados ás señoras e aos señores do Partido Popular. (Aplausos.)

En canto a esta iniciativa lexislativa, acomete un problema que cómpre afrontar, iso recoñecemos e por iso imos apoiar a admisión a trámite desta iniciativa, e, no caso de prosperar —somos pesimistas—, participariamos na mellora desta iniciativa lexislativa que creo que é necesaria.

Dicimos que é necesario este debate porque nos últimos tempos non é só a cuestión de Casalonga, non se pode facer unha modificación lexislativa só por un caso concreto: é Casalonga, Santa Icí, Lousame, Teo, a Furoca en Coristanco... Sucédense conflitos basicamente pola mesma problemática, e onde non hai conflito é porque son zonas menos poboadas, menos urbanas, con menos capacidade de resposta a estas agresións.

Todos os casos dos que falo son proxectos ou realidades de vertedoiros e todos eles están ubicados en solo rústico. É dicir, o Plan de xestión de residuos industriais de Galicia, por exemplo, indica unha serie de criterios de selección de emprazamentos que se deben de cumprir, pero non se están a cumprir. E di algo moi razoable, que é: cando sexa posible, haxa solo industrial e non haxa unha necesidade imperiosa de ocupar terreo rústico, todas estas plantas de tratamento e xestión de residuos deben estar en solo industrial. E só cando sexa imposible, cando en Galicia non haxa capacidade demostrada de xestión deses mesmos residuos, excepcionalmente se poden colocar en rústico. Iso dio o plan, pero non se está a cumprir. É ao revés, a excepción converteuse en norma, e a norma é que se instalen en solo rústico porque ás empresas lles convén economicamente. Claro, é moito máis fácil ocupar unha canteira abandonada ou comprar solo rústico para facer ese negocio e non ter que instalarse nun polígono ou un parque industrial.



Pero hai máis criterios que se están incumprindo. Está a calidade das vías de comunicación, os accesos. Créanme que eu estiven na Furoca, no concello de Coristanco, onde, por certo, o Partido Popular participou nunha moción de censura que ten moito que ver coa paralización desa planta de tratamento de residuos, e vin como se accedía por unha corredeira, por un camiño de tres metros e medio de ancho. E iso foi aprobado. Ou fun a Grixoa e vin por onde se accedía ao vertedoiro de Grixoa, tamén por unha corredeira.

Polo tanto, o papel aguanta de todo, pero temos un goberno que non fai cumprir a lei, que non cumpre nin sequera os plans que el mesmo aproba. É dicir: «Só de non ser posible a implantación nun solo industrial próximo aos centros produtores, serán autorizables noutras categorías de solo». Como xa digo, non está pasando, sistematicamente se incumpre, e tamén se incumpren os principios reitores que sinala o Plan de residuos industriais de Galicia, que é a protección da saúde humana e o medio; o principio fundamental que pretende garantir a non xeración de riscos para a auga, o aire e o solo, nin para a flora e a fauna; non se causarán incomodidades por ruído ou olores nin tampouco se atentará contra paisaxes nin lugares de interese legalmente protexido. Estase incumprindo sistematicamente.

Tamén na diagnose do Plan de residuos se sinalaba que en Galicia hai suficiente capacidade de tratamento para a actual produción de residuos e que, xunto co obxectivo que hai de reducir a produción de residuos, facía e fai evidente que ten que ser un goberno moi restritivo coa selección dos emprazamentos destas plantas de tratamento, porque, por un lado, deberíamos estar reducindo os residuos, e, por outra, Galicia xa conta con capacidade de tratamento. Outra cousa é que ás empresas lles sexa máis barato verter lodos, como se está vertendo no concello de Sobrado dos Monxes, en calquera monte do país, e moitas veces nin sequera protexendo o perímetro desas fosas. Outra cousa é que a unha empresa como a que xestionaba o centro de Miramontes lle sexa moi rendible para o seu negocio incumprir toda a normativa e as autorizacións que lle concederon e converter o que era outra cousa nun vertedoiro de residuos domésticos e urbanos. Pero iso ten que ver co que xa dixemos aquí moitas veces, a incapacidade ou a pouca vontade do Partido Popular de facer cumprir a lei. Porque, evidentemente, se todo funcionase segundo a legalidade, había moitas cousas que non pasarían. E é normal, ademais, que a veciñanza reaccione, porque non confía no cumprimento da lei.

Para cumprir o plan que indica actuacións, evidentemente hai que trasladalo á lexislación. E neste caso, o que se propón é a modificación da Lei do solo; unha lei mala, xa o dixemos na súa tramitación e na súa aprobación. Unha lei que está batendo récords de modificacións. Cada seis meses temos unha modificación da Lei do solo promovida polo partido que a aprobou, o Partido Popular, mostra de que era unha lei mala. Por exemplo, neste caso, o artigo que define os usos e actividades en solo rústico —xa o criticamos no seu momento, cando se aprobou—, que diferencia solo rústico de protección paisaxística, de especial protección agropecuaria, forestal, paisaxística..., moi ben, define todos eses solos, pero ao final imos ao artigo 39, onde están os usos e actividades permitidos, e permite os mesmos usos e actividades para calquera solo, non prioriza en función de cada réxime de protección. E aínda encima, se imos ao Regulamento do solo de Galicia, aprobado tamén no ano 2016, vemos que concretamente nisto, no que ten que ver co tratamento de xestión de residuos, non regula nada, é literalmente a translación do que pon a lei. Xustamente cando un regulamento





ten que regular para plasmar na lexislación o que se di nos trans, no regulamento non aparece nada regulado, e coma sempre, nós non atribuímos...

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...isto á incompetencia, á incapacidade deste goberno —que tamén a hai, claro—, senón, evidentemente, a que hai sempre a vontade de favorecer o que vostedes chaman actividade económica, aínda que sexa a custa dos valores paisaxísticos, ambientais ou da vida das persoas, sobre todo, que viven no rural.

Nós dicimos que o rural non pode converterse nun vertedoiro descontrolado para que as empresas fagan negocio. Polo tanto, nós apoiamos a admisión a trámite e, de prosperar, aportaremos complementariamente cuestións como a priorización da ubicación destas plantas en solo industrial e plasmalo na lei, pois para nós iso é tan fundamental como a fixación de distancias que propón o Partido Socialista.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Bos días, señorías.

Eu só quero facer unha pequena nota ao señor Sánchez, unha pequena apreciación sobre o decoro. Entendo que esta casa está para que poidamos falar, para que poidamos debater, para que ninguén se poida sentir presionado, para que vostede e eu e o resto dos portavoces do resto dos partidos poidan debater sen sentirse presionados nin intimidados. Para iso serven as normas que nos damos nesta casa, para defender a nosa independencia e que vostede e mais eu poidamos debater sen presións. Calquera pode levar a camiseta que queira fóra deste hemiciclo, pero aquí entendo que como grupo maioritario, e vostede como grupo minoritario, debería saber que esa protección é quizais máis valiosa para vostede.

Tamén está a cuestión da neutralidade. Vostede imaxínese, por exemplo, que aquí puideramos poñer pancartas e que o presidente do Parlamento decidira que texto se vai poñer. Imaxínese o que sería que o grupo maioritario aprobara, unicamente cos votos do grupo maioritario, que slogans e que textos se van poñer nunha pancarta detrás do que vostede está a dicir. Precisamente para garantirlle os seus dereitos, a súa independencia e a neutralidade da Cámara, precisamente por iso, dotámonos deste tipo de normas. (*Aplausos.*)

O ano pasado, señora Vilán, vostedes pedían que cumprísemos a lei, e vostedes trouxeron iniciativas nese sentido. Eu xa lles dicía, cun pouco de asombro, que non sabía que facían vostedes onde gobernaban para ter que vir aquí pedir que se cumprise a lei. Agora xa non lles basta que se cumpra a lei, porque parece que cando se cumpre a lei é satisfactorio para todos, senón que queren vostedes que se modifique porque consideran que hai algunhas eivas que arranxar.



Eu considero, como considera tamén o señor Bará, que o que vostede propón non se pode solucionar coa modificación que vostede trae aquí. Pero si que quero deixar claros tamén algúns puntos. Non dicir a verdade non está ben, non é bo faltar á verdade. Vostede onte deu unha rolda de prensa ou fixo un comunicado de prensa dicindo que este grupo prometera a modificación da lei. Teño aí o texto. Entón, os que están a mentir son os medios de comunicación, que poñen entre comiñas palabras ou declaracións do seu grupo. Se non é así, gustaríame que o aclarase, pero non aproveite o segundo turno para dicirme iso cando eu xa non teño posibilidade de poder replicarlle.

Este grupo e o Goberno que sustenta non se move por arbitrariedade, xa llo dixen, por antipatías ou simpatías, móvese polo estrito cumprimento da lei. En concreto, na tramitación deste tipo de proxectos, o Goberno sempre se guía polo estrito cumprimento da legalidade en materia ambiental, e faino en todos os casos coas máximas garantías de transparencia e participación pública.

Vostedes, pola contra, xa lles dixen algunha vez que parece que queren que se prevarique. Temos leis, temos procedementos, temos un réxime sancionador, pero a vostedes todo iso dálles absolutamente igual. E, señoría, isto non é pasividade, isto é cumprir a lei e o que teñen os estados de dereito.

Vostedes teñen unha concepción da Administración un pouco especial, na que os técnicos non están para cumprir a lei, senón para cumprir a vontade das súas señorías. Eu a outra vez recordáballe o modelo da Avogacía do Estado, que había que borrar rebelión e violencia, pois dábase unha orde e borrarbase rebelión e violencia, pero é que se agora fai falta que a Avogacía do Estado minta ou que encubra ou que lle dea unha coartada a un ministro ou a unha ministra que mentiu, dicindo que había un informe, para xustificar que non se nos deran aos galegos os 700 millóns que nos debe o Estado. Dá igual, chámase á Avogacía do Estado, faise un informe a medida, e a vostedes parécelles correcto, porque é como vostedes entenden que é a Administración; unha administración onde vostedes collen o teléfono, chaman os técnicos, e os técnicos fan o que vostedes queren. Pero iso non funciona aquí así, non é así.

Mire, non se poden tramitar as tramitacións administracións porque a vostedes non lles guste. Cando hai unha solicitude para calquera tipo de actividade, esta ten un procedemento establecido e séguese a tramitación de acordo coas leis de protección das que nos dotamos. Os técnicos analizan os proxectos co maior rigor e criterio e traballan co máximo respecto á lexislación.

Mire, a Lei do solo, indo un pouco á modificación que vostede propón, inclúe entre os usos do solo rústico este tipo de instalacións de tratamento de residuos, así como outras actividades de diferente tipo. E isto é así desde o 2002, non como vostedes din, dende a última modificación da lei. Pero, en todo caso, esta mesma lei tamén protexe aqueles solos rústicos de especial protección, para os cales di que é preciso que haxa maiores limitacións, que ademais deben ser impostas a través das normas sectoriais. Daquela, considérase que é axeitado permitir a instalación de certas plantas de residuos, nin sequera de todas, no solo rústico, pero non naqueles que teñen unha especial protección.



Sobre o Priga, que é outra normativa que lle afecta, é unha folla de ruta que deben seguir as actividades de xestión de residuos industriais, por iso á hora de proxectar, executar e xestionar instalacións de tratamento de residuos debe terse en conta o establecido no Priga.

O plan conta cun anexo específico no que se recollen os criterios de situación das futuras plantas, establecendo que a súa localización debe estar en consonancia cos instrumentos de planificación do territorio, e sempre tomando como base os criterios técnicos, ambientais, sociais e de facilidade de xestión. Pero á hora de avaliar a localización destas plantas, hai que ter en conta que, preferentemente —e así o di o Priga—, deben localizarse en emprazamentos onde a actividade de recuperación de residuos industriais xere o menor impacto.

En definitiva, en Galicia contamos xa cunha ampla lexislación urbanística ambiental que nos permite tramitar axeitadamente, e con plenas garantías, este tipo de proxectos de tratamento de residuos. Ademais, asegúrolle que a Xunta non vai outorgar nin outorgará autorización a ningún proxecto no que haxa o máis mínimo incumprimento de irregularidade, como xa pasou outras veces nas que se demostrou que había un impacto medioambiental, e o proxecto non saíu adiante. Proxectos como o de Santa Icíá, proxectos como o do vertedoiro de Ordes, o proxecto de Toysal, en Teo, onde aconteceu o mesmo que en Ordes, que a tramitación foi parada tras o informe negativo do Concello, que é o que contempla a propia normativa. É dicir, non foi un informe excepcional, é o que contempla o procedemento. Ou tamén, o que pasou co vertedoiro de Lousame.

En definitiva, contamos cos instrumentos normativos necesarios, e ademais axeitados. para a tramitación destas plantas de residuos. Entón, se hai ferramentas e estas funcionan correctamente, ¿cal é o problema? Miren, eu pídolles que actúen cun pouco de responsabilidade, que non alarmen á poboación de xeito innecesario e partidista e que non fagan propostas para camuflar a súa desidia e a súa incompetencia.

Esta iniciativa xorde dun proxecto arquivado en setembro do ano pasado pola Xunta, que é o de Casalonga. E foi así porque precisamente o Concello de Teo exerceu as súas competencias urbanísticas e emitiu un informe de compatibilidade desfavorable, algo que, sen dúbida ningunha, pon de manifesto que a normativa e o planeamento urbanístico eran máis que suficientes para evitar a instalación da planta de residuos. Incluso o concello podía ter normativa municipal sobre medio ambiente, que neste caso non a ten, podía poñerse as pilas, podía traballar un pouco e aprobala, pero non é así, non é o caso. Iso si, señora Vilán, un informe que tiña que facerse nun mes, tardou oito meses. Oito meses nos que o concello, en vez de traballar, se dedicou a alarmar os veciños e veciñas de Teo cando tiña a solución na súa man.

Polo tanto, señorías, traballen, sexan máis rigorosos e non fagan propostas de modificación do que funciona para ocultar, para camuflar, as súas negligencias.

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** E sobre outros aspectos da súa iniciativa déixeme que faga tamén unhas anotacións.



Sobre as distancias de emprazamento, máis de 2.500 metros dos núcleos, máis de 1.000 metros dunha vivenda. Vostede xa admitiu que iso non era bo, que podía falarse exactamente de cales podían ser as medidas. Claro, é que eu creo que cando vostede pensa o que vostede rexistra xa empeza a ter dúbidas. Porque esa proposta é que ou ben vostedes non coñecen a nosa terra, porque están vostedes a propoñer que as plantas de residuos teñan que estar en lugares remotos que habería que antropizar precisamente por estas plantas. Onde non hai vivendas, onde non hai actividade industrial, onde non hai actividade agraria, é onde vostede considera que é o ideal para traer plantas de tratamento de residuos. Claro, eu preguntolle a vostede, ¿vostede coñece algún sitio no que en 5 quilómetros de diámetro non haxa un núcleo de poboación? ¿Coñece algún? Invítoo, invítoo a que mo diga vostede. Dous mil cincocentos máis 2.500 son 5.000, o diámetro serían 5.000 metros lineais. Eu non coñezo en Galicia... 2.500 tampouco? Si, vostede quere que falemos de diámetro de 2.500, pero vostede o que nos pide é que en 5.000 metros non haxa nin unha... 5.000 metros, a planta estaría no medio, 2.500 para un lado, 2.500 para outro, son 5.000 metros, 5 quilómetros sen actividade humana. Claro, iso ou é un parque natural, ou é un parque nacional, ou é calquera outro espazo protexido medioambientalmente. Se non, dígame vostede algún espazo, dígame...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor, remate.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...pero non vai ser capaz.

Remato xa, señorías, pero pídlle o mesmo que lle di o señor Bará, non engane con esta modificación. Non evitaría, en todo caso, algunha das cousas que vostede di, xa que as leis non se fan de forma retroactiva.

En relación co dos convenios con aqueles concellos. Mire, este é un debate continuo. Que vostede me diga que un concello de 20.000 habitantes non ten recursos para facer un informe... Sen embargo si que ten recursos para que a súa concelleira vaia a Madrid a sacarse unha foto co ministro e dicir que o ministro vai modificar a normativa nacional. O que non sei é por que, se vostede ten o compromiso do ministro de facer esa modificación...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Trenor, remate.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...trae aquí esta modificación. ¿Ou é que ao final pasa como pasa tamén aquí en Galicia...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, terminou o seu tempo.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...que todas as súas propostas electorais non valen...

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo, señor Trenor. *(O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)* Grazas, terminou o seu tempo. *(Aplausos.)*

Grupo Parlamentario Socialista no turno de réplica, señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.



Efectivamente, a modificación da lei non é necesaria. Non teño moito máis... A verdade é que podía prescindir de falar do resto porque non é necesaria.

Eu só puxen tres exemplos, pero dixeran que eran exemplos concretos, que hai máis situacións así no resto de Galicia. De feito, na contorna de Santiago está a ocorrer, puxen exemplos.

Efectivamente, señor Bará, eu non falei de que a lei fose retroactiva. Normalmente, son os propios técnicos xurídicos os que teñen que ver se provoca ou non inseguridade xurídica, e hai que ser moi cautelosos. En todo caso, a posible irretroactividade da lei podería ser modificada, se a lei se aceptase, non o vai... Non imos pasar deste debate porque o Grupo Popular, o voceiro, xa acaba de dicir que van votar en contra, polo tanto, rematou aquí esta posibilidade. Pero, en todo caso, se continuase, existiría a posibilidade de introducir a posible irretroactividade se vostedes puidesen aportar algo a esta proposición de lei, que desgraciadamente non vai ser o caso.

A democracia non é perfecta, claro. Isto non é unha solución máxica. Fíxense vostedes que Cristina Cifuentes foi elixida democraticamente e xa vemos como rematou. Iso quere dicir que non hai normas perfectas, non hai leis perfectas, non hai políticos e políticas perfectas, e a democracia é imperfecta, efectivamente. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señor Trenor, eu non sei se llo teño que explicar... vou intentar explicarllo. Unha cousa é cumprir a lei e outra cousa é modificar a lei, pero son absolutamente compatibles, niso consiste. Non vivimos coas leis do ano 1978, salvo a Constitución, que, por certo, tamén hai que modificar, e iso non quere dicir que non defendamos a normativa que existiu no seu momento. Pero cumprir a lei e modificar a lei é absolutamente compatible nunha democracia; claro, nunha democracia.

A lei está por riba do Priga. Eu non falei para nada do plan de xestión. De feito, xa lles dixeran no seu momento que pedían a súa modificación e vostedes votaron que non. Pero está por debaixo, o plan está por debaixo da lei, señor Trenor, porque é un decreto. E hai un principio básico tamén en democracia, que é o principio de xerarquía normativa. O que estamos pedindo é a modificación dunha lei, non do plan. Se se modificase a Lei do solo, o plan tamén tería que ser modificado precisamente para adaptarse a esta modificación; estarían vostedes obrigados a facelo.

E fíxese se cumprir a lei é tan necesario que houbo unha plataforma en Santiago que tivo que acudir á Fiscalía porque as actas que tiñan vostedes na Consellería de Medio Ambiente entre os anos 2010 e 2018 marcaban irregularidades, porque pode haber un delito medioambiental que vostedes non observaron durante oito anos. Fíxese se é necesario cumprir a lei e fíxese quen pode cometer ou non presuntas irregularidades aquí.

Eu non falei nada onte en ningunha rolda de prensa, ten que revisar vostede. Nin falei con ninguén, nin fixen declaracións, nin nada de nada de nada. Vostede pode dicir que minto, pero, en todo caso, poderei mentir cando falo, pero se estou calada é difícil, porque non din ningunha rolda de prensa.



Pero que diga vostede aquí que a Avogacía do Estado mente, iso si que é faltar ao decoro desta Cámara e incluso faltar á propia democracia e faltar á ética de todos os funcionarios e todas as funcionarias que pertencen a ese corpo xurídico. *(Aplausos.)* ¡Iso si que é respectar a democracia, señor Trenor, efectivamente, como fan vostedes!

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**A señora VILÁN LORENZO:** Este listado... o listado do artigo 35, non é pechado. As distancias, que tamén debería revisar, señor Trenor, as proposicións de lei hai que delas, cando menos, cando se vén debater. *(Murmurios.)* Falan de dous quilómetros, 2.500 metros para núcleos de poboación. Non falei para nada de actividade industrial, non está na proposición de lei. É dun quilómetro para vivendas. Pero é que as vivendas non son núcleos de poboación nin os núcleos de poboación son vivendas. Entón, aí está a diferenza. Lástima que vostedes digan que non e que non poidamos seguir discutindo.

Falando de alarmas, nós non alarmamos a ninguén. Vaia vostede a Paramos... Ben, non é necesario, porque en Tui xa lles dixeron que non estaban de acordo nin coa súa forma de gobernar nin tampouco coa moción de censura que potenciaron vostedes, polo tanto, non é necesario que vaian vostedes a Paramos a nada, a explicarlles nada, porque non lles gustou a súa forma de xestionar esa cuestión. Vaia vostede falar de se alí houbo ou non houbo alarma... Morreron persoas, señor Trenor. E tamén cóntenlles vostedes ás persoas que viven en Miramontes se hai ou non, se viven ben ou non con esta lei...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas...

**A señora VILÁN LORENZO:** ...que está en vigor.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

### ***Votación do texto lexislativo***

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Rematado o debate desta proposición de lei, procedemos á votación da mesma, á súa toma en consideración.

Votamos a toma en consideración desta proposición de lei. **Votamos.**

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para promover determinadas actuacións para a mellora medioambiental.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.*



**O señor PRESIDENTE:** Rematou a votación.

Abran as portas, por favor.

Continuamos co punto 2 da orde do día, que se corresponde co de comparencias.

**Comparencia do Sr. conselleiro de Cultura e Turismo, por petición propia, para informar sobre o Plan estratéxico do Xacobeo**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo, don Román Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** Moi bos días, presidente e señorías.

Dende o comezo da tradición xacobeá, hai xa once séculos, chegaron a Galicia xentes de todos os lugares do mundo; persoas que traían consigo a súa cultura, o seu comercio, as súas linguas... e que levaban con eles algo de nós. Este feito diferencial, non moi común no mundo occidental, definiu en boa medida a cultura e o ser galego; converteunos nun pobo aberto, plural, hospitalario, orgulloso do propio pero sempre respectuoso co alleo. O Camiño transmitiu e aínda transmite a irmandade, a solidariedade, o esforzo, a colaboración, a capacidade de sacrificio, o respecto pola diversidade; un Camiño polo que chegan hoxe a Galicia máis de trescentos mil peregrinos procedentes de preto de cento oitenta países.

Señorías, o Camiño non só é valores, cultura, historia, orgullo —que o é e moito—, senón que o Camiño tamén é un recurso socioeconómico de primeira magnitude, un axente de dinamización económica dos concellos e dos territorios polos que pasa. Déixenme compartir con vostedes uns datos.

Os peregrinos teñen en Galicia un impacto económico semellante a 2,3 turistas; cada euro gastado polos peregrinos xera un 11 % máis de produto e case un 20 % máis de emprego que un turista convencional. Ademais, é un axente de dinamización de desenvolvemento rural, consolidando poboación nos nosos concellos e atenuando o descenso demográfico, que, como vostedes saben, é un dos grandes retos do noso tempo. En definitiva, as rutas xacobeas, partindo dunha forte raíz cristiá e humanista, apórtannos diferenciación, sustentabilidade, competitividade, proxección exterior e moito moito orgullo. E, sen dúbida, converten a Galicia nun destino, nun lugar, único no mundo.

A este gran valor que xa nos aportaba historicamente o Camiño aos galegos, a Galicia, engadimos dende o ano 1993 unha nova oportunidade. Convertemos a tradición do Ano Santo nunha gran celebración do mellor da nosa cultura e do conxunto do país. Creamos un evento de transcendencia global, unha oportunidade para fomentar o turismo e impulsar a nosa cultura, xerar riqueza e emprego e proxectar a nosa imaxe en todo o mundo. Isto é xustamente, señorías, o Xacobeo: unha oportunidade excepcional que debemos aproveitar.

Dende a oposición adoitan dicir vostedes que pensamos que o Xacobeo é a pedra filosofal que servirá para superar todos os problemas do país. Señorías, somos conscientes de que



temos grandes desafíos como sociedade máis alá do Xacobeo, desafíos nos que, por certo, traballamos cada día para ser quen de superalos. Pero tamén somos moi conscientes da enorme oportunidade que supón o próximo ciclo Xacobeo, que vostedes ningunean e desprezan nas súas declaracións. Por isto, levamos desde o comezo da lexislatura preparándonos: planificando e traballando cunha antelación sen precedentes; facendo un gran esforzo de coordinación coa sociedade civil e coas administracións, tanto a nivel local, con outras autonomías, nacional e internacional; traballando co horizonte posto non só no ano 2021, senón tamén no seguinte Xacobeo, no ciclo Xacobeo que se avicina; en definitiva, na próxima década.

Señorías, hoxe comparezo nesta Cámara para presentarles o Plan estratéxico do Xacobeo 2021, un plan que será a folla de ruta de toda a programación e a actividade dos próximos anos, que determinará a onde queremos chegar e, sobre todo, o camiño que queremos seguir.

Este plan foi presentado en xullo ante a comisión organizadora; organismo que, por certo, solicitou a súa redacción. E esa mesma semana presentámolo tamén ante toda a sociedade. Como foi o noso compromiso, comparezo hoxe tamén nesta Cámara para presentalo, cun obxectivo, responder a catro cuestións principais: ¿como se fundamentou este plan estratéxico?, ¿cales son os valores, principios e retos que establece?, ¿cales son os eixos transversais do proxecto?, e, por último, ¿como se estrutura a programación?

Este plan estratéxico é o resultado dun longo proceso participativo que implicou a máis de seiscentas persoas, oito meses de traballo e centos de enquisas e entrevistas persoais a mozos e mozas menores de trinta anos, a profesionais e especialistas, expertos e representantes dos distintos ámbitos da sociedade, e, por suposto, a peregrinos. Uns peregrinos que nos din, señorías, que o 98,76 % dos enquisados recomentan facer o Camiño, e puntúan a experiencia cunha nota de 9,58. É difícil encontrar no mundo, señorías, outra experiencia cun nivel semellante de aprobación.

O resultado deste proceso de análise e participación é a profunda diagnose que serve de base para a redacción do plan. Gustaríame destacar o apartado no que se determinan aspectos a mellorar con respecto a anteriores xacobeos, e aquel que pregunta polas cousas que debemos manter para o futuro. En ambos apartados sobresaen catro aspectos: a implicación da poboación —demándase a implicación da poboación—, a descentralización territorial do evento, a desestacionalización da programación e a xestión do ano 2021, tendo o Xacobeo 2027 no horizonte, para evitar que sexa flor dun día. En resumo, a sociedade demanda participación, descentralización e sustentabilidade; algo que, por outra parte, señorías, non nos sorprende.

Como xa compartín con vostedes nesta mesma Cámara na miña primeira comparecencia — por certo, hai case un ano —, fixabamos nestes principios algúns dos eixos prioritarios para traballar na programación xacobeá. Partindo desta diagnose, o documento desenvolve dez valores estratéxicos e dez principios de xestión, e plantexa os seus obxectivos a través dunha serie de retos.

Os valores estratéxicos inspiran todo o proxecto, son a esencia da que tantas veces se fala e recollen o espírito dos valores xacobeos: hospitalidade, sustentabilidade, innovación, inte-





gración, multiculturalidade, etc. Creo que existe un gran consenso neste punto, polo que non abundarei moito máis nestes principios.

Os principios de xestión son os conceptos que deben inspirar e dirixir o noso traballo, que nos indican non tanto que debemos facer, senón como debemos facer. Permítanme que os cite, pois son a columna vertebral de todo o noso traballo: participación, descentralización, igualdade, transversalidade, calidade, sustentabilidade, internacionalización, talento local, accesibilidade e desestacionalización.

Unha vez ordenados os principios e valores, o plan marca os obxectivos a través dunha serie de retos. Propón traballar por un Xacobeo 2021 centrado na participación dos galegos; que proxecte a imaxe de Galicia no exterior; que garanta a sustentabilidade do Camiño, é dicir, que deixe un mellor Camiño en termos ambientais, sociais e económicos; que fomente o respecto á tradición e á súa esencia histórica e cultural; que faga dos peregrinos embaixadores de Galicia e estableza un vínculo perdurable con eles; que ofrezca unha experiencia baseada na cultura xacobeá e mellore a percepción de Galicia como destino; que visibilice o talento local e que saiba incrementar a pegada no territorio, xerando oportunidades de desenvolvemento sustentable, especialmente no medio rural. Penso, señorías, que é difícil acadar unha mellor definición do que debe ser un xacobeo.

Unha vez definida a visión e os valores, o plan desenvolve a estrutura da acción pública e tamén os eixes transversais que a sustentan. Fundaméntase esta en dous eixes transversais e nun programa de seguridade.

Os eixes transversais son o eixe acollida e o eixe soporte.

A acollida. Neste, o protagonista será o Concello de Santiago, corresponde ao mesmo liderar este proxecto. Por certo, celebramos ter unha boa liña de colaboración e entendemento neste caso co Concello de Santiago.

O eixe soporte materialízase a través de diferentes programas, impulsados neste caso pola Xunta de Galicia.

En canto ao eixe de acollida, como xa dixen, que é liderado polo Concello de Santiago, contará coa colaboración e co apoio da Xunta de Galicia. Centrarase na capacidade da cidade de Compostela en acoller os miles, os centos de miles, os millóns de persoas que van chegar, sen dúbida, a Santiago neste ano, tamén pensamos que nos anos anteriores e nos anos posteriores. E aínda que ninguén dubida de que un dos principios básicos do Xacobeo é descentralizar a súa incidencia no conxunto do territorio, tamén a ninguén se lle escapa que Santiago, como meta das peregrinacións, ten unha importancia capital, unha importancia estratéxica, en todo o proxecto. Aquí falamos de cuestións vencelladas á mobilidade interna, á seguridade, á limpeza e a outras semellantes.

O eixe de soporte busca acadar un camiño que sexa máis sustentable. O seu obxectivo é rematar o ano 2021; que o Camiño estea, cando remate o ano 2021, en mellores condicións das que está hoxe. Este eixe engloba diversos plans específicos impulsados pola Xunta de Galicia:



Plan de mantemento dos camiños, Plan de sinalización, Plan de embelecemento e integración paisaxística, Plan de BIC e Plan de albergues.

O primeiro dos plans recollido neste eixe é o Plan de mantemento dos camiños de Santiago, que xa foi, por certo, licitado e adxudicado e que comezará a executarse de inmediato. Este plan conta co maior investimento da historia para a conservación e mantemento dos camiños, entendidos estes, neste caso, como infraestrutura e equipamento físico. Falamos de 15,6 millóns de euros que chegarán a 121 concellos e que se estenden ao longo de 1.500 quilómetros, en todas as rutas xacobeas de Galicia.

Hai oito contratos de mantemento, que inclúen actuacións de vixilancia, atención a incidencias e conservación ordinaria do trazado, preservando os valores patrimoniais e a seguridade do peregrino.

Ademais deste plan, estamos desenvolvendo o Plan de sinalización dos camiños, neste caso segundo a folia de ruta marcada polo Plan director do Camiño. O ano pasado tocoulle o turno ao Camiño portugués e ao Portugués pola costa. Este mesmo ano estamos investindo 3 millóns de euros no acondicionamento e na sinalización da Vía da Prata. Precisamente, señorías, veño de ter un encontro moi proveitoso coa Consejera de Cultura de Andalucía. Acordamos impulsar unha batería de medidas para dar a coñecer esta ruta na sociedade, para potenciar esta ruta na sociedade, mellorar a sinalización e o trazado e realizar accións culturais conxuntas. E o ano próximo pecharemos este plan de sinalización coa última ruta pendente, neste caso o Camiño de Inverno.

O investimento total neste plan superou os 12 millóns de euros, e deixará sinalizados todos os trazados da Ruta Xacobeá, garantindo unha boa experiencia aos peregrinos e, sobre todo, a súa seguridade.

Todos os trazados, todos os concellos, todos os sitios, excepto un en Galicia. Certamente, ao alcalde de Vigo —permítanme que o cite aquí— gústalle presumir —e faino habitualmente— de que grazas a el e á súa acción política Vigo é único no mundo. Pois resulta que é certo, resulta que neste caso concreto é certo. Grazas a el, ou por culpa del, Vigo é o único lugar do mundo, o único concello do mundo, no que o Camiño non está sinalizado; e non está sinalizado porque bloquea a súa sinalización. Espero que non lle molesten os peregrinos e tamén espero que non queira que se perdan na súa fermosa cidade. Pero, en todo caso, si hai que dicir que Vigo, neste caso, é único nesta materia.

Dentro deste eixe transversal tamén queremos desenvolver o Plan de embelecemento do propio camiño, cun obxectivo: que as rutas xacobeas mostren a mellor cara de Galicia, tanto para os propios galegos como tamén para os centos de miles de peregrinos de todo o mundo que nos visitarán nos próximos anos. Neste senso, aprobamos hai moi pouco tempo un proxecto, en colaboración coa Fundación Juana de Vega, consistente na eliminación de elementos que deterioran a paisaxe, a paisaxe dos camiños, co asesoramento, neste caso, de especialistas da Escola Galega da Paisaxe.

Esta iniciativa porá en valor e potenciará a paisaxe e o patrimonio das distintas rutas. Servirá tamén como unha experiencia piloto para o futuro plan de embelecemento e fixará criterios



e metodoloxías de intervención nesta materia. En breve prazo, señorías, teremos xa resultados desta innovadora acción.

Tamén incluímos dentro deste eixe o Plan de BIC do Camiño de Santiago. Estamos ante un proxecto ambicioso, un proxecto de restauración e rehabilitación de bens de interese cultural sitos no Camiño. Xa foi este proxecto presentado ao Goberno do Estado. Demandamos do mesmo un investimento aproximado de cen millóns de euros, e isto é un exemplo da posta en valor dos nosos recursos únicos e da protección do noso patrimonio cultural como un recurso vivo e accesible.

Este plan, por suposto, dará continuidade ás grandes intervencións xa impulsadas pola Xunta de Galicia en mosteiros como pode ser o de Oseira, o de Sobrado; nas catedrais de Mondoñedo ou de Lugo; na propia muralla de Lugo e tamén, por suposto, en decenas de pequenas igrexas e monumentos. E, por suposto, na catedral de Santiago, na que se está a acometer a maior reforma da nosa historia recente. Esperamos, señorías —e pedímosllelo—, que os seus compañeiros de Madrid deixen de lado os seus intereses persoais e partidistas, desatasquen a situación actual e apoiem este plan.

Por último, o Plan de albergues. Quero aproveitar a miña presenza nesta Cámara para presentar un novo plan que se enmarca dentro deste eixe transversal. Quero anunciar que nos próximos meses poremos en marcha o Plan de albergues, un novo plan de albergues. Esta é unha iniciativa que busca reforzar a rede de albergues públicos da Xunta de Galicia; unha rede que conta con máis de setenta establecementos e 3.200 prazas en todas as rutas, cubrindo 1.500 quilómetros do Camiño, que é esencial na acollida ao peregrino, baseada na hospitalidade e nos valores xacobeos.

O novo plan conta cun orzamento de máis de sete millóns de euros e nace cun dobre obxectivo. Dunha banda, mellorar a rede pública de albergues realizando pequenas actuacións de mantemento e conservación nun gran número de establecementos. E, doutra banda, a ampliación e creación de novos albergues atendendo as necesidades de aloxamento en determinadas zonas.

Quixera destacar os criterios para a construción de novos albergues deste plan. Priorizamos as novas rutas, aquelas que teñen menores infraestruturas, dotándoas de aloxamentos para descentralizar e fomentar a descentralización das peregrinacións. Prestamos tamén especial atención ás cidades para descentralizar tamén os impactos positivos do Xacobeo. E buscamos evitar a construción de novos edificios, dando prioridade á restauración de edificios históricos do noso patrimonio cultural. Esta mesma semana, o próximo xoves, elevaremos ao Consello da Xunta o novo plan de albergues. No mesmo, concretaranse as localizacións dos novos establecementos.

En definitiva, señorías, un novo plan que vén dar un impulso definitivo á rede de albergues, que é unha parte moi significativa da esencia da acollida do Camiño de Santiago e que dá unha moi boa imaxe aos peregrinos que veñen a Galicia. *(Aplausos.)*

Nesta liña, quero tamén poñer no seu coñecemento que de xeito practicamente inmediato comezarán as obras do albergue de Vigo. Xa temos todos os permisos. Está adxudicado. Es-



tamos ante un edificio no corazón histórico da cidade, no Berbés. Investiremos máis dun millón de euros e comezarán as obras de xeito inmediato. Na cidade de Pontevedra estamos ampliando o albergue existente, cun investimento próximo a 200.000 euros, que posibilitará incrementar en 48 prazas a oferta deste albergue.

Ademais, señorías, destes dous eixes transversais, acollida e soporte, o Plan estratéxico tamén presenta un programa de actuacións para a avaliación de riscos e seguridade; un programa que implicará a distintos sectores, organizacións e administracións e centrarase en ámbitos concretos como un plan de acción dos medios de protección civil de apoio ao peregrino; a coordinación en grandes peregrinacións e concentracións; o plan de seguridade dos peregrinos etc.

Unha vez definidos os retos estratéxicos e os eixes transversais, o plan desenvolve o corazón do Xacobeo, a programación. Comezamos construíndo unha estrutura baseada en tres eixes e en seis programas de actuación. A extensa programación discorrerá sobre tres eixes centrais que marcan a motivación central do proxecto: as persoas. Todo o proxecto, como non podía ser doutro xeito, comeza e remata nas persoas, co espírito —xa mo terán escoitado dicir máis veces— de construír a mellor Galicia para vivir, que é tamén a mellor Galicia para visitar.

O segundo eixe é a esencia do propio Camiño. Co paso dos anos, o Xacobeo transcendeu o Camiño e xa é unha celebración que se estende por toda Galicia, pero non debemos esquecer nunca o seu sentido orixinal. Por isto, boa parte das accións centranse no ámbito físico do Camiño e tamén na potenciación dos seus valores tradicionais, históricos e espirituais esenciais.

Por último, a celebración en si mesma é unha oportunidade para traer a Galicia as mellores mostras de arte, cultura, espectáculo, de todo o mundo, pero tamén para mostrarlle ao mundo o mellor de Galicia. Sempre dun modo respectuoso co significado histórico do Camiño e co valor humanístico da cultura xacobeá.

Sobre estes tres eixes desenvólvense seis apartados programáticos que se recollerán en cada unha das accións da programación.

Xacobeo único. Neste apartado agrúpanse as actividades relixiosas e institucionais que teñen lugar no ámbito do Ano santo.

Xacobeo vivencias. Actividades centradas en crear experiencias únicas culturais e turísticas, aproveitando os nosos recursos endóxeos: paisaxe, patrimonio, gastronomía...

Xacobeo cidadanía. Accións impulsadas pola colaboración co tecido asociativo, en especial coas asociacións do Camiño.

Xacobeo reflexión. Centrado en actividades vencelladas ao coñecemento, á academia, á investigación...

Xacobeo innovación. Fomentará as experiencias innovadoras e o uso das tecnoloxías para potencialas.



E Xacobeo comunidade. Accións de participación que cohesionen a sociedade galega e respondan directamente aos seus intereses, na liña fixada en programas como O teu Xacobeo.

Dentro desta gran estrutura, desenvolverase toda a programación do Xacobeo 2021, unha programación que xa teño anunciado que presentaremos antes do remate do ano, pero que non nace aquí, senón que xa levamos tempo traballando nela, señorías, xa levamos tempo desenvolvendo accións co obxectivo de prepararnos para o ano 2021.

Programas como O teu Xacobeo, a maior convocatoria aberta de proxectos da nosa historia, foi, sen dúbida, un éxito de participación sen precedentes. Presentáronse 650 proxectos, impulsados por asociacións sen ánimo de lucro, colectivos, empresas, entidades locais, que dan mostra de que o Xacobeo non só é importante para este Goberno —que o é, e moito—, senón que toda a sociedade galega o entende en positivo e quere participar no mesmo. A acollida foi tan grande que tivemos que facer un aumento de crédito e dobrar —máis que dobrar— o financiamento inicial para poder aprobar máis proxectos.

Finalmente, acadamos un financiamento de case 5 millóns de euros que financian 352 proxectos, moitos deles que xa se están comezando a executar. Estamos, sen dúbida, con O teu Xacobeo ante un dos mellores exemplos de participación cidadá, da sociedade civil, na programación do Xacobeo. En definitiva, estamos ante unha acción que quere construír parte da programación de abaixo a arriba. *(Aplausos.)*

Tamén teñen sido un gran éxito, un enorme éxito, as dúas edicións de O son do camiño. Este é un festival que gozou dunha acollida extraordinaria entre o público, con máis do 50 % de asistentes de fóra de Galicia. Pasaron nestas dúas edicións, polo Monte do Gozo, arredor de 200.000 persoas nos diferentes espectáculos. Tivo, como as súas señorías saben, unha enorme repercusión nacional e internacional, poñendo a Galicia no mapa dos grandes festivais.

Tamén fomentou o talento local —un 25 % dos grupos participantes eran galegos— e deixou un importantísimo retorno económico, que compensou con creces o seu investimento.

No ámbito das infraestruturas tamén comezamos a traballar. Dentro das mesmas, podemos destacar a rehabilitación integral do macrocomplexo do Monte do Gozo, que moi pronto estará rematado.

Estamos facendo unha recuperación integral no Monte do Gozo co obxectivo de remodelar este espazo, adaptándoo ás necesidades actuais e converténdoo nunha referencia, tanto como equipamento cultural como no ámbito do Camiño. Este proxecto leva dende o ano 2016 en marcha, e implicou e está implicando grandes reformas de acondicionamento, restauración e mellora da zona. Durante este ano, durante os últimos anos, realizáronse melloras paisaxísticas, de iluminación, de impulso de zonas de lecer, así como tamén o acondicionamento dos camiños e a reordenación dos tráfico.

Moi pronto, señorías, acometerase a segunda ampliación do auditorio, pasando das 33.000 prazas actuais a máis de 40.000; polo menos un mínimo de 40.000 prazas. Unha reforma que permitirá cubrir os requisitos de aforo dos máis grandes artistas internacionais.



E por último, este ano finalizaremos o proxecto do Monte do Gozo coas dúas últimas accións. A primeira, o desenvolvemento do convenio asinado con Aspanaes para a creación dun novo centro asistencial e turístico para as persoas con TEA. Un convenio apoiado con 800.000 euros para dotar o edificio das condicións e equipamentos oportunos para este colectivo. (*Aplausos.*) Isto permitirá habilitar infraestrutura para estadias e campamentos e tamén para un centro de atención terapéutica.

O segundo é a licitación do proxecto de creación dun xardín de inverno, poboado con especies de todo o mundo e cunha superficie de preto de cen mil metros cadrados. Estamos ante unha nova área de recreo que, á súa vez, será un recurso turístico de primeiro nivel, cun amplo potencial didáctico.

Señorías, en toda a programación que queremos desenvolver, será fundamental a participación da sociedade civil; unha participación encauzada, neste caso, a través do sistema de patrocinios. Estamos mantendo decenas de reunións con potenciais patrocinadores, das que moi pronto poderemos realizar importantes anuncios.

Temos que destacar que xa pechamos o primeiro gran convenio, neste caso con Estrella Galicia, que asinou ata o momento o maior patrocinio da historia do Xacobeo: case seis millóns de euros. E moi pronto —como xa dixen— teremos oportunidade de presentar novas significativas nesta materia.

Tamén temos en marcha outros proxectos importantes para a promoción do Xacobeo e do Ano Santo, neste caso de carácter audiovisual. Vanse iniciar —xa se iniciaron, de feito— os traballos para a gravación do proxecto audiovisual *Tres camiños*. Esta é unha proposta financiada a través dunha liña específica de subvencións, cun aporte público, para un total de 6 millóns, de 1,5 millóns. Está liderada por unha empresa galega compostelana, Ficcións-Producións, que coproduce con diferentes compañías estranxeiras. E, sobre todo, que será distribuída en todo o mundo pola plataforma Amazon Prime, unha das grandes plataformas televisivas do mundo, e conta tamén coa participación, neste caso, de Beta, que é unha das grandes produtoras de difusión europeas, sita en Alemaña. Estamos ante a primeira serie internacional de Atresmedia sobre o Camiño de Santiago, que, sen dúbida, é unha oportunidade única para dar a coñecer o Camiño, a Galicia, en todo o mundo.

Tamén aportamos como novidade, e ao amparo do Xacobeo, unha convocatoria para fomentar o turismo de reunións. Todos sabemos que o turismo de reunións ten un moi importante retorno nas comunidades locais nas cales se produce. Por isto, nos próximos días publicarase unha orde de axudas por valor de 500.000 euros para entidades organizadoras de congresos, seminarios, convencións ou calquera outro evento que se poida realizar en Galicia, co plus engadido que supón a celebración do Xacobeo. Grandes empresas, universidades, asociacións, terán unha ferramenta que facilite, que apoie, a celebración de eventos, congresos e grandes reunións, neste caso no conxunto de Galicia.

Tamén consideramos prioritario o fomento da calidade, tanto nas propias rutas como en todos os albergues e infraestruturas do Camiño, por iso acabamos de firmar un convenio de colaboración co Instituto para a Calidade Turística de España, para facilitar que os estable-



cementos e albergues do Camiño poidan acreditar a súa calidade na atención aos peregrinos, e lograr que a aposta pola calidade se materialice tamén nos espazos públicos singulares e nos establecementos da ruta xacobeá, alongando tamén esta acción aos espazos situados nos ámbitos vinícolas.

Esta iniciativa está financiada con 250.000 euros e aposta pola calidade e a profesionalización dos establecementos do Camiño.

Por suposto, tamén levaremos a cabo unha intensa programación cultural e expositiva que comezará coa apertura da exposición *Galicia, un relato no mundo*, que xa foi presentada, que se inaugurará en novembro deste ano, e que é a primeira dunha tríada de exposicións que se celebrarán cun fío condutor no ano 2019, no 2020 e no 2021.

Como xa dixemos, a programación principal do Xacobeo 2021 será presentada a todos vostedes e á sociedade galega a finais deste ano 2019, nun acto no que presentaremos —por certo, un ano antes de que comece o Xacobeo— os grandes fitos de programación para o ano 2020, 2021 e sucesivos. E todo isto, por suposto, sen prexuízo dos centos —eu diríalle, incluso, dos miles— de iniciativas que irán xurdindo, moitas delas ao amparo do programa Xacobeo, pero moitas tamén impulsadas por iniciativa propia por administracións locais, por outras institucións, por colectivos sociais, fundacións, asociacións etc., que estamos seguros de que se sumarán a este gran proxecto colectivo e de país.

Para rematar, señorías, quixera recordarlles as principais cifras que estamos manexando no marco deste plan estratéxico. Durante os pasados anos 2017 e 2018 xa realizamos investimentos por un valor de máis de trinta e tres millóns de euros, o que evidencia o noso compromiso co próximo Xacobeo. Así, e aínda que o Plan Xacobeo 2021 é un documento vivo, suxeito ás novas aportacións e cambios, inicialmente nace respaldado por un orzamento autonómico de 247 millóns de euros, cunha dotación que chega ata o ano 2022. Estamos falando de financiamento exclusivo autonómico procedente, neste caso, de todas as consellerías da Xunta de Galicia; cun marco de actuación 2019-2022, acorde cos criterios de perdurabilidade e tamén de sustentabilidade no propio Xacobeo.

Comparando este investimento co último Xacobeo, o do ano 2010, o aumento é moi notable, pero a verdadeira diferenza, señorías, é que este plan está pensado a tres anos, con visión de futuro e con visión de país, polo cal o investimento se triplica, chegando ata os 247 millóns de euros. É importante destacar —como xa dixen— que estamos falando só de aportacións da Xunta de Galicia, pero estou seguro de que se incorporarán, máis pronto que tarde, compromisos doutras administracións.

Contamos con que o Goberno do Estado sexa consecuente coa importancia do Xacobeo e realice importantes investimentos, especialmente en infraestruturas e seguridade viaria, ademais, por suposto, do xa citado Plan de BIC. E tamén estamos seguros de que concellos, deputacións e todas as administracións implicadas aportarán e poñerán o seu grao de area neste gran proxecto de futuro e de país.

En definitiva, señorías, estamos ante un plan estratéxico extenso e ambicioso, que marca un gran contraste co que se fixo no ano 2010 debido á inacción naquel momento do Goberno



bipartito, que obrigou á Xunta de Galicia a facer practicamente un xacobeo de emerxencia. Toda esta planificación e traballo, señorías, permitíranos aproveitar a gran oportunidade que significa o Xacobeo. As cifras falan por si soas. Segundo as estimacións de impacto económico, o Xacobeo 2021 dará un impulso á nosa economía de preto do 1 % do noso PIB, un incremento de preto do 1 % do PIB. Tamén no emprego se estima un crecemento de arredor de 11.500 postos de traballo. Superaremos o medio millón de peregrinos acreditados con Compostela no ano 2021, e deles, a inmensa maioría, un 75 %, serán estranxeiros. Estes datos revelan, máis aló das variables intanxibles, a enorme oportunidade que representan en termos estritamente económicos e de emprego, que significa a apertura dunha axenda de esperanza e desenvolvemento cara á próxima década.

En resumo, señorías, estamos ante o Plan estratéxico máis extenso e ambicioso que se desenvolveu nunca para un xacobeo; un instrumento que xorde da participación de toda a sociedade e que plantexa, negro sobre branco, os principais retos que temos por diante.

Con este plan na man, quero invítalos hoxe a que aproveitemos xuntos a oportunidade que supón para Galicia, con visión de futuro e visión de país; a que traballemos por unha Galicia máis sustentable, innovadora e competitiva; unha Galicia hospitalaria, comprometida coa súa xente e o seu territorio; unha Galicia xacobeá; unha Galicia calidade, da que nos sintamos orgullosos como pobo e como país; unha Galicia con presente e con futuro, con ambición pero cos pés no chan, que mira ao futuro con seguridade, que non renuncia a nada, que non se sente máis que ninguén pero tampouco menos, e que ten no Xacobeo e no Camiño de Santiago a súa principal carta de presentación no mundo.

Está, señorías, nas nosas mans e agardo que así sexa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario Mixto, señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Grazas, señor presidente.

Bo día. Benvidos todos a este novo período de sesións. E unha especial benvida a Xoan Xove, o novo deputado.

O Goberno di que isto é un plan estratéxico. Non sei se as señorías tiveron tempo de ler este informe que nos fixeron chegar a mediados de agosto, pero, a verdade, eu na miña vida vin bastantes plans estratéxicos, e neste —despois de ler esas noventa e pico páxinas— preguntome onde están os obxectivos concretos e avaliábeis, onde están os plans de acción e os orzamentos desagregados para cada un dos plans que fagan posible chegar aos obxectivos. Eu, a verdade, non os vin, non aparecen neste folleto propagandístico; un folleto cheo de boas intencións, lugares comúns, obviedades, etc. Fálase eufemisticamente de retos estra-





téxicos, principios de xestión, programas de actuación etc.; pura literatura de boas intencións sen concreción ningunha.

Na súa intervención desta mañá, o conselleiro si mencionou algún fito concreto, os máis inmediatos e puntuais que aparecen no documento referenciados de pasada, sen concretar prazos nin orzamentos; pero isto son fitos, non son obxectivos estratéxicos. Despois mencionou outros que nin aparecen no chamado Plan estratéxico, os últimos que mencionou agora; por exemplo, o obxectivo económico de conseguir un incremento do PIB do 1 % —ese si sería un obxectivo estratéxico—, ese non aparece en todo o documento.

A verdade é que facendo contas, se o Goberno di que vai investir 247 millóns de euros neste plan e pretende que con eses 247 millóns de aportación pública, mais todo o que sería a aportación privada, o consumo de bens e servizos e todos os impactos que debían ter en todo tipo de industria turística, cultural, etc. Avaliar todo ese impacto en 600 millóns de euros —que é máis ou menos, 650, o 1 % do PIB de Galicia—, investindo 247 millóns de euros públicos, pois, a verdade —a pesar de que, xa digo, non aparece por ningún lado do documento—, parece un obxectivo bastante cativo.

¿E cal é o problema de non ter de verdade un plan estratéxico? Pois que o que se fai é isto, empezar a desenvolver fitos illados que non se sabe en que obxectivo están enmarcados, en que liña de acción, que parte do orzamento desa liña de acción ten ese fito concreto. E por iso todo isto pode acabar en actuacións desperdigadas, en tiros ao aire e dilapidación de cartos públicos.

Despois faise semántica tamén. Agora xa non hai ameazas e debilidades, agora chámanse limitacións; en Galicia non hai debilidades, hai delimitacións. E seguimos —xa digo— cos seus eufemismos neste folleto.

Entre as debilidades —porque hai que falar como se fala nos plans estratéxicos— cítase explicitamente unha moi concreta; o Xacobeo xera unhas expectativas elevadas. No imaxinario colectivo asóciase aspectos como converterse nun revulsivo económico para Galicia, a súa capacidade para corrixir deficiencias históricas, a inmensidade da programación cultural etc., que poderían ter un efecto contraproducente. Ou sexa, que a cidadanía considere o Xacobeo unha oportunidade para ser un revulsivo económico en Galicia e para corrixir deficiencias históricas é unha debilidade, segundo o Goberno.

Pero, contraditoriamente, despois citan como oportunidade —eles chámanlles aspectos facilitadores neste folleto—, textualmente: «En resumo, o vindeiro Xacobeo será celebración, pero concibida tamén como oportunidade para trazar o camiño da Galicia da próxima década» —¡se isto non é ambición!—. E tamén din: «O Xacobeo e o Camiño son vehículos excepcionais para a posta en valor de Galicia no exterior. Pois contradinse. Por unha parte, din que é unha debilidade, non vaia ser que a xente pense que o Xacobeo vai ser unha oportunidade histórica; e despois din que si que é unha oportunidade histórica. E din que vai poñer en valor a Galicia no exterior, pero ¿en valor de que? ¿Como se vai conseguir? ¿Con que medios, desagregados por partidas? ¿Cales son os obxectivos concretos? ¿Como se van avaliar? Porque, se non hai obxectivos concretos, é imposible avaliar o seu desenvolvemento, que ao mellor é o que quere o Goberno.



Se, como din, se van investir 248 millóns de euros públicos —iso, si, póneno no documento en media páxina, sen ningún tipo de desagregamento—, ¿como a cidadanía galega non vai pensar que o Xacobeo ten que ser un revulsivo social? ¿Como pode ser unha debilidade un revulsivo económico e cultural? Entón, ¿que é o Xacobeo?, ¿unha festa? Unha festa bastante cara, case tan cara como a desfeita e a dilapidación da Cidade da Cultura.

Despois din tamén na avaliación previa: «Os peregrinos e peregrinas son os nosos mellores embaixadores. O 98,76 %...» —xa o mencionou o conselleiro— «...dos que foron enquisados afirman que recomendarían facer o Camiño de Santiago». ¿É este un obxectivo? ¿Só facer o Camiño de Santiago? A verdade, ¡que obxectivo máis cativo, tendo ese volume inmenso de posibles prescriptores!

Concreten obxectivos de impacto económico —non hai ningún— nos concellos por onde transcorre o Camiño, na exportación de bens culturais, na exportación de produtos agroalimentarios, na calidade e rendibilidade do turismo, na mellora de condicións laborais das traballadoras do sector turístico inducidas polo incremento de ingresos das empresas. Xeren oportunidades na industria cultural, potencial de xerar intercambio e diálogo entre empresas culturais galegas e foráneas. ¿E como se vai facer? ¿Con que volume económico? ¿Cara a que países obxectivos?

Na industria turística mencionan unha oportunidade: «A través do Camiño pódense crear produtos turísticos que non teñan un carácter estacional» —punto—. ¿Que produtos? ¿Como se van promocionar? ¿Con que orzamentos concretos?

Non hai ningunha referencia ao mundo dixital. Non se fala de mencións, notoriedade en redes sociais... ¿Plantéxanse obxectivos nesta liña? ¿Non sería lóxico plantexar obxectivos concretos da notoriedade de Galicia a partir dun evento destas características? E xa non digamos obxectivos de ciencia ou de innovación, non aparecen en todo o documento. Obxectivos de accesibilidade, tamén, ¿cales?, ¿como se van financiar?

Tamén estimamos moi lamentable que non haxa nin unha liña dedicada ao benestar animal, despois da iniciativa da Asociación Protectora de Animais do Camiño, presentada neste Parlamento por este deputado, e apoiada por miles de firmas de peregrinos e cidadáns de Galicia, que alertaba de que centos de cans seguen os peregrinos ao longo do Camiño e ao chegar a Galicia quedan desorientados e perdidos, saturando as posibilidades desta e doutras protectoras. ¿Pensan apoialas orzamentariamente?

Din tamén no folleto: «Debe garantirse a sustentabilidade e a pervivencia dos valores do Camiño» —punto—. ¿Como? ¿Vanse implementar as franxas de bosque autóctono ás marxes do Camiño, como se aprobou neste Parlamento? ¿En cantos quilómetros? ¿En que lugares? ¿Con cales especies? ¿Con que orzamento? Isto é o que sería un plan estratéxico.

Outra oportunidade que mencionan: «O Camiño de Santiago é un exemplo de como se poden implementar accións de fixación de poboación no rural, xerando novas actividades de soporte para as persoas que peregrinan». Perfecto, pero ¿que actividades? ¿Como se van promocionar? ¿Con que orzamentos concretos? E desculpe que sexa reiterativo, pero é que isto é o que debería de ser un plan estratéxico.



**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**O señor CASAL VIDAL:** Un minuto e medio me queda.

**O señor PRESIDENTE:** Por iso digo «vaia».

**O señor CASAL VIDAL:** Sustentable enerxética e medioambientalmente. ¿Vaise traballar na independencia e suficiencia enerxética nos albergues do Camiño? Ese sería un obxectivo concreto. ¿En cantos?, ¿con que orzamento?

E xa non falemos da participación, como presentar o plan a mediados de agosto aquí no Parlamento, un día no que o presidente xa o presentara pola mañá e xa estaba posta a data para a súa presentación pública, xa publicado, xa editado etc.

Os peregrinos —é verdade— fan unha valoración moi positiva desta experiencia. ¿Pero aproveitamos verdadeiramente esa valoración? ¿Aproveitamos eses prescitores? É como se unha empresa ten unha enorme valoración no mercado e despois non saca produtos para poder beneficiarse desa valoración.

Despois din como fortaleza que desde o ano 1993 se traballou na mellora da sinalización do Camiño, cun resultado máis que evidente. Pero despois, no mesmo folleto, sorprendentemente, din que só o 15 % dos enquisados valora positivamente a sinalización do Camiño e só un 8 % valoran positivamente o estado de conservación do Camiño. Isto si que non nos sorprende, tendo en conta as desfeitas dos parques eólicos en Mondoñedo, no Oribio, etc.

En resumo, señor conselleiro, póñanse a traballar nun verdadeiro plan estratéxico que poña as bases para que Galicia aproveite de verdade, social, económica e culturalmente este evento. Non sei se o que pasa —porque verdadeiramente este folleto é unha broma, este folleto que lle chaman plan estratéxico— é que esta desfeita é voluntaria porque non lle queren deixar traballo feito ao próximo Goberno...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CASAL VIDAL:** ...da Xunta de Galicia, no que vostedes non estarán.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Bo día a todas e a todos.

Bo día, señor conselleiro.

Ben, vostede non o fixo, entón vouno facer eu. Vou explicar brevemente como chegamos ata aquí, como chegamos a este debate, porque vostede fixo un deses exercicios de memoria se-



lectiva que fan adoito no Partido Popular e esqueceu contarnos unha parte desta historia. E a min paréceme relevante que quede no *Diario de Sesións*, que o coñeza todo o mundo que nos poida estar escoitando, porque é o que reflicte realmente, o que anticipa que estamos diante dun plan que nace xa de por si como papel mollado e que evidencia que, unha vez máis, estamos nun exercicio de propaganda do seu goberno, que non ten proxecto, non ten modelo para o Xacobeo, non ten proxecto de país, e o que é peor, non ten vontade ningunha de diálogo, nin con esta oposición, nin coa sociedade, nin con calquera que teña unha alternativa ou que pense diferente que vostedes, señor conselleiro.

Hoxe veu aquí vender moitos fogos de artifício, e eu quero facer algo de memoria. O ano pasado, á altura do Debate do estado da nación, o señor Núñez Feijóo comprometeuse nesta Cámara a que ía facer a revolución co Plan Xacobeo. Primeiro, vai ser a gran solución aos problemas económicos deste país, e, segundo, ían iniciar vostedes o proceso participativo, despois do invento da democracia, maior do planeta Terra. Pero o certo é que ao final, facendo balance, a realidade superou á ficción, porque hai que dicir que nós somos precavidos, desconfiamos desde o noso papel de oposición e desde a experiencia da nosa relación co Goberno galego, pero vostedes sempre nos sorprenden para mal, señor Román Rodríguez, e ao final o certo é que este proceso participativo, como todo parece indicar, se converteu nunha fraude, nun mero enredo para facer que fan.

Eu quero facer memoria desa cuestión porque vostedes nos convocaron aos grupos parlamentarios a ter unha serie de reunións no marco desta estratexia do Xacobeo. Nós, nas repetidas reunións, puxemos a nosa disposición, a vontade construtiva de sumar, aínda que tamén deixamos claro que o procedemento non nos parecía o máis adecuado. Primeiro, porque continuamente falabamos de xeneralidades. É bastante difícil sen ter a diagnose, sen ter os datos que vostede expón e que presuntamente a empresa redactora deste programa recabou, sen ter toda esa información, acertar para poder contribuír en positivo.

Tamén desconfiabamos porque o certo é que esta Cámara ten un regulamento, ten uns mecanismos previstos para tramitar ordinariamente os plans. Vostedes raramente os usan, pero existir existen, están aí e poden empregarse, polo tanto, insistíamos en que non nos parecía o adecuado. Pero, en todo caso, é lexítimo, vostedes querían facelo dunha forma, nós doutra, e nós aceptamos que vostedes teñen a maioría e que ese era o marco no que podíamos colaborar. Agora ben, esa maioría non é escusa para tomarlles o pelo aos grupos desta oposición, que representan a galegos e galegas que existen e que se merecen unha responsabilidade. E foi esa responsabilidade a que nos levou, primeiro, a facer achegas en positivo, e, despois, cando vostedes quixeron tomarnos o pelo, a desmarcarnos desa cuestión.

Eu quero recordar aquí, como facía o señor Casal anteriormente, que vostedes nos convocaron a unha reunión de traballo cando este plan xa estaba redactado, xa estaba impreso e xa estabamos convocados á presentación pública. Entón, ¡home!, isto é como se che din que tes oportunidade de ir á repesca nun exame e xa está o boletín das notas asinado. É unha tomadura de pelo, señor Rodríguez, e, desde logo, queríamos que quedara constancia porque pensamos que é un mal precedente e que merecemos máis respecto, sinceramente. E despois, isto era un prolegómeno importante do que daría de si o plan.



Vostede falou aquí de plan estratéxico ambicioso, o mellor da historia etc., igual ao que vostede nos contou. Agora ben, eu a primeira pregunta que quería facerlle é onde está o plan, porque, desde logo, isto que nos pasaron, isto que está colgado na páxina web específica do Xacobeo —por certo, só en castelán, menos mal que polo menos a Axencia de Turismo de Galiza si que o colgou en galego—, desde logo, nós pensamos que isto non vale eses 66.000 euros, porque é un conxunto de *desideratum*, de promesas sen cumprir anteriores, doutros plans, e de xeneralidades. Vostede concretou algunha máis, pero, dende logo, non son unha folla de ruta adecuada. E voume deter en sinalar algunhas desas cuestións que nos parece que non son un bo punto de partida.

Primeiro —xa saíu aquí esta cuestión— vostedes dan datos, datos económicos. Dá igual de que consellaría esteamos falando, de que plan esteamos falando, nunca achegan unha memoria económica, unha calendarización dos orzamentos. Entón, estamos nun contexto político onde pola mañá estannos dicindo que vén a apoteose, que non imos ter orzamentos da Xunta de Galiza, que non imos ter 700 millóns nas nosas contas públicas, e logo pola tarde dinnos que van gastar 247 millóns de euros na cuestión do Xacobeo, independentemente doutras prioridades sociais, sen máis explicación ou concreción. E iso, desde logo, é bastante pouco serio.

Igual de pouco serio é que este plan cite literalmente outros tres plans que ten a Xunta de Galiza, que desde logo son vostedes ben prolíficos en parir word, PDF e power point, iso hai que recoñecérllelo, pero é a evidencia é que non os cumpriron. Plan director do Camiño de Santiago. Nós, de feito, dixemos todo o tempo: Haberá que facer unha calendarización e un balance de que cuestións se desenvolveron e que cuestións non, non un sumatorio de plans. O mesmo en canto á Axencia de Turismo de 2020, na que, por certo, tampouco os grupos parlamentarios puidemos participar. E o mesmo desa recén nacida, despois de anos de atraso, Estratexia da cultura galega para o 2021.

Polo tanto, non hai calendarización, non hai priorización, o que hai é un banco de promesas incumpridas que reiteran vostedes continuamente, o que evidencia que chegan cos deberes sen facer respecto aos propios deberes que vostedes se puxeron. Un exemplo. Insistiu vostede repetidamente na cuestión da rede de albergues. Ou ben estaba mal planificado todo o que viña no Plan director do Camiño de Santiago, ou ben vostedes están a facer os deberes tarde. O certo é que, se en dez anos non puidemos avanzar nesta cuestión, pouca confianza temos de cara ao futuro.

Igual que con outras medidas que temos debatido neste Parlamento sobre a súa necesidade e que continúan pendentes, como todo o referido á seguridade do Camiño Portugués, como a delimitación dunha vez de todos os camiños, como cuestións que viñan aquí previstas para 2020, para marzo, cuestións respecto do Camiño de inverno, cando a Asociación do Camiño de inverno, de Valdeorras, leva anos reivindicando unha serie de melloras, o que demostra que vostedes chegan tarde. E chegan tarde, sobre todo, por unha cuestión. Porque vostedes, nesta cuestión, nin teñen nin tiveron vontade de consensuar con outros axentes, é ariete constante, politicamente, coas entidades locais, infrafinanciadas, deste país. Non virá vostede dicir que vostedes poñen 247 millóns e despois as entidades locais que se apañen para poñer máis, tal e como están no noso país. Sabemos tamén dos constantes problemas no



ámbito das deputacións e no ámbito do asociacionismo local en cuestións clave como o Camiño primitivo ou como outras cuestións.

En todo caso, a nós o que máis nos preocupa é que hai aspectos que aparecen recollidos na breve, brevísima, diagnose que se nos traslada neste plan, polo menos no que é público, pero non parece que teñan vontade de que supoña un cambio. Por exemplo, aquí aparece a cuestión da masificación como o aspecto limitador número 8, cando vostedes negaron permanentemente que existise un risco e un problema de masificación; pero non nos din como o van resolver. Aparece aí tamén outra insistencia e outra achega do Bloque Nacionalista Galego, tema recorrente nas comparecencias de Turismo: que se necesita un reforzo da inspección deste país. Recólleno como unha debilidade, pero despois non hai unha alternativa de cal vai ser a folla de ruta para que exista esa inspección dunha forma contundente.

Da mesma forma, sinálanse cuestións, algunha delas interesante, como que houbo unha constrición económica na industria cultural deste país. Vostede é o conselleiro responsable de Cultura, e a súa consellería non compromete ao seu goberno nun plan de choque para que a nosa cultura recupere a década de recortes que tivo con vostedes. *(Aplausos.)* E así un longo etcétera.

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Basicamente, límitanse a poñer palabras que quedan ben. Se fas unha nube de palabras, vai quedar supercosmético, vai quedar moi ben. Entón, vostedes poñen «Galiza moza» e quedan tan anchos; despois, a política xuvenil deste país vai como vai. Logo poñen «sustentabilidade», pero non hai unha soa alternativa de como seguir esta cuestión no territorio e de como afrontar os problemas de sostibilidade. O mesmo con «igualdade de xénero». Vostedes poñen no plan que é moi importante a igualdade de xénero, pero despois o plan nin sequera está redactado cunha linguaxe non sexista, nin hai unha soa proposta ao respecto, pero quedan tan anchos.

E tamén nos preocupa o fondo ideolóxico no que está construído este plan, porque aí temos fondas diferenzas. Por exemplo, nós insistimos en que o Camiño de Santiago, o Xacobeo, ten que ser un feito diferencial e propio, galego, que nos sitúe no mundo nun contexto globalizado. Vén aquí a ministra no verán dicir que isto vai ser un elemento fundamental da marca España e a Xunta de Galiza non di nada. E o que di no plan é, primeiro: «Imos solventar a crise da Unión Europea e das institucións europeas co Camiño de Santiago. ¡Home!, señor Rodríguez, as institucións europeas están en crise polo impacto que ten na clase obreira galega as súas políticas neoliberais, e non o imos arranxar co Camiño Xacobeo. *(Aplausos.)* Tampouco imos arranxar esa gran preocupación que teñen vostedes porque, malia que un 40 % das persoas fan por motivos espirituais e relixiosos o Camiño de Santiago, vostedes din que hai que coidar iso, que están preocupadísimos porque está en detrimento ese enfoque relixioso. ¡Oia! ¡Iso será unha ocupación da Igrexa católica deste país, que non paga nin o IBI, e non da Xunta de Galiza! *(Aplausos.)* Desde logo, se pretenden fomentar a relixiosidade cos nosos impostos, nós dicímoslle que non, igual que diremos que non a un montón de...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.



**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...inconcrecións, de vaguidades e de xeneralidades deste plan, co que continuarei na seguinte quenda.

Grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Común da Esquerda, señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Grazas, señor presidente.

Bo día, señor conselleiro do Xacobeo en grande, en supermegamaiúsculas, e da cultura en letra pulga, a máis pequena que hai.

O ecosistema cultural galego vive á intemperie, isto para empezar. Para continuar, dicir — se me quere escoitar, por favor — que a súa visión ten erros graves de concepto, moi graves. Dende a década dos noventa do século pasado os itinerarios culturais representan un cambio cualitativo moi importante no tocante á conservación e ao uso do patrimonio. Pouco a pouco, ese concepto vaise ampliando e entón non se consideran os monumentos como cuestións illadas, senón que se consideran categorías patrimoniais cuestións como, por exemplo, po-boacións históricas, paisaxes.

O debate conceptual é importante a nivel xeral. Abriuse xusto despois da declaración da Unesco do Camiño de Santiago como Patrimonio da Humanidade no ano 1993. Xa daquela Icomos, como organismo internacional de asesoramento da ONU, quixo establecer un corpo de conceptos unívocos e ben definidos. Este é o marco xeral, pero vostede presenta un plan estratéxico, e concordo coa compañeira do BNG no proceso de consultas ao propio grupo: foi unha farsa, realmente.

A marca do Camiño de Santiago está consolidada, señor conselleiro. Un plan estratéxico debe fundarse en políticas de protección da nosa riqueza cultural, paisaxística e medioambiental. Impulsar estratexias multifuncionais a prol dunha conservación activa que realmente garanta a sostibilidade.

Alegrámonos de que vostede estea traballando tanto no Xacobeo, gustaríanos que traballase máis polos sinais de identidade e polo ecosistema cultural galego, pero bueno. Alegrámonos tamén porque vostede si incorporou algunhas suxestións feitas, por exemplo, por compañeiros e compañeiras de Compostela Aberta, que fixeron moitísimo fincapé na cuestión da descentralización e da desestacionalización. E o importante de todo isto é que xere emprego estable e de calidade. ¡Claro que son moitos cartos!, ¡claro que pode xerar moito emprego! A cuestión é que non veñan todos os turistas soamente nos anos xacobeos.

Pero hai unha contradición. Vostedes fártanse de falar de 2021, 2026 e 2032. Nós queremos que veñan visitantes dunha maneira descentralizada, dunha maneira realmente racional e sostible. Hai que evitar o impacto masivo, e a Xunta está facendo ás veces todo o contrario.



Nós queremos chamar a atención sobre medidas imprescindibles para levar adiante este plan, unha é a cuestión da mina de Touro. A mina de Touro afecta gravemente o Camiño. A mina de Touro, ademais das súas consideracións dende a perspectiva xeofísica, que se nos di claramente que os relevos tóxicos acadados no ambiente son unha maldición para o futuro e o presente tamén porque non resistiría nin inundacións nin terremotos. Ademais disto, importante ou relevante na loita en contra da megaminería, é increíble que vostede se decante por defender este proxecto megalomineiro sabendo que o Camiño francés, por exemplo, pode ter perigo de perda de recoñecemento como patrimonio da humanidade. Se perdemos a valoración de patrimonio da humanidade, ¡adeus!, ¡adeus!, ¡adeus! todo este negocio importante que nós cremos que pode repercutir ben, pero o modelo é moi importante. Vostede di o que e o como, non di o para que, que é o fondo político.

Os impactos están denunciados por Icomos, por este organismo asesor internacional da ONU: impactos visuais, sonoros, perda de valores identitarios, que foron os que avalaron a súa inclusión como ben patrimonio da humanidade.

A destrución do tramo histórico é evidente. Dende logo, non se entende que vostede diga que isto: dicir si ou non á mina de Touro depende exclusivamente da dirección xeral. O que se lle escapa, señor conselleiro, é que a Administración galega non ten competencia ningunha nin poder sobre a posible exclusión do Camiño como patrimonio mundial. Entón, recapaciten sobre isto. Dende logo, dende o noso punto de vista, vendo todos os informes de expertos, tanto a nivel patrimonial como a nivel xeofísico, se o proxecto mina de Touro vai para adiante, o perigo, a ameaza, é real.

Outra cousa é Xacobeo e camiños. Vostede constantemente fai fincapé no plano relixioso. O plano relixioso é respectable, pero o plano relixioso, que atrae entre o 25 % e o 40 % dos visitantes, ten outro impulso. Se escoitamos a Gallego Jorreto, que é un arquitecto de moito prestixio, di: «O Camiño é todo, vida, xeito de ser, de ver o mundo». Isto é importante, non só dende o punto de vista relixioso. E hai que discriminar entre o Xacobeo e discriminar entre os camiños.

Hai que preservar a integridade dos camiños, a autenticidade dos itinerarios, dunha maneira estrita. Decántanse pola mercantilización e privatización dos nosos bens, e hai que evitar o espolio. Dende logo, o Camiño francés, que é o máis promocionado, que abrangue o 70 % do total, atravesa once municipios, seis deles con menos de dous mil habitantes. Hai nove meses que o Foro do Camiño informaba de que hai moitos camiños: o inglés, afectado polos eólicos; o francés, afectado pola mina de Touro; o primitivo, con atentados de auténticos bárbaros, non de conciencia dese camiño sostible, dun camiño que ten que coidar o patrimonio, que atenta contra a identidade cultural, histórica e paisaxística da ruta. Procedeuse a unha cimentación, están cimentando para que a xente veña con zapatións, ¿de que?, ¿de tacón ou que?, ¿ou con bambas de deporte?

O Camiño é outra cousa, pero é indignante e mesquiño, señor conselleiro, que se distorsione a realidade e que se empreguen eufemismos como *acondicionamento*, *mellora positiva*, *recuperación do noso patrimonio*, e que fagan auténticos estragos. Un camiño milenario, que non o inventou nunha servilleta o conselleiro de Fraga, aínda que si, arrancou aí, nunha servilleta.





Vale, está moi ben, escrito en restaurantes, é un pulo. A súa política é moi semellante á de Fraga, moi ben, pero estamos no século XXI, e no século... Perdón, vou intentar calmarme, eu apasiónome. Impórtame moito esta cuestión, creo na defensa do patrimonio a ultranza.

Hai outra aberración, outra cousa que nós cremos que está clara. Calquera defensa do Xacobeo pasa pola derogación inmediata da lei dos tres erres. A lei dos tres erres: rehabilitación, rexeneración e reforma urbana. Xa trouxemos aquí a nosa postura e está moi clara, é contundente. Esta lei é un atentado contra a Lei de patrimonio histórico de Galicia, contra a Lei de patrimonio histórico español, contra a propia Constitución no artigo 46, contra as directrices europeas.

Rexeitan o plan especial, que estaba feito punto por punto por todos, e desatenden a súa obriga fundamental, que é a de coidar o patrimonio común. Ademais, non compareceu vos-  
tede cando se abordou esta cuestión. Non se entende o silencio, non se entende a censura, no se entende por que aquí non estivo a xente de Patrimonio. Porque Turismo é importante, pero non se pode delegar en Turismo cuestións que son de defensa do noso patrimonio cultural, que é tan importante.

Con respecto á rede de albergues, paréceme moi ben que se creen albergues e que funcionen de marabilla, pero cóntenos por que Facenda renxe e cohibe a Sociedade Anónima de Xestión do Xacobeo por problemas recorrentes, abertos e inspección, sen prescribir ata o ano 2021, derivados do modelo de negocio no que se especializou a compañía pública.

A nosa visión está clara. Atendan, por favor, as suxestións do Icomos; por favor, derroguen a lei dos tres erres, que ten visos de inconstitucionalidade e mesmo de espolio. Dende logo, teñan en conta realmente a sostibilidade, como cuestión que está moi determinada, dende o ano 2017, a nivel internacional.

Seguiremos na segunda quenda, que hai moito que dicir e pouco tempo.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señora Burgo.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

Moi bo día, señor conselleiro.

Eu quero empezar por onde empezaba a señora Presas, dándolle toda a razón ao que estaba dicindo. Non o vou volver contar porque ela o relatou extremadamente ben, pero eu quero dicirlle, señor conselleiro, que nós, dende logo, non estamos de acordo en como se están facendo as cousas coa participación da oposición.



No Regulamento da Cámara existe un artigo, o artigo 142, que ofrece a posibilidade de analizar calquera proxecto de Goberno antes de ser aprobado polo Consello da Xunta, e que permite aos grupos parlamentarios facer resolucións e debater esas resolucións.

Así se fixo no ano 1993, señor conselleiro. Ese Xacobeo que iniciou no Goberno o Partido Popular foi un Xacobeo de todos porque todos participaron. Porque resulta que toda a oposición naquel momento coñecía e tivo nas súas mans máis de seis tomos de documentación que daban a base a todo o plan que se fixo naquel momento.

Iso é o que temos que facer e así fixemos nós. Temos rexistradas dende hai tempo varias iniciativas deste teor. Temos que pasar polo artigo 142 e vostede traer aquí á Cámara, para analizar todos os grupos, toda a documentación utilizada, e que nós poidamos facer resolucións e debater estas resolucións. Porque, se non, todo o que di vostede de que quere que participen os grupos da oposición e a sociedade no seu conxunto, señor conselleiro, non é máis que publicidade e propaganda.

Como a verdade é publicidade e propaganda este plan. A verdade é que si, ten razón. ¿Que íamos discutir sobre un borrador se non existe? Nin existía borrador nin existe plan. ¿Que quería que discutíramos? O que ten que traer vostede aquí é toda a documentación e un plan realmente en condicións, porque isto é extremadamente decepcionante, señor conselleiro (*Aplausos.*)

Ademais, quero dicirlle tamén unha cousa e empezar por ela. Nós non desprezamos o Xacobeo, ¡en absoluto! Vostede está intentando introducir esta idea de que a oposición —no caso que eu represento, os socialistas— desprezamos o Xacobeo. Iso é absolutamente mentira, e vostede o sabe perfectamente. Sábeo polos alcaldes e presidentes de deputación socialistas que están traballando con vostede, ou que intentan traballar con vostede, porque non existe ningún plan de coordinación cos concellos e deputacións e vostede parece que non ten ningunha intención de facelo porque, dende logo, neste plan non está.

Dende ese punto de vista, a nós preocúpanos moito o feito Xacobeo, o plan Xacobeo. Preocúpanos todos os anos. Preocúpanos o Camiño, e ese produto do Camiño, todos os anos, e preocúpanos o Ano Xacobeo. Pero o que temos diante, señor conselleiro, é publicidade e propaganda. Podíalle dar moitísimos exemplos, pero voulle dar soamente un que a verdade é que me sorprende e moito. Como dicía a señora Presas, aínda temos capacidade de sorpresa con vostede.

Non sei se todas as súas señorías recordan que en maio, despois das eleccións, o presidente Feijóo reuniuse con todo o seu Goberno para preparar aquí a Galicia do futuro que ía ser o Xacobeo. Preparar a Galicia do futuro... ¡empezar a campaña electoral era o que vostedes estaban facendo! Nesa reunión, o presidente Feijóo dixo que a Galicia do futuro ía ser familiar, moza, innovadora e verde.

¿Que pensan vostedes, señorías, que está escrito na páxina 45 do plan? ¿Como ten que ser o Xacobeo do futuro? Miren por onde, é familiar, mozo, innovador e verde. Exactamente os mesmos slogans de campaña do Partido Popular. (*Aplausos.*) ¡Logo se olvidan disto!, ¡logo



se olvidan! Logo non se sabe onde é familiar, non se sabe onde é mozo, non se sabe onde é innovador —moi preocupante, porque as redes sociais non están aquí e as novas tecnoloxías tampouco están—, e verde, porque quere ser sustentable. ¿Como? Non o sabemos. Vostede nos ilustrará noutro momento porque non sabemos como vai ser nada de todo isto, máis alá de palabras bonitas que se repiten, se repiten e se repiten.

É unha estratexia burdamente partidista, señor conselleiro, se non fora trágica, porque vostede se mantivo un pouco máis discreto nesta ocasión, pero vostedes están utilizando o Xacobeo como o único plan que teñen de goberno. Están utilizando o Xacobeo e están dicindo que é a grande esperanza para o futuro. Antes era a grande esperanza para o ano XXI, agora xa é a grande esperanza ata o 2032. Podemos seguir, década tras década...

Entón, dá a idea e reflicte, señor conselleiro, o esgotamento deste Goberno. O esgotamento dun goberno que basea toda a súa estratexia, que basea toda a súa esperanza e política de crecemento social, de crecemento económico e de innovación no Xacobeo, e non ten máis. Non ten política industrial, non ten política comercial, e están intentando tapar co Xacobeo a falta de logros reais de Goberno do presidente Feijóo en dez anos, ¡xa en dez anos! Están intentando tapar as carencias en política social, en política económica, en política de emprego, en política de sanidade.

O Xacobeo funciona coma unha cortina de fume e nada máis, mentres falamos de millóns que logo falaremos tamén disto, cada vez hai máis millóns aquí. O plan, en si mesmo —dicíalle—, é extremadamente decepcionante na súa configuración, pero ilustrativo nalgunhas cousas que vostedes din pero non tratan. É ilustrativo en marcar os graves problemas do Camiño e do Xacobeo, que son os problemas reais, os problemas de base; que é que están en malas condicións as infraestruturas. O 15,6 % dos peregrinos que responderon a unha enquisa din que non consideran boa a información e a sinalización do Camiño. Soamente o 12,6 % consideran positivo o aloxamento; o 8 % o estado de seguridade; o 5 % os servizos como a atención médica; todos os restantes consideran que estes servizos do Camiño non están en condicións, e isto é absolutamente preocupante, señor conselleiro, porque é onde teñen que traballar vostedes e onde tiñan que traballar dende hai dez anos.

Non é de recibo que veña vostede presentar aquí un Plan de mantemento dos Camiños. ¿Que fixeron ata o de agora? Non facer o mantemento do Camiño; ou facelo como está nesta foto, señor conselleiro —se quere velo—. Antes era un camiño rural, un camiño en condicións, e ¿en que converteu Turismo ese camiño? Nunha pista asfaltada. Iso é o que están vostedes a facer co Camiño, sen preservar os valores patrimoniais dese Camiño.

¿Que dicir —e non teño tempo— dos servizos? Porque outro dos elementos básicos son os servizos dados aos peregrinos. Tan só un 6 % dos enquisados consideran que eses servizos son bos, empezando pola accesibilidade —que nin se cita—, a seguridade —que parece que imos empezar agora un plan de seguridade no Camiño, ¡agora!, pero ¿que estivemos facendo antes?—, e os servizos médicos. Miren, a min realmente me parece chulo chulo o dos drones levando desfibriladores, como dixo o señor Conde o outro día. A verdade, paréceme unha idea moderna, ou sexa, que vai saír en todos os periódicos do mundo; e como tal, pois nós somos orixinais e temos drones con desfibriladores. Pero ¿que facemos coa torcedura?



**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Porque, claro, fundamentalmente os peregrinos teñen problemas de torceduras, de golpes... ¿Que facemos? Porque resulta que os servizos dos concellos por onde pasa o Camiño non están implementados e non existe un plan de servizos médicos no Camiño. Pero, señor conselleiro, ¿onde imos?

Os albergues. Agora imos facer un plan de albergues. Pero vostedes mesmos dixeron o que fixeron: en dez anos construíron doce albergues públicos, sae practicamente a un albergue por ano. ¿Esta é a preparación? ¡Van vostedes atrasados, pero moi atrasados, na base e nas infraestruturas do Camiño! Isto sen contar o problema da masificación, que vostedes negaron, pero o 50 % dos peregrinos consultados din que é un grave problema. ¿Como pensan solucionar ese problema que non existía e que agora si existe? ¿Van fomentar o uso dos outros camiños ou non van facelo?

E aínda temos que falar de turismo, de cultura, do modelo cultural de vostedes...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora BURGO LÓPEZ:** ...e de moitas outras cousas das que non teño tempo, pero algunha delas, importante, comentareilla na próxima intervención.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario Popular, señora Antón Vilasánchez.

**A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ:** Grazas, presidente.

Bos días.

Señor conselleiro, nada me parece máis acaído que abrir este novo período de sesións coa súa comparecencia sobre o Plan estratéxico do Xacobeo 2020-2021. Por iso, agradézolle a extensa exposición que acaba de realizar sobre un evento que porá a Galicia no foco internacional en pouco máis de quince meses, cando o 31 de decembro do 2020 asistamos á apertura da Porta Santa.

E non se preocupe polas intervencións que acabamos de escoitar dos representantes da oposición, ¡o Goberno do Partido Popular segue cabalgando! *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Desde o Partido Popular estamos afeitos a ter que afrontar a posta en valor do Camiño de Santiago e a organizar os xacobeos baixo a persistente reprobación e crítica da oposición, de todas as oposicións. E resulta curioso, porque o Goberno bipartito que Galicia sufriu tivo a súa oportunidade. Tiveron, señorías do Partido Socialista e señorías do Bloque Nacionalista Galego, a súa oportunidade —señora Presas—, unha ocasión excepcional para poñer en



marcha a súa idea do Camiño de Santiago, a súa idea do Xacobeo; ese modelo que dicía que non ten o Goberno do Partido Popular, e puideron ter actuado con responsabilidade, pero o conselleiro tivo que recordar hoxe nesta Cámara que vostedes non fixeron nada para organizar o Xacobeo 2010, e tivo que ser o Goberno do Partido Popular quen, en nove meses, organizase un Xacobeo de emerxencia.

Vostedes sempre son máis de crítica que de acto, e ese desleixo que amosaron pon de manifesto o escaso ou nulo interese por un dos sinais de identidade da Galicia do século XXI. Non sei se son conscientes da oportunidade —como dicía o conselleiro— que para a nosa comunidade significa o Camiño de Santiago. Creo que non se decatan do alcance dos beneficios que un evento como o Xacobeo proporciona ao pobo galego, malia que é notorio e visible. ¡Está contrastado! Se botaran vostedes unha ollada ao Informe dos servizos de estudos económicos, por exemplo, do BBVA, *O impacto do Xacobeo 2010 na economía galega*, as súas conclusións son claras: entre un 5 % e un 6 % de décimas de crecemento adicional do PIB e un efecto de incremento de dúas décimas no PIB do 2011 e unha décima no 2012, o que permitiu un mellor comportamento de Galicia precisamente no momento de saída da crise. Por iso, entre outras cousas, non entendemos o seu rexeitamento e a repetición dun discurso fácil, pragado de *fake news* e mitos sobre a realidade do Camiño de Santiago. Tiñan vostedes, señores socialistas e señores do Bloque Nacionalista Galego, unha oportunidade de ser útiles a Galicia, pero vostedes preferiron o rédito político, como nestes momentos.

Pero o Goberno do Partido Popular segue traballando. Por iso, deseñou toda unha estratexia arredor do Camiño de Santiago para desenvolver durante este longo período de once anos sen un Ano Santo, co obxectivo posto no propio Camiño e na celebración do 2021. De todas as accións, permítanme nomear dúas: a campaña de comunicación «Galicia, o bo Camiño» como marca paraugas de todas as accións de comunicación da Xunta de Galicia, persistindo no recordo do Camiño e reforzando a idea de que é un proxecto integral, de país, participado de todos os departamentos que configuran a Administración autonómica.

Señora Burgo, eu entendo que para os socialistas falar de participación, falar de proxectos integrais, váiselles un pouco dos seus conceptos, pero para o Partido Popular non. Por iso, todos os proxectos que se elaboran dende a Xunta de Galicia teñen unha incardinación. Por iso vostede vai atopar conceptos semellantes en cada un dos plans, (*Aplausos.*) todos baixo ese paraugas Galicia 2020-2030. (*Aplausos.*)

E outra das iniciativas que eu dicía que estivo desenvolvendo o Partido Popular foi o Plan director e o Plan estratéxico do Camiño de Santiago para o período 2015-2021, como folla de ruta imprescindible para continuar coa posta en valor de todos os camiños de Santiago en Galicia.

Este Plan director estratéxico aborda aspectos longamente debatidos nesta Cámara e que aparecen tamén nas achegas que vostedes fixeron ao PEX 2020-2021, como a posta en valor dos camiños en Galicia para permitir a diversificación dos fluxos turísticos e a maximización dos beneficios que se estenden a todos os concellos polos que discorren os camiños. Como lembraba o conselleiro, máis dun terzo dos concellos galegos son Camiño de Santiago, contribuíndo así ao equilibrio territorial e social.



Pero tamén a intervención no patrimonio cultural e paisaxístico, coa rehabilitación e recuperación de patrimonio construído, e non só do patrimonio histórico, senón tamén do patrimonio civil e particular a través das iniciativas da ARI Camiño de Santiago; ou outras de iniciativa de Patrimonio Natural. Si, señor Casal, hai traballos que están realizándose agora mesmo —e vostede sábeo porque o debatemos na Comisión 6ª—, como é a plantación de especies autóctonas nos camiños de Santiago; ou a accesibilidade —que nomeaba a señora Burgo—, entendendo que o Camiño debe ser o máis permeable posible ás diferentes capacidades persoais.

E a gobernanza, xa que o Camiño non é da Xunta de Galicia, o Camiño ten que ser responsabilidade compartida de todas as administracións públicas e un elemento de unión entre o público e o privado. Neste sentido, creáronse as mesas de traballo dos distintos camiños en Galicia. Señora Burgo, chame vostede á Deputación da Coruña, a Mesa do Camiño inglés segue sen poder funcionar porque o seu presidente non a pon ao día.

Como dicía, estas mesas parécennos unha ferramenta imprescindible para contribuír a consolidar o Camiño a través da cooperación interadministrativa. Se falamos do Camiño en clave nacional, temos o Consejo Jacobeo. E se falamos en clave europea, salienta a creación da Federación Europea do Camiño de Santiago.

Gobernanza no Camiño, pero gobernanza tamén para a celebración do Xacobeo 2021, coa creación da comisión organizadora que ben relatava o conselleiro na súa intervención.

Por certo, voulles lembrar quen compón esta comisión organizadora, porque parece ser que todo é a Xunta de Galicia. Non, señores, á parte dos departamentos da Administración autonómica, nesta comisión está a delegación do Goberno de Galicia —agora mesmo ostentada polo Partido Socialista—, o Arcebispado de Santiago de Compostela, o Concello de Santiago de Compostela e a Fegamp, a Federación Galega de Municipios e Provincias. Señora Burgo, os concellos de Galicia participan nesta comisión organizadora. E como recordaba o conselleiro, entre as súas funcións está a aprobación do Plan estratéxico Xacobeo 2021, un documento que hoxe presenta vostede, señor conselleiro, como culminación dun traballo rigoroso, serio e comprometido co Camiño de Santiago para celebrar o Xacobeo 2021. Un documento para celebrar o Xacobeo 2021. Señor Casal, o Plan estratéxico e o Plan de acción son complementarios. Agora estamos a falar dun plan estratéxico, seguramente na Consellería estarán desenvolvendo un plan de acción.

Vostede insistía moitísimo na súa intervención na idea de participación do Xacobeo no só como espectador, senón como un actor proactivo no deseño da propia programación, e poñía como exemplo O teu Xacobeo, onde eu non vou afondar máis.

Só dicirlle que para o Partido Popular este PEX precisamente ten uns mimbres moi ben armados. Uns mimbres armados neses dez valores estratéxicos, acordos coa percepción actual do que debe ser a sociedade do século XXI: unha sociedade cohesiva, sustentable, innovadora, multicultural e integradora, ao tempo que mantén conceptos de fonda raigame xacobeo como a hospitalidade ou a espiritualidade e relixiosidade. Si, señora Presas, nós non imos cernar a raíz, o xermolo, da tradición do Camiño de Santiago. Vostede ten demasiados prexuízos, e os seus prexuízos son un lastre para o Camiño e para o Xacobeo.



Tamén son incuestionables os dez principios de xestión explicitados no plan, e xustamente sobre iso quixera facer unha breve reflexión: sobre o principio de igualdade. Salientar que 2018 foi o primeiro ano no que a peregrinación tornou feminina. Un 50,35 % de mulleres fronte a 49,65 % de homes. Este feito debe servir para tomar conciencia, como di o plan, de que hai que incentivar os proxectos construídos con perspectiva de xénero, pero eu engadiría que hai que incentivar os proxectos en feminino.

Para finalizar, non quero rematar esta intervención —non vou repetir o que xa comentou o conselleiro— sen incidir un pouco sobre as palabras dos grupos da oposición. Hoxe neste parlamento, señor conselleiro, escoitamos as queixas da oposición, e, realmente, vostede sabe, como sabemos todos, que non tiñan ningún interese en ser proactivos, xa que a súa participación eliminaba a posibilidade de crítica. Eu agradézolle as achegas ao Bloque Nacionalista Galego, aínda que hoxe no debate non tivo realmente moito que dicir, senón mais ben repetir o que xa deixara escrito, porque, dalgún xeito, obrigou ao resto dos grupos a presentar as súas suxestións.

Lamento profundamente os comentarios fóra de lugar, baixo a miña perspectiva, do Grupo Parlamentario de En Marea, que quixo enredar con outras cuestións o que tiñamos que debater agora aquí, porque ademais a señora Cuña baseaba a súa intervención en mentiras e falsidades.

Eu diríalle ao señor Casal que coñece perfectamente as dinámicas do Xacobeo. Posiblemente sexa o deputado que máis pode falar dos beneficios do Xacobeo para Galicia e para o tecido cultural, con ou sen plan estratéxico. Vostede falaba dese argumento, como dicía eu antes, falso e reiterado, unha *fake new*, de que o Xacobeo é unha festa. Si, o Xacobeo é unha festa: júbilo, jubileo, xacobeo, é a festa do Camiño de Santiago, é a festa de Galicia. Por iso, señorías, nós consideramos que temos que saber valorar na xusta medida o que significa ter un evento destas características, recorrente no tempo, durante os 365 días do ano, que afecta...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ:** ...a un amplo territorio, a pesar de ter xa unha meta definida. Non hai no mundo nada semellante, e o mundo ten que sentir que ten unha cita única e singular con Galicia cada vez que é ano santo.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Antón Vilasánchez.

A señora Antón Vilasánchez quería referir ao Grupo Común da Esquerda. Foi unha confusión normal, estamos empezando aínda con esta denominación dos grupos, pódelle pasar a moita máis xente, pero corrixila tamén está ben.

Réplica do conselleiro de Cultura e Turismo.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.



A verdade, señorías, os grupos da oposición plantexan unha visión na miña opinión tremendamente limitada do que é un xacobeo, do que é a celebración dun ano santo. Plantexan a súa lectura, practicamente toda, en negativo, e vese un trasfondo dun tremendo prexuízo ideolóxico. Supoño que para vostedes que o Camiño de Santiago, o Xacobeo, teña unha base cristiá, unha base humanista, lles supón algún tipo de problema, e hai un prexuízo ideolóxico constante nas súas afirmacións que, obviamente, é seu, é respectable, pero que contamina a súa visión da transcendencia, da importancia, que ten para o conxunto de Galicia a posta en marcha dun evento tan importante como é un xacobeo, que ten a súa base e o seu fundamento na existencia dun ano santo.

Para dar resposta aos seus plantexamentos, repetidos nalgunhas das cuestións, farei unha resposta a aspectos xerais recorrentes polos catro grupos, e despois pasarei a intentar facer unha resposta concreta a cada un dos grupos intervenientes.

Vostedes falan da participación dos grupos políticos e fano nun ton crítico. Eu quixera deixar moi claro cal foi o procedemento, que pasou e cal é o momento no cal estamos. Neste caso, todas as súas señorías saben que no Debate do estado da autonomía o presidente comprometeuse a recoller as achegas da sociedade galega, Así o fixemos. Na elaboración do Plan estratéxico participaron 600 persoas, e tamén nos comprometemos a que os grupos políticos desta Cámara participaran. Creamos un grupo de traballo, e este grupo de traballo tivo unha serie de reunións; algúns encontros incluso foron aprazados por petición dos grupos da oposición porque estabamos en campaña electoral. Tivemos varios encontros.

No primeiro, presentáronse as ideas. Estabamos falando —insisto— dun plan estratéxico que define as liñas xerais, neste caso, de todo o proxecto. Nunha segunda reunión planteamos o procedemento para a elaboración e a recollida de achegas pola súa parte. Demos un tempo razoable, un mes, para que vostedes puideran facer as súas aportacións. E xa nunha terceira, a nosa intención era plantexarlles e ensinalles a vostedes que achegas foran incorporadas ao Plan estratéxico, pero a esa reunión vostedes non acudiron. Recorrendo ao símil educativo, queren aprobar o exame sen presentarse á avaliación. Se queren aprobar, tan sequera preséntense. A verdade é que vostedes fixeron unha quedada preventiva e non quixeron participar, non quixeron saber que aspectos das súas aportacións se incorporaban ao plan.

A verdade é que o balance das súas achegas estratéxicas tivo unha boa aceptación, é unha pena que fixesen un non preventivo. Dígoo porque ao grupo que participou, ao Partido Popular de Galicia, incorporáronse as súas achegas ao cen por cento, eran razoables. E é unha sorpresa. Como tamén é unha sorpresa que incorporáramos o cen por cento das achegas do PSOE, tamén é unha sorpresa. O cen por cento das achegas do PSOE, feitas con sensatez —hai que dicilo—, foron incorporadas, porque se falaba dos grandes eixes: falábase da descentralización, da sustentabilidade, do talento local, da cultura propia... Todas estas cuestións incorporáronse. Ás veces parece que á outra parte do PSOE non lle gusta, non lle gusta que se colabore e que se traballe cun PSOE máis sensato.

Do Bloque, curiosamente, diferimos en moitísimas cuestións, a verdade é que vostedes teñen unha visión ideolóxica que contamina toda a súa acción política dun xeito absolutamente





radical. Eu creo que compartimos o impacto beneficioso que ten o Xacobeo en Galicia. Obviamente, aquelas cuestións dun perfil ideolóxico moi marcado, moi claro, incluso moi destruínte, non as incorporamos, pero, con todo, incorporamos practicamente o 70 % das súas achegas.

E fíxense, falábnos vostedes de diversificar, e está recollido no Plan estratéxico. Fálannos de desestacionalizar, de internacionalización, de dar ferramentas de financiamento específicas ás pemes do Camiño. Hai moi pouco tempo firmamos unha liña de créditos brandos, de financiamento preferencial, cunha entidade financeira, cunha enorme cantidade de diñeiro posto á disposición dos emprendedores do Camiño.

Vostede falaba do orgullo dos galegos, do territorio, do patrimonio cultural... e todos eses principios están recollidos no Plan estratéxico. Lamento ese non preventivo.

Respecto da Marea, era máis difícil, era bastante máis difícil. Non sei se agora é do Grupo Común de Esquerdas ou o Grupo Mixto, antes chamado Grupo de En Marea, como aquel cantante de Indianápolis. Non sabemos a que grupo se corresponde, pero, en todo caso, as súas aportacións, señorías, eran bastante pouco sólidas, porque nos falaron, e o repetiron, da rehabilitación, da mina de Touro e cousas polo estilo, que realmente non tiñan ningún encaixe. Co cal, teño que dicir en conclusión que o Partido Popular e o Partido Socialista cumpriron os seus deberes, fixéronos ben. Un compareceu ao exame, outro non compareceu ao exame. O Bloque estudou, pero só estudou, esqueceulle estudar o último día, a véspera do exame, e non acudiu ao exame, perdeuno. E En Marea eu creo que se despreocuparon absolutamente de todo e plantexaron aquelas cuestións que naquel momento a este grupo, ao Grupo Mixto ou ao Grupo Común de Esquerdas, a un dos dous, lle parecían de interese.

Outra cuestión que tamén plantexa e da que falan os grupos, a maior parte dos grupos parlamentarios, é da importancia que lle damos ao Xacobeo. Efectivamente, dende este Goberno dámoslle moita importancia ao Xacobeo, sempre lla demos. O Partido Popular sempre lle deu unha gran importancia ao Xacobeo porque é consciente, igual que a inmensa maioría de Galicia, da incidencia e do impacto positivo que ten na economía, no emprego, na proxección, na dinamización de territorios rurais, que, se non fora polo efecto do Camiño, estarían nunha situación absolutamente preocupante. Vaian vostedes a moitísimos concellos do país, do interior, despoboados, a aqueles aos que vostedes van moi pouco, e pregunten sobre a importancia e a incidencia do Camiño de Santiago.

Vostedes din que non minusvaloran ou non teñen connotacións pexorativas polo Camiño, pero se un ve as declaracións mediáticas dalgúns dos seus líderes, realmente vemos que falan de monocultivo, de varita máxica, ou o valoran de xeito escaso, e equivócanse, porque o Xacobeo non é do Partido Popular, o Xacobeo é de Galicia, é dos galegos.

E falando dos traballos que se están realizando, señora Burgo, con todo o cariño, vostede di que estamos atrasados. O actual líder do Partido Socialista un día díxonos que estivésemos quietos, que non fixésemos nada, non vaia ser que non se gobernase. ¡Home! Eu entendo que os desexos do señor Gonzalo Caballero sexan que non governe o Partido Popular, igual que os nosos son que non governe, neste caso, o Partido Socialista. Pero aquí hai unha con-



tradición evidente. O señor Caballero dixo en declaracións aos medios que estivésemos quietos, que non fixésemos nada, non fora ser que traballásemos en balde. Pois mire, nós imos intentar traballar o mellor que sabemos e o mellor que podemos, planificando, executando, ordenando e organizando a celebración do Xacobeo. (*Aplausos.*) Estámolo facendo. Porque neste asunto, se hai algún asunto importante no que sexa necesario estar coas luces longas, é neste.

Imaxínese o que pasou hai algún anos, que xa sei que a vostede non lle gusta que se lle repita. No ano 2009, o actual Goberno, co presidente Feijóo, e naquel momento o conselleiro Roberto Varela, chegan á Xunta de Galicia no verán, despois das eleccións e da formación do Goberno, e atópanse con que non existe absolutamente nada programado, nada organizado. Nós temos responsabilidade e traballaremos ata o último día para planificar, ordenar e coordinar un evento que entendemos que é transcendental para Galicia. E aí é onde se ven as diferentes políticas: os que só pensan na política curtopracista, nas eleccións, en gañar as eleccións dicindo con soberbia «usted no haga nada, que no va a hacer nada» e os que pensan no país. E nós pensamos no país e pensamos na xente de Galicia.

Nós contamos gañar as eleccións, sen dúbida ningunha, para iso estamos, pero no caso hipotético de que se perdan, o Goberno que entre terá encima da mesa, nun despacho, toda a programación, patrocinios xestionados, a ordenación de todos os eventos, plans de todo tipo, de sinalización, de promoción, liñas de financiamento para os emprendedores... Todo iso vaino ter enriba da mesa, e aí terá dúas opcións: tiralo, non facerlle caso e empezar de cero, ou ser coherente e facelo. E estou seguro de que será a segunda parte. Non creo que cheguemos a ese escenario, pero seguramente será a segunda parte, co cal hai que ter neste asunto unhas luces longas e non utilizar un indicador dicindo: estean vostedes quietos, non fagan nada porque vai haber eleccións. ¡Oia! se por iso fose, se os tempos de xestión só estiven asociados aos momentos electorais, realmente fariamos toda unha política moi cativa, unha política curtopracista. E para que un país avance, para que un país teña desenvolvemento, ten que haber unha visión longa como a que plantexan neste caso o Partido Popular e o Goberno da Xunta de Galicia respecto do Xacobeo.

E entrando xa en cuestións concretas, no Grupo Mixto, o señor Casal, nun ton francamente despectivo, utilizou sempre a palabra folleto, constantemente, e, certamente, é un pouco frustrante ter que explicar o evidente e, sobre todo, ter que explicar o que está escrito.

Vostede di que non hai obxectivos, que non hai orzamento, que non hai impacto, que non hai metodoloxía... ¡Home!, vostede dixo que non había datos. Na páxina 93 está o PIB, o emprego e a incidencia económica. Eu non sei que documento puido ler vostede, porque nesa páxina en concreto están os obxectivos, a capacidade económica que se prevé mobilizar por parte da Xunta de Galicia, e todo o que está dalgún modo vencellado ao impacto, aos obxectivos e aos resultados que se pretenden.

Vostede confunde obxectivos, diagnose, datos da enquisa... Que o noventa e nove e algo por cento dos peregrinos diga que é unha experiencia absolutamente recomendable e satisfactoria non é un obxectivo, é un dato que se extraeu da diagnose dunha enquisa. Pero, claro, se vostede di que ese é un obxectivo e o inventa, pois mesturamos todo e non saímos adiante.



Porque unha cousa é un plan estratéxico, que ten unha metodoloxía, que ten uns plantexamentos, que ten unhas funcións, e outra cousa é un plan operativo, outra cousa é un programa de acción específico. Unha cousa é o Plan estratéxico e outra cousa é o Plan de embelecemento do Camiño de Santiago ou o Plan de sinalización dos camiños. Son cousas absolutamente diferentes e non as podemos mesturar.

Hai cuestións que hai que ter claras, por exemplo, e xa o dixen aquí, o Camiño de inverno. O Camiño de inverno, que por certo foi impulsado por este goberno no ano 2016 coa aprobación da nova Lei de patrimonio cultural, vai ter un plan de sinalización conforme ao Plan director do Camiño de Santiago, ese plan que vostedes din que é propaganda, que é fume etc. Pois ese plan posibilitou investir 12 millóns en sinalización, posibilitou que este ano na vía da Prata se invistan 3 millóns de euros, e posibilitará que o ano que vén, no ano 2020, no Camiño de inverno, nos catorce concellos das provincias de Ourense, Lugo e Pontevedra, se acometa unha sinalización para mellorar esta ruta, que, por certo, é unha ruta fantástica.

No tocante ao BNG, creo que a señora portavoz foi moi suave en toda a súa exposición. É certo que o BNG se mantivo de espaldas en xeral, ante o feito Xacobeo, pola connotación relixiosa que para vostedes contamina toda a acción. Dicar que non temos modelo neste ámbito é un simple sarcasmo, sobre todo vendo os seus precedentes e, sobre todo, vendo os seus comentarios, as súas declaracións e os cualificativos que lle aportan ao Xacobeo.

Mire, promesas sen cumprir. Das cuestións que se plantexaron, só hai unha promesa sen cumprir, que é a promesa do Goberno do Estado de apoiar e financiar o Plan de BIC.

O Plan de sinalización, o Plan de albergues, o Plan de acondicionamento, o Plan de embelecemento, está todo en marcha. O único que non está en marcha é o Plan de BIC, que é unha promesa do Goberno de Madrid que ata o momento non coñecemos. E vostede di que o Plan director do Camiño non existe, e acábolle de demostrar para que serve o Plan director, para xeneralizar dun xeito progresivo a execución.

Certamente, ao final da súa exposición, pese a ser suave nos seus inicios, saíu a vena ideolóxica, a profunda vena ideolóxica, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e comeza falando de que a ministra do Goberno de España non falou con nós. É que veu sen avisar. Eu creo que a vostede non a avisaron, a nós tampouco nos avisaron, como vostede ben sabe. Entón, non podemos falar con quen non nos avisa.

Certamente, como lle dixen ao principio, non se pode illar o Xacobeo dun feito baseado na tradición cristiá, no humanismo cristián. Eu creo que o único que non lle gusta ao Bloque do Xacobeo e do Camiño de Santiago é esta cuestión, pero esa é a nosa historia, é a historia de Galicia, é a historia do noso pobo, gústenos ou non nos guste, (*Aplausos.*) e, por suposto, creo que ningunear como se fai o efecto do Xacobeo e do Camiño de Santiago nas localidades por onde pasa é ter un profundo descoñecemento do país.

Eu invítoa a que vaia a calquera das localidades por onde transcorre o Camiño, fundamentalmente aquelas onde está o Camiño máis consolidado. É obvio que o Camiño francés ten máis potencia que outros camiños porque é o máis tradicional, é o máis importante. Pero



vaia a Sarria, a Portomarín, ao Pino, aos concellos..., onde queira, e pregunte se o Camiño ten incidencia ou non na vida cotiá, na economía, no emprego etc.

Respecto ao Grupo Común da Esquerda, antes En Marea, plantexan unha disociación entre o Xacobeo e a cultura, como se unha cousa fose a acción cultural ou a cultura e outra cousa fose o Xacobeo. Son cuestións absolutamente imbricadas. O Xacobeo, o Camiño, é un feito cultural, e é un elemento que promociona, que potencia, que proxecta a nosa acción cultural, unha plataforma ou pantalla de presentación enorme no mundo, e estámola facendo, estase facendo.

Nós prevemos no Plan estratéxico que haxa unha creación de emprego importantísima, arredor de 11.500 empregos, que non é unha cuestión nada menor, e un aumento do PIB moi significativo neste ciclo, preto dun punto. Como dicía a deputada do Partido Popular, parte deste incremento consolídase nos anos seguintes, como así se fixo, e dío unha institución tan solvente como o centro de estudos do BBVA, o cal é unha oportunidade moi potente, moi importante, para o conxunto de Galicia e temos a responsabilidade de aproveitala.

Vostede fala da mina de Touro, fala dunha serie de cuestións e plantexa as intervencións físicas. Todas as intervencións físicas que se fan no Camiño teñen dous filtros. Un, unha serie de criterios que están nunha guía de boas prácticas no tocante a materiais, no tocante a tipoloxía de mobiliario urbano, no tocante ás formas de intervención etc., que os proxectistas e os executores, sexan municipais, sexan concellos, comunidades autónomas ou deputacións, deberían seguir e seguen. Por encima hai un informe da Dirección Xeral de Patrimonio, un informe técnico, que está feito —pódollo asegurar— con criterios moi estritos e que se aproba nunha comisión na cal están integrados non só a Administración, senón tamén diferentes axentes privados e persoas relevantes e con prestixio. Co cal, cuestionar se se fai fóra dos cauces, é posible, eu non sei se a foto que fixo vostede a fixo un concello ou non, ou se se fixo fóra dos cauces ou con permiso ou non, pero no que fai e no que temos control a Xunta de Galicia asegúrolle que o tratamento e a infraestrutura física é absolutamente respectuosa co contorno e coa tradición do Camiño, e non podería ser doutra maneira.

E xa por último, pregunta para que. Eu creo que é evidente. ¿Para que facemos o que estamos facendo? Por unha sencilla razón, o Xacobeo non só é unha fonte de orgullo —que o é— do país, non só é unha parte da esencia cultural de Galicia —que o é, sen ningún tipo de dúbida—, é tamén un elemento de riqueza para Galicia, para os galegos e para o conxunto do territorio, e fundamentalmente para os concellos rurais, para moitos concellos rurais onde, por desgraza, un dos poucos elementos de dinamización económica é a existencia do propio Camiño, co cal estamos ante un elemento que descentraliza estímulos de desenvolvemento no conxunto do país, que nos proxecta como país fóra de Galicia e fóra de España.

Hai poucos elementos que teñan a capacidade de comunicación que ten o Camiño de Santiago; pense vostede que hai peregrinos de preto de 180 países. Hai un coñecemento internacional enorme do Camiño. E, sobre todo, algo do que debemos estar orgullosos como país é da potenciación, do coidado, do mimo e do respecto que Galicia e os galegos lle temos ao Camiño de Santiago e lle temos ao Xacobeo, porque é un elemento fundamental para a nosa



identidade. Non podemos entender Galicia sen entender o Camiño de Santiago. Historicamente, culturalmente, socialmente, economicamente é moi difícil poder entendelo.

E xa por último, o Partido Socialista. Como xa dixen, hai dúas formas de entender a política: a do curto prazo, a das luces curtas, e a das luces longas e con visión de futuro, que, obviamente, está nesta bancada, visto o visto.

Sorpréndese a señora deputada de que haxa unha coherencia na acción do Goberno. Este plan estratéxico non é un plan estratéxico único e exclusivamente da Consellería de Cultura, aquí estamos reflectidas e representadas todas as consellerías da Xunta de Galicia. É un plan de Goberno da Xunta de Galicia. Por suposto, a Consellería de Cultura ten que coordinar e ten unha parte importante, pero Infraestruturas ten un papel fundamental, Sanidade ten un papel fundamental, Presidencia ten un papel fundamental.

Estráñase —é sorprendente— de que haxa unha coherencia na acción do Goberno. Por certo, nós presentamos, o presidente Feijóo presentou, o que vostede denomina slogan, campaña, nun acto na Administración autonómica, ante os directivos —entre os que eu me encontro—, para impulsar a acción de goberno. Vostede a iso chámalle electoralismo, partidismo. Sendo vostede do PSOE, señora Burgo, ¿como lle pode chamar á acción actual do Goberno de España e do presidente Sánchez? ¿Como lle pode chamar a iso? É realmente sorprendente e atrevido poder chegar a facer comparativas e conclusións que vostede dixo *tráxicas*, vostede utilizou a palabra *tráxica*. Se hai unha cousa tráxica neste país, en España, en Galicia e en todas as comunidades autónomas, é a acción do Goberno do Partido Socialista no Goberno de España. (*Aplausos.*) ¡Iso si que é absolutamente tráxico, polas enormes connotacións que ten!

Vostede empeza a dicir que nós apostamos todo ao Xacobeo. Non, mire, non, non me escoltou. Eu xa dixen que para nós ten un papel importantísimo o Xacobeo, pero somos conscientes e temos proxecto e políticas en diferentes ámbitos, en política social, en política económica, en política educativa, que están funcionando absolutamente á marxe do Xacobeo, non podía ser doutra maneira. Nós non queremos crear unha cortina de fume. Ao revés, nós queremos potenciar e que o Xacobeo non sexa unha cultura de fume, senón que sexa unha luz que ilumina a Galicia dentro e fóra, e iso é algo que, certamente, coa súa visión, coa visión que ten neste caso o Partido Socialista, é moi difícil de contradicir.

Vostedes ao final plantexan que é unha visión case de abandono. Está todo mal, dixo vostede. Pero claro, ese plantexamento, este discurso, cae poñendo encima da mesa un só dato, e o único dato que fai caer toda a súa argumentación é o que nos din os peregrinos. ¿E que nos din os peregrinos? Practicamente o cen por cento, o 98,7 % dos peregrinos recomentan facer o Camiño e din que é unha experiencia única. Se fora como vostede di, que practicamente era algo parecido a Vietnam, realmente os peregrinos —insisto, a inmensa maioría deles internacionais, un 65 %— diríannos outra cousa. Co cal, realmente, as evidencias e os datos empíricos, ao final, desmontan moi facilmente algúns discursos.

Xa para rematar, e con independencia do dito, eu quero dar as grazas aos grupos da oposición. Primeiro, por ter participado no proxecto que se puxo en marcha a través dos grupos de traballo, aínda que despois non compareceran ao exame. E ao final tamén, en certa me-



didá, porque nesta comparecencia retratáronse como ven, como interpretan, a importancia que lle dan ao Camiño, que lle dan ao Xacobeo, e, afortunadamente —como soe ocorrer—, os galegos tomarán nota.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Rolda especial de aclaracións. (*Pausa.*)

Grupo Parlamentario Mixto, señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Señor conselleiro, a verdade, prefiro pensar que non me escoitaba vostede, porque sería moi insultante que dixera que eu confundo datos con obxectivos. Este deputado ten as súas limitacións, pero confundir un dato cun obxectivo, de momento... (*O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non dixen iso. Dixen que había que utilizar os datos para configurar os obxectivos, que é un pouco diferente. Evidentemente, para configurar un obxectivo hai que saber os datos de partida, iso si que o dixen. Ao mellor é que vostede non sabe como é. E non me quero alterar máis do que merece ese insulto que me lanzou.

Eu non dixen iso, eu dixen que se o 97,86 % dos peregrinos saen cunha idea moi positiva do Camiño, había que aproveitar ese dato para conseguir o obxectivo de que eses señores foran prescritores de Galicia; e iso é bastante diferente, parece ser, do que vostede interpretou.

Despois de escoitalo, agora xa si o teño claro, vostede non sabe o que é un plan estratéxico. Podemos mirar na RAE. ¿Que é un plan estratéxico?: «Unha ferramenta básica de mellora para calquera iniciativa, negocio, institución ou goberno. A través deste documento, exprésanse os obxectivos que se desexan alcanzar a medio ou longo prazo e detállase o modo no que se van conseguir». Pois neste documento non se detallan obxectivos, porque me dixon vostede que na páxina 93 estaban os obxectivos, ¡pero o documento que nos enviou ten 92 páxinas! (*O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.*) Pois non sei onde está o resto do documento, é o que temos todas as persoas deste Parlamento enviado pola Cámara. Acabo de revisalo porque me estrañou, porque eu non vira nada do PIB nin de nada... Ten 92 páxinas, ao mellor a 93 caeu polo camiño.

E reitérome, non hai obxectivos concretos, non hai forma de chegar a eses obxectivos, non hai desagregamento. As partidas orzamentarias son simplemente media páxina, totalmente englobadas; 24,7 millóns tanto no ano 2020, 2021 e 2022. ¿Para que? ¿En que liña de acción? ¿Canto se vai investir en cada cousa? ¿De que maneira imos facer un seguimento e un control deste teórico plan estratéxico? ¿Como imos poder avaliar se no 2020 está o 20 % do obxectivo 1 cumprido? ¿Cal é o obxectivo 1? ¿Cal é o obxectivo 34? No documento en ningún momento está reflectido, todo son declaracións de intencións, falar do bonito que debería ser o Xacobeo, do importante que vai ser. Pero importante, ¿por que?, ¿para que? ¿Como vai afectar á industria turística? ¿Como vai afectar, concretamente, á industria agroalimentaria, por exemplo, que debería de afectar de maneira moi importante? ¿De que maneira? ¿Canto se



vai incrementar a venda de queixo de Arzúa grazas ao Xacobeo? E non me diga que isto non se pode concretar. Ese sería un obxectivo dun plan estratéxico: falar coas persoas das zonas polas que van pasar centos de miles de prescritores e que expectativas teñen de que iso beneficie a súa economía. Iso debería de ser un plan estratéxico, pero parece que vostede non ten claro o que é un plan estratéxico ou nin sequera quixeron neste documento plantexar obxectivos concretos para que a oposición puidera facer un seguimento e un control de se de verdade están avanzando nos obxectivos ou non. Parece que é esa a idea, simplemente sacar un folleto; porque é verdade, jé un folleto moi ben editado pero que non concreta nada!

E despois di vostede que temos prevencións ideolóxicas. Aquí tamén confunde sentimentos relixiosos con posicionamentos ideolóxicos. Nós non temos ningunha prevención sobre sentimentos relixiosos de ningunha maneira, e respectámoslos totalmente, pero si temos posicionamentos ideolóxicos e de formas de goberno que, de verdade, é evidente que non coinciden coas súas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, ao final non me quedou claro se me pasei de suave, de radical, de destruínte... non me quedou moi claro. En todo caso, nós desde o BNG sempre insistimos: pódese ser moi contundente e con educación. Perdemos os nervios ás veces, como todo o mundo, pero gústanos a educación e o respecto, e tamén a seriedade. Por iso, o primeiro que vou facer é deixarlle ao señor presidente dúas cuestións. Primeiro, as achegas satánicas e destruíntes que deixou o Bloque Nacionalista Galego, onde se piden cousas tan disparatadas como calendarizar e demais, para que poida comprobar que en ningún momento se propuña un *gulag* nin ningunha cuestión polo estilo. (*Aplausos.*) E tamén o documento que os grupos rexistramos polas canles oficiais deste Parlamento cando, segundo vostede, fixemos iso que é non ir ao exame. Ao final, nós deixarémolo, quizais, en que non debemos ter tan boa vontade e non debemos matricularnos nesa aventura á que vostedes nos convidaron, senón insistir en que se respectaran os mecanismos oficiais. Así estaría todo gravado, con luces e taquígrafos, e polo menos podería quedar para a historia; como está para a historia, para quen o queira comprobar, que é unha falsidade ese relato que construíron respecto do Bipartito.

Pero vostedes funcionan así, están obsesionados. Non pasa nada. Cando queiran, creen unha comisión de investigación sobre o Xacobeo e o Bipartito e debatemos aquí o que quedaba orientado e o que non. Porque xa sabemos que vostedes son moi de cando ven que igual poden perder un goberno, deixar —como facía Fraga— eses contratos coa concertada e coa privada. Pero outros temos outra forma de pasar polas institucións. En todo caso, cando queiran, abrimos ese filón. Sobre todo pola señora Antón, que vexo que ten unha especial obsesión. Igual é cargo de conciencia porque vostede, que tivo ocupacións no Xacobeo e na organización interna de Turismo deste país, non quedou coa conciencia tranquila do que



fixo alí —non o sei—. Pero se pensa que non fixo o traballo adecuado, está a tempo de emendar. *(Aplausos.)*

En todo caso, tamén teñen organismos oficiais. Agora que no CES teñen a un colega do Partido Popular de Santiago, a ver se len un pouco os retos que propón e que tamén recolleemos nas nosas propostas respecto do Camiño de Santiago e deixan de acudir tanto ao BBVA. En todo caso, para *fake news* si que está o Goberno do Partido Popular e a súa publicidade e propaganda.

Señor Rodríguez, volvendo xa con vostede, ¡home!, que nos falen vostedes a nós de visión limitada respecto do Xacobeo, cando son vostedes os que se obcecan exclusivamente coa visión relixiosa, é case de xulgado de garda. *(Aplausos.)*

Señor Román Rodríguez, nós non temos ningún problema con que se estude, se difunda, se investigue, se vexa a vertente relixiosa das orixes do Camiño de Santiago, ¡por suposto que non! Co que temos problema é con que se destinen orzamentos públicos exclusivamente para o monocultivo da visión exclusivamente católica do Camiño de Santiago, ¡por suposto que si! Se a Igrexa católica perde adeptos e se o Camiño de Santiago ten cada vez unha visión máis laica, será problema da Igrexa católica se quere destinar os cartos que aforra en non pagar o IBI para iso; pero, desde logo, non das administracións públicas. *(Aplausos.)* E sexan vostedes conscientes tamén da súa propia incoherencia ideolóxica, porque foron vostedes os que catapultaron o Camiño de Santiago como un produto exclusivamente turístico, e agora quéixanse e teñen medo de que, efectivamente, se vexa só como algo turístico. Esas son as incoherencias da súa ideoloxía, non da nosa.

En todo caso —insistimos—, por suposto que discrepamos desa visión monocolor do catolicismo e discrepamos tamén desa visión de que agora sexa o Camiño de Santiago o que vaia solucionar os problemas de fidelidade do europeísmo. E ao que me refería coa cuestión da señora ministra —que vostede terxiversou— era que non nos parece aceptable que veña aquí un señor do Goberno central, que podía ser perfectamente do Partido Popular, para dicirnos que o Camiño de Santiago vai ser clave na marca España, e que ao Goberno do Partido Popular, como está preso do seu centralismo, non se lle ocorra dicir: ¡Oian, aquí temos un produto diferenciado!, ¡aquí temos un sinal da nosa identidade! A iso nos referimos nós, non a impoñer ningunha outra lectura.

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** E remato negando a maior, señor Román. Pese ao lío que se fixo vostede aí con se eramos destrutivos, construtivos, se estaban fatal as achegas pero incorporaban unha parte etc., maioritariamente nós non nos sentimos representados por este plan, por exemplos moi concretos. Comentábo na intervención anterior.

Inspección. Nós evidenciamos que hai unha debilidade da inspección, pero aínda non nos explicou como van reforzar outras cuestións. Por suposto, todos falamos da necesidade de desestacionalizar, pero son vostedes os que teñen que definir unha folla de ruta que aquí non aparece definida.





E así con moitísimas máis cuestións, como, por exemplo, a protección cultural. ¿Vostede, de verdade, pode vir a este Parlamento satisfeito porque traen un pseudoplan que di que van intervir en trinta bens de interese cultural, en trinta...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...con todos os deberes que teñen por facer nesa cuestión? Desde logo que non é asumible.

En todo caso, teña por seguro que non volveremos cometer ese erro de ir a estes grupos absurdos de traballo sen luz e taquígrafos, pero lamento comunicarlle que nos seguirá tendo aí facendo propostas, facendo oposición, facendo fiscalización, porque é o noso traballo e nós...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...non imos renunciar a facelo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Común da Esquerda, señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Aquí dixéronse cousas fóra de lugar. Se alguén di que un deputado ou deputada mente, o lóxico é que argumente, porque, se non, o que demostra é moita ignorancia e moita agresividade, e non vén a conto.

Nós reafirmámonos en que o problema non é o turismo, é o modelo. Temos modelos diferentes. Señor conselleiro, isto que digo dos insultos vai referido á señora María Antón Vila-sánchez. Non adico nin medio minuto máis porque o insulto sen xustificación non o recibo, non o recibo.

O que si é importante é manter as nosas argumentacións, son absolutamente pertinentes. Estamos sendo proactivas cando dicimos que apoiamos un turismo sostible, sostible de verdade. E hai moitas directrices que aí non están recollidas e que deberan atender. Medidas para cumprir os obxectivos.

A protección do patrimonio é unha prioridade absoluta. Derrogar a lei dos tres erres ten todo que ver para a preservación do patrimonio. Non se entende como houbo censura. E que está en perigo non o dicimos nós, dino expertos, estamos perfectamente documentadas. As políticas de protección da nosa riqueza paisaxística, cultural, patrimonial, son responsabilidade deste goberno. Cre o ladrón que todos son da súa condición. O ataque... Nós o que estamos pedindo é a defensa da integridade, da autenticidade, de todos os itinerarios. Vostedes non só desprezan os informes de Icomos nas barbaridades do Camiño que vostede parece desconocer: que se empregue formigón na pavimentación, que se cambie o modelo, que se fagan



pistas forestais en camiños milenarios. Os turistas de Taiwán, ou de onde veñan, que claro que máis do 60 % son estranxeiros, non veñen para pisar cemento, e isto deturpa o espírito e a esencia do Camiño.

Entón nós dicimos, De la Serna di: «O tumulto é un vulto que lles sae ás veces ás masas». A masificación é un problema, e iso pode xerar turismofobia. O máis non é sempre o mellor. Dosificar. Nós si estamos convencidas de que o turismo pode ser un ben para este país, tanto para o rural como para moitos sectores económicos, pero discrepamos en que o principal sexa a rendibilidade comercial, económica e favorecer as súas empresas. Cando lles pedimos explicacións, que pasa co IVE na cuestión dos albergues, non contesta. E cando lles dicirmos que os eólicos tamén atentan contra os camiños, é unha realidade. E podemos citar moitas cuestións.

Cando vostede di que hai unha sinerxia entre turismo e cultura, O son do Camiño, ao que fixo referencia antes, aquí viñemos os tres grupos da oposición a cuestionar a xestión opaca. O son do Camiño son case cinco millóns de euros en dous anos. Cinco millóns de euros un festival que, en comparativa co resto de todos os festivais do Estado da mesma categoría, é o máis financiado e o que ten menos retorno. Hai un informe, é público e pode lelo. ¿E contra que atenta? Esa cantidade é equivalente a vinte anos de todos os festivais de son e de artes escénicas de Galicia. Veña aquí e dígame que hai unha sinerxia e que a cultura está á par.

O Xacobeo está aquí en grande, e tanto a lingua como a cultura están desprotexidas e a súa implicación é mínima. Vostede fala...

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**A señora CUÑA BÓVEDA:**...de nós gordianos sempre que lle pedimos demandas culturais. Mire, chame a Carlomagno a ver se desata o nó gordiano, pero non nos venda ningunha moto de que hai equiparación.

Nós cremos que o Xacobeo, ben xestionado, é moi favorable para a nosa economía, para o rural e para toda a cidadanía, ¡pero ben xestionado! (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Burgo.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, sinto darlle a mala noticia de que a súa consideración de que o Goberno de Pedro Sánchez é unha traxedia non está compartida polo resto dos españois, ¡eh! (*Aplausos.*) Porque, mire, resulta que o PSOE ten sete millóns e medio de votos e 123 escaños e o PP catro millóns trescentos mil votos e 66 escaños. Polo tanto, esta consideración sobre o Goberno do PSOE parece que non é a que vostede di. Iso si, queda claro con 66 escaños que os españois consideraron que o Goberno do PP si que era unha traxedia, o mesmo que está pasando neste país. (*Aplausos.*)



Alégrame que me aprobe, dígollo de verdade; espero que valore cun sobresaínte como mínimo, ¿non?, porque non imos quedar aquí cun aprobadillo de nada, dado que vostede e máis eu coñecémonos dende hai moito tempo, espero que sexa un sobresaínte. Pero teño que dicirlle que non é certo que vostede incluíse as nosas consideracións, que lle agradezo que valore. ¿Onde está o Plan de turismo especial para o desenvolvemento do Xacobeo pero no propio Xacobeo, non un plan turístico normal? ¡Non está! ¿Onde está un plan que nós propoñiamos? ¿Onde está un plan cultural, consensuado co sector, pero co sector íntegro, cos sectores culturais e cos creadores, coa universidade, cos programadores, coas empresas culturais? ¿Onde está? ¡Tampouco está! Como iso, podía dicirlle moitas cousas.

Mire, o problema non é o que vostede escribe. O que trae aquí escrito, quero dicir, vostede e os seus colaboradores. Non está no que escribe. O que escribe está moi ben porque o papel o soporta todo. O problema está nos feitos, señor conselleiro, e no pouco que demostran. ¿Cal é o modelo cultural deste Xacobeo? ¿O son do Camiño, con 3 millóns por concerto? ¿É ese? (*Murmurios.*) Pode vostede defendelo, ¡eh!, paréceme ben que o defenda, pero diga claramente cal. Se van ser sempre os grandes eventos, teñan ou non importancia, ou imos ir por algo que realmente impulse as nosas empresas culturais.

Outro exemplo de mala práctica, dende o meu punto de vista. A ver se así non distorsiona as miñas palabras e me entende.

Investigación e divulgación, estou totalmente de acordo, ¡só faltaría!, estou totalmente de acordo. Co que non estou de acordo é coa mala práctica do fasto este de que vostede dedique, a Axencia de Turismo de Galicia, 210.000 euros para un estudo sobre a catedral que lle vai dar á propia catedral para que faga e publique ese estudo. Non estou de acordo, señor conselleiro. Porque mire, vostede sabe perfectamente, igual ca min, que 210.000 euros son dez anos de axudas públicas a un grupo de investigación de humanidades que lle dá a Xunta. Dez anos de investigación dun grupo de elite (*Aplausos.*) apóiao igual a Xunta que un libro que vai facer a catedral. Sen ningunha revisión, por certo, de calidade sobre isto. ¿A vostede parécelle normal como universitario, como profesor universitario que é, que poida haber un libro que custe 210.000 euros? ¡Dez anos de investigación! Por favor, señor conselleiro, ¡eu creo que hai que ser un pouco máis serio con isto!

Quero dicirlle tamén, para que non acuse tan só á señora Presas de ideoloxizada, que nós defendemos tamén un xacobeo laico, un xacobeo, que non Ano Santo. O Ano Santo é un feito relixioso. O Xacobeo naceu cunha motivación laica, que non quere dicir que non teña valores éticos. Porque vostede sabe perfectamente ademais, cando fala de humanismo, que se hai algo que determina o movemento humanista do renacemento é asegurar que os valores éticos existen á marxe da relixión, e seguen existindo, señor conselleiro. Polo tanto, pode vostede facer un xacobeo de valores, paréceme moi ben, pero...

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**A señora BURGO LÓPEZ:** ...ten que ser de valores laicos.

Por certo, a vostede non lle ten que importar por que veñen aquí, soamente lle ten que importar unha cousa —e remato, señor presidente—, soamente ten que ter claro que vostede



si que ten que impedir que os peregrinos cheguen pensando que isto é un turismo barato, divertido, e que isto se converta nun parque temático. Iso é o que ten vostede que evitar. Logo, se vén para encontrarse a si mesmo, para convivir coa súa familia, para camiñar, iso non lle importa. Non pode defender vostede con diñeiro público a visión relixiosa do Xacobeo, porque ademais non naceu así.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Burgo.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Iso correspóndelle á igrexa. E poderíamos falar moito máis, pero, desgraciadamente, non podoo facelo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Antón Vilasánchez.

**A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ:** Grazas, presidente.

As miñas primeiras verbas son para escusarme coa señora Cuña, que a volvía situar dentro do Grupo de En Marea. Quería que o soubera.

Señor conselleiro, vostede dicía que o PEX recollía o cen por cento das achegas do Grupo Popular, e agradézolle esta inclusión porque subliñabamos a necesidade de deseñar actividades con vocación de futuro para xacobeos que van vir, porque o Xacobeo 2021 non pode ser algo efémero, ten que deixar, baixo a nosa opinión, pouso material e inmaterial. E con este PEX vemos precisamente que se cumpre esta idea que vostede tamén resaltaba na súa intervención, porque o Xacobeo 2021 abre un período de tres xacobeos de once anos, por iso este PEX representa a base, as liñas mestras e directrices para a organización dun xacobeo. E por iso tamén é tan importante que fagamos nós o Xacobeo como individuos, como galegas, que saibamos crear ese sentimento de orgullo e pertenza, e sacar do debate político o Camiño de Santiago. Pero xa vemos que aos grupos da oposición non lles interesa.

Á oposición gústalle negar as evidencias. O éxito do Camiño de Santiago é unha evidencia, e tamén é evidente que o impulsor e principal valedor desta ruta milenaria recoñecida en todo o mundo é o Partido Popular, non só porque foi o artífice da idea, senón porque as políticas implementadas polos diferentes gobernos populares desde 1993 contribuíron a este éxito. E créame, señora Presas, eu estou superorgullosa do meu traballo a favor de Galicia. O meu traballo é visible e evidente, o seu aínda está por ver. (*Aplausos.*)

Señora Presas, o conselleiro convidábaa a que coñecera algúns puntos do Camiño francés. Eu non, eu dígolle que vaia a Olveiroa, ao concello de Dumbría, un concello no que goberna o Partido Socialista dende hai longo tempo; un concello co que a Xunta de Galicia, dende hai longo tempo, soubo e foi capaz de crear as canles necesarias para colaborar a favor do Camiño de Santiago, e logo llo conta á señora Burgo, porque parece ser que a señora Burgo non sabe que os concellos e a Xunta no Camiño de Santiago veñen traballando dende o ano 1993, como proba a Mancomunidade do Camiño francés.



O descoñecemento da señora Burgo ás veces tórnase en ousadía, porque a señora Burgo pregunta: ¿Onde está a participación? ¿Onde está a participación do Goberno central?, engado eu. Si, señorías, o Partido Socialista, vostedes, desprezan o Camiño de Santiago, o Xacobeo. Xa o fixo o señor Zapatero negándose a reunir o Padroado do Consorcio da cidade de Santiago e ausentándose de toda a planificación e desenvolvemento do Xacobeo 2010. E agora estao a facer novamente o Goberno do señor Sánchez.

Para vostedes o Xacobeo é unha foto na praza do Obradoiro, como a da ministra Maroto e o señor Gonzalo Caballero a principios de agosto. A señora Maroto estivo en Galicia para insultar a intelixencia dos galegos e galegas, porque se de verdade quixera que o Goberno central do señor Sánchez e o seu ministerio aportaran maior presenza e maior participación no Xacobeo 2021 xa o poderían ter feito. Xa o dixo aquí o conselleiro, enriba da mesa do ministro de Cultura hai, desde outubro de 2018, un Plan de investimentos en BIC do Camiño, programado e presentado pola Xunta de Galicia, que espera unha resposta. Na lei de orzamentos de 2018 do Goberno do Partido Popular do señor Rajoy, vixente, que non é unha prórroga ante a incapacidade do señor Sánchez de aprobar uns novos orzamentos, hai unha disposición adicional para apoio ás actividades do Consorcio de Santiago vinculadas ao Ano Santo e á catedral de Santiago. É sinxelo: menos fotos e máis accións.

Non vou volver comentar as declaracións do señor Caballero pedindo freo. O freo dirano os galegos e as galegas nas urnas, non vostedes. Nós non nos conformamos co curtopracismo —como dicía o conselleiro— do señor Sánchez, e vostedes, se teñen algo de peso en Madrid, falen cos seus compañeiros, díganlles que esperamos propostas de financiamento para o Xacobeo, independentemente de quen governe aquí, porque ao Partido Popular o que lle interesa é Galicia, a vostedes non.

Señorías, teñen ocasión de mudar a súa actitude e colaborar con este extenso e amplo abano de accións cara ao Xacobeo 2021. Non fiamos todo ao Xacobeo, como xa o explicou o conselleiro, pero tampouco somos tan necios como para negar e non ver as oportunidades que nos brinda.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Antón Vilasánchez.

Peche da comparecencia, conselleiro de Cultura e Turismo.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que se o Camiño estivera tan mal como vostedes din, se a xestión do Camiño ou do Xacobeo fora tan mala como vostedes din, e tendo en conta que dende o ano 1999 a xestión do Camiño é unha competencia do Partido Popular, dos gobernos do Partido Popular, a verdade, eu preguntome por que ano tras ano aumenta o número de peregrinos; preguntome por que cada vez peregrinos de máis países do mundo veñen a Galicia; e preguntome por que cada vez é unha marca de maior prestixio. Se todo fose como vostedes din, estas preguntas non terían resposta, o que pasa é que as formulan mal e están equivocados.



Certamente, o Camiño está, hai que melloralo. Avanzouse moito e hai que seguir avanzando. Pero realmente é un elemento básico de orgullo. Creo que en xeral para todos os galegos é algo do que debemos estar absolutamente orgullosos. (*Aplausos.*)

Respecto ao seu segundo turno de intervención, practicamente no hai cuestións novidasas que dicir, tanto no Grupo Mixto, como no BNG, como no Grupo Común da Esquerda antes chamado En Marea. Certamente, quizais, as cuestións diferentes que se aportaron neste segundo turno foron feitas polo Partido Socialista, e eu, señora Burgo, con todo o respecto e cariño que sabe que lle teño, tamén lle vou dar outra mala noticia a vostede e ao seu grupo. A visión e a consideración que teñen respecto ao Goberno da Xunta de Galicia non é a que teñen os galegos, e por iso gañamos as eleccións, elección tras elección, co cal vostedes se refuxian agora no Goberno Sánchez, pero aplíquese o conto, aplíquese o conto (*Aplausos.*) da visión e da consideración que Galicia lle ten a este Goberno e á acción política do Partido Popular en Galicia.

Modelo cultural. Téñoos dito en moitas ocasións, temos que compaxinar grandes eventos que nos dean visibilidade fóra e que sirvan para lanzar unha mensaxe fóra, moi importante. Por exemplo, no Son do Camiño, en torno á metade das persoas que veñen son de fóra de Galicia. Iso é tremendamente importante para unha cidade, para un país e para un movemento cultural, e temos que combinar iso, que non é en nada excluínate, con potenciar a iniciativa social e a participación dos axentes culturais, das administracións, das asociacións, das federacións, e creo que o demostramos. Aí está O teu Xacobeo, 5 millóns de euros investidos este ano en máis de 350 proxectos. Ese é o noso modelo: participación, implicación de Galicia, dos axentes culturais e sociais galegos, pero tamén grandes eventos que proxecten a imaxe de Galicia no exterior. Obviamente, é moi difícil dissociar, eu ata penso que é absurdo intentar dissociar o Xacobeo do Ano santo, non ten sentido disocialo.

Agora ben, é certo que o feito do Xacobeo e o feito das peregrinacións non son exclusivamente relixiosas, pero negar a base cultural, o humanismo cristián que está detrás de todo este proxecto, é simple e llanamente absurdo.

Mire, en ningún momento se pode cualificar, porque a min me parece unha falta de consideración, os peregrinos de turismo barato ou de turismo divertido, en ningún caso. Sobre todo, tendo en conta que detrás de cada peregrino hai unha historia humana tremendamente emotiva, tremendamente emocional, tremendamente humana. En ningún caso se pode asociar peregrinos a turismo barato ou a turismo divertido, porque sería faltarlles ao respecto aos centos de miles de persoas que acometen unha acción tan dura e tan respectuosa como é facer o Camiño (*Aplausos.*)

E miren, xa para rematar, hoxe presentamos un plan estratéxico que xa se presentou antes do verán. Facémolo con moita previsión, un ano antes de que se abra a Porta santa, con moi-tísima previsión. Antes de fin de ano presentaremos a programación que desenvolve este plan estratéxico. Vostedes confunden ás veces a visión estratéxica coa visión concreta, que será presentada —como xa digo— a finais de ano.

Este foi un plan participativo, absolutamente participativo, participaron 600 persoas e institucións, creo que é un dato substancial, e abríuselles —como vostedes saben perfectamente



e se acaba de debater — a porta aos grupos parlamentarios para que aportasen as súas visións estratéxicas. Dá a sensación de que non lles gusta que algunhas foran asumidas, pero o certo e verdade é que perderon a oportunidade — como xa dixeron — de poñer unha boa nota no seu expediente. Non a puxeron, é unha lástima.

A verdade é que é un plan que, obviamente, segue vivo, está vivo. Concretarase a finais de ano, pero os esforzos en intentar explicar ao final case caen en saco roto. Vostedes lanzan un non preventivo a este plan, lanzan unhas críticas que tampouco son nada novas, neste caso os grupos de esquerda, ao Xacobeo e ao Ano Santo, son críticas que se levan oíndo dende o ano 1993. Se un repasa as declaracións en hemerotecas dos líderes do PSOE, do Bloque, daquela non había En Marea nin Grupo Común, nin Grupo Mixto, nin outros grupos, son sempre as mesmas, non hai innovación ningunha. ¿Cal é o bo? Que fronte a esas declaracións, que son constantes, o do monocultivo lévase dicindo xa dende o ano 1993, fronte a iso está a realidade dos feitos e, sobre todo, creo que o máis importante é o cariño que lle temos os galegos ao Camiño e ao Xacobeo. Creo que a inmensa, a inmensa, a inmensa maioría dos galegos estamos tremendamente orgullosos de ser o punto e o destino final dos camiños de Santiago, e creo que iso é algo que nolo gañamos a pulso todos os galegos todos os días. Creo que é algo que debemos de ter en consideración e que merecería un pouco menos de frivolidade.

Tamén hai unha contradición. Presentamos o Plan estratéxico, estamos presentando as programacións, levamos xa tempo facendo intervencións de todo tipo nos camiños, en promoción, en acondicionamento, en proxección, pero dá a sensación de que lles parece que estamos facendo demasiado, e case nos din que esteamos quietos. Chegáronnos a dicir que estivésemos quietos ata agardar polo proceso electoral do ano 2020. Se fixésemos pouco, se estivésemos quietos, a ver que dirían vostedes, habían estar dicindo que non estamos planificando nin executando nada, co cal hai unha contradición certamente significativa. Pero como xa dixeron na miña anterior intervención, nós temos un compromiso: nós queremos deixar un Xacobeo ben planificado, ben estruturado, ben ordenado ao remate da lexislatura, e estamos seguros de que esta folla de ruta vana seguir executando o Partido Popular, e, de non ser o caso, estou seguro de que vostedes, na súa inmensa maioría, tamén o farán. Pero, insisto, entendo que a vontade democrática dos galegos seguirá apoiando, neste caso, o Partido Popular.

Remato. Pídolles que teñan ambición de país, que non pensen só nos seus resultados electorais curtopracistas, que pensen no benestar dos galegos, no progreso, no orgullo que significa un Xacobeo e un Ano Santo, e sobre todo pensen tamén que Galicia non se entende sen o Camiño; non podemos entender unha parte significativa da nosa historia, do que somos e do que seremos, sen o Camiño.

Para nós, creo que para todos os galegos, é un enorme reto, é unha enorme oportunidade e, en certa medida, é un elemento fundamental para o noso presente, pero fundamental tamén para o noso futuro e tamén para o país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



### **Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria**

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Facemos unha modificación no desenvolvemento da sesión plenaria e pasamos ao punto 3, que é o de mocións.

### **Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre a política do Goberno galego en relación coa protección das persoas galegas usuarias de produtos financeiros**

**O señor PRESIDENTE:** Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Mixto e do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. Mixto, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de adición.*

*Deben engadirse dous novos puntos, co número 5 e 6, na parte resolutiva da proposta, co seguinte contido:*

*<<5.- Desenvolver, negociar coas entidades financeiras e publicitar un código de boas prácticas que garanta a aplicación efectiva da Orde Ministerial que regula aspectos específicos do Real Decreto-lei 19/2017 de contas de pago básicas.*

*6.- Desenvolver, negociar coas entidades financeiras e publicitar un código de boas prácticas que garanta a aplicación efectiva do Real Decreto Lei 164/2019, de 22 de marzo, polo que se establece un réxime gratuito de contas de pago básicas, en beneficio de persoas en situación de vulnerabilidade o con risco de exclusión financeira.>>)*

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Teresa Porrit Lueiro, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de modificación.*

*Proponse unha nova redacción para o punto 4 da parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:*

*<<4. Diseñar novas fórmulas de participación pública, reformulando os instrumentos de crédito e adoptando as medidas para que o aforro reverta en crédito e investimento no noso país.>>)*





**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

Coa dúbida aínda de se ao final as peregrinacións as inventou o Partido Popular ou tiñan catro séculos, ou se Fraga as inventou hai catro séculos, tócanos cambiar de tema.

No remate do anterior período de sesións, a finais de xullo, tiñamos unha interpelación ao Goberno galego sobre o estado do sistema financeiro do noso país, e máis concretamente sobre como iso afectaba aos galegos e galegas na órbita do consumo. Este, para nós, é un asunto fundamental, é algo que determina a nosa economía e que afecta de forma moi profunda as economías domésticas e tamén as empresariais, polo tanto, é unha cuestión que para nós é importante, aínda que só recibíramos entón, do Goberno galego, máis balóns fóra.

Nós insistimos, porque ademais, neste momento en concreto no que estamos a vivir unha ralentización da economía e no que xa pasaron dez anos desde que en 2008 e 2009 estourara esa burbulla financeira, pensamos que é o momento de mirar atrás e de ver como nos foi e onde nos levou a xestión do Partido Popular, especialmente a do señor Núñez Feijóo, á fronte da Xunta de Galiza. Pero tamén mirar para adiante, non só cara onde está indo a tendencia, senón cara onde queremos que vaia e como podemos intervir, toda vez que se viu que esta estratexia de autorregulación financeira está totalmente fracasada.

Está totalmente fracasada porque o saldo desta década é realmente demoledor. Puidemos ver como os organismos de control como o Banco de España foron máis un problema que unha solución. Puidemos ver tamén como desde o Goberno central a receita foi menos control despois dun crack que se orixinou precisamente pola falta de control e que nos deixou nada máis e nada menos que un investimento público de máis de 65.000 millóns de euros do que non imos recuperar nin 10.000 millóns. E tamén vimos como desde o ámbito europeo, fundamentalmente por presión social, foise conseguindo algún mínimo avance como na ocasión das preferentes, pero que deixaba tamén un longo camiño de tarefas inacabadas, como vimos tamén, recentemente, coa cuestión das cláusulas chan.

Hoxe mesmo Acouga, unha asociación de consumidores de ámbito galego, denunciaba como nos xulgados de Vigo hai esperas de anos para unha vía que rematou por ser practicamente a única que tiñan as consumidoras e os consumidores, que é a xudicial. E vimos tamén neste tempo, no que respecta á Xunta de Galiza, pois como basicamente a política seguida polo señor Núñez Feijóo foi asentir a toda a política financeira imposta desde o Estado e desde as institucións europeas e a participación e colaboración activa coa desaparición do músculo financeiro deste país. Ese é o balance do señor Feijóo: primeiro, aliñarse con esa reestruturación bancaria fracasada; e, despois, ser parte activa tamén da bancarización e da venda a prezo de saldo das nosas caixas de aforros. Aquí, unha vez máis, por enésima vez —e estou xa aburrída de facelo—, temos que recordar que o Partido Popular segue tendo secuestrada neste Parlamento esa comisión de investigación das caixas, e aínda hoxe queda moito por saber desa operación. Pero xa sabemos que, deses 9.000 millóns de euros de rescate público e desa posterior venda por apenas 1.000 millóns, quedan aínda moitas sombras. Mentres



tanto, mesmo no primeiro ano Abanca —que este último ano tamén tivo récord de beneficios económicos— xa recuperara boa parte en beneficios.

Tamén vimos nesta época do señor Feijóo como se daba o paso definitivo para que o noso sistema financeiro perdera a galeguidade que lle quedaba. E a día de hoxe nin unha soa das entidades financeiras que operan en Galiza —nin sequera as dúas máis importantes— teñen o seu foco de decisión aquí no noso país. E deses pos pois estes lodos: hoxe Galiza ten unha concentración bancaria superior á media española e superior tamén á media europea. Este é o balance de debilidade financeira, de falta de acceso ao crédito para particulares e para empresas, e tamén dunha crecente exclusión financeira.

Isto deriva en que as consecuencias sexan múltiples e diversas. Pero hoxe queremos poñer o foco, en concreto, sobre as consecuencias nos e nas consumidoras —que fundamentalmente teñen dúas causas: o fracaso do marco legal de protección e tamén a inacción da Xunta de Galiza—; e, por outra banda, nas consecuencias ás que nos levan os peches de oficinas e a perda de emprego no sector, que favorecen en última instancia esa exclusión financeira. E falaba, en primeiro lugar, dese fracaso do marco legal de protección das e dos usuarios, un marco legal que só tivo pequenas mudanzas á forza de mobilización social, pero que, a día de hoxe, a permanencia da litixiosidade e tamén o que nos din as plataformas de afectados nos fan ver que son medidas fracasadas. Por unha banda, receitas como ese código de boas prácticas voluntario —que o propio Banco de España ten sancionado por incumprimento— ou esa transposición da normativa MiFID II, que vemos que está aínda inconclusa en boa parte do territorio porque non está a impedir que haxa produtos tóxicos, pois están fracasadas. E, diante diso, a Xunta de Galiza ¿que di? Pois non di nada. Di: ¡Ah!, é que isto é competencia doutros, non podemos dicir nada. Iso non é o papel que debería ter un goberno galego digno de tal nome.

Por iso hoxe propoñemos, por unha banda, que se estude ese marco e que se remitan as modificacións oportunas e os mecanismos de reforzo que desde a Xunta de Galiza se poden activar —por exemplo, mediante educación financeira—; que tamén se leve a cabo un reforzo do Instituto Galego de Consumo e da Competencia, que, sen dúbida, é un instrumento importante, valioso, que traballa ben pero que necesita máis medios, máis recursos; e programas específicos que propoñemos que se comprometan neses orzamentos de 2020 —que non sabemos aínda se vai haber, pero en todo caso teñen vostedes mecanismos extraordinarios para poder facelo—.

Porque a realidade está aí, e esta situación das e dos consumidores vese agravada por unha realidade que é esa, a do peche de oficinas —do que tanto temos falado— e a da perda de emprego, o que favorece que haxa máis vulnerabilidade e máis exclusión financeira. Este mesmo venres tiñamos un titular que nos dicía: «*El Banco Santander cierra este viernes siete oficinas en Galicia*». Un goteo máis, un suma e segue dun proceso que vén de lonxe, que deixa, no caso concreto do ERE do Santander, máis de trescentos postos de traballo destruídos en Galiza. Mais aínda vemos como en xeral se perderon máis de cinco mil postos de traballo no sector da banca nesta última década, como se precarizaron as condicións de traballo, como se fomentou esa figura do colaborador ou colaboradora no lugar dun traballador máis directamente ligado ás entidades bancarias, e un longo etcétera que empeorou a atención, que



reduciu as posibilidades de atención e que contribúe negativamente en canto á exclusión financeira e á vulnerabilidade destas persoas. Porque tamén se perderon entidades ás que poder acudir. Temos a día de hoxe un 40 % menos que hai unha década —un 40 % menos— e nada máis e nada menos que 41 concellos —segundo os últimos datos do Banco de España— que non teñen ningunha entidade.

O Partido Popular primeiro dicía que isto era normal —pola banca electrónica, a dixitalización, etc.—, pero sabemos que iso é unha pantalla, porque representa un problema, sobre todo, no que é o acceso ao efectivo, cando máis do 53 % da poboación prefire empregar o efectivo no canto doutras operacións, cando estamos lonxe desa desaparición do efectivo e cando, ademais, é importante unha oficina bancaria desde o punto de vista da atención, o asesoramento e outro tipo de cuestións —xa sen entrar en factores como a deficiente rede de internet que ten este país—. E o Partido Popular foi rectificando un pouco. Xa non lle parecía tan maravilloso e empezou a recoñecer que hai un problema coa perda de entidades no noso país. Agora ben, nós o que non compartimos é a última ocorrencia do Goberno galego, que lle debeu parecer pouco que se rescatara o sistema bancario deste Estado con 65.000 millóns de euros que agora o que quere facer é copiar as malas ideas da Generalitat valenciana e sacar un concurso público, financiado con cartos públicos, para que algunha entidade privada... —¡oh, sorpresa!, podemos facer aquí unha porra sobre cal gañará finalmente esa licitación, se é que se produce; eu aposto por unha entidade bancaria, logo podemos escribirla nun sobre e que quede o señor presidente con el gardado—. Pero, en todo caso —brincadeiras á parte—, a nós non nos parece normal que entidades bancarias que teñen beneficios crecentes teñan que recibir cartos públicos para poñer un caixeiro nun concello. Xa sen ir a debates máis profundos sobre que exclusivamente un caixeiro non soluciona os problemas de exclusión financeira.

Por iso hoxe propoñemos unha cuestión que para nós é importante, que é que se estude, se avalíe, que modificacións legais, que vías de negociación política, etc., se poden facer coas entidades bancarias ou co marco regulador a nivel de Estado para conseguir...

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...que haxa unha rede suficiente sen que iso nos custe un só euro do erario público.

E, por último, propoñemos tamén, froito da reflexión de que a situación de vulnerabilidade que vivimos ten unhas causas tamén estruturais, no propio sistema, que hai que xerar alternativas. Por iso o Goberno galego ten que promover os estudos necesarios para que haxa alternativas de financiamento, para que haxa outros mecanismos e para que haxa por fin neste país unha banca pública con novas formas de participación que promovan ter un sistema financeiro máis forte, un sistema financeiro que se regaleguice e que poida servir ao tecido económico deste país, tanto aos particulares como ás pequenas e medianas empresas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.



Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Grazas, señor presidente.

Coincidimos fundamentalmente con todo o plantexado na moción. Por iso, vou centrarme no que é a nosa emenda, que é un tema moi importante e lamentablemente totalmente descoñecido pola cidadanía.

As entidades financeiras non están a colaborar, e os gobernos tampouco están a exixilo, para que se publicite o que mencionamos na emenda, que son as contas básicas de servizos financeiros. E, bueno, este é un tema que para min é importante porque tiveron a honra de que fora a primeira proposición non de lei que me aprobaron neste Parlamento. E non pasou nada, inicialmente non pasou nada, o Parlamento votou por unanimidade instar as institucións financeiras á creación desta conta básica de servizos financeiros. Pero a verdade é que algo afectou, polo menos porque, dous meses despois no Congreso dos Deputados e por maioría, se aprobou a lexislación española sobre este asunto. As entidades financeiras seguiron boicoteando a aplicación da normativa. Era unha transposición xa dunha directiva europea do ano 2014 —ou sexa, que o señor Rajoy tivo moito tempo para poder traspasala a España pero parece que non había interese, había máis interese en beneficiar as entidades financeiras—.

Aprobouse a lei, xa digo, en novembro de 2017, e non se aplicou en ningún momento. As entidades financeiras seguiron plantexando que había problemas de implantación, que non estaba clara a aplicación. Ben, pois en marzo deste ano hai xa unha orde ministerial concreta e transparente que facilita a posibilidade de que para todos os cidadáns —todos os cidadáns, porque este é un tema que hai que deixar claro, non é para xente vulnerable, é para todos os cidadáns— existan contas básicas de servizos financeiros en todas as entidades de obrigado ofrecemento a todos os seus clientes. É unha conta—en resumo— que ten unha comisión máxima de 3 euros ao mes para todo o que son os servizos básicos —pago de recibos, dispoñer da conta, disposición de efectivo, transferencias, consulta de movementos e algún máis—, cunha limitación de 120 operacións ao ano, que veñen sendo 10 operacións ao mes. Para moitísima xente son suficientes para poder desenvolverse financeiramente —seguro que para unha parte importantísima da cidadanía de Galicia—. E, xa digo, son un máximo de 36 euros.

Ben, pois polas consultas que estou facendo, tendo en conta, por exemplo, que os perceptores da risga teñen a obriga de ter unha conta bancaria, Abanca, por exemplo, estalle a cobrar 60 euros de comisión ao ano á xente que o único que fai é ingresar a percepción e retirar os cartos —porque normalmente en moitos casos non teñen recibos domiciliados ou teñen un ao mes—, cando podían estar utilizando esta normativa cun aforro importante.

Pero, ademais, posteriormente, o 22 de marzo deste ano, aprobouse o Real decreto lei 164/2019, onde si xa entraba tal cal o que nós presentabamos no ano 2017 neste Parlamento, que é o que se chama «conta básica gratuíta de servizos financeiros». Ben, pois agora iso xa é un real decreto lei e é clarísimo de aplicación. Calquera persoa con certos condicionamentos —por exemplo, o máis básico é ter ingresos por debaixo de dúas veces o IPREM,



máis ou menos 1.060 euros— ten dereito a ter unha conta coas mesmas condicións que a conta básica xeral pero gratuíta. Ben, pois isto descoñéceo o cen por cento das persoas beneficiarias, que en Galicia son centos de miles. Hai centos de miles de persoas e de fogares que ingresan menos de 1.062 ao mes, que teñen dereito a ter unha conta gratuíta para as condicións que dixen antes: 120 operacións ao mes, transferencias, etc.

Pois, coas entidades financeiras, o que nós plantexamos na emenda é que a Xunta de Galicia desenvolva a través do Instituto Galego de Consumo un código de boas prácticas —que xa está ben o de boas prácticas para cumprir a lei— para que aos clientes que saben que están nestas circunstancias, porque coñecen os seus ingresos, lles ofrezan directamente a posibilidade de subscribir esta conta básica gratuíta de servizos financeiros.

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**O señor CASAL VIDAL:** Xa digo, parece que non é importante pero eu recordo que, cando eu lle comentei que se aprobara isto a unha señora nunha reunión de veciños que tivemos na Coruña, e que eran 60 euros de aforro anual, ela díxome que con 60 euros lle daba de comer á familia dez días. Por iso penso que é moi importante que aprobemos esta emenda. Á parte de todo o demais, estamos a favor do proposto polo BNG, porque, de verdade, para toda esta xente non pagar polos servizos financeiros, ademais da exclusión financeira, é un tema moi importante.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Porrirt Lueiro.

**A señora PORRITT LUEIRO:** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Señora Presas, hoxe trae vostede a debate con esta moción unha cuestión que xa se tratou en certos aspectos na Comisión 3ª. Daquela estivemos de acordo e hoxe tamén coincidimos na maioría dos puntos da mesma. É unha moción que trata de corrixir as inxustizas provocadas polos abusos bancarios e previr que non se repitan no futuro.

Sobre os contidos concretos da mesma coincidimos no primeiro. A mala praxe bancaria débese, entre outras causas, a que negocian dous axentes económicos con capacidades moi distintas en recursos económicos, xurídicos e de capacidade de coñecemento. É unha negociación entre desiguais: por unha banda, un sector bancario moi concentrado, cunha clara posición de dominio —as cinco maiores entidades concentran en Galicia o 90 % do mercado, o 50 % en España e o 60 % noutros países da Unión Europea—; e por outra parte están os cidadáns, moi tocados pola crise económica, en situacións de dificultade e de vulnerabilidade e sen formación financeira na maioría dos casos.

Polo tanto, levar a adiante programas de formación financeira permitiría á cidadanía dotarse de coñecementos que a axuden á hora de ter que contratar cunha entidade bancaria e tomar



decisións máis axeitadas, formación que reduciría esa desigualdade. Como diría Nelson Mandela, «*la educación es el arma más poderosa que puedes usar para cambiar el mundo*».

Respecto dos profesionais, a propia MiFID II obriga os asesores financeiros e directivos das entidades comercializadoras de produtos financeiros a ter un certo nivel de formación. Coincidimos, polo tanto, na necesidade de impulsar os mecanismos de asesoramento e tamén de que se avalíe o cumprimento, que é o que permitiría planificar actuacións que corrixan eses incumprimentos.

Desgraciadamente, os informes da comisión de seguimento confirman o que xa sabiamos: que as entidades bancarias se adheriron ao código de boas prácticas pero non o cumpren, de aí esas sancións ás que xa se fixo referencia. Certamente o código de boas prácticas non deu bos resultados. Esas entidades financeiras que tiveron e teñen beneficios moi importantes terían que poñer da súa parte para acadar unha mellor saída da crise, así como un mellor tratamento ás persoas consumidoras. Pero as entidades financeiras seguen sendo opacas e abusivas. E aínda estamos á espera de novas sentenzas nesta materia. Estamos pendentes da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en relación coas hipotecas comercializadas sobre o IRPH. Respecto desta cuestión, onte o avogado xeral dese tribunal concluíu que o IRPH non é transparente e que pode ser abusivo. Esta sentenza pode afectar a máis dun millón de persoas. Fálase da devolución duns 50.000 millóns de euros.

Respecto do punto 3, a exclusión financeira é un problema social, polo que é importante a actuación pública. As catro provincias galegas encabezan o ránking en termos de aumento de concentración do mercado. O resultado, como xa se dixo, é que máis de corenta concellos galegos non teñen ningunha oficina bancaria e tampouco un caixeiro automático. E a exclusión financeira en moitos casos vese reforzada pola dificultade de acceso á Internet.

Se ben, temos diferenzas no que respecta ao cuarto punto —a banca pública galega—, e por iso presentamos a emenda de substitución que xa coñece. Coincidimos, polo tanto, na maioría dos puntos da moción, que se centra na protección das persoas consumidoras e tamén do seu acceso aos servizos financeiros, en todas as medidas tendentes a corrixir as desigualdades, os abusos bancarios e tamén a previr que non se repitan no futuro.

Dende logo, a Xunta de Galiza debe inxerirse todo o activamente que lle permitan as súas competencias, e unha das vías nas que pode actuar é a protección do consumidor defendendo os seus dereitos.

Respecto da emenda presentada polo Grupo Mixto, estamos de acordo no fondo, pero o Estado é o que ten competencias exclusivas.

Nada máis e moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Porrirt.

Polo Grupo Común da Esquerda, a señora Torregrosa.

**A señora TORREGROSA SAÑUDO:** Moitas grazas, señor presidente.



Bo día, esta iniciativa parécenos, en conxunto, que está a afrontar moi diferentes cuestións que igual darían para facer diferentes iniciativas. En conxunto imos apoiala, aínda que o primeiro punto —que fala sobre todo da formación da cidadanía, dos usuarios e usuarias, para non ser estafados— nos parece que é unha solución non moi boa fronte á complexidade dos parámetros que se tratan en cada unha das diferentes xestións que afectan ao tema bancario. Cremos, máis ben, que debería exixirse ás administracións, tanto á Xunta como ao Goberno do Estado, que utilicen os recursos que teñen para impedir as fraudes. Se actuaran cando deben actuar, non nos atoparíamos sempre coa vergoñenta situación que hoxe foi noticia, a de que a xustiza europea ten que intervir, que corrixir e evidenciar o abuso do engano da banca aos consumidores do noso país. O avogado xeral da Unión Europea vén de ditaminar, no seu informe sobre o uso —como xa se dixo— do índice de referencia dos préstamos hipotecarios, o necesario control xudicial, xa que estima, entre outras cousas, o seguinte: *«Es complejo y poco transparente, y no respecta las directivas de las cláusulas abusivas europeas. Evidentemente, los consumidores no están suficientemente informados, hay un abuso en toda regla y corresponde al juez nacional efectuar el control de la transparencia de la cláusula controvertida y verificar el conjunto de circunstancias que rodearon la celebración del contrato, y, por una parte, si el contrato expone de manera transparente el método de cálculo del tipo de interés, de manera que el consumidor esté en condiciones de valorar basándose en criterios precisos e inteligibles las consecuencias económicas»*.

Isto é unha parte do extracto da valoración definitiva, que evidencia a situación tan inxusta que veñen sufrindo os consumidores da banca en España.

A fraude do IRPH é só unha máis da longa lista de fraudes da banca. A cidadanía galega, como a do conxunto do Estado, foi estafada igualmente pola comercialización fraudulenta das participacións preferentes, das obrigacións subordinadas, polas saídas fraudulentas á bolsa, pola manipulación do euribor, as abusivas cláusulas chan, polo cobro de comisións excesivas, pola imposición obrigatoria do pago de todos os gastos de formalización das hipotecas, pola comercialización en anos de produtos estruturados complexos que non son máis que lixo financeiro, polo oligopolio bancario e inmobiliario que comercializou hipotecas para toda a vida e para pagar unha vivenda sobrevalorada, polos desafiuzamentos, pola estafa de ter que pagar con recursos públicos o rescate do sistema financeiro, polas abusivas retribucións dos directivos do sector financeiro, tanto das entidades rescatadas como das demais. É unha infinita liña de estafas acumuladas que igual requirirían máis ben un máster do cidadán para non ser estafado na xungla bancaria.

Esta enorme estafa ten boa parte da responsabilidade da gran recesión que sufrimos dende 2008 e que provocou un enorme retroceso nas condicións de vida e de traballo da maioría social. Os 60.000, ou máis de 60.000, millóns de rescate da banca, segundo o señor Rajoy, non ían ter custo; e ao final pagámoslos os cidadáns.

Claro que pensamos que é aberrante que unha administración pública pague cos recursos da cidadanía os servizos que se nega a ofrecer a banca porque xa non lle son rendibles. A reestruturación do sector financeiro deixou 41 concellos galegos sen entidades bancarias nin caixeiro, obrigando os seus veciños, unhas 52.000 persoas, a desprazarse. E a Xunta solucionouno facéndolle de novo un trato de favor á banca e pagando eses caixeiros con diñeiro público.



Entón, no outro tema que se tratou, que é o tema da banca pública, claro que si, claro que pensamos que ten que haber unha banca pública que regule o oligopolio da banca no noso país. Esa banca pública xa existe. Para constituíla temos que utilizar todos os instrumentos dispoñibles, incluíndo a entidade bancaria que xa é pública propiamente: Bankia. Hai que manter Bankia como banco público, utilizando esta institución como un valioso instrumento para combater o oligopolio financeiro, proporcionando servizos bancarios á poboación, actuando no mercado financeiro con principios éticos, recuperando os sinais de identidade do negocio bancario...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora TORREGROSA SAÑUDO:** ...e o tradicional papel de intermediario entre o aforro e os proxectos de investimento das pequenas e medianas empresas, deixando de lado a especulación e a enxeñaría financeira.

E, xa para rematar, pensamos que as administracións públicas deberían actuar antes que os xuíces e, dende logo, moito antes de que veñan desde a xustiza europea a sinalarnos como se está a roubar e a abusar da xente de a pé para privilexiar aínda máis os privilexiados.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora TORREGROSA SAÑUDO:** Nós estamos por unha banca ética —xa remato— que impulse a economía do conxunto do país sen estafas, roubos nin abusos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Torregrosa.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Romero Fernández.

**A señora ROMERO FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Ben, señora Presas, vostede rematou a súa interpelación no último pleno dicindo que o BNG traería nesta moción unha alternativa para todos eses concellos que carecen dunha oficina bancaria —si, si, repase o *Diario de Sesións*, díxoo— e para ofrecer este servizo sen custo. E vostede non o fixo, señora Presas, vostede o que pide é que se garanta este servizo aos cidadáns pero sen pór un cartito.

Pois ben, a Xunta de Galicia, en colaboración coa Fegamp, é a que vai garantir que toda a poboación galega dispoña de servizos financeiros no seu concello. Nos 41 concellos que carecen de entidade financeira non só disporán dun caixeiro automático para efectuar as súas xestións ordinarias —como retirada e ingreso de cartos, actualización de cartillas ou pago de recibos— senón que ademais terán outros dous servizos prestados polo persoal da entidade á que se lle adxudique o contrato: un é o servizo de asistencia financeira personalizada ao ci-





dadán, para solventar dun xeito presencial as dúbidas dos clientes, e outro é un servizo de formación en banca electrónica para que os cidadáns interesados adquiran nocións básicas para utilizar os servizos bancarios que xa están dispoñibles a través das novas tecnoloxías.

Gastar para garantir un servizo que facilita a vida das persoas, non, señorías, pero gastar en estudos e en avaliación de normativas recén implantadas, si; como a avaliación que pide a Directiva europea de mercados e instrumentos financeiros, unha normativa que, como ben acaba de dicir, señora Presas, pois está apenas completada hai moi poucos meses.

Non tiña intención de recordarlles ás súas señorías que a regulación, o control e a supervisión de entidades financeiras é unha competencia estatal e europea, e non autonómica, pero á vista das intervencións, e mesmo da emenda do Grupo Mixto, cómpre volver facelo. Señor Casal —e non se ofenda, por favor—, o que vostede pide son cousas que ten que facer o Ministerio. Respecto das contas básicas de servizos financeiros xa instamos desde este Parlamento a facelo. O goberno do PP, en Madrid, cumpriu regulándoos. E agora tócalle ao goberno do señor Sánchez desenvolver esta normativa. Polo tanto, señora Porrit, o seu discurso choca profundamente coa realidade Sánchez.

O Instituto Galego de Consumo e da Competencia seguirá levando a cabo o seu labor de asesoramento e de información a todos os consumidores galegos, tal e como fixo cos afectados polas preferentes no pasado, tal e como está a facer hoxe, na actualidade, cos afectados polas cláusulas chan e tal e como fará polos afectados polo IRPH, do que se falou aquí, xa que acaba de dicir o avogado xeral do tribunal europeo que non é un índice transparente e que debe ser sometido á tutela xudicial para saber se é abusivo ou non, en contradición co ditaminado polo Tribunal Supremo español. E aquí está a realidade paralela do Grupo Socialista —Europa Press—: «*Calviño pide no prejuzgar la opinión del Tribunal de Justicia de la Unión Europea sobre el IRPH y pone énfasis en los tribunales españoles*». Está desautorizando ao avogado da Unión Europea.

Polo tanto, unha vez ditada a sentenza, o Instituto, como ten feito noutros casos, dará traslado e asesorará a todas as persoas afectadas sobre como facer valer os dereitos recoñecidos polo tribunal. Señorías, non teñan ningunha dúbida de que o PP e este grupo parlamentario estarán a carón dos afectados, sexa un, sexan cincuenta ou sexan mil. Sexan os que sexan, estarán sempre ao seu carón.

E, xa para rematar, señor presidente, no referido á alternativa de financiamento, señora Presas, non é necesario converter o Igape nun banco público para facilitar o impulso do investimento, e moito menos Bankia. O apoio financeiro do Goberno ao tecido empresarial galego levou, desde 2014, á mobilización de 1.180 millóns de euros, ao impulso de máis de 1.500 proxectos e facilitou o acceso ao financiamento a 10.876 empresas autónomas; unhas axudas que chegaron a todo tipo de empresas, pero de xeito maioritario a autónomos e pemes. Concretamente, nove de cada dez euros de financiamento foron para este tipo de pequenas empresas e emprendedores. E hai un plan de financiamento para este ano, para apoiar 800 proxectos que investirán 290 millóns de euros en Galicia, prestando especial atención aos emprendedores, ás microempresas e ás pemes, co obxectivo fundamental de facilitar o acceso ao crédito e lograr un efecto multiplicador dos fondos públicos.



Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Romero.

Polo grupo autor da moción, a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Agradezo, en primeiro lugar, a vontade construtiva dos grupos da oposición e, facendo unha mención ao Goberno central, non temos inconveniente en incorporar como adición a emenda do Grupo Mixto. No caso da emenda do Partido Socialista, non a aceptaremos, porque para nós unha cuestión central é demandar unha banca pública galega. Nós respectamos a posición de Podemos respecto de Bankia. Deséxolle sorte nas negociacións deste día porque igual nos dan unha sorpresa por esa vía. Pero, en todo caso, iso non resolvería o problema que temos en Galiza, que é que o aforro está a emigrar precisamente para outros centros de poder, como é o caso de Madrid. E realmente as entidades que non teñen unha fidelidade co noso territorio non están a ter un papel de acompañamento cos sectores produtivos como o que precisaríamos. En todo caso, iso dá tamén para outros debates. E tamén desexamos que as conclusións do avogado europeo, aínda que non son vinculantes, poidan abrir unha nova vía para as persoas consumidoras.

Centrándonos máis na cuestión dos caixeiros, señora Romero, se a redacción máis ampla que incluimos na moción lle parece demasiado ampla, facemos unha modificación *in voce* inmediatamente. Hai dúas alternativas: ou vostedes negocian co señor Escotet para, en lugar de favorecelo, exixirle que teña unha rede adecuada no noso país ou négociase co Goberno central unha modificación, por exemplo, da Lei 16/2009 de servizos de pago, como se fixo no 2015, precisamente, para acabar ou, máis ben, para poñer un tope de comisións pola retirada de efectivo —aínda que segue habendo un problema importante coas comisións—, ou para lanzar unha modificación como fixo o Goberno central co Decreto lei 19/2018, cando houbo que, tarde, mal e a rastro, facer esa transposición da MiFID II. É moi sinxelo, é unha cuestión de estudar unha medición de ratio para o territorio e facer unha modificación legal que obrigue a ter unha rede mínima.

Porque, detrás da decisión de eliminar caixeiros e de eliminar oficinas, o que hai é unha decisión empresarial, de empresa privada, de banca privada con beneficios multimillonarios —insisto, 430, o récord de Abanca nos últimos datos públicos— para seguir aforrando custos. Non é que estean pechando e en quebra esas entidades bancarias rescatadas con cartos multimillonarios de todas as contribuíntes. Non, é simplemente unha decisión empresarial e, polo tanto, hai que facer unha negociación, non pagarlles nós a instalación deses caixeiros. É que parece mentira que o mesmo Goberno, que non ten o máis mínimo escrúpulo en pechar unitarias porque non son rendibles economicamente, en desprazar servizos sanitarios do rural, en facer outro tipo de cuestións polas regras do mercado, agora queira darlles máis cartos públicos ás entidades bancarias. (*Aplausos.*)

Iso é impresentable, e é impresentable tamén a posición do presidente da Fegamp, que non representa nin a actual dirección por enteiro da Fegamp nin a moitas persoas deste país.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.



**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Polo tanto, nós estaremos vixiantes con cal é a concreción dese texto co que calquera día nos sorprenderá no *Diario Oficial de Galicia* o Goberno galego. Pero, desde logo, é algo que nos parece un erro de todo punto de vista.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

### **Moción do G. P. De En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre a xestión das subvencións percibidas polo sindicato Xóvenes Agricultores**

**O señor PRESIDENTE:** A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción (doc. núm. 52567).*

*Emenda de modificación.*

*O punto 2 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte:*

*«2. Cumprir que, o patrimonio sindical, segundo o convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e as organizacións profesionais agrarias, sexa usado polo servizo agrario.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra a señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas, presidente.

Moi bo día.

Volvemos debater por terceira vez neste Parlamento sobre un tema que ao Partido Popular non lle parece importante, porque sempre evita centrarse na cuestión. A nós si nos parece importante aclarar os posibles tratos de favor que puido ter a Xunta de Galicia co sindicato Xóvenes Agricultores durante moito tempo, e especialmente co expresidente Juan Pérez Miramontes. Traémolo porque, como xa repetín moitas veces, existen moitos indicios de que houbo irregularidades na concesión destas subvencións e nas actuacións que levou a adiante o goberno do Partido Popular con este sindicato, e dende logo cremos que un exercicio de transparencia sempre vai ser positivo.

Porque a realidade é que, a día de hoxe, ou ben por desleixo ou ben por malas actuacións, sabéndose que se estaban facendo mal, permitiuse que un patrimonio que tiña que ser destinado a actividades de interese agrario se empregara para intereses de uso privado por parte de Juan Pérez Miramontes. Había un convenio asinado que estipulaba para que se tiña que utilizar esa subvención e para que se tiñan que utilizar eses locais que se adquiriran. O sindicato Xóvenes Agricultores incumpriu reiteradamente este convenio, e a Xunta ten unha



responsabilidade directa porque non fixo absolutamente nada cando recibiron as notificacións. Permitiron de maneira consciente que unha persoa avalara un crédito privado, intereses privados, co patrimonio que era de todas, de todas as galegas e de todos os galegos.

Supoño que hoxe van empregar os mesmos argumentos falaces que empregou o conselleiro do Medio Rural nas outras intervencións. Eu só lle vou pedir por favor que fale do sindicato que ocupa a moción, que é o Sindicato Xóvenes Agricultores, que non trate de desviar a atención falando de todos os sindicatos agrarios. Porque a moción trata xustamente deste sindicato porque é o sindicato do que existen indicios de irregularidades. No resto dos casos cumpríuse o convenio e por iso eu lle pido que, polo menos, se cinga a esta cuestión. Non dicimos nós que houbo irregularidades, que houbo sobrecostos na compra destes locais e que houbo notificación á Xunta de Galicia. Dío o Consello de Contas.

Supoño que tamén me vai dicir que solicitaron o reintegro de máis de dous millóns de euros, pero a pregunta é por que o fixeron despois, por que non solicitaron o reintegro destas cantidades de diñeiro, que utilizou esta persoa para intereses privados, cando recibiron a notificación como Goberno. Solicitaron o reintegro cando o sindicato estaba en concurso de acredores, e cando saben perfectamente... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, pois entón o conselleiro do Medio Rural deu as datas erradas. Alégrome. Se vostede ten outras datas diferentes ás do conselleiro do Medio Rural, despois poderemos falar. Pero, cando recibiron a notificación, cando o Consello de Contas dá constancia de que recibiron a notificación de que ía cambiar a titularidade destes locais, non fixeron absolutamente nada.

Debates hoxe unha moción, non é unha interpelación nin son preguntas, pero eu teño que aproveitar esta intervención para preguntarlle ao voceiro do Partido Popular algunhas cuestións, porque, como as veces que intentei preguntarlle ao conselleiro do Medio Rural non me quixo contestar, eu quero preguntarlle a ver se vostede me pode aclarar que relacións mantiveron e que relacións manteñen na actualidade con Juan Pérez Miramontes. E preguntollo porque o propio conselleiro do Medio Rural nos dixó que tiñamos que preguntarlle isto ao voceiro do Partido Popular. Pois, como hoxe vai estar aquí falando o voceiro do Partido Popular, a ver se vostede pode aclarar esta cuestión.

Creo que o argumento que utilizou o conselleiro é bastante ridículo. Fala de que é unha relación entre un partido e un particular. É ridículo porque non é ningún partido calquera, é o partido do Goberno en Galicia, é o partido do propio conselleiro, é o Partido Popular. E ademais esta persoa non é un particular calquera senón que é unha persoa que recibiu moitos cartos públicos durante moito tempo. E a Xunta de Galicia ten que dar explicacións de como se xestionaron estas axudas.

As vinculacións que tiveron no seu momento témolas claras. A min gustaríame saber que vinculacións teñen neste momento. E digo que as temos claras porque existen moitas imaxes, hai fotos dos paseos en barco, hai moita documentación gráfica sobre os mitins que lle montou a Fraga este señor. Pero o que queremos que se clarifique é a relación que manteñen agora con este home e tamén se estas vinculacións —que son evidentes e públicas, non é unha cuestión de supor, senón que están, como digo, recollidas graficamente en numerosas fotografías e noticias— foron as que favoreceron que se utilizara, que se permitira que se



utilizara, o diñeiro público de maneira indebida. Porque non é só o tema dos locais, é tamén que, mentres había denuncias laborais, había impagos aos traballadores, a Xunta do Partido Popular non fixo absolutamente nada, miraron todo o tempo cara a outro lado.

Por outra parte, recentemente este home foi detido por suposto financiamento dunha rede de explotación sexual de mulleres e o presidente Feijóo desexoulle sorte e dixo que non lle preocupaba en absoluto o tema. Tamén llo temos que preguntar a vostede, porque o conselleiro do Medio Rural se negou sistematicamente a falarnos desta cuestión. Para nós estas declaracións son intolerables, son un insulto a todas as mulleres, e cremos que hoxe teñen a oportunidade tamén de desmarcarse e de rectificar unhas declaracións que —como digo— nos parecen totalmente inaceptables; non se pode insultar así, na nosa opinión, a todas as mulleres que padecen a explotación sexual.

E, por último —xa o dixen antes—, espero que hoxe se centren en falar do sindicato Xoves Agricultores e espero que non utilicen mentiras e evasivas cos números, como fixo o conselleiro. Porque a verdade é que nos parece unha falta de respecto que veñan a esta Cámara manipular os números sen dar ningún tipo de dato real. A falta de transparencia é absoluta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Bueno, despois vostede ten un turno de palabra e xa pode contestarme.

O propio presidente Feijóo, cando saíron todas estas noticias, dixo que, se houbera algún indicio de irregularidades na concesión destas subvencións, el estaba disposto a abrir unha investigación. Pois como os indicios con moitos, como incluso hai feitos que demostran que no tema dos locais hai un problema, que se utilizou ese patrimonio para uso privado de Juan Pérez Miramontes e non para uso agrario, entendemos que o Partido Popular debe estar de acordo con abrir esta investigación, porque o propio presidente dixo «se existían indicios». Creo que os indicios están máis que comprobados. Abran unha investigación e despois poderemos falar. Se non teñen nada que ocultar entendemos que non teñen ningún motivo para votar en contra da moción que traemos hoxe, que entendemos que é de mínimos, para que por fin exista transparencia sobre todas estas subvencións que se concederon e sobre cando se solicitou o reintegro —con papeis constatados—. Sinceramente non me vale o que vaia vostede dicir aquí porque menten descaradamente en moitas ocasións. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois, si, dígollo porque menten sempre. E a min o que me valen son as probas que sexan reais, non o que veñan dicir. O propio conselleiro do Medio Rural falou de subvencións do Bipartito cando sabía que se estaba falando dun convenio de patrimonio e de inmobles, e el falou de subvencións. Esa mentira que é tan evidente, que é tan obvia, fana sistematicamente, e menten con moitísimas cousas. Obviamente o que pedimos é unha investigación que teña probas, non valoracións, xa que veñen aquí e non contestan a maioría das veces a practicamente nada.

Déixoo polo de agora e nada máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Quinteiro.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Pérez Seco.



**O señor PÉREZ SECO:** Grazas, presidente.

Señorías, bo día.

Quixera comezar a miña intervención dicindo algo co que remataba a señora Quinteiro agora: o conselleiro na súa intervención do pleno do pasado 10 de xullo mesturaba o que son as subvencións ás organizacións agrarias coas devolucións do patrimonio sindical. E ao longo da miña intervención intentarei falar da diferenza destas dúas cousas.

Foi no goberno presidido polo señor Pérez Touriño —aquel goberno de progreso que vostedes tanto critican— cando as propias organizacións agrarias lle deron á Xunta de Galicia o patrimonio sindical que tiñan naquel momento —aproximadamente uns trinta millóns de euros—, xa que estas organizacións non podían manter todos estes inmobles e que tampouco usaban na súa totalidade —aínda que algúns destes inmobles estaban a ser utilizados pola propia Xunta de Galicia—.

O dito patrimonio estaba formado por edificios e terreos das cámaras agrarias, patrimonio que foi comprado con cartos dos veciños e das veciñas que se dedicaban á actividade agrogandeira. Todo este patrimonio foi entregado á Xunta de Galicia a cambio dun convenio por medio do que as organizacións agrarias recibiron unha partida orzamentaria de aproximadamente dous millóns de euros. As distintas organizacións agrarias destinaron esta partida orzamentaria á compra de locais para prestar un servizo ao sector agrario, pero son inmobles de titularidade pública. Foi a partir dese momento cando Xóvenes Agricultores utilizou locais de titularidade pública para avalar créditos privados do seu presidente, o señor Miramontes. É dicir, a Xunta de Galicia permitíalle ao señor Miramontes avalar un crédito privado utilizando un inmovible de titularidade pública —insisto neste concepto—. Pero, unha vez que Xóvenes Agricultores entra en concurso, o banco queda cos locais que estaban como garantía, polo que a Xunta de Galicia mirou para outro lado e deixou que o banco quedase cos locais.

E non somos os socialistas os que culpamos a Xunta de Galicia da situación desta organización, senón que a propia organización así o di —con data 12-05-2016—: «*La organización sindical agroganadera que creció al amparo de las ayudas del franquismo entra en concurso de acreedores tras admitir 1,5 millones de euros de deudas de las que culpa a la Xunta de Feijóo*».

Dende o Grupo Parlamentario Socialista presentamos unha emenda de modificación ao segundo punto, xa que, estando en concurso esta organización agraria, lle corresponderá ao administrador concursal o establecemento da relación de créditos e da repartición dos bens. Dende o Parlamento de Galicia debemos instar e vixiar para que a Xunta de Galicia cumpra coas súas obrigas. Por iso a nosa emenda di: «Cumprir que o patrimonio sindical, segundo o convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e as organizacións profesionais agrarias, sexa usado polo servizo agrario».

No caso de que non sexa aceptada a nosa emenda, solicitaremos a votación por puntos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pérez Seco.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Rodríguez Estévez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidente.

O ex-presidente do sindicato agrario Xóvenes Agricultores, o señor Pérez Miramontes, foi detido por formar parte dunha rede de mulleres. Este delincuente financiaba a trama que captaba vítimas en Paraguai a través dunha axencia de viaxes. Eu penso que aí podemos resumir todo. Dá un pouco de noxo.

Alá polo ano 2016 utilizou cartos públicos subvencionados pola Xunta para a compra de locais. Non facía sindicalismo agrario senón que prevaricaba cos cartos de todas e de todos. ¿Que fixo a Xunta daquela? Declarou que non tiñan coñecemento da vinculación do sindicalista cos inmobles, algo que o Consello de Contas despois desmentiu, xa que llo comunicara o seu propio equipo auditor.

Preguntaba o Grupo Común da Esquerda, na interpelación ao conselleiro, que relación mantiña e mantén o señor Pérez Miramontes co Partido Popular, co actual grupo do Goberno da Xunta de Galicia. (*O señor Rodríguez Estévez amosa unha foto á Cámara.*) Bueno, pois eu penso que esta foto resume todo.

O sindicato agrario Xóvenes Agricultores —unha antiga e potente rama agraria do Partido Popular galego— quedou definitivamente disolto por un xulgado de Lugo alá a mediados do ano 2016. E facíao afogado entre débedas co persoal, débedas coa banca, débedas con Fazenda, débedas coa Seguridade Social, e co seu presidente, o señor Miramontes, acusando a propia Xunta do Partido Popular de non pagarlle todo o que se lle prometera. Este ex-sindicalista agrario —se se lle pode chamar así— e tamén empresario —que durante anos saía en fotos pasando os seus veráns en Sanxenxo no seu propio iate xunto coa plana maior do Partido Popular, encabezada polo ex-presidente do Goberno de España, o señor Mariano Rajoy— foi detido no marco dunha operación internacional contra a trata de mulleres, que vinculaba este proxenetista co financiamento desta rede. Certo é que o señor Pérez Miramontes levaba un tempo fóra da primeira liña, seguramente xa apartado polo propio Partido Popular ao ver cara a onde navegaba.

Non sucedeu así durante os anos nos que estivo á fronte de Xóvenes Agricultores, estrutura que comezou a resentirse co inicio da crise económica, cando as subvencións da Xunta comezaron a deixar de correr con tanta intensidade. Sen embargo, ese peche da billa non foi impedimento para que, co goberno de Feijóo, o sindicato e o propio Miramontes seguiran sendo beneficiados pola Xunta, segundo o Consello de Contas, órgano que fiscaliza as contas públicas galegas.

Neste panorama, o persoal do sindicato —que chegou a empregar a máis de 150 persoas— comezou a protestar polo impago das nóminas. Namentres Miramontes montaba en coches de luxo e paseaba en iate co señor Rajoy, a xente estaba sen cobrar polo traballo que facía. A súa relación co Partido Popular xa eles mesmos a recoñeceron: «*Si antes hemos tenido algo*



que ver con temas políticos, el nuevo diseño va por otro camino distinto. No tendrá ninguna connotación política bajo ningún punto de vista». Iso dicíao o señor Miramontes na revista oficial de Xóvenes Agricultores, no sindicato desaparecido, cando xa comezaban a non estar as relacións moi alá co presidente. Afirmaba, así, que «*habían terminado los tiempos en los que se organizaron actos como en víspera de las elecciones gallegas de aquel 2005*», no que o señor Miramontes lle xuntou a máis de vinte e cinco mil persoas en Silleda ao ex-presidente don Manuel Fraga. E dicía literalmente que «*había que evitar que Galicia cayera en manos de los locos*».

En resumo, Juan Pérez Miramontes é amigo de Rajoy e de Feijóo, entre outros. O amigo é elixido presidente do sindicato agrario vencellado ao Partido Popular, Xóvenes Agricultores. O amigo merca un iate. Rajoy, Ana Pastor e outros cargos do Partido Popular navegan polo mar no iate do amigo. O amigo cárgase Xóvenes Agricultores afogado en débedas co persoal, con Facenda, coa Seguridade Social, coas entidades bancarias, cun pufo de máis de un millón e medio de euros. O amigo é detido por proxeneta e Feijóo deséxalle boa sorte ao amigo proxeneta. Os amigos do amigo non lembran se foron algunha vez con el no iate, se foron por percebes aos Picos de Europa ou se foron por xardas a Andorra. Só se acordan de que «*había nieve*». Vostedes teñen memoria, imos ver o que votan agora. Nós imos votar que si.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Era absolutamente indispensable que, diante das xustas reivindicacións dos labregos, labregas e dun sector agrícola que espertaba do sono do franquismo, fronte a esa toma de conciencia de clase e de xustiza histórica, alguén acalmase os ánimos e volvese as augas aos cauces franquistas dos que, por suposto, nunca deberan ter saído. E aquí aparece Xóvenes Agricultores, unha organización —digamos— sindical agraria ao servizo dos intereses da dereita franquista representada naquel momento por Alianza Popular. Na realidade unha organización de corte mafioso que conseguía todo tipo de subvencións, acalaba conciencias, buscaba choios e que, cos cursos de formación e compras de locais, derivou xenerosas partidas de cartos públicos ás contas e patrimonios persoais da súa cúpula —e quen sabe se a financiamento encuberto de AP, que logo foi PP—. Realmente os cursos daban para todo menos para o que foran pensados: formar gandeiros e agricultores, modernizar. ¡Xa, xa...!

O iate *A Peregrina* e os seus visitantes daban a medida deste sindicato agrario e do concepto e estima que o Partido Popular ten polo rural galego, porque era o sindicato do PP, a organización creada para neutralizar os movementos reivindicativos que fosen xurdindo no agro e para ese cometido necesitaba, ¡como non!, un bo financiamento. Estas manobras e estes xeitos de actuar, esta forma de dilapidar o carto público, esa pervivencia do manexo caciquil,





son unha aproximación ás causas do abandono rural e do lamentable estado da actividade agrogandeira na actualidade. Non é de onte, é de sempre, porque a realidade do mundo rural ten que ver con esa imaxe que lles relatamos e que está viva nas abondosas fotografías que se poden atopar nos xornais. Don Ramón del Valle Inclán tería tema para os seus esperpentos. Mágoa da morte da súa valentía, porque aí, no aire, poderíamos ver a plana maior do PP, desde Ana Pastor ata o señor Louzán.

Esta organización, que nacera e medrara —je vaia se medrara!— ao amparo daquel ministro de Franco natural de Vilalba, acabou por admitir ter 1,5 millóns de euros de débeda e a súa cúpula —agora si— botando pestes de quen lles dera de todo. Aínda por riba, ingratos. Como se di comunmente, cría corvos e comeranche os ollos.

Pero o traballo estaba feito: axudar a sementar a confusión e a división no devalo agrario e gandeiro de Galicia. Aquela caída libre, aquel peche sanguento das explotacións familiares, fora alentada polo novo modelo que preconizaban os novos ricos e os vellos caciques, o de que só as grandes explotacións se salvan nesta Europa do comercio global. Aí estaba Xóvenes Agricultores xustificando e alentando esta desfeita, dignos avalistas da realidade agraria do franquismo e do populismo da rancia dereita. A súa sagrada misión era preservar o «ti vai facendo», as mordidas nas subvencións, o medre dos amigos e correlixionarios, ¡vaia!, iso que todos vostedes saben, ademais de predicar co exemplo, porque non pagaban aos bancos nin á Facenda pública nin á Seguridade Social nin, como xa dixemos, aos traballadores. A lei non era con eles.

E teremos que preguntar polos bens públicos expropiados aos labregos e labregas deste país e exixir a súa devolución aos seus lexítimos propietarios. E, claro que si, haberá que seguir as pegadas dos cartos e depurar responsabilidades. E así —hai pouco tempo— sae á luz pública un dos escuros negocios dese respectable señor posuidor dun iate de luxo e de amigos influentes —ou xa non—. E acabaríanselle os amigos ben colocados. Ímolo ver segundo obre a xustiza. Non se trata dunha acusación corrente, é unha acusación grave: a trata de mulle- res. Canto máis obre a xustiza máis saberemos da gravidade da metástase amosada na sen- tenza dos ordenadores. De momento xa se nos anunciou a pervivencia destas amizades con aquel «*le deseo suerte*» do señor presidente. E ¿sería polo seu rendemento de contas coa xustiza ou...? Claro que aclarou ben que «*como a cualquier otro gallego*», non vaia ser que...

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Blanco Paradelo.

**O señor BLANCO PARADELO:** Moitas grazas, presidente.

Señorías, a propósito do que dicía o señor Rivas Cruz, estaba pensando eu naquela foto no barco do señor Quintana coa bandeira de España detrás ondeando alí. É que hai fotos ás veces... (*Aplausos.*) Pero, bueno, é mellor non comentalo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



Señora Quinteiro, mire unha cousa, eu non sei se quería vostede que eu saíra falar, porque xa dixo vostede: «vai dicir», «pero non me diga, porque mente», «porque os datos non valen...». De verdade, podo coller a intervención do conselleiro e douna por feita. Porque vostede non sei que espera que lle diga eu. ¿Vou mentir? ¿Vou dicir cousas que non son verdade? O conselleiro foi moi claro e moi contundente nas súas dúas intervencións e informou detalladamente das axudas. Eu vouno volver repetir.

Mire, señora Quinteiro, eu penso que esta iniciativa chega tarde, pero moi tarde. Ou, mellor dito, chega a propósito doutras cuestións que nada teñen que ver. E faino para aproveitar a oportunidade de tratar de sacar algún rédito partidista para un grupo que o precisa moito —si, o seu— logo do fracaso e da ruptura polas loitas internas e ambicións persoais que tiveron vostedes.

Vostedes acusan o actual Goberno da Xunta de trato de favor respecto deste sindicato, e dime vostede que dea datos. Vou dar datos. Mire, o actual Goberno da Xunta de Galicia tratou a todos os sindicatos por igual. E vostede falaba de indicios. Eu vou dicirlle realidades e tratar de desmontar as súas falacias.

Primeiro, de existir ese trato de favor do Partido Popular, tería que terlle concedido a maior cantidade de cartos nun ano. Falso. O ano que Xóvenes Agricultores recibiu máis axudas da Xunta foi o 2008, co Bipartito —850.000 euros—. (*Murmurios.*) Xa vexo que lle molesta.

Segundo, suponse que durante toda a etapa do Goberno do Partido Popular tería que ser o sindicato máis beneficiado. Falso. Resulta que durante os catro anos do Bipartito esta entidade recibiu máis de 2,5 millóns. En seis anos, ata o 2014, co Goberno do Partido Popular recibe 2,3, preto de 200.000 euros menos en seis anos.

Terceiro, nun trato de favor benefíciase a uns e prexudícase intencionadamente a outros. Falso. Se comparamos —¡como non imos comparar!—, as subvencións co resto de sindicatos, lémbrolles que o Bipartito lle dá a Xóvenes Agricultores 2,5 millóns —señor Rivas, vostedes, o BNG, dábanlle á corte de mafiosos 2,5 millóns— e o Goberno do Partido Popular, 2,3 en seis —vostedes en catro—. Ao Sindicato Labrego, co Bipartito foron 2,4 millóns, co Goberno do Partido Popular, 2,7 millóns. A Unións Agrarias, co Bipartito foron 2,5 millóns e durante o Goberno do Partido Popular un total de 2,6 millóns. ¿Onde está o trato de favor?

Cuarto —seguindo co suposto trato de favor—, este sindicato acóllese á Lei concursal en maio de 2016 e resulta que o Goberno do Partido Popular non só non lle concede máis axudas desde o 2014, senón que desde finais dese mesmo ano comeza a abri-lle diferentes expedientes de reintegro por incumprimento do destino dos locais adquiridos para o mantemento de actividades de interese agrario, o que en total supón unha cantidade de 2.100.912 euros. Outra falsidade.

Quinto, é un trato de favor ben chamativo aquel no que o responsable do sindicato —como dixeron vostedes e o señor Pérez Seco— resulta que, unha vez que a organización entra en concurso de acredores no ano 2016, culpa a Xunta de Feijóo do propio desastre. Pero ¿non era amigo noso? ¿Como pode ser? Recibe un trato de favor e resulta que di que a culpa era



nosa, e fala dun acordo jdo 2008! Ao mellor terían que aclarar vostedes eses acordos. Señorías, un curioso trato de favor.

Eu quería preguntarlle, señora Quinteiro, se o que fan as persoas que teñen unha relación cun partido ten que estenderse ás actividades ou á vida dun partido. ¡Home!, quizais outros grupos, como o de vostede, si saben o que é pedir un trato de favor. Porque, por exemplo, algún deputado ou deputada nunha noite desas divertidas xunto a compañeiros de militancia viuse inmersa en incidentes motivados por desperfectos en vehículos, mobiliario urbano, insultos e demais. E cando a policía intenta identificalos requirindo a documentación, os axentes teñen que escoitar: Eu son deputada, tedes que saber que teño un réxime especial, vou interpoñer unha interpelación parlamentaria pola actuación policial. ¡Iso si que é un trato de favor, señora Quinteiro! *(Aplausos.)* Por certo, por certo, esa interpelación creo que nunca chegou a esta Cámara, e sen lugar a dúbidas sería bastante máis produtiva que a que trouxo hoxe.

Remato.

Non confundan os desexos coa realidade. Vostedes saben que todo o asunto de Xóvenes Agricultores está en sede xudicial e por diversas vías. Polo que, neste momento, o mellor que podemos facer é deixar que a xustiza faga o seu traballo. O que lle suceda ou non ao que fora presidente do sindicato é un tema individual, do que só el é o responsable, e que se subsanciará nos xulgados.

E, por outra banda, quero expresar en nome do Grupo Parlamentario Popular a nosa rotunda condena e total rexeitamento daquelas persoas que se dedican a algo tan ruín e detestable como o comercio e trato ilegal con seres humanos, e toda a nosa solidariedade especialmente con todas as mulleres que, seguramente na idea de mellorar as súas condicións de vida...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BLANCO PARADELO:** ...son enganadas e explotadas por mafias de persoas totalmente detestables. E, por suposto, sexan quen sexan, que caia sobre elas todo o peso da lei.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Blanco.

Polo grupo autor da moción, a señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Primeiro quero agradecerlles ao Bloque Nacionalista Galego e ao Grupo Mixto o apoio. Aceptamos a emenda do Partido Socialista porque entendemos que non modifica a cuestión central do noso punto 2.

E, logo, a verdade é que pensei que máis indecente que o conselleiro do Medio Rural con este tema non se podía ser. Pero sempre ten que chegar alguén para demostrar que aínda ten menos vergonza. Porque, se condena a todas estas persoas que exercen a explotación sexual



de mulleres, pois condene as palabras do seu presidente, do señor Feijóo, que lle desexou sorte. Iso non o condena, diso non ten absolutamente nada que dicir, dunha persoa que lle desexou sorte. (*Aplausos.*) Pois fale e a ver se rectifican esas palabras inapropiadas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Porque tamén dixo que era un problema que non lle interesaba en absoluto. Pois ¡como non lle pode preocupar un amigo seu, unha persoa que recibiu moitos cartos públicos do Partido Popular, unha persoa que recibiu trato de favor! E voulle dicir qué trato de favor. Trato de favor non é darlle máis diñeiro que aos outros sindicatos —tan descarados ás veces son, pero neste caso pois foron un pouco máis disimulados—, trato de favor é permitir que, co diñeiro que tiña que ser utilizado para actividades de interese agrario, o señor Pérez Miramontes comprara locais para si mesmo, comprara un iate, fora de paseo, que non lles pagara aos traballadores, que tivera moitísimas denuncias laborais... Ese é o trato de favor: permitir que este señor fixera co diñeiro público o que lle dera a real gana e facer como que non pasaba nada. Iso é trato de favor. (*Fortes murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Volven mentir. Menten sen ningún tipo de vergonza, menten sistematicamente. Non é ningunha novidade. Pero volve mezclar o convenio de colaboración do Bipartito coas subvencións. Non teñen nada que ver. ¿Como imos pensar que teñen algún respecto por esta Cámara e que teñen algún respecto pola verdade cando están mentindo dunha maneira tan clara, tan evidente? Está un convenio asinado, é unha pena que non teña aquí a copia. Despois xa lle darei unha copia, aínda que estou convencida de que o sabe pero que é moito mellor dicir que o Bipartito foi o goberno que máis subvencións lle deu a Xóvenes Agricultores. É moito mellor, pero é mentira, ¡é mentira! (*Fortes murmurios.*) É mentira, é un convenio de colaboración cuns locais que saben perfectamente que pertencían ás cámaras agrarias. (*Fortes murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, señor Pazos!

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Non ten absolutamente nada que ver un tema co outro. Pretender mezclalo é tratarnos ás deputadas desta Cámara e tamén ao conxunto da cidadanía de idiotas, na miña opinión, porque é mezclar absolutamente todo.

Houbo sobrecostos nos inmobles, sabíano; houbo cambios de titularidade nos inmobles, sabíano; e houbo nóminas sen pagar. E ¿que fixeron? É trato de favor non facer absolutamente nada cando esta persoa estaba utilizando o patrimonio de todas e de todos, o patrimonio da Xunta de Galicia, para os seus intereses particulares e intereses privados.

E di que a relación persoal non ten que ver con amigos. ¡Home!, pois as fotos nos paseos, o mitin que lles organizou —porque meteu moita xente nun mitin— ... Daquela eran amigos, o que pasa é que despois deberon de ver que non interesaba tanto seguir sendo tan amigos. Pero a unha persoa que non é un amigo non se lle desexa sorte, nin a el nin a ningunha persoa que sexa detida por suposta explotación sexual de mulleres. E vostedes non rectificaron esas palabras. Poden condenar a trata de mulleres. ¿Por que non condenan esas palabras?



¿Por que non son claros cun tema que é tan sinxelo? O presidente equivocouse, tivo unhas palabras totalmente desafortunadas porque obviamente supoño que non querría quedar mal con este home...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** ...que sabe moito do Partido Popular porque é a súa rama agraria. E, sobre os tratos de favor, a próxima vez, se algunha vez falamos deste tema, eu pediríalles que non mintan con tanto descaro. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Quinteiro.

### *Votación das mocións*

**O señor PRESIDENTE:** Procedemos á votación das mocións, rematado o debate sobre as mesmas.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas sobre a política do Goberno galego en relación coa protección das persoas galegas usuarias de produtos financeiros.

Acéptase como engádegas a emenda do Grupo Parlamentario Mixto e non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(Pide a palabra a señora Pierres López.)*

¿Si?

Déanlle voz ao escano da señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Señor presidente, solicitamos a votación por puntos. Por unha parte, os puntos 1, 2 e 3 e, por outra banda, o 4, 5 e 6.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Acepta vostede, señora Presas? *(A señora Presas Bergantiños responde afirmativamente.)*

Grazas.

Comezamos votando os puntos 1, 2 e 3 da moción.

*Votación dos puntos 1, 2 e 3 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre a política do Goberno galego en relación coa protección das persoas galegas usuarias de produtos financeiros.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.*



*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora os puntos 4, 5 e 6 da moción.

*Votación dos puntos 4, 5 e 6 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre a política do Goberno galego en relación coa protección das persoas galegas usuarias de produtos financeiros.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 38; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos da moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario Común da Esquerda, por iniciativa de dona Paula Quinteiro, sobre a xestión das subvencións percibidas polo sindicato Xóvenes Agricultores.

Xa comentou que aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre a xestión das subvencións percibidas polo sindicato Xóvenes Agricultores.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Suspendemos a sesión ata as 16.30.

*Suspéndese a sesión ás tres da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos.*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Boas tardes.

Reiniciamos a sesión co punto 2, de comparencias acumuladas, por petición propia da señora conselleira e dos grupos parlamentarios do Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Mixto.

### ***Debate acumulado***

**Comparencia da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para informar da situación actual do sistema de acceso á illa de Ons por parte dos veciños e veciñas**



**Comparecencia da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición dos GG. PP. de En Marea, do Bloque Nacionalista Galego e do Mixto, para dar conta dos criterios establecidos para o acceso de visitantes á illa de Ons, no Parque Nacional das Illas Atlánticas, e as restricións para o acceso das persoas de Ons e outras persoas coas que teñen relación de parentesco ou amizade**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas, presidente.

Señorías, veciños e veciñas de Ons, comparezo hoxe, por petición propia, ante esta cámara co obxectivo de aclarar cal é a situación actual dos accesos ao Parque Nacional Illas Atlánticas por parte dos visitantes, pero tamén por parte dos residentes, para explicar os pasos dados ata o momento e os criterios empregados na elaboración do Plan reitor de usos e xestións do Parque Nacional Illas Atlánticas, e máis concretamente para pór luz sobre todo o relativo ás illas Ons, que dende este ano e tras a entrada en vigor do PRUX contan cun cupo limitado de acceso. Un cupo necesario, un cupo imprescindible, para ordenar os accesos a este espazo protexido dun xeito sostible e responsable, evitando posibles masificacións e afectacións ao patrimonio natural.

O meu único obxectivo con esta comparecencia, que tamén foi solicitada por case que todos os grupos da oposición, excepto o PSOE, é o de poder resolver calquera dúbida que exista ao respecto. Polo que, vista a lóxica preocupación de todos pola xestión e protección dun espazo natural único no mundo, coido que é importante aclarar todos os aspectos sobre os cales poida haber calquera tipo de dúbida, xa que nas últimas semanas se estivo xerando unha confusión e unha alarma que —créanme— é totalmente innecesaria entre a veciñanza da zona.

Tamén quero aproveitar esta comparecencia para exixir a todos os grupos políticos e representantes municipais responsabilidade institucional e respecto; respecto, sobre todo, para os veciños e as veciñas de Ons, que é respecto para os veciños e as veciñas de Bueu. E gustaríame que todos amosásemos hoxe nesta cámara unha postura clara e explícita ante a necesidade de protexer con todas as ferramentas que temos á nosa disposición o único parque natural nacional co que conta Galicia dende o ano 2002. Unha protección que debe de levar aparellada a garantía, e ao mesmo tempo dun xeito equilibrado, entre a conservación, o uso público e a actividade xerada polos veciños.

En definitiva, o máis importante para todos os galegos e as galegas que representa a Xunta de Galicia é o deber de velar pola protección do noso patrimonio natural, pero tamén o deber de velar polo benestar dos veciños e das veciñas de Ons, respectando sempre os dereitos deses veciños, homes e mulleres, mozos e mozas, nenos e nenas, que habitaron e habitan esta illa. Unha cuestión na que considero que todos os grupos parlamentarios deberíamos de estar de acordo, máis alá de criterios políticos ou máis alá de criterios locais.

Estou falando nin máis nin menos de garantir a conservación e protección do Parque Nacional Marítimo-Terrestre Illas Atlánticas de Galicia, o único parque nacional co que conta



a nosa comunidade dende o ano 2002 e que, sen dúbida ningunha, é a xoia da coroa dos espazos naturais protexidos cos que conta Galicia. Conta cunha superficie de 8.480 hectáreas, das cales 1.194 son terrestres e o resto son mariñas, e que destaca polo seu enorme valor ambiental, paisaxístico e tamén pola súa biodiversidade, sendo, ademais, un elemento de grande importancia e un simbolismo na xeografía galega. Non en van é un dos quince espazos protexidos de toda España que merece a denominación de parque nacional; algo que dá conta do enorme valor medioambiental, natural, paisaxístico e de biodiversidade deste espazo.

Como ben saben, o Parque Nacional está composto por catro arquipélagos, que son Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada, parque único: Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada. Cíes, superficie: 2.658 hectáreas marítimas, 433 hectáreas terrestres; illas de Ons: 2.171 marítimas, 470 terrestres; illa de Sálvora: superficie 2.309 hectáreas marítimas e 248 hectáreas terrestres, e Cortegada —non menos importante— cunha extensión de 43 hectáreas terrestres e 147 hectáreas mariñas. Catro arquipélagos que conforman un conxunto único no mundo e que, ao meu xuízo, non se poden entender por separado, e tampouco se entendeu así no ano 2002.

Ademais, o Parque Nacional dispón de numerosas figuras de protección: é zona de especial protección de valores naturais, é zona de especial conservación illas Cíes, é ZEC complexo Cíes-Ons, é ZEPA illas Cíes, é ZEPA Rías Baixas, zona especial de protección de aves da illa de Ons.

En canto á biodiversidade, destaca por contar con trinta e oito hábitats de interese comunitario, ter rexistradas cento cincuenta e oito especies protexidas de flora e fauna e atesourar uns fondos mariños únicos que acollen ecosistemas de alto valor ecolóxico.

Un espazo protexido que conta cun coñecemento que traspasa as nosas fronteiras e que goza xa de numerosos distintivos que dan mostra da súa singularidade: é a certificación Starlight, auspiciada pola Unesco; é o selo Observer, de turismo científico; é e a certificación OSPAR, de protección do medio mariño; ou o feito de que unha das súas illas, en concreto a de Sálvora, teña a declaración de ben de interese cultural, na modalidade de paisaxe natural.

Un parque nacional no que a Xunta de Galicia inviste cada ano preto dun millóns de euros, garantindo os servizos de auga, luz, recollida de lixo e mantemento propio das instalacións existentes na illa, que non quero dicir que non sexan mellorables, e que hai que melloralos, e que para iso estamos traballando.

Este espazo protexido precisaba dun instrumento de xestión —e vostedes sábeno, porque se reclamou moitas veces neste parlamento, pero tamén se reclamou moitas veces a nivel local— no que se determinasen todos os aspectos necesarios para garantir a máxima conservación do espazo natural protexido. Un PRUX que constitúe un instrumento de planificación e tamén de protección, do que dispoñen todos os parques nacionais, e que no caso de non telo levaría á retirada da figura de protección medioambiental que supón un parque nacional; especialmente, para regular as visitas que reciben ano a ano, empregando criterios estritamente técnicos, que teñan en conta a capacidade de carga das illas, a súa biodiversidade e os seus valores naturais.





Por iso, tras moitos meses de traballo, a Xunta elaborou o primeiro Plan reitor de usos e xestións do Parque Nacional; un documento que foi froito do consenso e do traballo coordinado con moitos axentes que, dun xeito ou outro, están relacionados con este espazo. De feito, no procedemento de información pública, recibimos oitenta e cinco alegacións, e aceptamos sesenta e dúas: dúas da Administración estatal, tres da Administración autonómica, dúas da Administración local, once de ecologistas, dezasete de pesqueiros e mariscadores, nove de entidades de uso público, cinco de navieiras, sete de investigadores, cinco de empresarios e dezaioito de cidadáns, que a título particular tamén puideron facer as súas alegacións. En concreto, as alegacións da Asociación de Veciños San Xaquín incidían no que respecta ao cupo en que se fora posible un máis amplo na consideración de veciños; extremo que foi aceptado, posto que a citada consideración vai dende tataravós a tataranetos dos titulares da concesión, que aínda foi ampliado a irmáns e tamén a cónxuxes. Ampliamos o concepto de veciños, cando en realidade veciños sería única e exclusivamente os empadroados. Esta foi a única alegación con respecto aos veciños, posto que o resto das alegacións, ou ben se centraron en criterios turísticos, ou ben en criterios máis proteccionistas e de conservación.

Sen dúbida ningunha, estamos ante unha ferramenta imprescindible, que xerará e rexerá neste espazo protexido durante os vindeiros dez anos. E foi sometido a informe preceptivo —porque así o di a lei— por parte do Ministerio de Transición Ecolóxica, quen emitiu informe favorable, e tamén do Cogama, que é o Consello Galego de Medio Ambiente. Fíxose a finais do ano 2018, entrando en vigor en febreiro deste mesmo ano tras a súa aprobación por parte do Consello da Xunta, que é o último paso.

En resumo, estamos ante unha verdadeira folla de ruta, na que se detallan os obxectivos e criterios de xestión do Parque Nacional. Establécese a normativa de protección e regulación dos aproveitamentos, defínese a zonificación do parque e sinálanse as actuacións propostas para a próxima década en materia de conservación de uso público, de investigación e de seguimento dos traballos, e inclúe tamén unha estimación económica para esa década de vixencia de investimentos que se cifra en 27 millóns de euros.

Sen dúbida ningunha, unha das principais novidades deste plan é a determinación dos novos cupos de acceso ás illas que conforman o parque, a cada unha das illas que conforman o parque. Polo que a totalidade das illas que o compoñen contan cun límite de acceso tanto na temporada alta como na temporada baixa. Todo co obxectivo principal e primordial de garantir a conservación do parque e combinala co desenvolvemento dun turismo sostible e coa vida cotiá dos seus veciños. Así, en temporada alta permítense en Cíes mil oitocentos visitantes polo cupo xeral, seiscentos para o cámping e douscentos para grupos. E fíxase por primeira vez para a illa de Ons un cupo de visitantes situado en mil trescentas persoas para o acceso xeral, trescentas para o cámping —aínda que polo de agora só Turismo lles ten adxudicadas duascenas nove— e duascenas para grupos guiados en temporada alta. A temporada alta remata o 15 de setembro.

O que queremos é evitar masificacións turísticas e que se poñan en perigo os valores paisaxísticos e ambientais deste parque nacional. E tamén queremos protexer os veciños e as veciñas da illa; de aí que estea incluído un plan específico de seguridade e tamén de emerxencias que ata o de agora non tiñan.



Estes cupos de acceso, que están funcionando correctamente durante este verán, non son un capricho —créanme, señores deputados—, para nada son un capricho da Xunta de Galicia, é unha obrigaón da Xunta de Galicia. Xa que veñen determinados por informes técnicos que avalan a presión humana en cada un dos catro arquipélagos que compoñen o parque e que estes poden soportar. Estes cupos definíronse con base en criterios de uso de carácter internacional: superficie terrestre, tipo de infraestruturas, praias, camiños, superficie de uso público, ecosistemas e os propios servizos dos cales dispón cada área, que se están aplicando tamén no resto dos parques nacionais —un total de quince en España—. Deste xeito, cabe lembrar nesta cámara que parques nacionais como pode ser o de Doñana ou como pode ser o Parque Nacional do Teide teñen acceso restrinxido, como non pode ser doutro xeito; ou o Parque Nacional de Cabrera, que tamén establece cupos a través dos fondos. E son, polo tanto, unha medida de protección para o parque nacional en todo o seu conxunto.

E, ademais, esta é unha ferramenta imprescindible para seguir conservando o que, sen dúbida, é o principal expoñente do noso patrimonio natural. Que en ningún caso pon en perigo, nunca pon en perigo os dereitos recoñecidos dos titulares das vivendas existentes na illa de Ons. Por iso considero que os cupos de acceso ao parque nacional son unha cuestión indiscutible e irrenunciable para unha correcta xestión do espazo protexido, xa que ten que haber un sistema de acceso con criterios definidos, e son criterios técnicos, que permitan a xestión e a conservación do parque nacional, agora e para sempre, para nós e para as vindeiras xeracións. E isto é algo que xa temos no Parque Nacional dende a súa aprobación, dende a aprobación do PRUX, e que está funcionando correctamente. Dende a Xunta créanme que estamos abertos a pulir algúns aspectos, pero quero deixar claro que o sistema de acceso é algo irrenunciable.

Se vostedes consultan o propio PRUX do Parque Nacional, que foi informado —e díxeno anteriormente e sigo dicindo— polo Ministerio de Transición Ecolóxica —porque, se non, non poderíamos aprobar o PRUX—, este recolle no seu texto que aos veciños que acreditan a súa condición se lles respecta o seu libre acceso á illa; entendendo por veciños, non os empadroados, senón tamén ata a cuarta xeración; entendendo por veciños os irmáns, entendendo por veciños os cónxuxes. Polo que os veciños e as veciñas de Ons poden acceder libremente á illa calquera día do ano, sempre que acrediten a súa condición. E isto foi o que lles trasladamos aos representantes veciñais en numerosos contactos e en numerosas ocasións, nos cales, en ocasións, estivo o alcalde de Bueu e outros representantes; e noutras ocasións viñeron eles a título particular. Un tempo no que mantivemos unha liña de diálogo constante con eses veciños de Ons, porque é certo que ao principio non ían os irmáns e os seus cónxuxes, e fomos avanzando. Unha liña que, como non pode ser doutro xeito, segue aberta, xa que estamos sempre dispostos a sentarnos con eles e escoitar as súas peticións, das persoas que pasan ou viven ou van de paso á illa. Pero sempre tendo como marco a protección e a conservación do parque nacional e, por suposto, pódose de acordo para que a solicitude sexa única ou polo menos sexa parecida.

Dende a Xunta somos conscientes da situación especial dos veciños de Ons e estamos actuando en consecuencia, xa que sabemos que son veciños dunha illa que é un ben natural e que iso ten beneficios, pero tamén hai que cumprir certas obrigaóns. Insisto, e tal e como



se lles explicou dende o primeiro momento: os veciños de Ons teñen liberdade para entrar e saír todo o ano, á marxe do cupo xeral, e mesmo aqueles días nos que o límite de autorizacións estea cuberto. E así se lles garantiu dende un principio, e estase a cumprir, e articuláronse diferentes mecanismos para que isto fose posible.

Con todo, resulta evidente que dende a Xunta debe de aplicarse algún sistema de verificación para garantir que neste espazo de libre acceso a Ons para os veciños haxa control sobre el. Por iso, e para facilitar o seu acceso ás persoas que de xeito estable ou esporádico residen alí ao longo do ano, dende a Xunta púxose á disposición un carné gratuito. Un carné que, ademais, se expide en poucas horas, no que se lles recolle a condición de veciños. Ese garante a súa exclusión do cupo xeral. Un carné que está á disposición dos titulares das setenta e nove concesións que hai na illa, dos seus irmás e dos seus familiares ata o cuarto grao, é dicir, tataravós —que oxalá que os haxa— e tataranetos incluídos. E do que no día de hoxe se expediron preto de trescentas cincuenta acreditacións deste tipo.

Ademais, os titulares da concesión de Ons poden reservar seis prazas con pernocta vinculada á súa vivenda, unhas prazas destinadas a amigos ou familiares que non teñan dereito ao carné. Por suposto, esas seis prazas si que se quitan do cupo xeral, porque hai unha carga que é indiscutible, cuns criterios técnicos e coa aprobación por parte do Ministerio. E tamén poden acceder os veciños e as veciñas que acrediten a súa condición a través da presentación dunha certificación censual emitida polo Concello de Bueu, ou que no DNI figure que a súa residencia está en Ons, e se non a través do carné que nós lles expedimos que acredita ser veciño. Polo tanto, coincidirán comigo en que existen múltiples vías para poder acceder de xeito libre á illa, para todos os que teñen unha vinculación coa illa: concesionarios, veciños e persoas empadroadas en Ons, e tamén para os seus familiares e amigos.

De non existir dalgún xeito que os veciños acrediten a súa condición por calquera xeito dos descritos non se podería garantir que as persoas que acceden á illa sexan veciños da illa de Ons. Estes dereitos dos veciños quedan plenamente protexidos polo tanto, e así o acredita o Auto 94/2019 do Tribunal Superior de Xustiza, no que se di que «Resulta incerto que os límites de carga diaria da illa poidan afectar os residentes, tendo en conta que o propio PRUX os exclúe, polo que poderán acceder e abandonar a illa sen que o dereito de liberdade de residencia inclúa o dereito a ser visitado por familiares e amigos. Cando se vive nun contorno privilexiado de acceso restrinxido, sen dúbida, este privilexio comporta a carga de xestionar a autorización para acceder á illa». Este é un auto, o 94/2019 do Tribunal Superior de Xustiza.

Por iso non se pode dicir que a Xunta de Galicia discrimine os veciños e as veciñas de Ons, os veciños e as veciñas de Bueu, ou que non se escoita, xa que iso non é certo. De feito, seguimos abertos a escoitar os representantes veciñais, pero, por favor, póñanse de acordo. Seguimos abertos a escoitar o Concello de Bueu e os representantes dos veciños, pero, por favor, póñanse de acordo. E sentaremos con eles as veces que fagan falla.

Pero ao que non podemos renunciar —e vólvo dicir unha vez máis— de ningún xeito é a contar cun sistema de acceso a través de cupos, pero, ademais, é que era algo que pedían todos os grupos parlamentarios, era algo que se pedía tamén dende os concellos que afectan este parque nacional.



Estou disposta a escoitar todas as posibilidades e a valoralas. E se hai mil persoas con vinculación coa illa, é dicir, se vostedes cren que hai mil veciños de Ons, pásenme a relación. Non podemos de repente saltar a carga, pero o que facemos é sacar do cupo xeral e pólos como veciños. Os veciños sodes o primeiro. Polo tanto, se hai mil veciños, créanme que podemos a certificación correspondente deses mil veciños. *(Aplausos.)*

A situación quedaría totalmente equilibrada. Ata o de agora temos mil trescentas persoas de cupo xeral, temos trescentas persoas para o cámping, temos duascenas persoas para grupos organizados e, á parte, tiñamos os veciños; valoración de veciños que ata o de agora son trescentos cincuenta carnés. ¿Que vostedes cren que hai mil veciños? O que facemos é restalo do cupo xeral e pasalo para os veciños. O que nunca podemos saltarnos son os criterios de carácter técnico aprobados polos técnicos da Consellería de Medio Ambiente, aprobados polo Ministerio de Transición Ecolóxica e aprobados polo Consello da Xunta.

Estamos, sen dúbida ningunha, ante un sistema que está funcionando ou debería de funcionar correctamente e cumprindo a súa función, tal e como quedou demostrado este mesmo verán que está a piques de rematar. Uns meses nos que 240.944 persoas visitaron as illas Cíes e Ons a través dos cupos de acceso establecidos polo PRUX. Delas, 156.502 estiveron en Cíes e 84.442 estiveron en Ons.

En canto ao cupo da illa de Ons, completouse catro días no mes de xullo. En canto ao cupo tamén lles podo dicir que cando falta menos dunha semana para pechar a temporada alta, que se pecha o día 15, non chegan a mil as persoas que reservaran a súa correspondente autorización.

Señorías, aínda que é unha obviedade, pero visto o sucedido e falado nas últimas semanas, coido que cómpre deixar claro que estes cupos de acceso ao parque nacional existen, podemos cambialos de lugar, existen e van seguir existindo. E isto será así independentemente do que aconteza coa candidatura á declaración por parte da Unesco de patrimonio da humanidade, da que tanto se ten falado nos últimos días. Non ten nada que ver o cupo coa candidatura. Aínda que non haxa candidatura, hai cupo porque hai Plan reitor de usos e xestións. E é bo non enganar. É bo non enganar, porque, ao final, pasará o tempo e daranos o remordemento. O que ocorre é que os veciños perdurarán e os políticos irémonos, pero fariámoslles un fraco favor. Por iso quero aproveitar esta comparecencia para reiterar unha vez máis que esta candidatura non ten nada que ver coas limitacións de acceso introducidas para poder visitar o parque nacional, nin nas Cíes, nin nas Ons, nin en Sálvora, nin en Cortegada. E quero deixar claro tamén que esta candidatura no caso de prosperar non tería ningún tipo de efecto adicional sobre as restricións de accesos que están agora vixentes.

Outra cousa que creo que hai que aclarar é que a Xunta é a única candidatura oficial que está presentada ante os órganos competentes para a súa tramitación. Unha candidatura que integra as catro illas que conforman o Parque Nacional. Unha candidatura que é real, porque se presentou en tempo e forma seguindo as canles legalmente establecidas. Unha candidatura que é colectiva, que aporta beneficios tanto para os concellos onde se encontran como para toda Galicia. É unha candidatura seria que presentamos ao embaixador español ante a Unesco e ao ministro de Cultura.



En resumo: é unha candidatura do Parque Nacional, é unha candidatura de catro concellos, é unha candidatura de Galicia, e que presenta o Parque Nacional como un conxunto, sen excluír ningunha das illas que o conforman, porque todas teñen un gran valor, garantindo o principio de integridade do ben, que constitúe un dos elementos que a UNESCO ten en conta para a declaración de patrimonio da humanidade. Todas as illas son diferentes, pero integran un conxunto único no mundo, respectando deste xeito a unidade ambiental e administrativa que representa o Parque Nacional. Unha candidatura que cumpre sobradamente cos criterios de selección establecidos polo Comité de Patrimonio Mundial da Unesco e que dende o primeiro momento naceu coa vontade de sumar entre todos os territorios implicados, e así poder construír dende o consenso unha candidatura forte de país.

Esta candidatura suporá, de conseguirse, beneficios para o Parque Nacional e tamén beneficios para os veciños dos catro concellos, e tamén beneficios para os veciños e as veciñas de Ons. Por exemplo, poder beneficiarse das axudas que dende o ano 2007 concede o Ministerio de Cultura para a xestión dos bens declarados pola Unesco. Unhas axudas que se poden destinar a múltiples obxectivos, como actividades de conservación e restauración, a elaboración de plans de xestión, a realización de estudos, organizacións e encontros, a elaboración de publicacións; en definitiva, a calquera actividade que contribúa á conservación, protección e difusión do noso patrimonio. E que dende hai doce anos permitiron mobilizar 17,7 millóns de euros para a mellora e protección dos bens declarados pola Unesco.

Coido que aquí o debate debería de estar clarificado, pero eu penso que isto vai máis aló. E vai máis aló despois de facer ultimamente todo o seguimento. E xa non se trata de candidatura si ou non da Unesco, está presentada. O que se está pondo en cuestión despois de berrar —e, sobre todo, entre políticos, porque os veciños son os sufridores do que facemos os políticos— é se queremos parque nacional si ou non. Porque tal e o que pomos enriba da mesa parece ser que algúns non queren parque nacional. Estaríamos facendo historia, señorías; seríamos os únicos a nivel europeo que estaríamos dicindo non a un parque nacional.

A pregunta é seria, e é unha pregunta que debemos de responder, e ademais que debemos de responder entre nós e entre aqueles que nos estean escoitando. E é que dezasete anos despois da súa declaración, ¿queremos ou non parque nacional? Porque se o queremos debemos de loitar por el, se o queremos debemos de loitar pola súa conservación, se o queremos ten que haber un PRUX, non queda outra, e debemos de poñer as medidas. Pero se o queremos, quen di as medidas que hai que levar a cabo son os técnicos, non somos os políticos. E os cupos son imprescindibles, e non queda outra. É aquí e é no resto de España, e é no resto de Europa.

Pero, claro, todo isto saltou polos aires, non crean que por outra cousa máis porque entra en escena Abel Caballero, quen —como ben dixo unha veciña de Ons nunha declaración aos medios de comunicación— «non ten pito que pitar neste tema». A única conclusión que se pode sacar de todo o acontecido nas últimas semanas é que o alcalde de Vigo quere para o seu concello, e xa non sei se para o seu concello —teño as miñas dúbidas—, o que non quere para Bueu. Porque, entón, dicimos: patrimonio si para Vigo, as Cíes, pero Ons non e Bueu tampouco. É algo que é inaudito. O alcalde de Vigo quere dinamitar por todos os medios esta



candidatura porque é plenamente consciente de que é a única maneira a que está presentada agora mesmo. Pero ¿por que temos esa manía de querer coller este anaquiño para min só cando é un parque nacional para todos e os beneficios son para todos? ¿E hai que facer sacrificios? Por suposto. ¿E hai que encararse? Por suposto. Pero que se pode chegar co diálogo e, ao mesmo tempo, cos estudos técnicos, por suposto. E, mentres, o rexedor de Bueu estivo mirando como Abel Caballero quería organizarlle o seu concello e tamén as Ons. E o de Vilagarcía nun principio dixo: si, si, por suposto, tirar para adiante, pero despois falou Abel Caballero e mantívose en silencio, en canto á candidatura se refire.

Por iso, non me queda máis que pedir seriedade. Unha cousa son as liortas políticas e outra cousa é que metamos no allo a todos e, ao final, que haxa unha confusión terrible onde, efectivamente, ¿como non van estar preocupados os veciños se cada día saímos cun titular distinto políticos distintos? E, ao final, ¿a quen cren? Ben, eu estou aquí para dar a cara, eu estou aquí para dicir o que hai, e ademais é que hai un plan aprobado que é público, no cal podemos participar tamén todos os grupos parlamentarios, tamén todos os concellos.

En definitiva, señorías, non existe ningún tipo de veto por parte da Xunta de Galicia aos veciños e ás veciñas de Ons, xa que poden seguir entrando e saíndo da illa de xeito libre todos os días do ano; temos que acreditarlo dalgún xeito. Así, pero que vostedes non queren un carné e queren unha carta, poñamos unha carta enriba da mesa, pero hai que acreditar que é veciño, porque se non, ao final, alguén acabará suplantando a súa identidade, e non hai control sobre o cupo que temos establecido. Así, todos eles terán garantido o acceso a este enclave único en Galicia no momento en que o desexen.

Pero o que non podemos esquecer de ningún tipo é que estamos falando dun espazo natural único. Por iso, o deber da Xunta de Galicia é un, e é o de preservalo, regulando debidamente o acceso a el e facendo compatible a divulgación da nosa riqueza patrimonial coa protección do seu contorno e a convivencia dos seus veciños. Pero en ningún caso se prohíbe ou se vai prohibir a entrada aos veciños, en ningún caso se vai facer ningunha modificación a maiores, porque o PRUX está aí para que vostedes o vexan.

O que se establece é unha serie de condicionantes aos visitantes, pero que vostedes queren menos visitantes e máis veciños, pois nós diremos menos visitantes e máis veciños; os veciños son o primeiro. Uns cupos de acceso que —como xa dixer— son imprescindibles e innegociables en número. Transvasemos, se queremos; en número son imprescindibles e non son negociables. E neses cupos non entran os veciños, por suposto. Se de repente hai mil veciños, é que temos que ver onde os colocamos, pois saquémoslos do cupo xeral.

Antes de rematar, insisto en que estamos dispostos a seguir escoitando, estamos dispostos a seguir dando a cara, pero sobre todo estamos dispostos a facer o que así fixo o mandato dos galegos e das galegas. E iso é preservar os nosos bens naturais, e no caso das illas atlánticas, un deles, é unha xoia.

Por iso, dende esta cámara quero dicir: respecto, ¡por favor!, a todos os veciños e veciñas de Ons, a todos os veciños e veciñas de Bueu, pero a todos os veciños e veciñas do Parque Nacional Illas Atlánticas. Respecto para a protección do noso principal espazo protexido.



E gustaríame escoitar as propostas serias e valoradas dos grupos parlamentarios, de habelas, porque penso que no PRUX non as houbo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Mixto ten a palabra o señor Villares Naveira.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Boas tardes, señorías.

Señora conselleira, permítame comezar a comparecencia saudando a veciñanza de Ons que hoxe nos acompaña aquí para seguir este debate, á cal nós escoitamos en primeiro lugar antes de vir facer precisamente esta comparecencia, e á voz deles e á voz delas nos debemos nesta intervención, nestas palabras. Permítame, ademais, usar esta camiseta (*O señor Villares Naveira leva vestida unha camiseta co lema de «Ons en loita».*) xusto cando entra en vigor o Regulamento interno, que amordaza, se cadra máis, esta cámara galega.

Señorías, moito despotismo e pouca ilustración nesta comparecencia, igual que na actuación da Consellería en xeral. A pregunta primeira que cabe facerse é preguntar con quen falou a conselleira antes de vir aquí a esta comparecencia, que, primeiro, afirmou que era por petición propia, e logo xa tivo que matizar que o resto de grupos da oposición, agás o PSOE, tamén a pediran. Efectivamente, polo tanto, veu instada tamén; instada principalmente, que foi o que desencadeou a súa comparecencia pola petición dos grupos da oposición. E a pregunta é: ¿con quen falou vostede?, ¿falou vostede con María, que é a presidenta da asociación de veciños e veciñas que agrupa a maioría da veciñanza das Ons?, ¿falou vostede con ela antes de vir aquí hoxe nesta comparecencia? ¿Falou con Carme das Reboiras, que ten soterrados os seus avós no camposanto da illa? ¿Falou coas do Patiño? ¿Con quen falou antes de vir aquí? Vostede pode obxectar, evidentemente, que é moi libre de vir aquí para dar conta dunha situación xurídica que xa é regulación vixente, que, polo tanto, pode facelo, pero o certo é que vostede vén agora —e subliño o de agora— porque é evidenciar un conflito social que rebasa con moito as Ons. E entón a pregunta é: desde que se evidenciou ese conflito, ¿con quen falou vostede?, ¿con toda a xente que se levantou contra un sistema que consideraba inxusto para escoitar a ver, segundo eles, que era a inxustiza do sistema? ¿Falou vostede con eles despois de que se evidenciase ese conflito? Non. Como non falou é polo que nós dicimos que hai unha actuación que di falar e actuar en nome da xente, pero sen a xente; en nome do pobo, en nome da veciñanza das Ons, pero sen contar coa veciñanza das Ons. Moito despotismo, pouca ilustración. En democracia non se deben tomar decisións sen escoitar, e moito menos dicir que se vén tomar decisións, que se vén expoñer algo que afecta a veciñanza sen falar coa veciñanza, unha vez que a veciñanza expón que existe un conflito.

Por iso, o primeiro que lle pido aquí é que pregue velas, que suspenda a comparecencia. Ten alí a representante da veciñanza, fale con eles, escóiteos e despois retome a comparecencia, e estamos dispostos tamén a deixarlle o tempo que necesite para que poida facelo. ¿Quere



dicir que escoitou a veciñanza? Aí a ten, busque unha cita con eles neste momento ou noutro momento, e no vindeiro pleno, se non é agora, retomamos esta comparecencia, sen ningún problema por parte de En Marea.

O importante é que cando se toman as decisións e cando se explican se escoite os colectivos afectados. Cremos que teñen dereito como mínimo a iso. Creo que lle pediron cita ademais, e non sabemos tampouco por que non os reciben. Pensamos que iso é o mínimo que debe suceder nun goberno dunha sociedade democrática: escoitar os afectados. Aínda que despois teña vostede as súas razóns para non darlles a razón. Pode ser, pero polo menos escóiteos.

Aínda que evitou utilizar o nome, si que fixo referencia a unha figura xurídica, que é o da concesión, que nos remite a toda esa lexislación, xa non digo tardofranquista, senón franquista, da idea dos colonos, ¿non?, de tratar os veciños e as veciñas de Ons como se fosen eles os que fosen alí e non fosen de alí. E, polo tanto, é unha idea incorrecta á hora de tratamento que se lles dá con relación á propia vida e á relación que mantiveron historicamente coa propia illa. Colonos son os da Terra Chá, que foron desposuídos das súas terras, por exemplo, no val de Negueira, na cunca de Navia, para seren trasladados nos anos cincuenta á Terra Chá. Pero isto é unha figura completamente distinta.

E por iso nos pareceu sempre inxusto o tratamento que se lles deu e que se lles segue a dar e que se vén arrastrando precisamente desde tempos antigos á cidadanía. A cidadanía, un concepto moderno de veciñanza, a nivel xurídico, a nivel de respecto constitucional a toda a xente que ten un vínculo coas Ons, e digo a xente que ten un vínculo máis alá da propia veciñanza ou entendendo o concepto amplo de veciñanza ao que vostede se refería.

¿Que supón ser illán hoxe en día, nese concepto amplo que vostede manexa? Pois ser un colectivo maltratado historicamente e con redución de dereitos tamén no presente. Viron inxustamente —e quero recordalo porque xa que se dá o debate, xa que se dá a comparecencia, é bo recordalo— reducidos os seus dereitos como cidadáns e cidadás, nomeadamente na década dos sesenta e dos setenta, asfixiándoos, imposibilitándolles vivir, negándolles servizos básicos para vivir na illa. Iso do que agora algúns nesta cámara tamén intentamos facer, salvagardando o medio rural no continente, con que non se pechen garderías, que non se pechen escolas, que non se pechen servizos médicos, para que a xente poida seguir vivindo no rural. E iso xa o sufriron os illáns e as illás hai volta de corenta anos. Non é que eles se quixeran ir, nós obrigámoslos a abandonar a illa xa previamente a esta situación.

Eles e o seu contorno, e o seu contorno, e repito o do seu contorno —porque despois refírome a esa situación concreta— teñen inxustamente prohibido facer cousas que nós, as que vivimos e os que vivimos no continente, si podemos facer. Ampáranos a Constitución, evidentemente, ese dereito á residencia, á libre circulación, pero temos restrinxidos moitos outros dereitos, e eles teñen restrinxidos moitos dereitos. E a pregunta que nós facemos é se é xusta esa diferenza de trato, se está xustificada e cal é a causa da redución.

Falaba vostede, simplificaba, que un podía traer a seis amigos aínda que non tivesen vínculo coa illa á súa casa. E penso eu se vostede quixera celebrar o aniversario na súa casa, que lle parecería se lle limitasen o acceso aos seus cinco ou seis amigos, que serían os máis íntimos





para poder facer unha celebración e pasar un día con eles (*Murmurios*.) Esas cousas, tan normais que nós podemos facer no continente, hai unha serie de restricións que é bo escoitar á veciñanza para ver que teñen que dicir a iso. E ollo: isto non significa estar en contra de que exista un cupo. Ninguén cuestiona que exista unha necesaria regulación dos usos da illa por formar parte do Parque Nacional, pero si na distribución interna deses cupos, si na distribución interna de como ese ben escaso, que é a presenza na illa, poida ser repartido premiando ou compensando dalgunha maneira con relación a outras inxustizas ás que se somete os veciños e a veciñanza por esa razón.

¿Que valores achega esta xente? ¿Que valores achega a veciñanza de Ons á historia das illas e do Parque Nacional das Illas Atlánticas? Nós pensamos que son o principal tesouro que ten a historia das illas atlánticas, son un dos compoñentes. O compoñente humano é un dos compoñentes principais, o que se avaliou ou que se avalía. E unha das cousas que se recolle na candidatura da Unesco é que é patrimonio natural e patrimonio humano. Son os valores materiais, foi o modo de vida. Eles son os depositarios e as depositarias desa memoria viva, os que gardan os nomes dos lugares, os que saben como foi, como é e como quere seguir sendo a illa. E tamén, polo tanto, eses valores inmateriais que un soamente aprecia cando desfruta da compañía da xente. Son portadores e portadoras, polo tanto, de valores que a Unesco aprecia para as figuras de protección ás que vostede se referiu. Vivimos nunha paisaxe, e a das illas atlánticas só é modulada polo home dende hai miles de anos, dunha forma respectuosa co medio e que non debería desaparecer.

Como teño pouco tempo, non me referirei extensamente a dous exemplos que creo que poden ser paradigmáticos, e que podería tomar nota deles o Goberno galego con relación aos usos de espazos protexidos, como é o caso de Irlanda ou en Suíza.

En Irlanda, numerosas illas, por exemplo, na rexión de Galway, onde existe, pola función que cumpren os propios habitantes da illa, de custodia do territorio, un agarimo especial a eles e a todo o seu contorno para que non sintan ou vexan compensado dalgunha maneira o feito da insularidade nunha sociedade moderna, mediante unha serie de contraprestacións para que poidan seguir ocupando o territorio de forma sostible, como fai ou como fixeron tradicionalmente os habitantes das illas de Ons.

En segundo lugar, tamén o caso de Suíza, que —como vostede sabe— conforma unha paisaxe que todos temos na cabeza da media montaña e da alta montaña, que para a modulación e para a súa propia existencia existe un pacto social en todo o país helvético para que esa poboación siga fixada no territorio e, polo tanto, non se sinta asfixiada e expulsada con cada consecuencia regulatoria.

Polo tanto, nós queremos reivindicar os illáns e as illás como parte dese tesouro, que non son un problema, senón que son a solución, e deberían de ser o primeiro valor da candidatura. Polo tanto, nós pensamos que ese é o primeiro valor a promover. Son máis valiosas as illas se non se prescinde da súa xente, son máis valiosas as illas se non se lle fai a vida imposible.

Pero permítanme facer referencia a unha cuestión que tamén me preocupa e nos preocupa En Marea aínda máis que isto, que ten un trasfondo máis de calado: isto non ten só que ver co



tema das Ons, ten que ver coa protección de todo o patrimonio natural e todo o patrimonio cultural do noso país, e é o fomento ou non da cultura da compatibilidade entre os valores ambientais e a ocupación racional do territorio, que é a tradicional, modernizada pero sostible.

Introducen por enésima vez vostedes con este debate o prexuízo de que non é posible a convivencia humana cos valores naturais, de que non é posible escoitar a veciñanza e a súa incardinación dentro dos valores naturais e dos valores patrimoniais. Sucede igual que leva sucedido con relación aos Ancares ou con relación á alta montaña: enxalzan a prohibición e non contan coa veciñanza para desenvolver o territorio.

Isto leva a que logo a poboación, claro, con este estado de opinión, rexeite calquera figura de protección ambiental. E iso moitas veces é o que vostedes desexan, para ser unha coartada máis para desprotexer os valores naturais e patrimoniais, para logo ofender a terra, como o fan en Touro, ou inzala de lumes cos eucaliptos. E mesmo pasando aínda por riba das áreas protexidas como a Rede Natura, ou como están facendo no Oribio agora mesmo, cun parque eólico que estraga a natureza e fende en dous montes e mámoas, como a mámoa do Fial, que abriron en canal.

Esta é a desgraza profunda da actitude da Xunta: erguer prexuízos contra as figuras de protección natural e patrimonial para facilitar despois o espolio dos recursos.

Remato con dúas ideas básicas: ninguén está cuestionando o cupo, ninguén está cuestionando a existencia dunha regulación, estase cuestionando a súa repartición interna, e estase cuestionando que vostedes non teñan en conta — unha vez que está evidenciado o conflito — a veciñanza para a solución desa repartición.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate xa.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Remato xa. Queremos calidade de vida, queremos calidade para o noso patrimonio natural, para o noso patrimonio cultural, e queremos, sobre todo, calidade de vida para a nosa veciñanza.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Villares.

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi boa tarde.

En primeiro lugar, quero darlle a boa tarde e saudar a representación que está aquí presente da veciñanza de Ons e tamén da súa Corporación Municipal, e felicitalos pola súa loita exemplar en defensa da súa illa, da súa vida.

Eu teño aquí posta esta camiseta *(O señor Bará Torres leva vestida unha camiseta co lema «ONS en loita».)* que foi vetada e prohibida nesa tribuna. E paréceme que isto é un atropelo, porque



vostedes prohíben estas camisetas e permiten os traxes e as garabatas dos que andan por aí roubando, e que vostedes protexen. *(Aplausos.)* Esa é a diferenza.

Mire, señora conselleira: a verdade é que vostedes teñen unha capacidade ilimitada, de verdade que ilimitada, para crear problemas onde non os había, porque en Ons non había ningún problema ata que vostedes o acaban de crear. Efectivamente, díxonos vostede que ten que haber un PRUX ¿Cando se creou o parque nacional? Díxoo vostede: no ano 2002. ¿Cantos anos estiveron sen PRUX? Ata o ano 2018. ¿Que pasaba en todos eses anos? Estiveron vostedes incumprindo flagrantemente a lexislación de parques nacionais. En fin, ¡menudo exemplo!

Por certo, en todo ese tempo non había cupo de visitantes. Alí está demostrado que nos meses do verán, sobre todo no mes de agosto, entraban tres mil ou máis de tres mil persoas. ¿E que pasaba? Vostedes estiveron permitindo iso. Claro, non había ningún problema, en teoría non había ningún problema, porque a xente de Ons accedía libremente á súa illa, e vostedes acaban de crear un problema. Pero había outros problemas que si viñan denunciando reiteradamente a veciñanza de Ons e os seus colectivos representantes. Por exemplo, problemas relacionados coa luz, coa auga, co saneamento. ¡Mire que cousas fundamentais para unha vida normal da xente! E vostedes non resolveron eses problemas, están aínda sen resolver, se tanto lles preocupa a illa de Ons.

Pois vostedes non resolveron eses problemas e crearon un onde non o había, e iso pola mala xestión das Illas Atlánticas, porque vostedes fixeron un efecto chamada sobre as Cíes, masificaron as Cíes, e agora estase sufrindo en Ons o resultado da presión derivada dese efecto chamada das Cíes. Aínda así, e a pesar de todo iso, só hai problemas nalgúns días do mes de agosto, nin sequera en todo o mes de agosto. Vostede acaba de dar aquí os datos. Dixo que nos meses de xullo e agosto accederon 84.434 persoas a Ons, dunha capacidade total, segundo o cupo, só de visitantes de 110.000 persoas, que é o resultado de multiplicar 1.800 por 31. E acaba de dicir vostede que só en catro días de xullo houbo ese problema de limitación de cupo, de que chegou ao máximo, e algúns días de agosto. Polo tanto, ¿cal é o problema? O problema está no mes de agosto. O problema é que se hai que limitar algún tipo de cupo haberá que limitar —vostede tamén o veu recoñecer aquí— o cupo dos visitantes, das persoas que van alí de turistas, pero non limitar o acceso das persoas que teñen vinculación con Ons, da súa familia. Ollo: da súa familia extensa, de toda a familia. Non poden poñer aí un límite e van os irmáns ou van os cónxuxes. Faltaría máis, ¡claro! É que acaba de dicir vostede aquí que permitiron que vaian os irmáns e os cónxuxes. ¿E véndenos iso como que? *(Murmurios.)* ¿É que querían prohibir que fosen os irmáns e os cónxuxes? *(Murmurios.)* Pero non poden ir os sobriños e as sobriñas. ¿E a vostede parécelle normal isto? Ou se teñen unha celebración ou unha festa de patrón, ¿que non poden ir as súas amizades, se é que nesa fin de semana coincide nunha fin de semana de agosto, na que está o cupo cheo porque xa pediu a xente tres meses antes visitar a illa nesa fin de semana? *(Murmurios.)* Vostedes están creando un problema onde non o había, estanlle restrinxindo os dereitos e o acceso á veciñanza. ¿E saben por que lles pasa isto, señora conselleira? Porque actúan con soberbia, actúan con prepotencia e actúan con autoritarismo, porque non escoitan a xente, ¡non escoitaron a xente! *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Vostedes fixeron un paripé ao principio de escoitar algunhas persoas afíns, pero non se atreveron nunca a dar a cara nunha asemblea coa xente. E vostede nin sequera deu a cara porque



mandou alí de enviada a directora xeral. Pero queremos que vaia alí, que fale coa xente; tena aquí tamén, pode falar con ela ao rematar esta comparecencia. Ou se non comprométase a ir alí falar coa veciñanza. Se é que quere tanto diálogo, se é que se ofreceu aquí a dialogar, se é que dixó que lle fixeramos propostas, aí ten a veciñanza e os seus representantes, e tamén os representantes do Concello, que lle fixeron propostas. Si, ¡que lle fixeron propostas!

Dixo vostede —para que lle quede claro—: «póñanse de acordo». Dixo «póñanse de acordo», ¿non? Mire: de acordo púxose a Corporación Municipal de Bueu o 6 de maio deste ano, ¡unánime!, declaración unánime da Corporación, ¿e sabe o que lle dixeron? —tamén o Partido Popular, que está aquí representado coa súa portavoz—. ¿Sabe o que lle dixeron? Mire, dixerónlle o seguinte: «Exixir á Xunta de Galicia o recoñecemento das veciñas e veciños de Ons e o seu círculo e contorno familiar como elementos fundamentais de Ons, comprometéndose a garantir o exercicio dos seus dereitos, entre os que está o libre acceso á illa, tal e como foi sempre». ¡O libre acceso á illa tal e como foi sempre!, (*Aplausos.*) sen ningún carné. (*Aplausos.*) Porque llelo están dicindo, están falando claro. (*Aplausos.*)

O outro día diciánnolo alí —porque nós fomos alí falar con eles—: eu teño un documento de identidade que me permite ir por todo o Estado español, por Francia, por Alemaña, por China, por onde faga falta, un pasaporte; e queren que, á parte do meu carné de identificación, teña un carné para acceder... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, estanlles dicindo que non... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**O señor BARÁ TORRES:** ...que hai outras fórmulas para xestionar o acceso. Pero díxollo claramente, xa se puxo de acordo a Corporación cun acordo unánime, tamén do Partido Popular, ao respecto.

E vostedes, claro, queren unha sociedade amordazada, queren un parlamento amordazado, maniatado, onde a xente veña aquí só ver, oír e calar. E esa non é unha sociedade democrática, señora conselleira. En todos os plenos de todo tipo de institucións a xente pode falar. Aquí xa nin sequera estamos pedindo que poida falar, pero que poida poñer unha camiseta, que poida aplaudir. ¿É que iso non é un elemento central dunha democracia? Temos que poñer nós a camiseta por eles porque lles prohibiron entrar a esa tribuna cunha camiseta. (*Aplausos.*) ¡Non hai dereito! Isto non é unha democracia, isto é unha auténtica vergoña. (*Aplausos.*)

E acabouse o tempo do feudalismo, señora conselleira. O feudalismo que padeceu a xente de Ons cando os trataban como súbditos, cando os trataban como colonos no século XIX e en gran parte do século XX. Non estamos xa nesa etapa, estamos nunha sociedade democrática onde a xente fala e exige os seus dereitos, e non cala. E na xente de Ons aí encontraron vostedes outra aldea gala... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, dos invasores romanos. (*Risos.*) ¡Non calaron! ¡Plantáronlles cara! E estanlles dicindo as verdades como puños.

E como vostedes non escoitan, vou falar eu pola veciñanza de Ons. (*Murmurios.*) Si. (*Murmurios.*) E, claro, vostedes pedían respecto e búrnanse da veciñanza de Ons... (*Un señor deputado pronuncia: ¡Non, de ti!*)



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio! (*Murmurios.*)

**O señor BARÁ TORRES:** Señor presidente, eu pediríalle que lles pedira un pouco de educación a algún representante do Partido Popular que está aí. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio! (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

**O señor BARÁ TORRES:** Miren, dilles Josefa —que é do lugar do Curro—, que se criou na illa coa súa irmá Carmen: «Antes de chegar a Xunta a Ons xa estaban alí as nosas casas. Que agora teñamos que ter unha tarxeta VIP para ir ás nosas vivendas é unha falta de respecto». Mire, quen fala de falta de respecto é a señora Josefa: «¡Non queremos un carné VIP para ir a Ons!», ¡así de claro! Así de claro fala a xente de Ons.

Marcelino, de setenta e cinco anos, na casa 81: «Cando imos á illa non imos de visita turística». Porque vostede veu aquí tamén... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) cunha falsidade, que é equiparar os visitantes coa veciñanza de Ons. Porque a xente que vive no parque de Doñana, que é do parque de Doñana e que ten alí a súa casa, non ten ningún carné para entrar; os que teñen que pedir permiso para entrar son os visitantes, os turistas, pero non a xente que está vivindo xa en Doñana. E iso é o mesmo que pedimos para Ons. (*Aplausos.*) E dilles Marcelino, que é un home sabio e que representa esa riqueza patrimonial de Ons: «Imos traballar e coidar a illa.» —a ver se se enteran: van traballar e coidar a illa— «Deberían darnos unha medalla por aguantar e manter a illa». E vostedes en vez de darlles premios o que fan é penalizalos e dificultarlles o acceso.

«Ata hai algo máis dun ano» —outra gran verdade— «non había ningún problema, o problema creárono eles, Xunta e Parques, cando empezaron a traer barcos cheos de xente desde Vigo, Cangas ou Portonovo». «A culpa é súa e pagámolo nós». Así de claro fala a xente de Ons, á que vostedes non deixan falar e que non escoitan e que nós falamos por ela aquí. (*Murmurios.*)

Miren: o patrimonio natural de Ons é dun valor incalculable. O patrimonio cultural, material e inmaterial —entre esas tradicións que foron creando e construíndo a xente de Ons— ten tamén un valor incalculable. Pero o maior patrimonio que ten Ons é a xente de Ons, as persoas de Ons, as que fixeron a cultura desa illa ao longo dos tempos. Teñen que coidala,... (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...teñen que escoitala, (*Aplausos.*) teñen que atendela, (*Aplausos.*) e teñen que facerlles un monumento, señora conselleira.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** E, polo tanto, ten que ter en conta unha cousa: non hai ningún no mundo...



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor BARÁ TORRES:** ...que lle queira máis a Ons e que queira o mellor...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor BARÁ TORRES:** ...para Ons como a xente de Ons.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

Ten despois outra rolda.

**O señor BARÁ TORRES:** ¡Escóitena, por favor! *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Eu queríalle aclarar, señor Bará, que ao igual ca vostede eu tamén levo bastantes anos nesta cámara... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —ben, pois eu levo algún máis— ...e aquí nunca se lles prohibiu aos señores deputados vir cunha camiseta. Vostede sábeo, pois traía bandeiras e traía outras cousas. E tamén lle digo, por se non o sabe, que na bancada de arriba, na tribuna, nunca se permitiron camisetas, *(Murmurios.)* nin nas lexislaturas anteriores, nin cando gobernaba o Bipartito. *(Murmurios.)* E agora o que se fai é poñer negro sobre branco o que xa se viña facendo. *(Murmurios.)* Poden vir aquí e interpretar o que queiran... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ...pero, loxicamente, necesita unha aclaración, porque, dende logo, non se poden trasladar cousas que non son. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Así que pasamos... Ten a palabra... *(Murmurios.)*

¡Silencio! Xa aclarei... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio! *(Murmurios.)* Silencio. *(O señor Vega Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Vega, silencio. Xa está aclarado. Xa está feita a aclaración. Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio! *(Murmurios.)*

Silencio, por favor.

Ten a palabra en nome do Grupo Común da Esquerda o señor Cal Ogando.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todos... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio!

**O señor CAL OGANDO:** Boa tarde a todos e a todas.



E, evidentemente, un saúdo moi especial aos veciños e ás veciñas de Ons. A esa aldea gala que segue defendendo aí os seus dereitos. Sodes exemplo para todas as persoas que loitamos polos dereitos de todos e de todas. E, evidentemente, animarvos a seguir coa vosa loita e dende aquí trataremos de acompañarvos, pero a vosa loita é a principal e a fundamental, e todo o noso agradecemento. Pedir desculpas porque non traio a camiseta de Ons, non a teño comigo aínda, pero comprométome a tela. E no próximo debate que se faga de Ons levarei a camiseta de Ons, como non pode ser doutra maneira.

E aclarar, en primeiro lugar —como xa lle dixeron algúns dos voceiros que me precederon—, que vostede comparece aquí porque os grupos da oposición solicitamos que vostede comparecese aquí. E rexistramos primeiro a nosa iniciativa, e vostede rexistrouna despois, e debería ser acumulada a súa, pero vostede vén aquí como que comparece vostede. Vostede non viña comparecer, comparece porque pedimos os grupos da oposición que comparecera para esta cuestión. (*Murmurios.*)

Agradecémoslles... (*Murmurios.*) —creo que teñen bastante confundido o que é o decoro parlamentario— ...que se preocupen agora e que se acorden agora de protexer o parque nacional. ¡Benvidos sexan á protección natural de Galicia!, levan moitísimos anos, os dez anos de Feijóo, sen que houbera un PRUX, sen que houbera un plan de xestión do parque e sen adicar os recursos precisos para a conservación do propio parque. Por tanto, benvido o Goberno do Partido Popular á conservación medioambiental. Pero debe ser que non están vostedes acostumbradas a legislar no sentido da conservación, que cando o fan meten vostedes a zoca ata o fondo e xeran problemas onde non os había.

Nós entendemos que un goberno responsable é un goberno que trata de solventar aqueles problemas que ten a cidadanía, e non é o que se adica a xerar eses problemas, que é o que vostedes están facendo con esta cuestión. Estamos diante dunha medida que puxo a Xunta este ano e que xera unha problemática que non entendemos a que responde. E vostede non deu os datos, porque vostede recuou na súa intervención —benvido sexa tamén e oxalá se chegue a un acordo coa veciñanza e poidan chegar a un acordo—, de que poderían reducir a carga de visitantes, dous mil trescentos diarios, para ampliar a dos veciños e veciñas. ¿Ata cando? Déanos cifras. ¿Que estudos manexan vostedes?, ¿que cifras coñecen vostedes da afluencia dos veciños e das veciñas, que lles indican que teñen que reduci-lo a esas cifras que están reducindo vostedes e a esa regulación que están facendo? ¿Con que datos contan? ¿Que carga de veciños e veciñas estaba soportando Ons para que precisase desta medida? Porque están vostedes empezando a casa polo tellado. O lóxico será estudar cal é a incidencia desa veciñanza, e sobre esa incidencia desa veciñanza calcular cantos visitantes poden vir, e non ao revés, como o fixeron vostedes, sen ter en conta a veciñanza.

O Parque Nacional das Illas Atlánticas é, sen dúbida, unha xoia que temos a obriga de preservar polo seu enorme valor natural, pero tamén temos que ter a mirada ampla e saber recoñecer a enorme importancia que ten a veciñanza de Ons dentro dos valores que temos que conservar e que temos que preservar, e que fai que esta illa sexa especial e teña un elemento diferenciador que a fai moito máis especial.

Como deba saber, os pobos fanos as persoas, señora conselleira, e son elas a parte máis importante nesta cuestión, e é con elas con quen hai que falar para buscar unha solución en vez de seguir xerándolles problemas e dificultades.



Ademais de preguntarlle cales son os cálculos que teñen feitos vostedes sobre a incidencia dos veciños e das veciñas de Ons para tomar este tipo de medidas, porque o fan en torno a uns estudos, quero facerlle tamén outra pregunta: ¿que teñen vostedes, se é que teñen algo, contra os illáns e as illás? E xustifícolle esta pregunta... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Cando saia vostede á palestra fale, eu mentres falou estiven caladiño no meu asento. *(Murmurios.)* Hai unha semana asistín a unha xuntanza convocada no Concello de Bueu, como vostede saberá, polo grupo de goberno, que desculpe que non o saudei, tamén saúdo o grupo de goberno, convocado polas veciñas e veciños de Ons, onde estaban os representantes de cada un dos grupos do Parlamento de Galicia, co obxectivo de buscar algún tipo de compromiso que puidese solventar esta situación. Houbo unha veciña que estivo alí —que imaxino que estará por aí tamén— que lle preguntou directamente ao señor Moreira, o representante do Partido Popular, que tiña o Partido Popular contra os illáns e as illás por este abandono, este desleixo durante todos estes anos, que non atenden as súas demandas e que agora lles veñen dificultar a súa entrada ás súas vivendas. O señor Moreira, evidentemente, díxolle que non tiña ningún problema contra os illáns e as illás. E eu tamén entendín que non era nada que tiveran contra eles, que era a práctica habitual do Partido Popular: dificultarlle a vida á xente. Digo outro caso máis... *(Murmurios.) (Protestas.)* ...outro caso máis no que o Partido Popular lle dificulta a vida á cidadanía, outro caso máis no que o Partido Popular é un problema. Nada novo, non parecía un trato especial cara á illa de Ons.

Pero, claro, despois atopámonos con que veñen vostedes no medio desta polémica co anuncio da incorporación do Parque Nacional das Illas Atlánticas na petición de que sexa patrimonio da humanidade, sen ter falado co Concello, sen ter falado cos veciños e coas veciñas unha cuestión de tanta importancia, sabendo a polémica que existe coa veciñanza, a desconfianza que vostedes xeraron na veciñanza. E, sen falar absolutamente con ninguén, seguen adiante con isto. Polo tanto, si que pode ser que teñan vostedes algo contra eles e contra elas. Se pode dar resposta a iso tamén llo agradeceremos.

Nós entendemos que temos que garantir que os veciños e as veciñas poidan desfrutar e vivir nas súas vivendas e ter unha vida o máis fácil posible, xa teñen unha serie de inconvenientes por vivir nunha illa coa falta de servizos que teñen ao estar incluída nun parque nacional, coas limitacións que iso comporta, e que debemos tratar de evitar dificultarlles aínda máis a vida, e que temos que facer un esforzo importante por manter ese poboado como un valor inmaterial importantísimo, que fai desta illa un lugar tan maravilloso como o que é. E que as persoas que temos a sorte e a fortuna de coñecer a illa, e de pasar alí momentos na illa como é o meu caso, coñecemos ben desa importancia, coñecemos ben dese valor inmaterial que ten esa illa, e que é un dos atractivos máis importantes que debemos conservar.

Nós cremos, e cre a veciñanza, que non existe ningún motivo obxectivo para limitarlle á veciñanza desta maneira a súa entrada na illa, que si, evidentemente, haberá que poñer cupos, pero, ao mellor —como vostede di—, haberá que reducir no número de visitantes. E para iso fan falta estudos serios.

Este verán —non deu as cifras—, ¿cantos veciños e veciñas están asistindo habitualmente a Ons nos meses de máis carga de xente?, ¿cantos veciños e veciñas están asistindo? e ¿cal é a incidencia que están tendo no parque? Non deu eses datos; polo tanto, non ten eses datos.





E se os ten, saia agora aquí na súa réplica e dea os, que estaremos encantados de escoitalos. Vostedes fixeron un cálculo xeral sen ter en conta a vida habitual dos veciños e das veciñas na illa. Fixérono como se non existiran. Máis ou menos fixeron un cálculo xeral da carga que cren que pode soportar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois dea as cifras, dea as cifras dos veciños e veciñas que están asistindo e cal é a incidencia na illa deses veciños e veciñas.

Porque hai outras moitas fórmulas para poder poñer cupos. Tiñan vostedes unha petición este verán de facer unha moratoria co dos carnés pola polémica que se xerara, que fixeran un cálculo, que estiveran atentas a ver cal é esa incidencia real dos veciños e veciñas, para ver se realmente é necesaria esta medida. E vostedes negáronse a facelo, non quixeron facer esa moratoria, facer un estudo con calma para evitar a polémica. E decidiron seguir adiante como se estiveran no lonxano Oeste, xerando confrontación e xerando disputa. Cando non lles custaba nada parar, facer unha moratoria e dicir: pois imos analizar ben este caso, imos ver a incidencia e sobre iso imos traballar. Vostedes dedícanse á confrontación e a buscar e a xerar problemas onde non os hai.

Polo tanto, nós pedímoslles que se senten cos veciños e coas veciñas a buscar solucións, que é un dos valores fundamentais desa illa que temos que preservar e que temos que coidar, que abandonen a confrontación, que se senten a buscar fórmulas, que fagan estudos serios e detallados sobre a incidencia da veciñanza en Ons e de que maneira podemos preservar e podemos compatibilizar a vivencia destas persoas cos valores naturais e da zona; e que se centren tamén en atender os valores e os problemas que ten o parque nacional, que ata o de agora non os está xerando a veciñanza, estaos xerando o montón de agresións e o desleixo e a falta de investimento e de recursos que a Xunta de Galicia aplica na illa de Ons.

Vimos en Cortegada como en 2015 ardeu, e foron os veciños e as veciñas os que tiveron que ir apagar ese lume, porque a Xunta de Galicia nin estaba nin se lle esperaba. Vímolos nas illas Cíes, como durante anos estiveron soportando unha enorme carga de visitantes, que hai estudos que si determinan que si que houbo retroceso na biodiversidade nas illas Cíes polo abandono que tivo a Xunta de Galicia durante todos estes anos do seu control. E estámolo vendo coa illa de Sálvora, señora conselleira. Se quere vostede conservar as illas atlánticas deixen de botar lixo ao mar, deixen de botar lixo na fosa da illa de Sálvora.

Pola miña banda, de momento máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Cal.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Pierres López.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Bos días tamén a todas e a todos.

E permítanme tamén que comece por saudar, por suposto, as veciñas e os veciños de Ons que hoxe nos acompañan desde a tribuna, así como tamén mencionar a toda a xente que me



consta que hoxe se concentra nos aledaños destes parlamento co fin de que a súa voz tamén sexa tida hoxe en conta. Xente, ademais, que para min é especialmente próxima, coa que empatizo enormemente por terme criado en Seixo, en Marín, e, polo tanto, veciña practicamente da vila de Bueu. E, polo tanto, tamén cunha idea clara do que é a historia de Ons, así como o que alí aconteceu nestes últimos anos e nestes últimos tempos.

E o que aconteceu ao longo dos anos foi sempre unha loita, unha loita constante por parte dos veciños e das veciñas da illa por facer valer os seus dereitos. E quero subliñar esta palabra, señora conselleira: «os dereitos». ¿E por que o fago? Porque durante estes meses todo aquel que non é de Bueu, que non é de Ons, que non coñece esta problemática, cando un se refire a reclamacións da súa veciñanza, acaba falando esta xente de privilexios, prexuízando o interese oculto da veciñanza; algo que ao meu modo de ver só se entende por mor dunha campaña errada de promoción da illa, onde parecera que a promoción turística tivese que estar reñida cos dereitos dos veciños e das veciñas, hoxe concesionarios desas preto de oitenta vivendas que alí se manteñen.

E o Partido Socialista cre firmemente que as proteccións poden e deben convivir con aquelas xentes que previamente residen nun lugar, e non se debe, baixo ningún concepto, nin renunciar nin ao un nin ao outro. ¿E por que debe ser así? Porque non hai mellor aliado para un territorio que aqueles que senten ligazón e raíces no lugar. Ninguén entende mellor o valor dun contorno que aquel que o sente de seu.

¿Significa isto que non se entenda a necesidade de aplicar normas de actuación ou de plans de conservación? En absoluto. Nós —insisto— estamos totalmente a favor das proteccións, pero si entendemos que se ten que facer escoitando e dialogando cos e coas concesionarias das vivendas. Porque as xentes de Ons non merecen ser tratadas como esa molesta mochila da que se ten que desfacer a Administración autonómica. E ese é o sentir maioritario dos isleños durante o último ano, un sentir que, por desgraza, entronca con esas loitas de antano tamén por defender o seu. Unha sensación de que toda intervención pública na illa pasou sempre pola mingua dos seus dereitos.

E vostede sabe, señora Vázquez, que esta non é unha situación nova. Noutros parques, aínda que non con carácter nacional, como o das fraguas do Eume ou o dos Ancares, por poñer dous exemplos, tamén se deron situacións similares. A veciñanza manifestou a súa preocupación na fase de redacción dos plans de uso e xestión, porque tamén entenderon e entenden que non se fan respectar os seus dereitos neses casos, algúns como propietarios e algúns deles tamén como residentes de vivendas.

E ese descontento xeneralizado provocou a paralización e tamén a ralentización na aprobación dos plans, ata que se acade —e así o dixo a propia Consellería— o desexable acordo coa veciñanza. Algo que ao noso modo de ver parece lóxico, a busca de acordos, pero no caso do Parque das Illas Atlánticas, do que forma parte a illa de Ons, non se ten dado.

E entendo tamén que vostede nomeara antes o caso do Plan de usos da illa de Cabrera. E é certamente acaído, porque nos permite lembrar todos os abusos que neste caso si se deron cun uso privilexiado e con recursos públicos por parte dos *consellers* do Partido Popular. Ten razón, conselleira, que importante é acoutar esas malas praxes. (*Aplausos.*)



E dado que aquí xa se procedeu por parte dos voceiros e das voceiras a facer certo repaso histórico do que foi o longo camiño dos veciños e das veciñas ata seren considerados concesionarios das vivendas, vanme permitir que non incida máis nese relato e que me centre no motivo que nos trae hoxe aquí, a nosa veciñanza de Ons, razón que xira en torno ao conflito na xestión dos accesos á illa e que se ten fraguado no tempo. Un conflito que, ademais, lonxe de terse apaciguado se avivou co paso dos días e meses, e con esa aprobación acelerada do plan reitor, que mantivo os veciños alleos ás decisións e ás normas que os afectaron directamente.

Eu quero confesarlle que desde o primeiro día escoitei en boca de toda persoa ligada á illa con quen falei dúas verbas, sempre as dúas mesmas verbas: por un lado, diálogo, pero, por outro lado, faláronme moito do sentimento. E paréceme que a primeira, o diálogo, nunca foi quen de frutificar, porque nunca se fixo tendo en conta o sentimento. É imposible dialogar con éxito con ninguén cando non se entende cal é o sentimento de quen é o teu interlocutor. Cando non se entende que tras ese sentimento está o apego a algo que é moito máis que unha illa, algo que é máis que unha vivenda ou propiedade, por certo, sempre humildes, cando é moito máis que o material. Porque para a veciñanza de Ons, a illa é raíces, é historia, é familia, é amizades, é á fin e ao cabo a ligazón e a correa de transmisións da súa vida e das súas orixes. A xente de Ons e a súa historia son un valor máis a conservar. E sería moi triste que para preservar ese valor etnográfico se preferise musealizar e non tanto protexer e valorizar a presenza desas xentes que son en si mesmo historia viva.

Contábame o outro día unha nai o importante que é a illa para toda a súa familia, pero especialmente para os seus tres fillos. Eles non coñeceron a Cesáreo, o seu avó paterno, e seu pai orfo desde os nove anos non lles puido tampouco transmitir moita información. Por iso, para eles a illa é emocionante. E digo emocionante porque, de feito, para Marga —a filla mediana— cando tiña doce anos durante unha estancia na illa cos seus pais e a súa tía recibiu dunha veciña un comentario que a emocionou. Díxolle esta veciña: es tan guapa coma o teu avó. E ese comentario produciulle emoción, conselleira, e necesidade por saber máis, porque era dos poucos comentarios e información que recibira do seu avó paterno e que a ligaban con el. E iso teno alí, teno na illa, como todos os relatos que lle transmitiu aos tres netos a súa avoa paterna, María, e que conviviu con eles durante uns anos.

Esa historia viva é a que identifica os e as descendentes dos residentes en Ons. E por iso reclaman os seus dereitos de acceso, porque a súa vida está ligada á illa. Non é xente que reclame, polo tanto, ligarse á illa, senón que é a illa a que está ligada a eles e a elas. Entender isto, entender ese sentimento de apego, esa ligazón é fundamental para poder afrontar ese diálogo con éxito.

Antes mencionei outros casos de parques naturais que afrontan problemáticas parecidas, pero é ben certo que o de Ons é un caso particular pola súa especial condición de acceso, que dificulta enormemente a xestión da protección.

Por iso, o Grupo Socialista cre que non só o diálogo que se inicie desde a Administración autonómica ten que darse dun modo máis fluído coa veciñanza afectada, senón tamén apoiando a realización dun estudo pormenorizado e serio do verdadeiro impacto —como aquí xa se ten comentado— e da incidencia do acceso á illa desta veciñanza, dos seus achegados ou amizades.



É preciso salientar que o problema do acceso masivo á illa se produciu no momento en que se promoveu fortemente como destino turístico e non antes. E é ese efecto chamada o que provocou precisamente a necesidade de mellora do control do acceso. Pero penalizar a veciñanza por riba do turismo a nós non nos parece o máis acertado.

Desde logo, sería un erro plantexar hoxe aquí unha solución pola nosa banda ou unha receita para a resolución do conflito, porque basicamente esa solución ten que pasar por escoitar a veciñanza, toda a veciñanza; non nin o Grupo Nacionalista Galego, nin as Mareas, nin sequera o propio Partido Socialista. Hai que escoitar a veciñanza e recoller todas as opinións e as súas casuísticas. Nós non negamos que desde o inicio da aprobación do plan reitor se producisen rectificacións por parte da Consellería, co ánimo —entendemos— de achegarse ás demandas veciñais. Pero para o Grupo Socialista non só foron parcheados totalmente ineficaces, senón que revelaron claramente a nefasta estratexia de impoñer primeiro para negociar despois. A urxencia non foi outra que o ritmo que imprime o turismo na época estival. E, ao final, o que aconteceu foi que os turistas minguaron as posibilidades de acceso dos isleños e isleñas.

A súa comparecencia de hoxe debiera abrirse camiño a escoitar máis e tratar de chegar a acordos coa veciñanza de Ons, e non tanto en centrar os seus esforzos nas opinións, por exemplo, dun alcalde socialista. Porque facer isto o único que nos amosa é que se sente vostede máis cómoda na provocación que na solución. (*Aplausos.*) Debería vostede estar hoxe máis preocupada pola provocación que vostedes mesmos orixinaron aos veciños e ás veciñas de Ons e que nos levou a este debate de hoxe.

Confiamos en que ter chegado ata aquí sirva para que a Consellería atenda debidamente as reclamacións veciñais e empatee con ese lema que eles repiten, e é que «Ons non é unha illa, é un sentimento».

Nós agardamos que a perda de dereitos da veciñanza non sexa a que a leve definitivamente a vostede a dicirlles que os acompañe no sentimento. Señora conselleira, contribúa a manter viva a súa historia e a que o apego que senten enraíce...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** ...cun pasado que é o seu. Pero que tamén é patrimonio de todas e de todos os que visitamos e desfrutamos deste extraordinario parque natural.

Nada máis polo de agora e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Pierres.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia o señor Trenor López.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Señorías, concelleiros, veciños.

Conselleira, é de agradecer que vostede compareza hoxe aquí. E eu non vou entrar no ridículo de se foi vostede a que presentou primeiro a solicitude para comparecer ou foi o señor Cal.



O que si que sei é que non presentou a solicitude o Partido Socialista, quizais porque prefiren pensar ou apostan pola confusión

O que si que sei é que non presentou a solicitude o Partido Socialista, quizais porque prefiren pensar ou apostan pola confusión e que esta os poida beneficiar.

Mire, só por tocar outra vez o do decoro: a señora Villariño, presidenta do Partido Socialista nesta cámara, obrigaba a poñer as chaquetas. Os deputados non podían vir aquí falar se non poñían as chaquetas, e sábeo vostede porque o señor Bieito Lobeira foi unha vítima precisamente da señora Villariño. Claro, é que iso si que era amordazar. ¡Carai se amordaza a señora Villariño! (*Murmurios.*)

E só por aclarar: que eu saiba, a concelleira reunise coa asociación de San Xaquín, que era a que existía neses momentos. A de María Xosé, que era exconcelleira do Bloque Nacionalista Galego, constituíuse o 21 de agosto. (*Murmurios.*) Pero incluso ata lle teño respecto ao que di María Xosé, porque na súa solicitude de reunión coa Consellería o que pediu é que, por favor, os políticos da Corporación Municipal de Bueu se mantiveran á marxe. Quizais porque ela coñece moi ben cal é a capacidade que teñen vostedes para intoxicar e darlle a volta absolutamente a todo.

E non nos confundamos, señorías: hoxe estamos a falar aquí de como garantir a conservación e protección dos nosos espazos naturais, e en concreto do parque nacional, señor Villares. Iso é do que estamos a falar aquí. Non falou en ningún momento, non lle adicou nin un segundo a falar das políticas de conservación e das figuras de protección do noso patrimonio natural. Non lle importa absolutamente nada. Vostede está moito máis feliz coa súa camiseta; xa ten a foto para mañá ou para hoxe, para subir ao Twitter, e xa fixo vostede o teatrillo que quería facer. (*Aplausos.*) E era a única preocupación que ten vostede por isto.

Tamén me sorprendeu, señora Vilán, que non defenda vostede o parque nacional e que sexa outra deputada, quizais con outros intereses de carácter máis locais ou de carácter persoal, pero que non teñen nada que ver coas políticas de conservación.

O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia é o único parque nacional co que conta a nosa comunidade. Foi declarado en xullo do 2002 a raíz dun acordo unánime, un acordo unánime —escóitenme, por favor— neste parlamento. Debate que, ademais, quero lembrar, porque acusouse o noso partido de ter falta de ambición, porque vostedes querían que fora máis amplo o parque. E aquí hai outra mostra máis da súa incoherencia: antes querían que o parque se estendera a case todas as illas de Galicia, ás dunas de Corrubedo, aos cantís, ás praias e rías, etc., a todo aquilo onde se puideran ver as illas. Vostedes querían que quedara protexido polo parque nacional; xusto o contrario do que queren agora, que é empequenecelo, que é fraccionar o parque nacional. Pero, señorías, o que si que houbo foi consenso en destacar o valor medioambiental, o valor paisaxístico e de biodiversidade do parque, e que, ademais pola súa simboloxía, este vai máis aló e contribuía a configurar a nosa identidade como galegos.

Decía a conselleira que lle gustaría que todos amosásemos nesta cámara unha postura clara e explícita ante a necesidade de protexer con todas as ferramentas que temos á nosa dispo-



sición o único parque nacional co que conta Galicia. Pero creo que hoxe vostedes perderon unha oportunidade única para pechar filas e defender o noso parque nacional e a validez das figuras de protección que garanten a súa conservación.

Falamos das figuras de protección, pero tamén dos instrumentos de xestión delas; ferramentas nas que se determinan todos os aspectos necesarios para garantir a máxima conservación. E cando falamos das figuras de protección e das ferramentas que delas derivan é onde o discurso da oposición empeza a facer augas. Por un lado, nesta cámara debatemos case en todas as sesións plenarias de ampliar a protección sobre o noso patrimonio, sobre o noso territorio, de facer que cada vez haxa máis superficie na nosa comunidade baixo algunha das figuras de protección que temos. Pediron vostedes ampliar a Rede Natura, ampliar os parques naturais, declarar espazos protexidos onde non os hai, que se flexibilizasen os requisitos para poder declaralos. Incluso na recente Lei do patrimonio natural, se lles chego a facer caso a vostedes, toda a nosa comunidade estaría baixo unha figura de protección.

Por non falar dos plans reitores de usos e xestión, que vostedes nos apremiaban para que os aprobáramos, coa maior das urxencias, sen estirar os prazos de diálogo cos afectados por eles, sen escoitar os afectados e sacando a machete a Consellería. Nós dixemos que non, nós dixemos que queríamos escoitar, que queríamos esgotar eses prazos, e vostedes criticáronos por iso.

Diálogo que o noso grupo sempre defendeu e diálogo que a Xunta de Galicia levou a cabo para, tras moitos meses de traballo, elaborar o primeiro Plan reitor de usos e xestión do Parque Nacional, un documento froito do diálogo e do consenso e do traballo coordinado de todos os axentes implicados, e —como recordou a conselleira— recibíronse oitenta e cinco alegacións e aceptáronse sesenta e dúas. Plan que, ademais, recibiu o visto bo do Ministerio de Transición Ecolóxica do Goberno socialista, que xa entrou en vigor e que vai servir para protexer este espazo.

Señorías, os cupos son imprescindibles para garantir a conservación do parque. Cupos que foron solicitados por todos os grupos desta cámara, e con maior intensidade nos últimos anos, non só nas Cíes senón tamén nas Ons, como consecuencia do maior control sobre as primeiras.

E teño aquí, por exemplo, as iniciativas do Bloque Nacionalista e da Marea, que van completamente en contra do que vostedes acaban de dicir hoxe. Digo da Marea, pero digo tamén, señor Villares, que vostede era o voceiro da Marea antes de que o botaran e que estivera no Grupo Mixto, e vostede firmou isto, e vostede subscribía completamente o contrario do que dixo agora. Iso é hipocrisía; non se pode chamar doutra forma. Vostede di unha cousa aquí cando non ten os veciños, e logo cando vai falar cos veciños di a contraria, e olvídase das súas palabras, e olvídase do que vostede firmou e aceptou como voceiro, señoría. *(Aplausos.)*

Os cupos, por se non lle quedou claro, señor Villares, por se vostede non lía o que rexistraban outros deputados da súa organización, están pensados para evitar a masificación turística, e que se poña en perigo os valores ambientais do parque nacional.



Iso —como lle digo— foi pedido por todos os grupos. E reprochouse incluso ao Goberno que o fixera con diálogo; non como vostedes pedían que era sen escoitar os afectados. E agora, que están definidos e que se están a cumprir, parece que alguén non está de acordo e anda a confundir e a buscar conflitos cun instrumento que é o mellor que pode garantir a conservación destes espazos.

Isto amosa a hipocrisía, señorías, dos seus grupos: piden nesta cámara que amplieamos a protección dos espazos, que amplieamos as medidas de conservación, que a normativa sexa cada vez máis restritiva, que sexa máis exigente, que limite cada vez máis os usos que hai sobre os nosos parques nacionais, e, ao mesmo tempo, cando se aplican precisamente as medidas que vostedes solicitaron, veñen aquí e alimentan vostedes o conflito e intoxican, e menten. Menten porque incluso nas iniciativas que rexistraron mentiron. Debía vostede volver revisalas e, polo menos, pedir perdón por todo o que dixeron que non se axusta á realidade.

Pero iso non é novo na oposición. Vostedes teñen un discurso aquí e despois, segundo o concello onde estean e segundo o colectivo co que falen, mudan completamente de discurso. Por iso vostedes teñen que cambiar de voceiros, por iso os voceiros de Medio Ambiente non falaron hoxe, porque daríalles vergoña dicir o que dixeron vostedes. (*Aplausos.*)

Señorías, isto mesmo que estamos a dicir pasa tamén coas enerxías renovables. Aquí todos os plenos veñen vostedes co discurso, échenelles a boca co discurso das enerxías renovables. Agora ben, non hai unha central hidroeléctrica, non hai unha minicentral, non hai un parque eólico, non hai unha instalación de biomasa que teña o apoio da oposición. Toda a instalación da enerxía renovable que se pon en Galicia, toda, ten unha plataforma liderada e movida por vostedes. Tamén pasaba —falabamos pola mañá— co tema das plantas de tratamento de residuos.

Señorías, esta incoherencia tamén pasa coa protección dos espazos que teñen grandes valores medioambientais: moita iniciativa, moito conservacionismo de boquilla, moito desenvolvemento sustentable, pero cando iso se leva á práctica, vostedes sempre, sempre están en contra.

Señorías, sobre os cupos de acceso: estes están funcionando correctamente; non son un capricho da Xunta de Galicia, fanse, señor Cal, con base en criterios técnicos e informes técnicos; son a ferramenta máis eficaz para protexer o parque. E, ademais —como lles explicou a conselleira—, non poñen en perigo os dereitos recoñecidos aos titulares das vivendas. Desde o primeiro momento, a Xunta de Galicia defendeu a situación especial destes veciños, e que podían verse afectados precisamente polas figuras de protección, polas figuras de protección que vostedes defendían que se aplicasen, e actuou en consecuencia.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Por iso, señores, por iso, veciños, teñen vostedes toda a liberdade para entrar e saír da illa todo o ano, á marxe do cupo xeral, mesmo os días nos que o límite das autorizacións estean cubertos.



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** E para iso, por suposto, articúlase, para garantir que vostedes poidan acceder sen estar afectados polo cupo.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Por iso establécense eses mecanismos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Xa rematou o seu tempo.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Para a réplica ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, presidente.

Créanme que procurei estar ben atenta, e fíxeno, pero hai veces que unha é que ten que responder no momento porque non cre todo o que aquí se escoita. E non cre todo o que aquí se escoita porque, primeiro, fun conselleira de Medio Rural, e escoitaba todo o que me dicían de que eu quería arrasar con todo e non quería preservar en absoluto o medio ambiente. E era tralla, tralla, tralla. Agora son conselleira de Medio Ambiente, e escoito continuamente que aquí os únicos que queren preservar son vostedes, cada un dos grupos, pero que por parte da Consellería, que eu presido, tampouco se fai absolutamente nada. E despois convidamos os veciños —que me parece ben e moi loable— e cambiamos o discurso. ¡É que isto é alucinante!

Pero, sobre todo, é alucinante cando hai unha serie de xente, que son os técnicos —que traballarían con vostedes igual que están traballando con nós—, que son funcionarios, que son os que fan os informes, e non cambiarían o informe estando gobernando uns e outros. Pero é que, ao final, queremos desacreditalos porque alguén vén dicir aquí: ¡fagan estudos serios do PRUX! Pero, vexamos: houbo exposicións públicas e houbo un trámite. É que aquí todos estamos cobrando no mes a mes para velar polos veciños. E, sobre todo, se estamos moi preto deses veciños, tiñamos que facer un traballo que —créanme— ningún de vostedes fixo, porque é que non houbo nin unha soa alegación ao Plan reitor de usos e xestións. ¡E mira que o trámite foi longo!

E foi tan longo como que tivemos titulares e titulares, prensa e prensa, onde se nos tildaba absolutamente de todo, onde dende o Pleno de Vigo en bloque se urxe da Xunta un plan reitor para protexer as illas Cíes. Por exemplo, señor Villares, ¿coñece vostede a Xosé L. Jácome, que eu creo que este seguirá sendo de En Marea —como andan cambiando uns e outros? Pois este señor dicía o 7 de setembro de 2017: «*La falta de PRUG es el origen de todos los*





*problemas, la Xunta debe de hacer los deberes»*. É dicir, é que aquí dicimos unha cousa e tamén dicimos a contraria.

Señor Villares —empezo por vostede—, a min gustaríame saber, dende que vostede está en política, que fixo ata o de agora polo PRUX Parque Nacional Illas Atlánticas. ¿Onde estaba cando se expuxo o PRUX? Agora vostede —paréceme moi ben, e ademais debe de facelo, pero cando o faga que sexa polo menos cun traballo algo serio— diga algo: ¿que é o que debemos de facer para chegar a un mellor consenso?

Vostede vai quitar un pouco de rédito político e, de paso, se se poden rifar as camisetas — que tamén me parece ben —, pois tamén rifamos as camisetas. Porque xa vimos que Marcos Cal dixo que el non a traía porque non a tiña. Pois se a cuestión vai de camisetas, entón este país vai moi mal, Bueu vai fatal e Ons desaparece. Está clarísimo.

Independentemente de todo isto, faloume vostede de xustiza, e é certo que eu sobre xustiza non lle podo discutir porque non son xuíza, porque eu non fixen dereito. Pero si é certo que debería de ler vostede o Auto 94/2019 do Tribunal Superior de Xustiza, e se non dicir que está en contra.

E di que non cuestiona o cupo, pois é que non podemos cuestionar o cupo, porque o cupo está feito tecnicamente e porque, ademais, foi avalado polo Ministerio de Transición Ecolóxica. É imposible que cuestionemos o cupo.

¿Podemos cuestionar cambiar dun lado para outro? Ben, pois que pasen datos, señor Bará. Pero é que o seu alcalde é o alcalde que dende hai meses quedou de pasar un censo, e nunca chegou ese censo á Consellería de Medio Ambiente. E digo eu que os veciños e veciñas de Bueu e de Ons votarían a algún representante.

Señor Bará, outra pregunta...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Desculpe, señora conselleira.

Prégolles ás persoas que están na tribuna que se absteñan de facer ningún comentario. Non está permitido.

Moitas grazas.

Continúe, conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):**

O seguinte, señor Bará, vostede di: é que non facemos nada polas illas, e supoño que se refire ás catro illas. E a miña pregunta é —vostede é do BNG, tamén gobernaron—: ¿que fixeron vostedes? Eu si que lle podo dicir o que estou facendo agora mesmo. E o que se está facendo agora mesmo é o investimento dun millón de euros: en Cíes, 300.000 euros; en Ons, 250.000 euros; en Sálvora, 230.000 euros, e en Cortegada, 200.000 euros. A todo isto, tamén lles teño que dicir un recoñecemento moi especial a unha xente, mozos e mozas, de Amicos e da asociación BATA, que fan un traballo encomiable e fantástico nestas illas.



¿Que seguimos facendo tamén polo Parque Nacional Illas Atlánticas? Pois hai un compromiso cun traballo realizado, que é o proxecto encargado pola Xunta de Galicia no ano 2017, e ademais que lle puxemos a data do ano 2020, que é o proxecto Tutatis, autosuficiencia nas illas Cíes e Ons, que son dous millóns de euros —iso para ir apuntando—.

¿E que se fixo tamén polas illas, señor Bará? Pois a área de rehabilitación integral do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas foi declarada en xaneiro de 2019. É unha ARI supramunicipal xestionada pola Xunta de Galicia, e integra todas as illas do parque nacional. O investimento previsto, señor Bará, é de 1.125.000 euros.

Pero ¿que hai que facer moitas máis cousas? Por suposto, por Ons e polo resto de Galicia; e por Ons, e por Cíes, e por Sálvora, e por Cortegada.

E despois dixo vostede unha cousa que eu case me perdín, e igual entendino mal, e se entendín mal xa lle pido desculpas. É que dicía que o problema de Ons é porque de repente levamos en navieiras a xente das Cíes para Ons. ¿E que pretende dicir con isto?, ¿que foi a Consellería?, ¿que é navieira a Consellería e que a trasladou dun lado para outro?, ¿ou que ten intereses a Consellería en que se faga iso? Ben, supoño que estamos de broma se quixo dicir iso. Eu é que entón aí xa me perdín.

E, por outro lado, no de recibir os veciños, pois, efectivamente, había unha asociación constituída —que era a Asociación de Veciños de San Xoaquín— e dimitiu a súa presidenta. Eu reuníme coa súa presidenta. Estase constituíndo outra asociación, e eu reuníreme con esa asociación. E que non estea eu presente non quere dicir que non estea unha directora xeral, que —créame— o que di ela ao final aválollo eu, e viceversa, ou se hai que pulir tamén o pulo eu. Esa é a realidade.

Grupo Común da Esquerda, con Marcos Cal. Mentres que non hai PRUX, señor Marcos Cal, criticase, e entón tamén son notas e notas de prensa dicindo: incompetencia por parte da Xunta de Galicia. Cando hai PRUX vostedes non participan, porque traballar non traballaron nada. É que é tan fácil coller, chegar aquí e dicir: estamos con estes, cos de máis alá, pero o traballo ningún; pois tamén se critica.

Se me pregunta a min cantos veciños hai en Ons, ¡home!, pois a verdade é que eu teño unha serie de competencias; pero é que quen me ten que trasladar os veciños de Ons, á parte de que eles o están acreditando e que demos trescentos cincuenta carnés, e, polo tanto, eu agora mesmo teño que dicir que hai trescentos cincuenta veciños, porque son os carnés que demos. E hai un dato que tamén deu a prensa, que di que hai mil veciños. Pois se hai mil veciños que nos acrediten que son veciños ou familiares deses veciños. Nós o que non podemos é saírnos da carga de xente, pero o que si podemos facer é dicir que hai mil veciños. Pero algún nolo terá que trasladar. *(Aplausos.)* E esa é a competencia municipal, que non son eu. *(Aplausos.)*

E a algún estívenlle escoitando que o problema é ter un carné. Ben, pois ás veces é que, efectivamente, quitamos un problema de onde non o hai, pero resulta que non se quere un carné. Pero é que dalgún xeito temos que acreditar, porque se non o acreditamos, entón o



que non estamos facendo é, á parte de non preservar o parque nacional, non estamos preservando os veciños e as veciñas de Ons, porque, entón, si que meteríamos miles e miles de persoas, e, ao final, case terían que saír eles das súas casas ou das súas hortas, porque serían invadidos case literalmente.

Porque non é a primeira vez que tamén sae nos medios de comunicación a problemática existente en Ons: «*La isla de Ons desbordada de visitantes*», isto foi o 22 de agosto de 2017. (A señora conselleira Vázquez Mejuto amósalle á Cámara unha fotocopia dunha páxina dun periódico.) Como aquí non se vía moi ben e non lle deron ampla cobertura (A señora conselleira Vázquez Mejuto amósalle á Cámara outra fotocopia dunha fotografía en tamaño folio.) xa a ampliamos, e, efectivamente, había unha morea de xente que entraba en Ons. E iso supón un estrés para os veciños, pero tamén unha responsabilidade para todos os demais, porque antes de haber PRUX non tiñamos un plan de seguridade nin un plan de emerxencias, que agora si teñen os veciños e as veciñas, e agora si que poden estar tranquilos.

Polo tanto, ¿o problema é acreditarse a través dun DNI? Pois díganme vostedes se o queren facer a través do que queiran, dunha pulseira, do que queiran, pero dalgún xeito témolo que acreditar. Ao igual que a xente que vive nunha cidade e que está nunha zona verde, e, polo tanto, ten que facer un trámite para dicir: eu son veciño de alí, pero é unha zona verde, e quero aparcas, nin máis nin menos.

E en relación co PSOE, señora Pierres, eu entendo que o papel de vostede hoxe non é aquí fácil. E non é fácil porque sabe de primeira man que é o que fixo o PSOE en todo este trámite: non hai nin unha soa alegación ao PRUX, e houbo exposición pública e, polo tanto, vostedes eran coñecedores. E seguramente vostede coñeza moito máis a xente por ser da zona e seguramente estea preocupada, pero esa preocupación tíñase que trasladar cando vostedes, primeiro, dicían: fagan vostedes o PRUX; fixemos o PRUX, hai todos os informes correspondentes, hai un período de alegacións moi amplo, e resulta que lles pareceu ben todo. Pero é que despois este informe se traslada ao Ministerio de Transición Ecolóxica e a Parques Nacionais. E sen o seu visto bo, sen o seu informe favorable, nós non o poderíamos aprobar aquí. ¿E quen goberna neste momento en Madrid? ¿E quen é a ministra de Transición Ecolóxica? É tamén do PSOE. (*Murmurios.*) Pero é que, por riba, vostede di que me sinto moi a gusto neste barullo do PSOE. Mire: eu non lle mandei a Abel Caballero que se fora meter coa xente de Bueu nin coa xente de Ons, meteuse el soño. (*Aplausos.*)

Polo tanto, é certo que ás veces non é doado ter que saír aquí e defender. Pero, independentemente disto, aquí do que se trata é de se hai que seguir clarificando sigamos clarificando, pero non embarullando. Eu creo que, ao final, o resultado é que todo o mundo di: ten que haber cupo. E que, ao final, todos os grupos políticos din: pois ten que haber un plan reitor de usos e xestións.

¿E que hai algún malentendido? Créanme que non foi intención desta conselleira nin do seu equipo, nin tampouco do Partido Popular, que houbera ese malentendido. Pero igual hai xente que se sente moi a gusto malmetendo cos veciños. Porque xa me podo imaxinar que á miña avoa se de repente lle van á súa idade, incluso a meus pais, dicindo que se lles van restar os seus dereitos, é normal que se preocupen. E eu téñolles que dicir aos veciños e ás ve-



ciñas que non se lles restan os seus dereitos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, señor Bará. E ás veces malmeter dá lugar a todo isto, e despois cando queremos... *(O señor Bará Torres palabras que non se perciben.)* Por suposto, que non son parvos. Miña avoa non é parva, meu pai e miña nai tampouco son parvos. Pero non teñen por que saber o que é o PRUX, señor Bará.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Eu non trato os veciños de parvos, créanme, eu estou ao carón dos veciños. Eu fun alcaldesa e, polo tanto, cando un é alcalde ten que darlles a man todos os días aos veciños. *(Aplausos.)*

Pero o que si non me vai discutir é que cando, ao final, alguén pretende meter medo sempre algo queda. Polo tanto, aquí estamos para falar alto e claro e para desfacer ese entuerto que nunca se tiña que ter torcido.

Polo tanto, temos un parque nacional, e a pregunta é: ¿querémolo si ou non? Eu penso que si. E se queremos un parque nacional, temos que ter un plan reitor de usos e xestións. E se temos un plan reitor de usos e xestións que está aprobado, hai uns cupos. E se hai uns cupos, señores, ¿hai máis veciños? Non hai problema, quitémolo do cupo xeral. Efectivamente, non hai máis problema, pero que se poñan de acordo, e os que se teñen que pór de acordo son os veciños de Bueu e os veciños de Ons.

Polo tanto, agora hai unha nova asociación, esa asociación representará —imaxínome— todos os veciños, e se non representa todos os veciños, hai uns grupos políticos que entre todos si que representan todos os veciños e, polo tanto, que o trasladen. Pero este é o único camiño, non hai máis camiño que este.

Víñanse pedindo... É máis: eu teño escoitado dalgún grupo parlamentario que mesmo se cualificou este plan de brando, é dicir, que tiñamos que ser máis restritivos. E nós somos dos que dicimos que hai que protexer, pero que ao mesmo tempo que hai que protexer hai que deixar vivir. E, polo tanto, hai que deixar vivir a xente de Ons. E tamén hai que dinamizar a economía; é fundamental dinamizar a economía. Ao igual que é fundamental que teñan unhas vivendas dignas e que teñan axudas ao igual que teñen outras zonas.

Polo tanto, esta é unha folla de ruta, e unha folla de ruta que está encargada para dez anos; para dez anos cunha regulación do parque público, cuns cupos de visitantes onde é imprescindible telos para unha boa xestión e conservación do espazo público. E tamén está fundamentado, e está fundamentado con criterios estritamente técnicos e de capacidade de carga. Uns cupos que, por suposto, non os inventa a conselleira de Medio Ambiente, e que se aplican no resto dos parques nacionais, independentemente de que se faga dun xeito ou doutro.

E escoitáballe á señora Pierres que se nun parque nacional era o PP o que restrinxía. Mire: é que son parques nacionais, e, de verdade, quen os controla é o Ministerio. É que aquí estamos perdendo un eslabón, para iso son parques nacionais. É que de repente aquí, que se un pode facer unha cousa e outro pode facer a contraria.



E todos queríamos pór orde, e cando digo todos digo os representantes políticos e tamén os veciños, que —como lles ensinaba antes— aseguraban no verán do ano 2017 que a illa estaba saturada, e reclamaban un control que permitise unha mellor conservación. Pois a maneira de facelo non é outra que a través dun plan reitor de usos e xestións, que sitúa o cupo en mil trescentas persoas para acceso xeral, trescentas persoas para cámping, duascentas persoas para grupos guiados en temporada alta e á parte veciños. Estritamente, ¿que veciños? Empadroados. ¿Que entendeu a Xunta de Galicia por veciños? Cuarta xeración por arriba e por abaixo, irmáns e cónxuxes. ¿Ten que haber máis veciños? Teñamos máis veciños pero dentro dese cupo de acceso xeral.

Polo tanto, brindámonos a escoitar, como non pode ser doutro xeito, e algunha maneira de control debemos de ter. ¿O máis doado que é? Pois un carné. ¿Non temos un DNI? Xa está. Efectivamente, claro que temos o DNI, ¿pero ese DNI di que esas trescentas cincuenta persoas que teñen un carné viven en Ons? Moito me temo que non. Polo tanto, temos que pór un DNI, que lle chame vostede pois, non sei, o que queira. Dende logo, uns querenlle chamar «pase VIP». Eu non. Eu digo: «acredito que son de Ons», e, polo tanto, non gardo cola e, polo tanto, vou e veño cando me dá a gana. (*Murmurios.*) Vale, simplemente con amosar o DNI sempre e cando se diga que esa persoa reside en Ons, unha parroquia de Bueu. Señorías, eu ata onde mo permite a lei vou pór todo tipo de facilidades. Ao que non se pode renunciar, por suposto, é ao cupo, e ao que non se pode renunciar é a un sistema de acceso.

Polo tanto, seguiremos escoitando, seguiremos negociando dentro do que son as posibilidades, porque ás veces nas negociacións parece que eu fago o que me dá a gana. Non, isto está establecido por lei, nin máis nin menos; non fago o que me dá a gana nin neste caso nin no resto dos casos. ¡Estaría bo!

E, por outro lado, o que pido é seriedade, é seriedade na política municipal, que eu creo que a vai haber, seriedade aos alcaldes. E é certo que hai un alcalde que saíu defendéndoo a ultranza, que foi o alcalde de Ribeira, ao cal lle teño que agradecer que siga apostando polo PRUX, pero, sobre todo —o PRUX xa está aprobado—, que siga apostando por unha candidatura, que é fundamental para o presente das illas e para o futuro das illas, á cal non podemos renunciar. E, por outro lado, dicir que os alcaldes han de ser piña, e o que non pode ser é que o alcalde de Vigo siga pedindo para si o que pretende que non se faga para Bueu e para os seus veciños.

Eu entendo a actitude do PSOE nesta cuestión e —dicíao anteriormente— non é doado, pero non sendo doado pois o Parlamento debe de dar o paso adiante e debe de dicir «Si quero o parque nacional» e «Si quero candidatura», como estou segura que, ao final, os representantes do PSOE dos distintos concellos tamén o van querer, porque ese é o futuro da illa e despois lamentariámonos de non telo.

Polo tanto, debemos de ser claros todos e dicir: ¿queremos parque nacional? Eu digo si que o queremos, polo ben de todos. ¿Queremos preservalo e protexelo? Pois si, pero para iso hai que habilitar unhas fórmulas. E a conclusión é: sigamos traballando, pero ese traballo que, ao final, se vexa reflectido en que temos áreas de rehabilitación integral, en que imos ter enerxía e boa enerxía, e ademais enerxía limpa no ano 2020. Polo tanto, ese tipo de inves-



timentos e de proxectos que xa están en marcha e dos cales desfrutarán as illas Cíes e Ons e, como non pode ser doutro xeito, tamén Sálvora e Cortegada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Abrimos a posibilidade dunha rolda especial de aclaracións con duplica do Goberno.

Ten, en primeiro lugar, a palabra por parte do Grupo Parlamentario Mixto o señor Villares Naveira.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Explicou a conselleira con vehemencia que ela non trataba os veciños de parvos, simplemente non trata con eles. Polo tanto, aí non hai ningún problema; faise o que se quere facer e andando.

¿Onde fan estas camisetas, que tanto lles molestan? Aí teñen os veciños e veciñas, vaian falar con eles, que estarán encantados de recibila. *(A señora conselleira Vázquez Mejuto pronuncia palabras que non se perciben.)*

Pregunta vostede que proposta fariamos nós aquí. A primeira xa o dixemos no primeiro minuto de intervención: escoitar a toda a veciñanza. Unha vez que o conflito se manifesta, unha vez que entra en vigor o PRUX e se manifestan problemas, pois escoitar a quen está dicindo quen ten un problema. Non o fan por vicio, están perdendo o tempo, están perdendo cartos. Veñen aquí por algo, por algo que os move, e o que os move é a defensa, entre outras cousas, dun vínculo emocional e un vínculo real que teñen coa illa. Non é nada inventado, nin é para amolala a vostede, é simplemente porque cren que teñen dereito a poder seguir desfrutando dun vínculo que tiñan ata agora coa illa e que nós cremos que non temos dereito a impedir-lles iso.

Mire: tratando de confundir, volveu outra vez coa historia de que se cuestionamos ou non cuestionamos o cupo. Creo que quedou claro na primeira intervención que non cuestionamos o cupo, pero si a súa repartición interna. Se ten que haber cupo, repártese de forma xusta. É dicir, estamos cuestionando o tratamento recibido pola veciñanza á hora de regular o acceso e o uso e disfrute da illa pola cidadanía, concretamente da que ten unha especial vinculación con relación á illa de Ons. Polo tanto, o que buscamos é que se respecten os dereitos da veciñanza en función dun estándar de calidade de vida, que é o que ten o conxunto da poboación tamén no continente.

Segunda cuestión, aspectos xurídicos. Fala vostede do Auto 94/2019 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Si, vostede leu o auto, efectivamente —e nós tamén, porque nolo amosou a veciñanza cando estivemos alí reunidos con eles—, e verá que se recoñece o dereito á residencia. Pero, ¡home!, o dereito á residencia en soidade, porque se establece unha limitación a ese acceso e a esa residencia e a esa convivencia con xente esporádica; é dicir, nas relacións da veciñanza con terceiros, que non temos limitadas as persoas do continente. Polo tanto, se vai ler o auto, léao completo.



En canto ao PRUX, sabe perfectamente que se pode —e así o acaba de recoñecer no final da intervención— reverter a capacidade de carga e que se pode facer logo de escoitar a veciñanza, e que non hai ningún problema en volvelos escoitar, se é que xa pensa que o escoitado unha vez, pois vendo como se pon en práctica e as limitacións que supón o sistema e as dificultades e a restrición inxustificada de dereitos, pois que se faga, sen que isto supoña variación total do volume de autorizacións.

Falou tamén da consideración ampla de veciños. Xa explicou tamén outros dos intervenientes, o señor Bará, que se exclúen determinados familiares dos cónxuxes, de tal maneira que eses non entran, co cal se fai unha especial limitación para os efectos da mobilidade á illa con relación a persoas que teñen vinculación con ela. Porque, efectivamente, o sobriño do cónxuxe ten vinculación, aínda que el non sexa residente na mal chamada dirección, ben chamada neste momento por status xurídico concesión, a pesar de toda a súa xénese histórica.

Por outra banda, tampouco conta algo que denuncia a veciñanza, como se quere laminar progresivamente o concepto de veciño a cada paso e con cada morte, porque as regras de sucesión e as regras das comunidades hereditarias da concesión non son as mesmas que as que establece o Código civil ou a nosa Lei de dereito civil de Galicia, son moito máis estritas. De tal maneira que coa desaparición de cada xeración vai desaparecendo tamén o dereito de cada estirpe a poder desfrutar da illa. Co cal é unha perda de vínculo xurídico, a pesar de que o vínculo emocional non desapareza. É unha cuestión técnica pero é unha cuestión moi relevante, porque desa cuestión depende tamén a concepción arbórea máis ampla ou menos ampla da consideración de veciños á que vostede se referiu. Polo tanto, nós reclamamos que rexan as normas xerais das comunidades hereditarias, do Código civil e do dereito civil de Galicia, e non as que establece a limitación da concesión, que é a que se está utilizando para reducir paulatinamente a consideración de veciñanza.

Pensamos que existe unha distribución inxusta deses *numerus clausus* ou deses números de limitación de carga, que se quere facer de maneira diferente. Os informes técnicos e de presión humana a que se refire non contradín as peticións dos veciños, non as contradín, simplemente establecen unhas prioridades diferentes, dentro do volume de carga total. Pídese unha distribución interna desa capacidade máxima para que se faga a vida máis agradable e conforme un estándar equiparable ao que ten o resto da poboación...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...—vou rematando, si— para facer posible actos tan cotiáns como poder facer unha reunión familiar ou unha reunión coas amigas, cos amigos, ou onde se poida convidar a un acto, como a celebración dun aniversario, ou de calquera outro tipo que exceda das seis persoas.

Polo tanto, nós o que lle pedimos é que á veciñanza de Ons lle fagan a vida máis agradable, que lla deixen de facer imposible e nese sentido que fagan historia, que rompan co pasado e que contén co tesouro máis valioso da illa que é a súa xente.

Moitas grazas. (Aplausos.)



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Villares.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Señora conselleira, xa sei que vostede pode ao mesmo tempo escoitar o señor Pazos e mais a min, pero se me pode prestar atención, para evitar enredos, intentos de confusión.

Efectivamente, é obrigatorio que haxa un PRUX, é obrigatorio e necesario que haxa un cupo. Iso non o discute ninguén. E nós demandamos que houbese un PRUX, porque vostede dixo que tardaron once meses, ¿non? Tardaron quince anos en facelo. E xa había unha proposta no 2011. Vostede igual estaba daquela —non sei— traballando de asesora dalgunha consellería, ou de conselleira de Medio Rural, pero xa houbo no 2011 unha proposta.

Mire: no PRUX figura o cupo, efectivamente, o límite máximo de carga, pero non figura o sistema de acceso e as restricións para os residentes. Iso veu despois nunha comunicación que lles fixeron vostedes —teño aquí unha copia— (*O señor Bará Torres amósalle á Cámara un documento.*) ás persoas afectadas por esa situación. Por certo, non foi unha cuestión técnica, porque se fose unha cuestión técnica, vostedes ateríanse aos informes técnicos. Pero vostedes cambiaron eses criterios ao longo dos meses, ¿non? Cambiaron os criterios, conselleira, ampliaron o número de persoas beneficiarias do dereito de acceso e os seus círculos familiares. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señora conselleira, non diga que non. Cambiárono, e eu teño aquí a última comunicación que amplía o círculo familiar e tamén a esas seis persoas a maiores. Iso non estaba ao principio. Polo tanto, non hai criterios técnicos, hai decisións políticas, que son froito dunha negociación.

E a xente e o Concello de Bueu —unanimemente todos os grupos da Corporación— estalle dicindo que ese sistema non vale. E o Concello de Bueu si que fixo alegacións, que vostedes non atenderon, e mandoulles este acordo (*O señor Bará Torres amósalle á Cámara un documento.*), pedíronlle entrevistas. O colectivo veciñal tamén lle pediu entrevistas, vostede tamén o recoñeceu aquí. Se teñen que esperar a que estean legalizados, son un colectivo que representan un conxunto de poboación, afectada por unha situación —xa digo— moi dolorosa e moi preocupante, e debería de recibilos canto antes.

E xa lle dixen ademais tamén que as contas están claras. Efectivamente, a presión, o efecto chamada, a masificación das Cíes tivo un efecto rebote en Ons.

Se vostede di que o problema é que hai mil persoas que poden ser beneficiarias, a realidade é que hai setenta casas; alí hai setenta casas —oitenta e seis pero, segundo me din a min, setenta están habitables—. Se facemos unha multiplicación pola capacidade que pode ter cada casa, que non ten capacidade para vinte nin trinta persoas, ten capacidade para oito ou para dez persoas —son casas modestas—, de aí sae unha cifra que pode ser a capacidade máxima desas casas: setecentas. Pero non van todas esas persoas ao mesmo tempo, nos mesmos días, pode ir unha media de trescentas, catrocentas. Polo tanto, ¿cal é o problema? O problema é fácil de arranxar. O problema é axustar esas cantidades e se hai problema co





cupo máximo, quitarlle —á parte, díxoo vostede tamén e veu recoñecelo aquí—. Polo tanto, séntense a falar, reciban a veciñanza e busquen ese acordo para buscar unha solución. Porque, ademais, o problema só se dá en determinados días de xullo e, sobre todo, en determinados fines de semana de agosto, o resto dos meses non hai ningún problema. Polo tanto, pensamos que hai unha solución se hai vontade.

Mire: vostede veunos falar aquí dos investimentos. Pero, claro, que diga que invisten 250.000 euros nun auténtico tesouro natural como é Ons paréceme unha cantidade moi modesta e moi baixa. Porque aí xa lle dixen que hai necesidades de mellorar a luz, de mellorar o sistema de excedente de auga, o saneamento, os camiños, os espazos públicos, a asistencia sanitaria; necesítanse moito máis medios. E os parques naturais téñense que construír contando coa xente que vive neles, non poñéndolle difícil ir, estar, vivir, traballar, como lle fan vostedes. Si, señora conselleira, esa é a realidade.

Ademais, o BNG fixo propostas ao longo de todo este proceso, propuxemos unha Mesa por Ons. A Mesa por Ons era precisamente o marco perfecto para sentar ao redor dunha mesa a Xunta, Parques Nacionais, a veciñanza e o Concello de Ons, para buscar de maneira consensuada e dialogada e participada solucións, e, sobre todo, para facer algo que é moi importante nos parques naturais e nos parques nacionais: facer á xente partícipe do proxecto, da idea, do concepto do parque natural; non velo como un problema, senón velo como unha oportunidade, como unha riqueza, que é o que é, unha riqueza natural, pero, sobre todo, unha riqueza cultural de tradicións e unha riqueza humana, de xente que ten aí sentimentos, que ten emocións, que ten aí a súa dor, os seus amores, que ten aí a súa xente enterrada no cemiterio, e que lle quere máis que ninguén a ese territorio. E temos que respectar, coidar e mimar a toda esa xente.

Xa para rematar, voulle facer un agasallo deste libro *A bordo das Ons*. (*O señor Bará Torres amósalle á Cámara o libro.*) Espero que o poida ler, que teña tempo para lelo, porque seguro que vai cambiar a súa visión sobre o significado que ten para os illáns esta illa.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** Así que espero que o lea con cariño e con dedicación, e que lle faga entender o que significa ese sentimento de pertenza, identidade e de amor á illa de Ons que sente toda esta xente, e que transmiten tan ben, sobre todo, a xente maior, que vostede di que nós como que os imos aí enganar e manipular. Non, non, non, a xente é moi lúcida e moi sabia, é xente da que temos moito que aprender.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

(*O señor Bará Torres entrégalle á señora conselleira Vázquez Mejuto un libro.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda ten a palabra o señor Cal Ogando.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.



Ben, vou aproveitar a miña réplica para poder aclarar algunhas cuestións que saíron no debate e facer a nosa proposta tamén definitiva.

Dicía a señora conselleira que sente vostede que lle estamos dicindo que quere destruílo todo. Non o leve ao persoal, aquí facemos crítica política do Goberno da Xunta de Galicia e de como trata as cuestións medioambientais, e vostede como conselleira do Medio Ambiente pois, evidentemente, ten que escoitar esas críticas.

E cando todos os indicadores medioambientais, cando todos absolutamente todos os indicadores medioambientais: contaminación de auga, contaminación da terra e contaminación do aire, perda de biodiversidade, perda de individuos de especies en situacións con plans de conservación ou de recuperación; cando vemos emisións de CO<sub>2</sub>; cando vemos a evolución da erosión, a evolución da seca; cando vemos todos os indicadores ambientais que son todos negativos, evidentemente, alarmámonos e exixímoslles que se poñan en serio a combater a crise medioambiental. E no día de hoxe non ten acontecido, o que vimos vendo é negativo e, polo tanto, imos seguir criticando, que é a nosa laboura, tratar de que iso mude.

Nas illas atlánticas, o que vimos durante todos estes anos foi desleixo, abandono e todas estas situacións que xa nomeei na miña primeira intervención. E, evidentemente, con un millón de euros para todas as illas non imos solventar todas estas problemáticas. Polo tanto, iso é o que lle criticamos: a falta de sensibilidade medioambiental que ten o seu Goberno.

Nós queixámonos cando non hai PRUX, porque ten que habelo, porque é preciso, porque a lei así o indica, e durante todos estes anos non o fixeron. Pero criticamos tamén cando fan o PRUX e entendemos que ten algún erro. E iso é o que estamos criticando.

Dicíame vostede que vostedes non saben cantos veciños e veciñas hai, que iso é cuestión do alcalde e demais. Polo tanto, ¿con base en que fixeron vostedes o cálculo? Por iso dicía eu ao principio que empezaron a casa polo tellado. E se vostedes non teñen un control da veciñanza que está existindo, fixeron un cálculo de visitantes guiados máis de xente que está no camping, e fixeron un cálculo máis ou menos orientativo. Por iso dicíalle que diante da petición de moratoria que lle fixeron este verán, o lóxico é que diante da falta deste dato e da incidencia que poida ter a veciñanza na illa, o máis responsable entendemos que sería facer esa moratoria, facer ese control e ver se hai algunha necesidade de establecer esta medida que vostedes puxeron en marcha.

Na illa de Ons, o problema non é a veciñanza, ou nós entendemos que non é o problema. E se vostedes entenden que a veciñanza está a xerar algún problema, expliquen cal é e por que lle teñen que facer estas restricións. O problema que temos en Ons e o problema que temos nas illas atlánticas é o desleixo e a falta de investimento e de recursos para conservar ese parque nacional, o desleixo que houbo durante todos estes anos en que non se puxo en marcha o PRUX e o partidismo, que estamos vendo agora tamén intereses partidistas nas loitas e no combate entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo.

Entendemos que o que teñen que priorizar é a conservación medioambiental, evidentemente, do parque nacional e a convivencia posible —e cremos que necesaria, porque forma parte



dese valor— da veciñanza de Ons, como o viña facendo ata o de agora, se é que non xeraba ningún problema. Se a veciñanza non viña xerando ningún problema, non entendemos por que lle teñen que limitar o seu acceso. E, como xa dixeron tamén os voceiros que me precederon, pois posiblemente se hai unha sobrecarga na illa, pois ao mellor onde hai que reducir é nas outras cotas, e non na cota da veciñanza, que —como digo— nós entendemos que non están xerando ningunha problemática como para que teñan que estar nesta situación.

Polo tanto, pedímoslle —e xa para rematar con esta canción— que, por favor, se sente coa veciñanza, que se sente co Concello, que busque unha solución, porque creo que é bastante evidente que a solución está moi fácil de acadar; unha solución que poida beneficiar a todas, que poida deixar a veciñanza satisfeita e que á vez poida haber uns cupos que preserven medioambientalmente a illa de Ons.

E, señora conselleira, se vostede cre que vostedes fixeron as cousas ben, pregúntolle por que está en pé de guerra a veciñanza. Como lle dixo o voceiro do BNG: a veciñanza de Ons non é parva, sabe moi ben o que lle interesa e o que non lle interesa, e se están en pé de guerra é porque vostedes estiveron a facer as cousas mal.

Polo tanto, o que lle pedimos —e esta é a mensaxe que cremos que é importante de todo este debate— é que se sente coa veciñanza, que se sente co Concello e que busque unha solución, porque está moi cerca de acadala. E así evitamos esta confrontación e que esta lea continúe, porque estamos diante dunha aldea gala que vai seguir defendendo os seus dereitos. E canto antes rectifiquen, antes remataremos con isto.

Máis nada pola nosa banda. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Cal Ogando.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Pierres López.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

A verdade, señor Trenor, que a min —dígollo con franqueza— que me sorprende tamén que interviñese vostede neste tema e non o señor Moreira, que foi quen acudiu á reunión en Bueu pola problemática dos accesos. E a vostede tan preocupado polos parques nacionais, a verdade, é que eu non o vin por alí. (*Aplausos.*)

Pero, xa que ten curiosidade, eu voulle dicir a verdade sobre o porqué son eu e non a señora Vilán quen defendeu esta iniciativa. E é que tiñamos certo medo a que a gran medida que hoxe plantexaran para solucionar o tema dos accesos á illa de Ons fora unha pasarela de acceso á illa, tal como xa pretenderon no seu día no caso da illa de Cortegada. (*Aplausos.*) E, claro, entenderá que quen mellor que unha arquitecta para poder valorar a orixinalidade das súas propostas.

Pero agora xa en serio, señor Trenor, e centrados ademais no tema, que parece que se equivocou tamén vostede de comparecencia, de día e de intervención. Escoitando a conselleira



parecera que o acceso á illa sempre está garantido para os concesionarios e para aquelas autorizacións ao seu nome que puideran tramitar. E vanme permitir que me asombre cando as testemuñas de moitos e de moitas desas persoas concesionarias contradín esa afirmación, porque a realidade non sempre é esa.

Póñolle un exemplo: é o caso de Manuel. El é fillo de isleño e durante o ano traballa embarcado, seu pai está enterrado na illa e hoxe súa nai é unha das concesionarias. Todos os anos, cando Manuel está en terra, trata de achegarse para deixar un ramo no cemiterio; é así, unha vez ao ano trata de achegarse ao cemiterio. Este ano non lle foi posible porque chegou ao porto un xoves de agosto e tiña que volver a embarcar o martes. E a pesar da súa condición de fillo de concesionaria atopouse con que a verdadeira dificultade —e xa o dixen antes— foi a de xestionar nesa escasa semana conseguir praza no barco de servizo regular. Porque non hai reserva de prazas nas navieiras autorizadas para isleños. Esa é a realidade: o acceso á illa, tal como aquí se manifestou, non está en absoluto garantido para os isleños. Porque o acceso non só sabe de carnés ou pases, nin de prezos máis económicos, senón tamén de prazas en barcos que faciliten chegar.

Eu convídoos a revisar, por exemplo, na web das illas atlánticas as autorizacións que se outorgaron no mes de agosto. Todas, salvo o día 9 de agosto, esgotáronse; repartíronse as mil trescentas autorizacións libres. E isto implica que os barcos en tempada alta esgotan con moita antelación as súas prazas, e impiden non só achegarse ás vivendas, senón tamén calquera intervención de mantemento durante os meses de máxima afluencia, onde, a pesar de ter autorizacións especiais, tampouco teñen cupo nos barcos.

E a diagnose é clara: os isleños e as isleñas teñen que abrirse literalmente oco entre os turistas para poder acceder á illa. E téñeno que facer cunha mentalidade de turista: programando con corenta e cinco días de antelación cando ir para non atoparse con que é imposible facelo no transporte regular.

Vostede, señora conselleira, comentou antes que se o problema é dar máis prazas para os isleños e menos para os turistas pódese falar. Parecera como que esa conclusión, a verdade, que non a puidera tomar antes. Non parece serio que diga aquí que se poñan de acordo previamente os veciños nas reclamacións, como se o problema en orixe fose da veciñanza. O problema está no uso do PRUX como unha medida de presión para a veciñanza. Polo tanto, pedímoslle que non se adique a provocar feridas para logo ir poñendo tiritas. E aplíquese como un bo costume evitar que ninguén teña que desangrarse polas accións da consellería. Non queremos mea culpas, queremos eficacia e responsabilidade institucional.

E lémbrolle que o Partido Socialista é un dos grupos parlamentarios desta cámara, e non alega, o que fai aquí son iniciativas —como xa se fixeron— solicitando a necesaria redacción do PRUX e facendo —como tamén se fixo— suxestións a este. Ese é o noso labor, señora conselleira, e así o fixemos.

E desde o Partido Socialista tamén temos claro que todas as dificultades e incidencias que aquí se falan son reais e non son ficticias. E que esta tiritas, señora conselleira, sangra e sangra máis do que vostedes podían prever. Penso que xa é inevitable que este verán quede nas men-



tes dos isleños e das isleñas como outro dos episodios de loita á que parecen condenados e condenadas ciclicamente os veciños de Ons, e é polo simple feito de estar ligados á illa.

É responsabilidade de todas e de todos, pero especialmente súa, señora Vázquez, restaurar a imaxe que se proxectou tamén dos isleños e das isleñas. Aproveite hoxe que os ten aquí e escoite as súas historias, a daqueles e daquelas que non só naceron, senón que tamén estudaron e traballaron na illa. Faga uso desde diálogo e empátice co seu sentimento, non menosprece todo o que os liga á illa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Pierres.

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario Popular o señor Trenor López.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Señorías, alégrome de que, polo menos, xa quedara clarificado que o problema non é o da identificación, senón que o problema é cos barcos.

Pero eu si que quero facer unha reflexión, señor Cal, señor Villares, señora Pierres e señor Bará: se van vostedes ás illas e din que son veciños, ¿que é o que pasa? Quero dicir: se vostede di que vostede é veciño das illas e que vai coa súa muller, ou que vai cos seus fillos, e que ademais leva vostede catro persoas porque vostede vive aí, ¿que é o que pasa? ¿Que fai a Administración? ¿Que é o que fai o que está alí a controlar? ¿Que é o que fai?, ¿déixao pasar?, ¿fíase da súa boa fe? ¡Claro! É dicir, eu non sei como facía vostede no Concello de Pontevedra, eu non sei se alí chegaba algún e dicía: eu son concelleiro e voto. ¡Non sei! Non sei como facía vostede, señor Bará; non sei como arraxaba vostede estas cuestións no seu concello, gustaríame que o dixera. Eu non sei como se fai co transporte metropolitano, non sei como os beneficiarios do transporte metropolitano precisamente se benefician do transporte. ¡A través dunha identificación!

E alégrome de que a señora Pierres nos diga que o problema non era a identificación, porque parece que o problema que tiñamos era simplemente que se identificaba as persoas que tiñan garantido o dereito, que é o máis normal e o máis lóxico. E alégrome de que xa non sexa o problema.

Alégrome tamén de que o problema xa non sexa o cupo, porque xa quedou claro o que dixo a conselleira. Non hai un problema de repartición. Se vostede me di que hai setecentos veciños nesas setenta e nove casas, pois hai setecentos veciños que poderán acceder libremente, e se hai que recortar aqueles que acceden como turistas, recórtase o cupo de turistas. Díxoo a conselleira, pediulle ao alcalde que lle mande a listaxe dos que teñen dereito a poder acceder. ¡Se non hai problema! Estámolles a dicir que se son mil, mil. ¿Que son cincocentos? Cincocentos. Non hai ningún problema, recórtase da carga máxima —como dixo a conselleira— e xa está arraxado. Pero vostedes tampouco queren iso; vostedes queren iso, porque vostedes sen iso quédanse sen problema.

Non hai problema. Xa temos demostrado que non hai problema nin polo da identificación nin polo cupo, porque a administración fai a repartición xusta, a repartición que se necesite



para que todos os veciños poidan acceder tranquilamente. ¡Home!, eu fíome da promesa que fixo a conselleira, non vou pensar... —non sei—. Claro, é o que dicía o señor Bará: hai setenta e nove vivendas, e pode haber —non sei— cincocentos, oitocentos... ¿Que pasa? Que a min me dá aquí a sensación de que hai unha información que nos está a fallar. Se eu vexo predisposición por parte da administración, predisposición por parte da conselleira, ¿estánme vostedes a dicir que non chegan catrocentas, cincocentas, setecentas prazas? A min o que me dá a sensación é que hai algo que non se nos está a contar, porque, se non, non coincide, non é coherente o conflito.

Señorías, a conselleira tiña toda a razón: hoxe o que tiñamos que aclarar é se queremos o parque nacional ou non. O noso grupo si que quere o parque nacional. E cando tomamos a decisión de apoiar un parque nacional na nosa comunidade fixémoslo con todas as consecuencias. Sabiamos que ía haber certas limitacións, pero tamén sabiamos que iso era positivo para toda a comunidade e tamén para os veciños de Ons, e para os municipios que están afectados polo parque nacional. Eu non sei se vostedes cando votaron a favor do parque nacional votaban inconscientemente. Eu non sei se vostedes cando hai unha figura de protección non son conscientes de que comportan limitacións. Eu o que realmente estou a pensar é que vostedes veñen aquí porque hai que encher as horas, porque hai que encher os plenos e porque hai que encher as comisións. Porque, se non, non entendo que vostedes non sexan conscientes de que as figuras de protección que serven para conservar os espazos naturais comportan tamén unhas obrigas. Porque eu aquí o que non escoitei a ningún membro da oposición é defender eses mecanismos de conservación.

E ollo: o Partido Popular está a favor do parque nacional e está tamén a favor das medidas de conservación, ¡claro que si! E tamén estamos a favor dos veciños. E por iso se teñen algún problema, pois díganos, e faremos o posible para que estean identificados e para que poidan acceder libremente. Xa o dixos a conselleira: non computan dentro do cupo, ¡non computan! E se houbera máis do que se está estimando dos veciños que teñen dereito a acceder, redúcese o cupo de turistas. Non sei onde hai o problema, non o vexo.

O que me dá a sensación é que algúns xa están asentados no problema e dálles absolutamente igual o parque nacional, as medidas de conservación, e dálles absolutamente igual incluso algúns problemas que poida ter algún veciño en particular. Vostedes son unha oposición incoherente —como xa lles dixen antes—, son unha oposición hipócrita, porque defenden cousas completamente diferentes e segundo quen sexa o auditorio que teñan. Son capaces de dicir unha cousa neste parlamento e ir aos municipios, ir aos concellos, ir aos colectivos, ir ás asociacións, e dicir a contraria.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** E encima son vostedes unha oposición que carece do máis mínimo sentido do país. Temos un parque nacional e vostedes están a prexudicalo.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Trenor.

Para a dúplica ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas, presidente.

En primeiro lugar, pois desculpa aos veciños, porque igual tiveron que pasar unha tarde onde ven que hai certos enfrontamentos e rifirrafes. Ao final, do que se trata é de que vaia-mos avanzando. Ao final, do que se trata é de que a Xunta de Galicia ten un deber, e ese deber é o de xestionar o Parque Nacional das Illas Atlánticas —ese parque nacional é Ons, é Cíes, é Sálvora e é Cortegada—, que estamos facendo o noso traballo, que pode haber erros dentro dese traballo e ás veces malentendidos. Pero que saiban que un parque nacional ten unha obriga, é unha obriga por lei, que é ter un plan reitor de usos e xestións. Nese plan reitor de usos e xestións aínda que aquí nos centramos única e exclusivamente no cupo son cousas moi importantes, avaladas tecnicamente, non só por un técnico, senón por moitos técnicos, tamén polos técnicos do Ministerio de Transición Ecolóxica. Ese PRUX tivo unha exposición pública na que, como dixen anteriormente, houbo oitenta e cinco alegacións, das cales sesenta e nove foron admitidas, unhas integramente e outras en parte. É dicir, un parque nacional é necesario que teña por lei un PRUX. Era algo que se estaba demandando, encheu follas de xornais reivindicándose. Temos un PRUX. No caso de Ons, o cupo entrou en vigor no mes de febreiro. Ese cupo son mil trescentas persoas diarias para o cupo xeral, trescentas para o cámping, duascenas para grupos organizados e veciños.

¿Que é o que se nos pediu? Pedíusenos nas alegacións —e, en concreto, tamén nas alegacións que fixo o Concello de Bueu— o concepto amplo de veciño. ¿Que é un veciño? Un veciño é aquel que está empadroadado, e a Xunta de Galicia considerou veciño, por demanda por illáns, por demanda dese sentimento, por demanda dos veciños, ata a cuarta xeración por arriba e por abaixo, ao igual que os fillos dos concesionarios e ao igual que as súas parellas.

O que si mudou, señor Bará, foi que se aparten —e iso si que se resta do cupo— seis persoas máis por vivenda, que poden ser familiares ou que poden ser amigos, para poder desfrutar das súas casas e tamén para poder desfrutar do que son as illas en si.

Quero dicirlles que isto foi totalmente serio, que son criterios técnicos, e que paralelamente a todo iso hai unha candidatura, candidatura que tamén engloba o parque íntegro. E aquí o señor alcalde de Vigo créanme que non vai en contra da Xunta de Galicia cando fai certas declaracións, vai en contra dos veciños e das veciñas de Ons e de Bueu. ¿E por que? Porque, de non saír para diante, perderían a oportunidade de ter achegas importantes para, ao final, conseguir ter uns servizos fundamentais que precisan para cando eles estean nas illas.

Polo tanto, o deber da Xunta de Galicia é xestionalo. E o que quedou claro por parte dos distintos grupos políticos é que parque nacional, si, tal e como se votou e se loitou por el no ano 2002. ¿Que podía estar o Plan reitor de usos e xestións feito anteriormente? Seguramente que si. Ben, pois é que tocou agora que estea o Plan reitor e tocou agora facer investimentos



como os que se están levando a cabo, entre eles que teñan boa conexión eléctrica e que sexan enerxías limpas; investimento de dous millóns de euros, como outros investimentos, que uns os facemos directamente e que outros os facemos con certos colectivos, como pode ser o caso de Amicos ou o caso de BATA, independentemente tamén dos técnicos que ten a Xunta de Galicia.

Polo tanto, cada unha das illas ten un lugar, cada unha das illas ten o seu valor e cada unha das illas ten a súa singularidade, pero non se entende o parque nacional cunha illa si e outra illa non.

E, por suposto, os veciños e as veciñas están por riba de todo. ¡É que xa só faltaría! Pero ben é certo que, estando veciños e veciñas, eu vin un ton moi conciliador, que outras veces parece que teñen que estar sempre os animais ou as árbores por encima dos veciños. E eu sempre digo que é compatible preservar o medio ambiente, os animais, as árbores e os veciños.

Hoxe eu voume gratamente sorprendida porque estamos todos na mesma liña. Créanme que lles teño que pedir, por favor, aos veciños de Ons que veñan algunha vez máis, porque cando hai que sacar para diante leis calquera diría que vostedes van por outra vía pola que no día de hoxe non foron. Polo tanto, respecto absoluto aos veciños. E eu pediría ese mesmo respecto por parte de todos os que representan os veciños, os que están no Goberno, os que están na oposición, que estou segura de que tamén o han de ter.

Polo tanto, non podemos renunciar ao PRUX; é necesario. Non se vai renunciar á candidatura, aquí non hai discriminación de ningún tipo. E, tal e como dicía o meu compañeiro, hai trescentos cincuenta carnés, hai setenta e nove casas. Polo tanto, se se cre que desas setenta e nove casas hai ligazóns de mil persoas, comprenderán que entón si que entran no cupo, porque non sería serio, pero é que saltaríamos o PRUX, e iso non podemos facelo e non podemos facelo por lei.

En definitiva, señorías, antes de rematar, quero deixar claras varias cousas. A Xunta de Galicia fixo un PRUX, foi público, participou aquel que quixo. Señora Pierres, vostede di que as obrigacións son outras. Non, igual que o demandan, hai que facer un seguimento para despois, se non facemos o que debemos, facer as alegacións en tempo e forma. Non imos renunciar ao sistema de acceso ás illas, porque temos que ter un sistema de acceso ás illas. Non imos renunciar á candidatura á Unesco do parque nacional, pero polo ben do parque nacional, polo ben dos veciños e polo ben de Galicia, e nunca imos deixar de defender o parque nacional e, por suposto, os veciños e as veciñas de Ons, os veciños e as veciñas de Bueu, os veciños e as veciñas das illas Cíes —que tamén os hai en momentos determinados—, os veciños e as veciñas de Vigo, ao igual que no caso de Sálvora e ao igual que no caso de Corregada e os seus respectivos municipios.

Moitas grazas a todos. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, conselleira.

Pasamos ao seguinte punto, proposicións non de lei.





**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa concreción e deseño de medidas para a mellora da atención primaria no sistema sanitario**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Presentáronse dúas emendas, por iniciativa do Grupo Parlamentario Mixto e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. Mixto, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao, e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, número 47097 (10/PNC-003547).*

*Emenda número 1, de adición.*

*Débase engadir o seguinte texto, a continuación da proposta de resolución, despois do punto e seguido:*

*«Terase en conta, ademais, a necesidade de recuperar as estruturas de xestión propias da Atención Primaria, establecer cupos máximos de pacientes e límites de pacientes por día e a inclusión de profesionais de psicoloxía, fisioterapia e traballo social na Atención Primaria.»*

*Emenda número 2, de adición.*

*Débense engadir dous novos puntos como proposta de resolución:*

*«2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dotar dun 25% do orzamento sanitario, no menor prazo posible, a Atención Primaria de saúde, excluindo o importe do gasto farmacéutico.*

*3. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar, no inmediato, un estudo sobre a dotación de persoal real da Atención Primaria de Galicia e das prazas vacantes, así como das previsións de xubilacións e un plan de continxencia sobre a súa cobertura, ademais dun estudo das previsións de formación de novos especialistas e un plan para a súa fidelización na Atención Primaria con medidas laborais solventes.»*)

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 47097 [10/PNP-003547].*

*Emenda de adición.*

*Engadir o seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que se dirixa ao Goberno galego para reclamarlle o cambio do actual modelo fracasado de Atención Primaria por un no que @s doentes sexan o centro e baseado en equipos multidisciplinares de profesionais, en número suficiente e con estabilidade laboral para poder atender en condicións as demandas da poboación.*



Para acadar este obxectivo ínstase a tomar as seguintes medidas:

- 1.- Realizar no prazo máximo de seis meses un Plan de Ordenación de Recursos Humanos a partir do cal presentar un plano de estabilidade de emprego, para negociar de inmediato na mesa sectorial, que permita establecer un cadro de persoal coas ratios axeitadas para ofrecer unha calidade asistencial digna, rematar coa precariedade na contratación, e a convocar a totalidade das prazas vacantes.
- 2.- Aumentar as prazas de formación para as especialidades de Atención Primaria, nomeadamente, pediatría e medicina familiar e comunitaria.
- 3.- Aprobación das carteiras de servizos de cada unha das categorías profesionais presentes en Atención Primaria.
- 4.- Incorporación a Atención Primaria de categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral: psicólogos clínicos, terapeutas ocupacionais, logopedas.
- 5.- Recuperación das Xerencias de Atención Primaria con capacidade de decisión, resolutiva e orzamentaria.
- 6.- Aumentar o investimento até chegar ao 25% do orzamento, no inmediato proceder a un aumento de 200 millóns de euros.»)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Torrado Quintela.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Agardando manter o decoro da Cámara, supoño que ir de chaqueta é aceptable para o decoro. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Xa así de entrada. Ou sexa, hai que vir de verán, un pouco máis relaxados e non... (*Murmurios.*) Un pouco de calma, ¡home!, non pasa nada.

O modelo sanitario do Partido Popular fracasou. É unha conclusión que lamentablemente é bastante obvia. Non nos gustaría ter que concluír así. Gostaríanos ter unha posición máis moderada, plantexar algunhas discrepancias pero que se puidera celebrar algúns avances. Pero o modelo sanitario do PP galego fracasou. Probablemente esta é unha afirmación que poidan soste como indirecta ou directamente veñen sostendo practicamente todos os colectivos que bordean ou que traballan directamente no sistema sanitario.

A realidade actual é un problema gravísimo de recursos humanos, fundamentalmente por dúas razóns: unha, porque hai un déficit profundo de recursos humanos e, outra, porque os que existen son probablemente obxecto do maior ataque que se pode ver dentro do sistema público aos traballadores públicos en Galicia. A verdade é que é sorprendente que pretendamos manter un sistema da maneira que se trata de manter así. Pero temos un grave problema de recursos humanos. Hai recortes xerais pero, en particular, os recursos humanos son unha cuestión bastante grave.



Por poñer algúns datos. Xa sei que os que compartimos a Comisión de Sanidade escoitámolo máis habitualmente e os que pretendemos estar en contacto cos profesionais, cos pacientes, vémolos máis habitualmente. Pero por poñer un punto de referencia deste mesmo verán, algún centro de saúde. Vou poñer un e explico por que.

O centro de saúde do Grove. Xa saben que O Grove en verán debe ser un sitio que se baleira, que non ten nada, non hai ninguén no Grove, a España baleirada, o Grove é a España baleirada —debe ser—, en verán. Estamos falando da zona, da comarca que é a terceira poboación de Galicia en verán, entre O Grove, Sanxenxo e esta zona. Seis profesionais, seis facultativos teñen como prazas o centro de saúde do Grove. En verán, onde xa saben vostedes que no Grove non debe haber ninguén, había varios días traballando un. Non é que ás veces traballen cinco, catro, tres, dous; non, unha persoa. Unha persoa que cobre a atención sanitaria de seis profesionais e daquelas persoas que chegan a maiores. ¿Que pasa cando o sistema funciona así? Que a xente que precisa unha atención deriva ás urxencias. E chega ás urxencias e ¿con que se atopa? Con PAC en que, onde tiña que haber tres, hai un, PAC onde os profesionais teñen que saír e non queda ninguén para cubrir —aínda non aprendemos, aínda non aprendemos de que poden volver ocorrer fatais consecuencias nos PAC de Galicia—, PAC onde hai profesionais que este verán atenderon non máis de trinta, nin máis de corenta, nin de cincuenta, nin de sesenta nin de oitenta, máis de cen persoas nun turno, profesionais que atenderon máis de cen persoas, profesionais que tiñan que ir dun PAC a outro en medio da súa xornada para cubrir e para que puideran as estatísticas oficiais dicir que había varios nun lugar e varios noutro; si, a primeira hora estaban nun sitio e a segunda hora estaban noutro, pero eran os mesmos, que se intercambiaban pola carretera.

Este ridículo de persoal ten que estar sustentado basicamente en dúas cuestións, este sistema sanitario está sostido grazas aos profesionais e a pesar dos nosos dirixentes. Iso si, iso si, hai moitos esforzos por parte da Consellería, do Goberno da Xunta de Galicia, fundamentalmente en dous obxectivos: primeiro, disimular, enganar un pouco, embarrar o terreo, como cando escoitamos que o 88 % das enfermeiras e enfermeiros de Galicia están en situación estable do sistema —que dixo o señor Feijóo, e é falso, e ademais é falso e sábeo, o cal ten outro nome—; ou como cando dixo que existen mil quiñentos profesionais máis no sistema sanitario galego agora que hai dez anos. Soamente hai que ir aos orzamentos: non é que existan mil quiñentos máis, senón 1.249 menos só en atención primaria. Este é un dos obxectivos: embarrar.

Segundo obxectivo: culpas fóra, porque está ben isto de apelar á confusión. Xa saben: hai que botarlle a culpa ao outro; o outro confúndese, o outro non fai, o outro non se entera. Balóns fóra. Está moi ben. ¿Saben que pasa? Que temos unha situación excepcional. ¿Que faría falta para que un goberno asumise a responsabilidade propia dunha xestión sanitaria? Que tivera competencias e que levara gobernando un ano non, porque está ben, podemos asumir, dou anos tampouco, claro; poñamos que hai un goberno —poñamos—, por casualidade, que leva dez anos gobernando unha xestión sanitaria da que ten competencias —poñamos—. Curioso: a Xunta de Galicia leva dez anos, e ¿por que temos este problema?

Imos relatar algunhas cousas. En dez anos, en atención primaria, 1.249 profesionais menos, 189 millóns de euros menos, 150 prazas MIR —profesionais de medicina de familia e co-



munitaria— sen pedir, que quedaron sen pedir, que podíamos ter formados e non temos. Non aumentadas as prazas de pediatría nos últimos anos, sete anos seguidos pedindo 11 prazas de fisioterapeutas, 11 en sete anos. Nunca tratado que se incorporara a atención primaria psicólogos, traballadores sociais, nunca tratado.

E todo isto, durante dez anos, ¿que dá? Dá que somos a terceira peor comunidade de España en ratio de médicos e médicas por habitante, a terceira peor en profesionais de enfermería por habitante, dá que somos a terceira peor comunidade autónoma de España valorada polos usuarios. E isto non é casual. Cando un traballa sistematicamente en demoler o sistema, o sistema reséntese, porque non é unha cuestión puntual, non estamos falando dun sistema que falla un día, dun erro que existe un día. Dez anos de goberno. E en dez anos de goberno chegamos a esta situación. E, por tanto, non existe a posibilidade —salvo no maremágnum mental que algún pode ter— de botar a culpa fóra.

Vou repetir: 1.250 profesionais menos, 189 millóns de euros menos en dez anos, 150 prazas que podíamos ter e non temos, non aumentadas as prazas pedidas de pediatría, 11 profesionais de fisioterapeuta en sete anos, nada, nada para incorporar psicólogos, traballadores sociais ao sistema de atención primaria, nada. E ¿todo isto que dá? Dá este sistema, dá un sistema que —non olvidemos— ten condenas xudiciais por contratación fraudulenta, utilización torticeira do sistema de contratación, saturación dos profesionais.

Todo isto non é que o esteamos debatendo aquí: sentenzas xudiciais en contra. E este é o noso sistema. Perdemos profesionais, formámoslos pero vanse porque os contratamos de maneira torticeira, fraudulenta, porque saturamos, porque facemos deste sistema un sistema explotador. E ¿que fan os nosos profesionais? Vanse. E por iso temos un sistema coa terceira peor ratio de profesionais en medicina e de enfermería de toda España.

E isto é o que dá precisamente que teñamos este problema, un sistema que se sostén —insistimos, e defendémolo sempre— grazas aos profesionais e a pesar dos seus dirixentes.

Polo tanto —é unha obviedade—, o sistema, o modelo do Partido Popular fracasou e temos un problema serio, un problema serio que necesitamos arranxar. Non se pode estar asistindo, con certa sorpresa e asombro, a como hoxe valen os modelos que onte se criticaban, a como aqueles expertos aos que hoxe se acode a eles onte se dicía que non valían para nada; a como aquelas solucións que se criticaban aquí e contra as que se despotricaba alegremente hoxe se intentan poñer como modelo. Porque iso quere dicir que mañá poderían utilizar outra cuestión, que mañá poderían cambiar outra vez de modelo. ¿Como podemos asumir que alguén ten un criterio se o que hoxe defende onte o criticaba?

Vou poñer un exemplo que xa sei que me van contar. Voulles poñer o exemplo da taxa de reposición, marabillosa. Seis veces, seis veces votou o Partido Popular neste Parlamento, seis, en contra de solicitar ao Goberno do Estado que se retirara a taxa de reposición, seis. ¿Saben cal é o principal argumento do Partido Popular agora de por que non hai profesionais no sistema? Que o malvado Pedro Sánchez non retira a taxa de reposición. E isto é fantástico, é marabilloso e dá para un gran regate, pero non resolve o sistema. O seu modelo fracasou, deixen de fuxir para adiante, deixen de poñer unha solución que onte non valía e mañá a



saber cal, non intenten regatear, saír ben nas fotos e intentar que mañá a ver se é outro problema e imos de bombeiros apagar.

Necesitamos un modelo de atención primaria novo, un modelo que de verdade poña o paciente no eixo do sistema, que sexa un modelo multidisciplinar, que incorporemos máis profesionais, que sexamos quen de facer que este sistema sexa non nin a porta de entrada —palabras baleiras que nos quedaron atrás—, senón que realmente sexamos quen de dar resposta aos problemas e non saturemos tanto os hospitais, que teñamos máis capacidade resolutiva en atención primaria.

Temos o 40 % do tempo dos profesionais saturado en dar respostas burocráticas, temos os profesionais facendo de pasantes de pacientes, con tres minutos por paciente, con tres minutos por paciente. E isto é o problema, que os cidadáns que están nunha sala de espera nun centro de saúde —reitero por décimo novena vez a invitación de que teñamos un día este debate, poderíamos entón evitar algunhas afirmacións—, eses pasantes de pacientes e os pacientes que os atenden, tres minutos.

Saben perfectamente que este sistema fracasou, necesitamos mudar, non poden mudar o sistema aqueles que non cren nel,...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate.

**O señor TORRADO QUINTELA:** ...aqueles que onte dicían que as solucións de hoxe que hoxe lles parecen boas e outras lles parecen malas. Paren, escoiten os profesionais e reformulen da súa man. E isto é o que nós traemos aquí: paremos e reformulemos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Torrado.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Boa tarde.

Eu non creo que fracasara o modelo sanitario do PP, o que sucede é que o modelo sanitario do PP precisamente conleva iso: un recorte brutal de investimento público ata facer insostenible mesmo a calidade asistencial nalgúns eidos. E, efectivamente, o sistema sostense polo sobreesforzo das profesionais.

Particularmente a atención primaria leva estando no cerne dos conflitos sanitarios sobre todo nos últimos anos, precisamente pola falta de investimento e pola falta de preocupación por este eido. A atención primaria de saúde debe ser o centro do sistema sanitario. É certo que iso da porta de entrada queda algo obsoleto, é o centro do sistema sanitario, dun sistema sanitario eficiente que faga, ademais, prevención de saúde. É o ámbito máis accesible e onde as profesionais máis coñecen as pacientes. Poden precisamente dende aí facer unha atención integral e detectar problemas de saúde a tempo, así tamén —como dicía— facer ese labor



de prevención e de educación en saúde, cuestións para as cales, evidentemente, se necesita mudar a súa precaria situación, porque é imposible facer prevención de saúde cando tes cupos de pacientes por día insostibles.

Cómpre mudar sobre todo a nivel de dotación de profesionais, pero tamén hai carencias a nivel material. ¿Que sucede coa atención primaria? Que é un eido onde hai menos oportunidade de xeración de negocio que na atención especializada. Mellorar a atención primaria tamén reduce as posibilidades de xeración de negocio coa saúde.

Entre os conflitos abertos ou recentes de atención primaria, a dimisión das xefaturas de servizo da área de Vigo, a longuíssima folga dos PAC, as condicións precarias dos PAC —foron longamente tratados neste Parlamento— ou as protestas que se suceden en diversos puntos do país por falta de profesionais de medicina familiar ou de pediatras. Podemos poñer os exemplos do Grove, podemos poñer Rianxo, podemos poñer Sanxenxo, A Rúa, Viveiro; en todos os puntos do país hai sempre problemas coa falta de cobertura de profesionais en primaria.

A nós parécenos que a escasa e tardía resposta da Xunta e os tibios pasos do Consello Técnico de Atención Primaria fan necesario impulsar este proceso de escoita que propón o PSOE nesta PNL, escoita precisamente dos e das profesionais sanitarias, que son quen coñece os problemas. Por iso, nós engadimos nas nosas emendas a necesidade de contar cun estudo rigoroso sobre a dotación de persoal real na atención primaria. E é que continuamente estamos topándonos con que falta transparencia neste eido, e mesmo neste Consello Técnico de Atención Primaria se piden estes datos e non se fornecen; necesítase un estudo rigoroso sobre as prazas vacantes e as previsións de xubilación, algo tan obvio que non debería ser necesario pedilo.

Como tamén sinalaba o propoñente, unha das cuestións esenciais é evitar —non só deter— o recorte de profesionais, senón revertelo. Hoxe mesmo o Colexio Médico de Pontevedra, por exemplo, propoñía medidas reais para a contratación estable de profesionais, e é que parece tan obvio que necesitamos medidas que establezcan eses profesionais que só non se entende que esas medidas non se impulsen para precisamente paliar este déficit de profesionais na atención primaria.

Unido a isto, tamén propoñemos unha emenda na que pedimos elevar a porcentaxe que o investimento sanitario adica á atención primaria. Estamos ao redor dun 12,6 %, precisamos un 25 % se queremos realmente que a atención primaria sexa o centro do sistema, evidentemente no marco dun cesamento de recortes no investimento real en sanidade.

Falaba vostede duns 189 millóns de euros. Se vemos en xeral o recorte no investimento nos servizos sociais básicos, hoxe mesmo publicábase un estudo —ou onte, xa non lembro— no que se indicaba que o recorte en servizos básicos por parte da Xunta de Galicia aínda está un 3,7 % por baixo de antes dos recortes, de antes da crise. Se o miráramos en termos reais, aínda sería maior. Así pois, consideramos que é esencial esta cuestión dos orzamentos.

Outra das emendas que propoñemos —e na que entendo que temos coincidido xa todos os grupos da oposición— é a necesidade de estruturas de xestión propia na atención primaria,



deixar atrás ese modelo hospitalocentrista, facer que pivote o sistema sobre a atención primaria, regular os cupos máximos, os límites de paciente por día, e, por suposto, introducir algunhas desas especialidades que xa o propio proponente sinalou na exposición de motivos oral desta proposición non de lei, como é os profesionais de psicoloxía, fisioterapia e traballo social, dotar efectivamente toda a atención primaria destes eidos.

Hoxe especialmente, no Día Mundial da Prevención do Suicido, vemos o importante que é contar coa atención psicolóxica no nivel primario, pero tamén a fisioterapia, da cal, como xa foi citado aquí, temos unha das peores ratios de profesionais por paciente de todo o Estado. Tamén o traballo social, como un eido...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** ...—si— onde poder conectar as necesidades sociais cos servizos sociais comunitarios, necesidades sociais e vulnerabilidades sociais que moitas veces están na orixe de moitos problemas de saúde.

Así pois, independentemente de que se acepten ou non as emendas, votaremos a favor. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Verao.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Moi boa tarde.

Efectivamente, a situación da atención primaria pois segue sendo obxecto de preocupación e de ocupación. O pasado mércores na Comisión 5ª o BNG tamén levaba unha iniciativa proponendo accións e actuacións que debería levar a cabo o Goberno galego para mellorar a situación. Empezaba eu a miña intervención naquela comisión dicindo que se houbera que poñerlle unha imaxe á situación deste verán, á situación que viviu a atención primaria neste verán, pois a imaxe sería esta (*A señora Prado Cores mostra un documento*). Sería a do centro de saúde do Grove, sería este cartaz que estivo durante moitos días colgado no centro de saúde do Grove, onde poñía con toda claridade: médicos consultando, 1; médicos sen consulta, 5. Non foi un día, foron moitos. Isto foi no centro de saúde do Grove.

Máis outro centro de saúde (*A señora Prado Cores mostra un documento*): dende o 1 de xuño ata o 1 de outubro non haberá consultas pola tarde nin se darán citas.

Outra imaxe que creo que é moi significativa (*A señora Prado Cores mostra un documento*), outra imaxe dun consultorio, centro de saúde: hoxe tampouco hai médico; se te pos malo, ponte poquito. Xa o toman un pouco a cachondeo, porque é que os profesionais e as profesionais están fartos.

¿Cal é imaxe deste verán? Pois novas nos medios de comunicación como estas: (*A señora Prado Cores mostra un documento*) os centros de saúde acumulan listas de espera durante o



verán; isto é entrevista e dito por profesionais, e que din que se irá unha xeración de médicos de primaria e non hai repostos.

Podo seguir. Outro cartaz no centro de saúde (*A señora Prado Cores mostra un documento*): «Lémbrolles que a miña xornada laboral finaliza ás 15 horas.» Con 42 citados e as urxencias, é fácil que algún teña que marchar para a súa casa sen ser visto.

Claro, é que chega un momento en que os profesionais non poden estar asumindo como se foran eles os responsables desa situación, que teñen que externalizar, que teñen que trasladarlle á cidadanía quen son os responsables do que está pasando, porque eles están alí en primeira liña de lume.

Logo vemos cuestións como que o Sergas cobre as vacacións do persoal con ampliacións de xornada ou intersubstitucións, que, como todos sabemos, efectivamente, significa que teñen que facer o traballo deles e o do lado.

Ben, pois eu creo que esta pequena escolma do que foi o verán en atención primaria, pequena escolma porque isto é o que chega aos medios de comunicación, é unha pequena parte do que chega aos medios de comunicación. Pero a realidade supera en moito esta hemeroteca. Esta é a información publicada, un pouco de información publicada, mais hai moitísimo máis.

As enquisas non deixan de recoller o aumento da insatisfacción por parte dos galegos e das galegas coa situación da sanidade, que só se salva en canto á altísima valoración que lle dan os profesionais, mais non ao sistema. E, ademais, recóllese enquisa tras enquisa que vai a peor a valoración que fan. E isto é un indicador dos problemas e da deterioración na que está a sanidade pública en xeral, e a atención primaria en particular, froito das decisións que foi tomando o Partido Popular no goberno.

Non é por casualidade, non é consecuencia dunha praga de lagosta nin dunha maldición bíblica, é consecuencia das medidas que se toman, das medidas que se foron tomando durante anos. Medidas de recorte orzamentario: 188 millóns de euros menos neste orzamento 2019 con respecto a 2009. ¿Pero isto que significa? Que se imos sumando cantos menos foron no 2010, 2011, 2012, 2013 ata chegar ao 2019, falamos de dous mil millóns de euros menos investidos na atención primaria, dous mil millóns de euros menos en dez anos investidos na atención primaria. Co cal, evidentemente, facer máis con menos non é posible.

Por iso, imos apoiar a iniciativa do Partido Socialista de que se tomen medidas a respecto da situación da atención primaria, mais presentamos unha emenda onde concretamos dende o noso punto de vista que son as mesmas iniciativas que presentamos na comisión a pasada semana, porque cremos que hai que ir a un cambio de modelo onde os doentes sexan realmente o centro da atención, hai que ir a un cambio de modelo onde se realice un plan de ordenación dos recursos humanos e se saiba con claridade cantos son os profesionais que están, como están, de que xeito (en precario, fixos ou demais), porque, efectivamente, o Consello de Contas puxo negro sobre branco. O presidente da Xunta dixo aquí en varias ocasións que o oitenta e non sei cantos por cento dos profesionais da sanidade pública eran estables; é mentira; o Consello de Contas di que non pasa do 66 %.





**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** Por iso, cremos que isto debe ser así, que hai que aumentar as prazas de formación, que hai que aprobar unha carteira de servizos para cada unha das categorías profesionais, que cada profesional saiba o que ten que facer, e que non pase todo polo médico...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...que hai que incorporar á atención primaria psicólogos clínicos, terapeutas ocupacionais, logopedas; medidas reais que se poden facer, e que as pode facer o Goberno da Xunta sen que sexa responsabilidade do Goberno central. E aí é onde o Partido Popular non quere facer absolutamente nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ten a palabra a señora Solla Fernández.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Eu agradezo unha vez máis que neste caso o Partido Socialista trouxera esta iniciativa, e vén sendo habitual tanto na Comisión 5ª como neste pleno. A verdade é que no último ano as iniciativas en relación coa atención primaria se teñen multiplicado, eu perdín xa a conta das veces que trouxemos propostas a esta Cámara, e realmente é unha situación verdadeiramente preocupante.

Efectivamente, facía referencia a voceira do BNG a que na última Comisión de Sanidade estivemos tratando tamén este asunto, é algo reiterado, e díxosenos por parte do Partido Popular que estaban traballando neses documentos do Consello Técnico.

En realidade, eu creo que poderíamos facer memoria e poderíamos darnos conta de que as propostas que trae a oposición non son neste momento concreto nin neste ano concreto. Se botamos a vista atrás —e iso serviríanos para valorar a situación que temos agora de carencias de persoal— podemos ver como —xa non digo en anteriores lexislaturas pero desde o inicio desta mesma lexislatura— foron múltiples as mocións, interpelacións, proposicións non de lei, proposicións de lei, as resolucións no debate do estado da nación —mesmo algunha aprobada e non cumprida—, as emendas aos orzamentos da Xunta de Galicia rexeitadas de plano e de xeito continuo polo Partido Popular.

Despois falaremos —nós temos unha iniciativa específica en relación coa necesidade de incrementar o orzamento en materia de sanidade—, pero hai que lembrar que cando gobernaba o propio Partido Popular o problema era o mesmo, e que en anos pasados e en lexislaturas previas o problema era o mesmo. E hoxe estamos a sufrir a acumulación dos recortes de dez anos, que teñen probablemente a peor faciana dentro da sanidade pública dentro da atención primaria.



As compañeiras trouxeron aquí exemplos, que xa se comentaron na Comisión de Sanidade, en relación con diversos puntos de atención continuada e centros de saúde que durante os meses de verán estiveron practicamente nunha situación de alarma, de peche. Porque había centros de saúde —como se explicou aquí— que non contaban nin cun terzo dos seus profesionais. Esa situación, lonxe de ser simplemente un problema de carácter de xestión, dun carácter administrativo —que, por suposto, o é—, dá pois a medida na que esta dificultade afecta a poboación xeral no exercicio do seu dereito á saúde; e eu creo que iso borda o que son os propios meses de verán.

E desgraciadamente o que se fixo aquí foi que perante dúas folgas —unha dos puntos de atención continuada, sostida no tempo dunha maneira estoica polos profesionais dos puntos de atención continuada e nunhas condicións moi difíciles de traballo, e outra folga dos profesionais de atención primaria— se ofrecese a posibilidade de tomar unha serie de medidas a través dunha serie de conclusións dese consello técnico. A realidade é que pasan os meses e dentro de pouco pasará un ano e seguiremos sen ningún tipo de conclusión, e moito me temo —e despois falaremos— que sen ningún tipo de aplicación práctica dentro das contas que a Xunta debería de presentar antes de rematar este ano.

Pero se atendemos a realidade da cobertura que denuncian os profesionais, o problema magnifícase no verán polos permisos e as vacacións, si, pero o problema segue ou continúa durante o resto do ano, cando non hai tanta dificultade de cobertura, e evidentemente iso débese a unha concepción rácana —se se me permite a palabra coloquial— de como se deben cubrir as ausencias dentro do Servizo Galego de Saúde. E voules poñer dous exemplos concretos que non pertencen ao máis habitual, o primeiro deles porque non é un profesional médico ou médica.

Trasladábame un compañeiro que no centro de saúde de Arzúa, na quenda de mañá, as vacacións da enfermeira do centro de saúde cóbrense os luns, os mércores e os venres; o resto de días non se cobren esas vacacións. E iso obedece á política de precariedade desta Xunta de Galicia, máis preocupada porque cadren os seus números que por ofrecer servizos de calidade. Xa temos falado noutras ocasións de que isto se chama fraude de lei e de que de maneira reiterada a Consellería de Sanidade contrata en situación de fraude de lei; é dicir, a persoa eses días ou vaise ao paro ou simplemente está en casa sen cobrar.

E imos poñer outro exemplo que trasladaron os profesionais este verán. Efectivamente, na zona do Salnés e na zona de toda a provincia de Pontevedra houbo dificultades bastante graves dentro dos puntos de atención continuada e nos centros de saúde. E denunciaban, no caso do PAC de Caldas, que había unha profesional de medicina que levaba un ano e medio de baixa e, en lugar de ofrecer para a súa cobertura un contrato longo a un ou a unha facultativa, facíanse cada mes ou incluso por menos tempo contratacións.

Isto non é unha dificultade —e remato xa— que se deba aos meses de verán, isto é pura e simplemente a intención de non dar cobertura porque a atención primaria non interesa, porque, evidentemente, non ofrece posibilidade de negocio.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Si, grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señora Solla, non debatemos este tema nin este asunto na Comisión de Sanidade, debatemos exactamente esta iniciativa textualmente. E si sorprende —xa o dixen na Comisión— que se a situación da sanidade e da atención primaria en Galicia foi tan grave este verán non se tivera pedido por parte dos grupos da oposición a convocatoria da Deputación Permanente, que se pide todos os anos por cousas e este ano incluso por unha cousa que tiña bastante menos probablemente importancia que isto.

Mire, señor Torrado, non faga trampa, revise vostede os datos de profesionais sanitarios por categorías de profesionais públicos; están publicados na páxina web do Ministerio. Non é certo o que acaba de dicir aquí.

O Plan galego de atención primaria 2019–2021 foi aprobado polo Consello da Xunta no mes de maio deste ano e publicado en xullo deste mesmo ano —nin cen días de cortesía para a aplicación do plan— e contou cun importante número de achegas dun importante número de profesionais, como tamén de cidadáns e distintas asociacións que colaboraron no mesmo. A día de hoxe estase a traballar nas accións a curto prazo, están iniciadas máis do 70 % e hai o compromiso de telas rematadas dentro deste mesmo ano.

É un plan con máis medidas, con maior consenso, cun prazo de execución moito máis curto que o aprobado no Ministerio, rexeitado maioritariamente por distintos colectivos e asociacións profesionais e que provocou inclusive a dimisión dos seus coordinadores, incluído o doutor Martín Zurro.

O problema fundamental da atención primaria a día de hoxe, señorías, é a escaseza de médicos de familia, pediatras e tamén enfermeiras para cubrir as necesidades de substitución dos profesionais desas categorías, nomeadamente nos meses de verán e noutros períodos de vacacións. Ata chegou o caso de que algunha persoa directiva dalgunha xerencia galega dalgunha área tivo que acudir persoalmente a cubrir unha garda de PAC porque non había médicos. Eu non sei se realmente pensan que o fixo por aforrar, se cren que lle apetecía recuperar a súa actividade profesional, ou quizás —como dicía o señor Torrado— foi para disimular; foi traballar unha directiva a un PAC, a facer unha garda de noite para disimular. A día de hoxe, dende logo, non é un problema de recortes nin a situación é exclusiva de Galicia, como parece que se quere facer ver por parte da oposición e trasladarlllo así á poboación.

Hemeroteca deste verán: «Falta de sustitutos. Ya son catorce las autonomías con módulos de tarde para primaria. El 80 % de médicos y el 50 % de enfermeros no tienen sustitutos en verano, según dice Comisiones Obreras y la CMS», «Los médicos exigen un plan nacional contra la falta de facultativos



en primaria», «El verano pasa factura a la atención primaria en la Comunidad de Valencia, donde Barceló» —su consejera— «niega rotundamente que haya colapso en la sanidad valenciana. La consejera ha pedido responsabilidad ante este tipo de manifestaciones». Ten bastante que aprender a oposición galega. «Osakidetza desmiente que el horario estival de atención primaria se extienda a todo el año»; Arcadia feliz da sanidad nacional, o País Vasco. «Los médicos de Asturias advierten a las autoridades: buenas intenciones, sí, pero queremos hechos. Las jubilaciones masivas de médicos y la fuga de los MIR amenazan a la sanidad asturiana». Que eu saiba, nin o Partido Popular nin o señor Feijóo goberna en Valencia, en Asturias nin en ningunha das outras comunidades.

É certo que este verán a situación foi moi difícil en atención primaria e, nomeadamente, na área de Pontevedra e O Salnés, pero non polos motivos que esgrime a oposición, senón polo que falamos, pola falta de profesionais. Estanse a tomar as medidas en atención primaria a maiores do plan, púxose en funcionamento ese Consello Técnico de Atención Primaria, formado por un máximo de cincuenta e cinco persoas de todas as categorías e de recoñecido prestixio. Pero, asemade, creouse o Comité de Expertos de Atención Primaria, dirixido polos doutores Bengoa e Varela.

A min gustaríame —xa llelo dixen na Comisión— que repasaran as declaracións do doutor Bengoa, prestixioso especialista en xestión e non sospeitoso de pertencer ao Partido Popular; son prudentes, realistas e moi aproveitables para os debates deste Parlamento. Unha frase: «La solución que busquemos en Galicia servirá para toda España». Ata o doutor Bengoa tamén sabe que o problema non é galego nin é do Partido Popular.

Señoría, señor Torrado, a Consellería de Sanidade está a avanzar, xunto cos colectivos profesionais, nas solucións para os problemas de atención primaria e da cronicidade. Repito: convenza vostede o señor Sánchez de que retire a taxa de reposición, que non viña nin no acordo con Podemos de orzamentos nin ven nas 370 medidas de Sánchez. Chame vostede o presidente Sánchez, señor Torrado, fale con el, que vostede é un home influínte e pode conseguir o que queira.

Pero, miren, exemplo de compromiso socialista coa atención primaria, noticia desta semana: «La consejera valenciana anuncia que va a gastar cien millones de euros en la atención primaria de la Comunidad de Valencia en toda la legislatura». Cen millóns de euros en catro anos para o dobre da poboación que ten Valencia con respecto a Galicia. Iso poden ser dúas cousas: ou que invisten pouco ou que a situación que deixou o Partido Popular non era tan...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** ...rematadamente mala como están a dicir nesa comunidade.

Mire —remato, presidente—, estase a traballar moito e ben por parte de moitas persoas na procura da mellora da atención primaria galega e, polo tanto, non imos apoiar a súa iniciativa. Deixemos traballar aos que saben disto...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.



**O señor NÚÑEZ CENTENO:** ...para acadar solucións.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Núñez Centeno.

Polo grupo autor da iniciativa, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Quero agradecer o apoio amosado polos grupos que interviñeron. As emendas dende o noso punto de vista evidentemente concretan a nosa proposta pero van na mesma liña, non temos problema en aceptalas, seguramente poderíamos debater algún detalle dalgunha delas, pero, en xeral, concordan coa liña que nós vimos defendendo, e, polo tanto, non temos problema en aceptar ningunha e incorporarémolas como engádegas ao texto resolutivo.

Hai algunha cousa que se dixou que é interesante debater. Por primeira vez puxeron, por primeira vez —vou insistir—, por primeira vez alguén puxo en discusión dende o Partido Popular algún dos datos que se deron, é certo que ningún en concreto, non vaia ser que digamos que algún en concreto non era certo e teñamos que calar. Porque, cando se di: non, é que se dan datos que non son certos, ¿cal e onde? Porque eu vou citar —non teño problema— os datos das ratios de médicos por paciente. Consejo General de Colegios Médicos de España. Ratios de enfermería por paciente, Colexios de Enfermería de España. Profesionais que hai de menos na atención primaria hoxe que hai dez anos: orzamentos oficiais da Xunta de Galicia. Salvando unha cousa, señor Núñez Centeno, salvando que vostedes fixeron uns orzamentos que son mentira. Vostede pode escribir nun papel calquera cousa pero podemos ir aos orzamentos e doulle datos: 1.249 profesionais menos en atención primaria que hai dez anos, orzamento 2009–orzamento 2019. Se é mentira, hai unha de dúas: ou vostede se equivocou ou o orzamento da Xunta deste ano é mentira. E eu creo que vostede atina pouco. Pero niso eu creo que non se equivocou vostede. Fíxese.

Pero está ben que apelemos a que outros lugares teñen problemas. Si. ¿Sabe que pasa? Que outros lugares teñen problemas menores. ¿Por que? Porque teñen máis profesionais que aquí, máis profesionais que aquí. Porque somos a terceira comunidade con peor ratio, medicina e enfermería, a terceira peor, e iso dános maiores problemas. E, ademais, porque probablemente —permítanme unha reflexión— vostedes asumen agora que houbo algúns problemas de que non hai profesionais porque se xubilan e que houbo algúns problemas especialmente no Salnés.

Vou dar dúas reflexións, por se contribúen ao debate. Sobre a xubilación de profesionais. ¿Como descubriron que se ían xubilar os profesionais? Levan dez anos gobernando. ¿Como o descubriron? Un día pola mañá espertaron, fixo moito sol durante dúas semanas, logo choveu un día, xubiláronse. ¿Ou dende dez anos non era posible prever a situación que temos agora? É tan fácil como prever que nos próximos catro ou cinco anos vai ser peor. ¿Por que? Porque nos últimos dez non se fixeron os deberes. E iso é fácil de prever, porque a xente cumpre un ano cada ano, normalmente. Polo tanto, era fácil de prever.



Segunda cuestión. Especialmente tivemos problemas na área de Pontevedra-O Salnés. ¿Será porque é a área que máis acumula poboación a maiores da habitual en verán, porque se acumula xente no período estival? ¿Será por iso? Pois igual ten algo que ver. ¿E era posible prevelo ou é a primeira vez que ocorre, que hai máis xente na área do Salnés e en Pontevedra en verán? ¿Ou é que ata o de agora a xente confluía...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** ...de maneira masificada noutros lugares e agora de repente apareceron no Salnés? Igual é unha cuestión de planificación ou igual é que parece que na Consellería...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas.

**O señor TORRADO QUINTELA:** ...se toman as decisións tirando aos dados. Así que, cando queiran discutir os datos, díganme de onde sacan os seus —que, por certo, a Consellería non dá— ...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor TORRADO QUINTELA:** ...e así podemos discutir.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Torrado.

Pasamos á seguinte iniciativa.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas obras iniciadas na serra do Oribio, supostamente para a construción dun parque eólico nos concellos de Samos e de Triacastela**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentáronse unha autoemenda, unha emenda do Grupo Parlamentario Mixto e unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia.

*(O G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 51576 (10/PNP-003866).*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei pola seguinte:*

*<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:*



1) Revisar de oficio, anulando e deixando sen efecto, a resolución de 4 de xullo de 2019, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se fai público, así como o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 27 de xuño de 2019, polo que se aproba a modificación da aprobación definitiva do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Parque eólico do Oribio, así como as disposicións normativas contidas no mencionado proxecto.

2) Revisar de oficio, anulando e deixando sen efecto, todos os actos de execución e aplicación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Parque eólico do Oribio.

3) Simultaneamente ao sinalado nos apartados anteriores, paralización cautelar inmediata das obras de execución do Parque Eólico Serra de Oribio.»)

(O G. P. Mixto, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, número 51576 (10/PNP-003866).

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a ordenar inmediatamente a paralización cautelar das obras do “parque eólico de Oribio” por todas as irregularidades detectadas na súa tramitación.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNC-003866) (doc. 51576).

*Emenda de modificación.*

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, con relación ao “Parque eólico Oribio” (expediente 071-EOL), promovido pola entidade “Fergo Galicia Vento, SL”, ao seguinte:

1. Tramitar coa máxima urxencia un proxecto de modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, que regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, derogando a disposición transitoria cuarta .

2. Avaliar o impacto da construción do dito parque eólico sobre a posible poboación de osos pardos na zona.

3. Extremar a protección de todos os elementos patrimoniais e culturais na zona, como a mámoa do Fial e o Camiño Real.»)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Sánchez García.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Boas tardes.



Este cartaz (*O señor Sánchez García mostra un documento.*), que pon «Salvemos o Iribio» é o cartaz ou a camiseta que os veciños e veciñas do Oribio non poden mostrar porque seica iso intimidaría os deputados e as deputadas do Partido Popular e menoscabaría o decoro desta Cámara tamén. «Salvemos o Iribio», grave afronta, menoscabo do decoro. É unha auténtica vergoña que sigan defendendo cuestións como as que vostedes defenden.

Ben, o que podía ser unha fonte de enerxía renovable, un recurso para xerar riqueza entre a xente do rural, un motor para a economía dese rural tan golpeado, convértese, polas políticas do Partido Popular, nun negocio duns poucos privilexiados que contan cos favores da Xunta de Galicia dende hai moitos anos. Así, dos seiscentos millóns de euros que factura o negocio do vento no noso país o 90 % é propiedade de capital estranxeiro, e non se ensaiou ningún modelo para que esa riqueza enorme quedase e servise para fixar poboación no rural.

Neste país, polo tanto, sufrimos o espolio dos nosos ríos na súa época, colonizados por empresas tamén de fóra. Sufrimos o espolio do lignito, que veremos e vemos como está acabando. E agora, en directo, estamos sufrindo o espolio do vento. Recursos que son de todas e de todos ou de ninguén, con leis que en teoría aproban parlamentos que buscan o interese xeral, con gobernos que deberían de velar polo interese xeral e polo ben común e que acaban en mans de construtoras, de fondos voitre, de bancos e de eléctricas, pese a quen pese e ademais con impactos paisaxísticos, ambientais, patrimoniais e cunha actuación dos gobernos que fan as leis á medida destas empresas, como se fixo neste país en 2017, con nocturnidade e aleivosía, a Lei de depredación, Lei de fomento de iniciativas empresariais, coa escusa da deslocalización das empresas, cando en realidade fixérono ao ditado das empresas eléctricas para provocar a oleada de parques que estamos a sufrir agora mesmo no noso país.

A rebufa desa lei e entre elas está o parque eólico do Oribio, un exemplo dun xeito corrupto de entender o labor público. Só dende un goberno que pon todos os seus recursos ao servizo dunha empresa amiga se entende a tramitación administrativa do parque eólico do Oribio, que, se non se remedia, acabará con oito aeroxeradores implantados nunha zona en plena Rede Natura, cando a Lei 8/2009, de aproveitamento eólico de Galicia, di que non poden implantarse eólicos en Rede Natura, cando o Plan director da Rede Natura, 37/2014, di tamén que non se poden implantar eólicos en Rede Natura, vaise implantar se non o remediamos. Porque ser amigo do Partido Popular facilita moito as cousas. E Fergo Galicia, esta empresa, goza dos favores dos deuses, como se dicía de Villar Mir no río Xallas, pero tamén goza dos favores das administracións do Partido Popular historicamente.

A tramitación administrativa é escandalosa, dende o principio, porque isto vén de moi atrás. En 2005, catro días despois de que o Partido Popular do señor Fraga perdeu a maioría absoluta nas urnas, o 23 de xullo emítese por parte dun goberno en funcións unha resolución pola que se somete a información pública para estudo ambiental, autorización, declaración en concreto de utilidade pública, aprobación do proxecto de execución e proxecto sectorial das instalacións que comprende o parque eólico do Oribio. Sácase á información pública en xullo, un mes, remata o período de exposición pública o 11 de agosto e —sorpresa— o 12 de agosto, un día despois, emítese a declaración de impacto ambiental. Iso si que é a demostración... (*Murmurios.*) Non, o Goberno en funcións —señor Fernández Prado, vostede desta empresa debería de saber bastante tamén, que lle toca bastante de cerca— do Partido Po-





pular aprobou un día despois de acabar a exposición pública; unha rapidez inaudita, só posible cando es moi amigo do Partido Popular.

Así si que houbo unha resolución do Bipartito do 2007 de autorización —evidentemente, do 2007—, e unha das primeiras medidas que tomou o Goberno do señor Feijóo cando volveu é a aprobación definitiva do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal sen publicar o contido normativo dese proxecto sectorial de incidencia supramunicipal.

Ben, entre estas ás que vostedes lles fan unha lei á medida destas empresas, está Fergo Galicia. Despois dunha primeira petición de modificación do proxecto, o 30 de xaneiro de 2018 Fergo Galicia presenta unha nova proposta de modificación para a súa valoración ambiental e urbanística onde aprobou os seguintes cambios con respecto á modificación de 2015: propón de pasar de doce a oito aeroxeradores de tres megavatios.

O 27 de xuño o Consello da Xunta acorda aprobar a modificación da aprobación definitiva do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal denominado parque eólico do Oribio e no medio destas dúas cuestións, da solicitude e da aprobación do Consello —unha vez máis, opacidade e obstaculización do labor dos colectivos que están a defender o país, que están a defender o medio ambiente, o patrimonio, etc.—, non se sacou a exposición pública esta modificación —estaba en plena Rede Natura— porque se considerou que eran modificacións non substanciais, modificacións non substanciais que se declararon por parte do director xeral de Enerxía e Minas, o imputado señor Tahoces.

Isto era a clave. Non podía saír a exposición pública, para que a xente puidese defenderse, alegar, non podía saír. Polo tanto, consideráronse modificacións non substanciais, sabendo a empresa xa daquela que tería que cambiar os viais de acceso, pero cuestión que non fixo constar no proxecto de modificación.

Declarouse non substancial, non se expuxo en exposición pública e despois houbo incluso colectivos como Adega, que solicitou acceso ao expediente en febreiro e recibiu a documentación oito meses despois, catro días antes de que saíse publicada no DOG a aprobación definitiva do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal.

Unha vez máis, o Goberno da Xunta de Galicia, ocultando información fundamental para coñecer se estaba poñendo en perigo os valores desta zona de especial conservación que é a serra do Oribio e fundamental para saber se eran modificacións substanciais ou non as que se facían.

Ben, aínda así, a empresa comezou as obras sen autorizacións da Xunta. Tivéronse que paralizar cautelarmente esas obras e agora volvéronse reanudar. A empresa cambiou os viais de acceso con respecto ao proxecto de modificación, porque era a única maneira de evitar que fosen modificacións substanciais e saíse a exposición pública.

É dicir, en resumo, unha tramitación á carta para os amigos, que acabará nunha verdadeira traxedia para un espazo natural onde nunca debería de haber ningún aeroxerador, ningún. Só unha tramitación negligente pode permitir iso.



E, por último, dicía que en 2009, cando se aprobou o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, non se publicou o contido normativo. Ben, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal —a modificación— foi publicado o 14 de agosto deste ano. Pois nós dicimos: os actos de aplicación dun proxecto sectorial de incidencia supramunicipal cuxo contido normativo non foi publicado son nulos e carecen de eficacia xurídica. Polo tanto, todas as obras que se están facendo deben de paralizarse cautelarmente para evitar danos graves que despois sexan irreversibles. Queremos que se paralicen as obras inmediatamente e que se revise o expediente, que se revise de oficio e se anule esa resolución. Non pode ser que, cando se chegue á conclusión de que a tramitación administrativa foi totalmente negligente, todo o dano xa está feito, que xa en parte está feito, nun lugar onde nunca debería de haber un parque eólico.

Polo tanto, pedimos salvar o Oribio, pedimos acabar con este modelo do espolio que pasa por riba de valores que neste país deberíamos de preservar. O noso patrimonio, a nosa natureza, a nosa paisaxe...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...valen moito máis que todos os beneficios que vostedes poidan sacar con estas operacións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Sánchez.

Pasamos agora á intervención dos grupos parlamentarios.

En nome do Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra a señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Grazas, presidente.

Comezamos dicindo o evidente: a instalación dun parque eólico na serra do Iribio é un atentado ecolóxico e social, pero tamén unha chapuza administrativa na súa tramitación.

Primeiro. Digamos —quen non estivo no Iribio pode comprendelo igual por como transmiten as asociacións e a veciñanza da zona— que nos atopamos ante unha paraxe excepcional para a conservación de especies ornitolóxicas ameazadas e un hábitat de especial conservación do oso pardo. Conta con hábitats valiosos de turbeira, algún xa destruído polas obras, mesmo por esas obras feitas sen permiso, xa en xuño; estes hábitats de turbeira son esenciais por exemplo para coñecer o noso clima ao longo da historia. Hai endemismos como o carballo anano. Falamos, ademais, dun lugar emblemático para a nosa historia, toda unha serra —fíxense— atravesada por un camiño real e de arrieiros que conectaba Ponferrada co interior galego; é un camiño que conserva pegadas como portádegos, ventas e carreiros, algúns xa destruídos inevitablemente. Temos, por suposto, mámoas —algunha delas xa tamén destruída, practicamente destruída—, neveiros, unha capela... En fin, atopámonos nunha paraxe que dende ela podemos ver a cova de Eirós, un elemento tamén esencial en toda a



historia europea, non só para o noso país. Podemos ver A Fonsagrada, podemos ver todo un montón de paisaxe interior. Estamos nunha zona que é un espazo central que nos permite ubicarnos no noso país.

Pero, se non fora suficiente o argumento de estar a construír un parque eólico con muíños de 152 metros de altura nunha paraxe con tales características, incluída en plena Rede Natura e, polo tanto, en contra das propias directrices e leis galegas, que prohíben, como xa foi exposto, a construción de novos parques eólicos en Rede Natura, se non fora suficiente, atopámonos coa chapuza administrativa da súa tramitación. Agardemos que sexa posible freala. É unha chapuza, dende logo, permitida; non só permitida, senón alentada por un goberno que está ao servizo das grandes empresas enerxéticas e non ao servizo dos beneficios para as comunidades.

Parafraseando a conselleira, aquí non é nin que se protexan as árbores nin os animais, nin a veciñanza. Non se escolle entre ningunha destas, simplemente se protexe as empresas, simplemente.

Só por falar dos últimos acontecementos, porque non hai tempo de desgranar toda a tramitación deste parque, falando xa desa modificación, na última das modificacións presentadas en 2018 por Fergo Galicia Vento, é curioso que nesta modificación, como xa foi exposto polo proponente, non se incluíse o cambio de accesos. A empresa realizou *de facto* un cambio de accesos, iniciando obras sen os permisos pertinentes da Dirección Xeral de Patrimonio nin da Consellería de Industria. En principio tamén foran obras sen licenza municipal, modificando o acceso ao parque. ¿Que sucede? Que non o incluíu na modificación que presentou ante a Xunta, modificación que o Consello da Xunta finalmente aprobou, porque significaría —isto si— unha modificación substancial do proxecto, e isto obrigaría a ter un novo prazo de exposición pública, alongar o procedemento e mesmo a posibilidade de que esa declaración de impacto ambiental, xa moi cuestionable, de 2005 caducase, porque caduca en decembro deste ano.

Así pois, atopámonos sen a posibilidade de avaliar integralmente os impactos deste parque. Digo integralmente, porque se segrega este proxecto entre o que é o parque en si, a liña de alta tensión, e logo tamén pois estes accesos. Isto non é dende logo algo exclusivo desgraciadamente da serra do Iribio, é algo que é un *modus operandi* da tramitación de parques eólicos deste país.

Así, dende xuño atopámonos con que Fergo Galicia Vento está facendo accesos ao parque eólico por un lugar distinto onde tiña aprobado o proxecto sen as autorizacións pertinentes, porque está nunha zona Rede Natura, precisa autorización de Medio Ambiente, está nunha zona que afecta un BIC como o Camiño de Santiago, precisa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio, e entendemos que a Xunta a posteriori concederá, se non concedeu xa, estes permisos e aquí pois todo seguirá igual.

É máis: é que o Consello da Xunta aprobou esta modificación, fíxoa pública o 14 de agosto, aprobouna o 27 de xuño —creo recordar—, pero sen que tiveramos constancia publicamente dese acordo na relación de acordos do Consello da Xunta, e aprobouna sen que conste nese



expediente —ou polo menos non nos consta— se a empresa fixo chegar os documentos que a propia Xunta lle pediu, tanto documentos da Dirección Xeral de Patrimonio, como informe arqueolóxico, como documentos de Medio Ambiente. En fin, todo unha chapuza administrativa a maior gloria dunha empresa enerxética.

E, por engadir elementos, unha ironía macabra: agora a Xunta promove a declaración como reserva da biosfera da Ribeira Sacra, o Courel e a serra do Iribio, algo que é totalmente incompatible cun parque eólico non só en Rede Natura, en lugar de interese comunitario...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** ...en zona de especial conservación.

En fin, que defendemos os intereses da veciñanza e da plataforma «Salvemos o Iribio» fronte aos intereses das empresas depredadoras. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Boa tarde.

O certo é que, cando nós analizamos a proposición non de lei do Grupo Común da Esquerda, primeiro estivemos ao que puña a primeira solicitude da primeira proposición non de lei, a orixinaria, que era do mes de maio, e en setembro, nestes días, o venres, houbo unha autoemenda do Grupo de En Marea sobre esa primeira solicitude, e o certo é que nos sorprendeu un pouco a petición de revisión de oficio de resolucións e de actos, que se pode solicitar á Administración sen ningún tipo de dúbida, pero si que se dea o resultado desa revisión de oficio pedindo xa a anulación.

Nós temos pedido tamén o expediente completo ao Goberno. Aínda non o temos. Xa hai bastante tempo que o pedimos, pero aínda non o temos. A través do artigo 9, agardamos que nalgún momento pois, como ocorre noutros casos, se nos dea con rapidez; a maioría das veces non é así. Pero si que entendemos que se, efectivamente, hai un procedemento que conculca a legalidade vixente, o procedente sería ir á Fiscalía e que a Fiscalía de Medio Ambiente inste a Xunta a que paralice o procedemento de maneira inmediata, porque así o pode facer.

Nós temos rexistrada unha emenda, que cremos que non arranxa ou non dá luz sobre o procedemento, porque non o temos, pero si que cremos que pode ir ao fondo da cuestión. O primeiro é tramitar de urxencia unha modificación da lei que creou o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, do ano 2009, derogando a disposición transitoria cuarta, que introduce dúbidas sobre... *(Murmurios.)* Eu non sei se as deputadas do Grupo Popular teñen moito que contar, pero de verdade que, presidente, a min, en serio, moléstame un pouco que estean abrindo a boca cada vez que algún ou algunha de nós sae aquí.



Creemos que debería derogarse esta disposición transitoria cuarta, que o que trae non é luz, senón todo o contrario: trae escuridade respecto dos parques eólicos sobre zonas protexidas como a Rede Natura. —Especialmente para as dúas deputadas do Grupo Parlamentario Popular—.

Tamén, que se avalíe o impacto da construción do parque eólico, porque é posible que, segundo din as organizacións ecoloxistas, haxa osos pardos nesta zona, e que se estreme a protección dos elementos patrimoniais e culturais, como especialmente o Camiño Real, tal e como dicía a voceira do Grupo Mixto.

Para ubicarnos, a serra do Oribio está entre Samos e Triacastela, e é Rede Natura e está no LIC Ancares-O Courel, e, ademais, é verdade que a Xunta de Galicia ten recentemente solicitado á Unesco que se declare reserva da biosfera.

Eu quero poñer claro algo que penso que neste debate é necesario: o Grupo Parlamentario Socialista está absolutamente a favor dos parques eólicos e está a favor das enerxías renovables. É máis: levamos dicíndolle ao Goberno do Partido Popular que perdemos dez anos valiosísimos para potenciar as enerxías renovables, que o Goberno de Emilio Pérez Touriño tiña potenciado no seu momento. Pero estamos en contra da colocación de parques eólicos en Rede Natura. Tanto é así que esa lei do ano 2009, do 22 de decembro, prohíbe os parques eólicos en zonas de Rede Natura.

¿Cal é o problema? Hai que cumprir a lei, polo tanto. Que hai unha disposición transitoria especial a cuarta, en concreto, e a quinta que fai referencia ao Decreto do ano 2001 e que permite que todos aqueles parques eólicos que se iniciaran antes do ano 2009 continúen, aínda que estean en Rede Natura. Ese é o problema fundamental. Por iso existe este parque eólico; se non, non existiría.

A maiores disto, nós xa pedimos no seu día que se derogase esta disposición transitoria. Creemos que é necesario derogala. E, ademais —volvo repetir—, o regreso posible do oso pardo a esta zona, que vén dende o Cantábrico e que varias organizacións ecoloxistas din que efectivamente se pode comprobar porque hai pegadas e hai excrementos, implica que a apertura dun parque eólico sobre ese camiño de entrada do oso no noso país pois pode influír na falta de recuperación. Estaría ben tamén que o Goberno do señor Feijóo, dunha vez por todas, elaborase un plan do oso, que non existe.

E logo está a posible afectación, como dixen antes, polas obras que xa se executaron sobre elementos patrimoniais e culturais.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora VILÁN LORENZO:** Agardamos que a nosa emenda sexa aceptada, e de verdade que creemos que se efectivamente o procedemento —cando o teñamos, estudiáremolo— plantexa dúbidas en canto á súa legalidade, o que hai que facer é acudir aos tribunais, porque vir ao Parlamento de Galicia, con corenta e un deputados e deputadas do Partido Popular, non nos vai servir de moito.

Moitas grazas. (Aplausos.)



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Vilán.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

En primeiro lugar, tamén saudar as persoas que nos acompañan hoxe, que son integrantes da Plataforma na defensa da serra do Oribio, e que ademais hai que agradecerlles que se fixo e demorou bastante máis seguramente do que tiñamos previsto inicialmente o debate desta iniciativa, e é un esforzo —eu seiño, e moitas das persoas que están aquí na Cámara— vir desde Lugo a Santiago de Compostela. Así que saudalos tamén en primeiro lugar e agradecerlles o esforzo e querer facer parte do debate hoxe desde a bancada de persoas convidadas.

Nós desde o BNG, aínda á espera de como quede finalmente a parte resolutiva coas emendas que foron presentadas, algunhas delas polo propio grupo proponente, imos apoiar a iniciativa. E nese sentido a razón é clara e é contundente: opoñémonos por suposto á construción de parques eólicos en espazos naturais e protexidos de enorme valor ambiental e patrimonial, tamén cultural, como é hoxe a serra do Oribio, unha serra que é —algunhas das cuestións xa foron saíndo nas anteriores intervencións— Rede Natura 2000, é zona especial de conservación e zona de especial protección dos valores naturais Ancares-O Courel, é lugar de interese comunitario, é ben de interese cultural —Camiño de Santiago, Camiño francés, por certo, patrimonio da humanidade no seu conxunto—, é zona de tránsito —como se comentaba— do oso pardo, especie recollida no Catálogo galego de especies ameazadas, é un espazo —tamén se comentaba— que aspira ademais a ser declarado reserva da biosfera na candidatura que impulsa a propia Xunta de Galiza para a Ribeira Sacra e as serras do Oribio e O Courel.

Non parece, polo tanto, compatíbel construír un parque eólico coa debida protección que exige —insisto— un espazo natural destas características. E dicimos que non é compatíbel, que non resulta compatíbel a día de hoxe, por tres razóns fundamentalmente.

Primeiro. O Oribio —insisto moito nisto— é Rede Natura e a lei —tamén se indicaba— prohibe expresamente desde o ano 2009 a construción de parques eólicos en Rede Natura, o artigo 31 desa Lei de aproveitamento eólico. Falábase da disposición transitoria cuarta e da transitoria quinta; na transitoria quinta declara a suspensión, para ser literal co contido da lei, daqueles proxectos en tramitación afectados pola ampliación da Rede Natura, na que se atopaba o proxecto deste parque citado unha vez aprobada. E iso aconteceu coa aprobación do plan reitor no ano 2014, ficando, polo tanto, excluída a partir desa aprobación definitiva a súa implantación. É o que di a lexislación a partir do ano 2009.

En segundo lugar, o proxecto foi autorizado hai máis dunha década, cunha declaración —ademais, tamén se indicaba— de impacto ambiental que data de hai catorce anos, que foi aprobada no ano 2005, que non ten en conta a protección patrimonial, paisaxística e am-



biental actualmente en vigor na serra do Oribio. E —unha realidade, sobre todo— non contempla o proceso de tramitación deste parque eólico, nin moito menos esa declaración de impacto ambiental, o actual marco normativo, que hoxe é completamente distinto a cando se iniciou ese proceso de tramitación da construción deste parque eólico.

En terceiro lugar, falamos dun proxecto que foi modificado —tamén se explicaba con anterioridade— no seu trazado, pero tamén na propia potenciación dos aerogeradores, o que implica un maior impacto sobre o territorio —insisto moito—, un espazo natural protexido Rede Natura no noso país. Indicábase antes a altura, as dimensións deses aerogeradores, dicindo cantos son os metros de altitude que van ter actualmente no proxecto actual. Pero é que iso supón 16 metros máis do proxecto inicialmente previsto, e ademais, no caso das pas, un 20 % superior á súa lonxitude —polo tanto, a súa afectación tamén sobre o territorio— ás que orixinalmente estaban proxectadas.

Ten mudado moitísimo o noso país en catorce anos se temos como punto de referencia esa declaración de impacto ambiental que se dá agora por boa, ou case vinte anos desde que se inicia o proceso de tramitación para a construción deste parque.

Nós entendemos que é urxente actuar para protexer a serra a día de hoxe, entre outras cousas —tamén se dicía— porque as obras comezaron e o prexuízo ecolóxico e patrimonial, a afectación que sobre este territorio poida ter, pode ser en moitos casos irreversible.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Obras que se iniciaron —tamén se dicía— de maneira ilegal, o que provocou mesmo a intervención da propia Xunta para paralizalas aínda que fose apenas de maneira temporal.

Eu remato.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Hai uns minutos, coa comparecencia da conselleira de Medio Ambiente, falábase da necesidade de protexer, da necesidade de respectar o medio e os espazos protexidos e o inmenso valor que eles conteñen. Resulta que temos Rede Natura e un espazo do nivel de protección do Oribio agora mesmo aberto en canal.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Nós entendemos que isto agora mesmo, catorce anos despois desa declaración de impacto ambiental e case vinte anos despois de que se iniciase o proceso...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...non ten cabida ningunha.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Nóvoa Iglesias.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Outra vez, señor Sánchez, cunha iniciativa en contra dun parque eólico. Menos mal que non gobernan vostedes, como gobernaban naquel momento no ano 2007 cando lle autorizaron a construción deste parque eólico. Porque, se non, teríamos que volver ao candil, porque se opoñen ao eólico, se opoñen ás térmicas, e teríamos que volver ao carromato, porque tamén se opoñen aos coches diésel. Señoría, menos mal que non gobernan vostedes como naquel momento. *(Aplausos.)*

Mire, di vostede empresa amiga. Pois sería a empresa amiga do Goberno bipartito, que foi o que autorizou en 2007 a licenza deste parque eólico. Sería a empresa amiga de vostedes.

Señorías, este parque eólico é un proxecto que foi autorizado en 2007 polo Goberno bipartito; un parque eólico que contiña doce aeroxeradores e nun momento, no ano 2007, no que a serra do Iribio non era Rede Natura; nun momento, señoría, no que naquel momento non se prohibía a instalación de aeroxeradores en Rede Natura. Tivo que ser un goberno do Partido Popular o que anulou, o que acabou, o que rematou cun caótico concurso eólico do Goberno bipartito e que ademais declarou —señora Vilán, o Goberno do Partido Popular en decembro de 2009, coa Lei de decembro de 2009— que non se podían instalar eólicos en Rede Natura, señoría.

O único que fixo a Xunta neste ano, en 2019, foi dar luz verde a unha modificación non substancial do proxecto, que permitiu que se minimizase o impacto ambiental deste proxecto eólico, pasando de doce aeroxeradores a oito. Pero é que, ademais, esta modificación conta con todos os informes favorables necesarios: o de Patrimonio Natural, o de Patrimonio Cultural ou os de Medio Ambiente e Urbanismo.

Señorías, o que fai a Xunta con este parque eólico é o que fai con todos os proxectos eólicos que se instalan en Galicia: manterse vixiante co cumprimento de todos os requirimentos establecidos tanto na declaración de impacto ambiental como na propia resolución administrativa. E vostede, señor Sánchez, debería facer o mesmo: respectar e cumprir a lei. E se hai os condicionantes medioambientais impostos, por suposto que se intensificarán os controis para que non exista ningún tipo de incidencia ambiental.

En canto á paralización das obras, deixar claro que son as obras de acceso ao parque, non son obxecto da autorización outorgada. E se estas obras son incorrectas, pois é lóxico que se paralicen; todos de acordo.

O máis surrealista, señorías, de todo isto é que todos vostedes —e vostede, señor Sánchez— militaban no Bloque Nacionalista Galego no ano 2007. *(Murmurios.)* ¡Oian!, se vostedes lle





deron licenza tras unha declaración ambiental no ano 2005, é que verían que estaba todo correcto. Ou ¿por que lle deron licenza entón en 2007? (*Murmurios.*) Se vostedes viran algunha irregularidade, supoño que non lle darían a licenza.

Miren, medioambientalmente, naquel momento a serra do Oribio era unha zona paisaxística importante. Vostedes podían cambiar a lei e non o fixeron, señoría, naquel momento; nós si a cambiamos e agora non se pode instalar eólicos en Rede Natura. Miren, nós cumprimos as leis; vostedes, non. Nin as respectan nin as cumpren. Esa é a diferenza entre nós e vostedes, señorías.

E, mal que lle pese, señor Sánchez, en Galicia vanse instalar eólicos, e somos unha potencia eólica. Hai dezaoito proxectos que se van instalar, cunha inversión de máis de catrocentos millóns de euros, 440 megavatios de potencia, señoría, e cinco mil empregos que se crearán durante a construción e durante o posterior mantemento. ¡Iso é o que lles pesa, señorías! (*Murmurios.*) Iso é o que lles pesa a vostedes. (*Aplausos.*)

Miren, dende a Xunta de Galicia estase a impulsar as enerxías limpas, cumprindo a legalidade, señoría. (*Murmurios.*) E si, si, aprobamos aquí unha Lei de implantación empresarial. Dígame vostede —rétoo a cando veña aquí— que garantía medioambiental se anulou con esa lei. ¿Cal foi? O único que se fixo foi reducir os prazos, reducir a burocracia e reducir os prazos. ¡Ningunha, ningunha garantía, nin medioambiental, nin técnica, nin urbanística! ¡Dígama! Rétoo a cando veña aquí, que ten unha segunda intervención.

E para vostedes, señores socialistas e do BNG, eu recórdolles: formaban parte daquel Goberno bipartito. O conselleiro do BNG era o conselleiro de Industria. (*Murmurios.*) Señoría, ¿por que lle autorizaron esta licenza? (*Murmurios.*) Naquel momento... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Oia!, ¡pois cambiaran a lei! (*Murmurios.*) Señorías, miren, o máis surrealista é que queiran encher de inseguridade xurídica e de inestabilidade, como fan no Goberno de España, cambiando unha lei e facendo que se poidan agora anular os parques eólicos que estaban cunha licenza anterior. ¡Oian!, é que, miren, non queiran para Galicia o que están facendo en España; señorías, nós non o queremos.

Miren, señores do Grupo Mixto, eu xa sei que teñen un maxistrado entre vostedes. Pero, miren, entendan que este humilde grupo non se fíe das decisións dos parques eólicos que poida tomar o seu compañeiro. Gárdeas, non vaia ser que llas elimine o Tribunal Supremo, señor Villares; nós non nos fiamos das súas sentenzas do eólico. (*Aplausos.*)

En canto —insisto, señorías— ao parque eólico do Iribio, é un proxecto autorizado en 2007 polo Bipartito, antes de que fose declarada a zona Rede Natura, cunha autorización administrativa outorgada que non se pode contravir. ¡Deixen a demagogia e cumpran a lei!

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora Nóvoa.

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Sánchez García.



**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Está claro que a señora Nóvoa non se molestou nada máis que en ler o argumentario e non o expediente... *(Murmurios.)* Si, si, hai un descoñecemento enorme, un descoñecemento enorme. Mire, se vostede coñecera... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, tranquila, eu non lle dixen nada. Digo: descoñece totalmente do que estamos falando; se non, non diría as barbaridades que acaba de dicir. *(Murmurios.)*

Di vostede: as obras de acceso non están no proxecto de modificación.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ¿Quen dixo iso? Claro que están, e cambiáronse *de facto*, precisamente para garantir que as modificacións se consideraban non substanciais e non ter que expoñelo publicamente, porque toda a tramitación foi unha auténtica fraude para favorecer unha empresa amiga. ¿E fállame vostede de empresa amiga? Si, empresa amiga, fundada por unha concelleira do Partido Popular co señor Negreira, membro do grupo, un señor que era cuñado do director xeral de Enerxía e Minas cando se aprobou a declaración de impacto ambiental. Miren vostedes como tratan as empresas amigas que antes me dicían que non, que non o aprobou o Goberno en funcións. Foi peor: a declaración de impacto ambiental foi asinada por José Manuel Álvarez-Campana o día 12 de agosto, un día despois de que acabou a exposición pública deste proxecto, cando xa era presidente o señor Touriño, antes de que o botara de director xeral.

Esa é a catadura moral do Partido Popular e eses son os beneficios que reciben as empresas amigas. Polo tanto, menos leccións vostede a min. *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E esa foi a tramitación deste parque, escandalosa..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...escandalosa, e vostedes...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio...

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...teñen que contestar diante da cidadanía por que tiveron oito meses agochado o proxecto de modificación, porque non houbo exposición pública, pero agocharon o proxecto oito meses, como adoita facer o señor Tahoces cando ten que facer iso para beneficiar unha empresa. E iso son feitos, non son opinións miñas, ¿entende?

E di vostede: non se poden facer eólicos na Rede Natura. ¡Vaia se se poden facer! Xa o están facendo nunha zona de especial conservación e de protección dos valores naturais, e estano facendo ás escuras e cometendo fraude.

E, en canto ao PSdeG, pois claro que imos ir á Xustiza, nós si que imos ir á Xustiza, señora Vilán, nós si que imos ir á Xustiza. Pero chegará tarde se non nos movemos antes, nos mobilizamos antes e nos opoñemos todos decididos contra este saqueo. Porque xa están danando irreversiblemente moito do patrimonio da serra do Oribio, que se quería preservar



cando se declarou Rede Natura, antes de 2007. Señora Nóvoa, entérese, que era en 2004 cando xa era Rede Natura, que non ten nin idea. ¿Entende?

Entón, traémolo ao Parlamento, (*Murmurios.*) traémolo ao Parlamento... —que berren o que queiran, que berren o que queiran; prepare antes as cousas—, traémolo ao Parlamento para que se saiba, para que se saiba como se manexa o Partido Popular cando se trata dos negocios coas eólicas. Claro que queremos eólicos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** O que non queremos é que nos sigan roubando, como nos ríos, como no lignito... ¿Entenden?

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señor Sánchez,...

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Queremos que ese eólico sirva para a xente e non para que o leven catro amigos do Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¿Sobre as emendas? Perdoe, que non o escoitei. (*Murmurios.*) Silencio.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Sobre as emendas cremos que a do Grupo Mixto xa está na nosa, na nosa autoemenda. A do PSdeG podemos aceptala como engádega, a derogación da disposición transitoria cuarta, pero tendo en conta que non vai ter efectos retroactivos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a dotación por parte do Goberno galego ao Sergas dos recursos económicos necesarios para negociar na mesa sectorial un plan de estabilidade laboral que permita convocar as ofertas públicas de emprego**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Mixto e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Mixto, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, número 51911 (10/PNP-003889).

Emenda de adición.



*Débase engadir un novo punto co seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a publicar, desagregado por EOXI, o número de persoal, diferenciando fixo e temporal, así como as previsións de xubilación.»)*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 51911 [10/PNP-003889].*

*Emenda de adición.*

*Engadir despois de «Ofertas Públicas de emprego» o seguinte: «coa totalidade das prazas vacantes en todas as categorías desde 2010.»*

*Emenda de adición.*

*Engadir un novo punto:*

*«Realizar no prazo máximo de seis meses un Plan de Ordenación de Recursos Humanos que permita ter unha información clara de cal é a situación actual e real do cadro de persoal do Sergas.»)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Solla Fernández.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Ás portas dun novo orzamento, a pesar das escusas que se van empregar por unha e outra banda nos meses vindeiros no debate económico, queremos traer esta iniciativa hoxe aquí, porque nos parecía importante dar o debate global despois de todos os debates parciais que estamos tendo e que atendemos previamente e que na pasada comisión, despois de retomar este período de sesións, tamén tiveron lugar en relación coa situación de carencia de persoal que ten o Servizo Galego de Saúde e a relación que esta ten coa posibilidade de orzar partidas.

Hoxe solicitamos que se inste a Xunta a dotar o Sergas cos recursos económicos suficientes para poder negociar un plan de estabilidade na mesa sectorial que cumpra coas ratios axeitadas e permita convocar as ofertas públicas de emprego co fin de rematar co abuso na contratación temporal e na sobrecarga de traballo.

Nas intervencións do Partido Popular resulta bastante habitual —e hoxe volveuse utilizar— que se abuse dun elemento que parece que é caído do ceo, que parece que non hai profesionais porque simplemente a responsabilidade é dos profesionais ou se reduciron ou desapareceron misteriosamente, como se ningún tipo de decisión política tivese relación con este elemento e ningún tipo de relación tampouco con ningún tipo de decisión económica.

E agora, que estamos xa a dez anos do inicio desta crise tan longa do capitalismo, estase a pechar esta crise cunha perda evidente de dereitos para a clase traballadora, péchase en con-



tra da clase traballadora; iso é no camiño no que estamos. Unha perda que non é só no económico —por suposto tamén no económico—, senón tamén no social. A xente máis pobre porque ten salarios inferiores, porque as súas condicións laborais son peores, porque son máis precarias, pero son máis pobres tamén porque, ademais, a iso súmaselle que os servizos públicos que o Estado foi adelgazando e que, polo tanto, os elementos que teñen esas persoas traballadoras para acceder ao cumprimento dos seus dereitos fundamentais están pois eu creo que danados de morte en moitos casos e en moitos servizos danados dunha maneira que vai ser moi difícil recuperalos con independencia de que mude un goberno, polo menos difícil de recuperalos nunha marxe pequena de tempo.

Ese foi o motivo polo que durante todos estes anos debatemos acerca de como se estaba abordando por parte dos partidos, fundamentalmente do Partido Popular, que abordan cun modelo neoliberal economicamente a crise do propio capitalismo. E iso traducíuse nunha primeira fase de recortes e nunha segunda na que, a pesar de que se nos anunciou que había un crecemento económico, se contivo o gasto para non investir e manter o adelgazamento previo do Estado. É dicir, a crise péchase como sempre se pechan as crises capitalistas: con peores condicións para os servizos públicos. Esa situación fai que durante estes anos se xustificaran amortizacións de prazas dentro dos sistemas sanitarios públicos para non ter que dotalas economicamente e, evidentemente, con recursos humanos. E, polo tanto, a día de hoxe —daqueles pos veñen estes lodos— xubilacións mediante e menos prazas e menos camas na sanidade pública, temos unha sanidade que dificilmente pode soportar unha situación na que non houbo unha remuda xeracional, porque houbo unha intención de adelgazar esa sanidade pública.

Claro, agora non podemos botar as mans á cabeza coa taxa de reposición por parte da dereita, porque a defendeu aquí. E eu estiven neses debates en moitas ocasións e lembro os debates coa señora Rocío Mosquera, incluso antes, e eran firmes defensores de que ante a crise era mellor recortarlle á clase traballadora. Agora vemos o resultado deses problemas e agora vostedes reclámanlles a outros —evidentemente, nós tamén llelo reclamamos— que eliminen esa taxa de reposición.

E, claro, aquí houbo un acordo, houbo acordos previos, pero non se cumpriron. E hoxe, a día de hoxe, deberíamos de estar falando de por que eses problemas derivan nun sistema sanitario que está adelgazado e que non ten simplemente —fíxense— unha relación cun incremento dos ingresos. Nós defendemos sempre economicamente que era necesario incrementar os ingresos, incrementar os recursos procedentes do Estado, que había que abordar o financiamento autonómico, que había que loitar contra a fraude fiscal, pero presentamos —eu creo que todos os grupos da oposición— emendas parciais relativas ao seu propio orzamento, que en ningún momento foron aceptadas. Propostas, emendas, todo votado en contra, e agora, agora, a un ano das autonómicas, non hai persoal sanitario porque simplemente, por orixe divina, os profesionais sanitarios desapareceron.

As compañeiras Enfermeiras en Loita van colgando nas súas redes sociais de maneira bastante habitual o número de contratos, ultimamente están facendo unha campaña que é bastante coñecida. O outro día saíron algúns tamén na Comisión de Sanidade e eu creo que hoxe poderíamos dar algún exemplo aquí. Algunha compañeira dixo que levaba doce anos dispo-



ñible, con 491 contratos, deles 278 dun día. Outra levaba dez anos dispoñible, con 183 contratos, 84 dun día. Outra delas levaba doce anos dispoñible, con 561 contratos —unha barbaridade—, 378 deles dun día ou de menos dun día.

Polo tanto, a situación actual de precariedade, a situación actual de falta de profesionais vén polas decisións económicas, puramente económicas, do seu modelo tomadas ao longo de dez anos. A amortización de prazas é decisión voluntaria de manter precariedade laboral, precariedade que se traduce despois en denuncias e en condenas para o Servizo Galego de Saúde. E —falámolo aquí— contratación que provoca finalmente fraudes á propia Seguridade Social, xente que se despide as fins de semana para non ter que cotizar esas fins de semana nin pagar esas fins de semana. É unha situación absolutamente inadmisíbel dentro dunha administración pública.

Esa é a situación global e eu pregúntome que vai pasar ás portas dun novo exercicio económico, cal vai ser o plantexamento por parte da Xunta de Galicia. Porque, claro, o que non se pode é manter recortes durante dez anos e vir lavar a cara aquí, trasladando a responsabilidade única a outra administración, que ten responsabilidade, pero que non é responsabilidade única, señores do Partido Popular. E hai que lembrar tamén a responsabilidade do Goberno do señor Mariano Rajoy, de todos os gobernos, do señor Zapatero, do señor Mariano Rajoy e do actual. Pero vostedes gobernaron a maioría do tempo e defenderon aquí —tivemos moitos debates— a taxa de reposición, cando se esquilmba profesionais e cando se obrigaba a xubilarse aos profesionais.

Cóntennos o que queiran, pero o problema que temos agora é directamente que en quen incide é nunha clase traballadora que se ve abocada a non ter recursos para pagar servizos sanitarios privados, a ter peores pensións, a ter peores salarios, e iso é responsabilidade súa. Defendérono aquí e está a hemeroteca e a videoteca deste Parlamento dende logo para recordar todos os debates que tivemos nestas dúas últimas lexislaturas.

Esta temporalidade é escollida por vostedes. Contratar unha enfermeira un luns, un mércores e un venres para non pagarlle o resto de días, é unha decisión política e económica correspondente a un modelo, ao seu modelo. E agora botamos as mans a cabeza.

Claro que noutras comunidades tamén aplicaron as restricións do déficit, que nós non defendemos. E eu lembro un debate nunha comisión cando eu era unha deputada novel na que falei da débeda odiosa e os deputados do Partido Popular ríronse de min porque non entendían cal era o concepto de débeda odiosa. Daqueles inicios da crise económica veñen agora os resultados e moitas consecuencias deses recortes vense e visualízanse agora.

Non desaparecen mil douscentos ou máis de mil douscentos profesionais na sanidade pública porque se esfumaran, vanse porque hai xente que non ten capacidade de vivir cos salarios e coas condicións laborais que hai aquí, teñen que irse, ou outros deciden irse traballar a unha privada porque, aínda que os salarios son absolutamente baixos, as condicións laborais permiten que polo menos teñan un horario. E témolo discutido aquí en moitas ocasións. E ese é o cerne da cuestión. Se non empezan a estabilizar emprego, nunca van poder ter unha masa de traballadores preparados para cubrir a intendencia de ter que substituír de maneira rápida un profesional.



Claro que ten que haber listas de *pool*, antes habíaas, pero é que agora os profesionais somos todos eventuais, son todos eventuais. Todas as miñas compañeiras que non teñen praza fixa son o que antes se coñecía como *pool*, que eran unhas listas para chamada rápida; faltaba unha persoa dúas horas antes por unha enfermidade e chamábase. Agora todo o mundo vale para eses contratos.

A precariedade é absoluta e os profesionais estano dicindo dende hai moito tempo. E a pesar de que vostedes fixeron esforzos en intentar aparentar que non pasaba nada, mantéñense as protestas e o persoal de enfermería cada mes fai unha protesta lembrando que isto require dunha solución que é política e que require vontade e require orzamento.

E remato xa, que me vai rematando o tempo. Díxeno na comisión: a finais de xullo saíu o informe do Consello de Contas, nós demos unha rolda de prensa e exiximos desculpas públicas ao señor presidente —que non está hoxe aquí— polas súas mentiras. Reitero unha vez máis: aquí escoitáronse auténticas mentiras en relación cos datos de profesionais públicos. Pedimos que se desculpe, que admita o erro e que recoñeza que a precariedade é a norma, como indica o Consello de Contas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Mixto, a señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Pois si, o Sergas é un dos maiores exemplos de como a propia administración pública galega precariza a clase traballadora galega, xa de por si precaria. Pero, efectivamente, como sinalaba a propoñente e como o dixemos no anterior debate, é unha cuestión de modelo, é unha intención clara a redución de investimento na sanidade pública. Se temos en conta os termos reais, teríamos que recuperarnos nos orzamentos, xa que estamos ás portas dese debate, máis de seiscentos millóns de euros só para reverter os recortes que se produciron dende 2008.

Falando da precariedade no Sergas, en primeiro lugar, as taxas de temporalidade son intolerables. Esas mentiras —que si son claramente mentiras—, tanto de Feijóo como do xerente do Sergas, falando desa estabilidade de profesionais por riba do 80 %, contradín o seu propio informe do Consello de Contas, nestes informes de fiscalización referidos ao Sergas e que foron remitidos a este Parlamento. Seguen sendo elevadas as taxas de temporalidade: 40 % en atención especializada, 28,1 % en primaria; os datos son de 2017, pero é que o propio informe indica un incremento interanual destes datos a respecto de 2016.

Xunto a esta realidade, pois ¿que hai, que hai? Pois a falta de dotación de prazas fixas, a amortización de postos de traballo, a negativa a converter en fixos postos que teñen que ser estruturalmente reforzados por eventuais. Son necesidades estruturais que non cobre esa escasa oferta pública de emprego. Agora mesmo viñemos o noso grupo de xuntarnos cunha das voceiras de Eventuais en Loita, que efectivamente denuncian esa precariedade absoluta que lles impide unha mínima conciliación da súa vida laboral e familiar. Elas falan pois dese abuso na contratación eventual —que tamén esas sentenzas confirman condenando o Sergas—, falan dese abuso do acúmulo de tarefas e dunha serie de cuestións que o Sergas debe



corrixir xa, porque esa falta de conciliación familiar pechariza absolutamente e sobre todo as mulleres. E logo pois escoitamos aquí esas apelacións da necesidade dunha Lei de impulso demográfico, condenando as traballadoras mozas do Sergas a unha imposibilidade de decidir se queren ser nais ou non e, ademais, sobrecargando de traballo todo o persoal.

E outra consecuencia, por suposto, é a calidade asistencial, porque é humanamente imposible, pese á gran profesionalidade do persoal do Sergas, garantir unha mínima calidade asistencial con cupos de pacientes imposibles. Poñamos por caso, eses vinte e oito pacientes por enfermeira en plantas de hospitais como o da Mariña ou de Monforte, como temos denunciado, porque ese persoal vese obrigado a priorizar tarefas. Coidados e atencións como aseo, axuda e consellos para mellorar a rehabilitación, loxicamente teñen que deixarse de lado ante cuestións máis prioritarias.

O Sergas é, como dicíamos, un exemplo de mala praxe ao abusar desta contratación eventual. Lembráronllo sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que confirma condenas ao Sergas por abusar fraudulentamente da contratación temporal.

¿Cal é o sistema? Encadear, como xa foi exposto, contratos de profesionais que teñen *de facto* unha relación laboral indefinida coa Administración. Ao final esas prazas son estruturais e son fundamentais para a prestación do servizo. É algo básico.

Pero, en fin, púxose durante toda esta etapa, tanto da crise como da poscrise —ou como lle queiramos chamar, pero da crise non saímos—, por riba dos dereitos laborais e dos dereitos mesmo asistenciais da poboación ese sacrosanto mantra da estabilidade orzamentaria, e aquí estamos.

Por iso, imos apoiar a dotación de recursos para o Sergas en aras de poñer en marcha a negociación dese demandado plan de estabilidade na mesa sectorial para cumprir coas necesidades axeitadas e permitir convocar ofertas públicas de emprego que permitan a consolidación deses postos de traballo que son necesarios para o servizo. Porque —lembrémolo— somos un dos países con peores ratios tanto de enfermería como de fisioterapia, ou de matronas, por poñer un exemplo.

Unha das emendas que fixemos ten que ver con que un dos subterfuxios nos que se apoia o Sergas para negar esta excesiva taxa de temporalidade é a falta de transparencia. Continuamente os sindicatos, os colectivos sanitarios, os grupos da oposición solicitamos ao Sergas esta información detallada de cales son tanto as prazas que existen en cada EOXI en cada servizo, as previsións de xubilación e que se diferencien a contratación fixa da temporal. Estes datos foron pedidos reiteradamente e nunca achegados. Consideramos que é unha achega á proposición non de lei. Pero, independentemente diso, apoiarmola igualmente. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.





**A señora PRADO CORES:** Pois, mira ti, que hoxe descubrimos que o problema da sanidade non é galego e non é do Partido Popular. ¡Enternecedor! ¡É enternecedor! Xuro, de verdade, que case me caeron as bágoas.

Claro, é que levamos aquí un día tras outro, unha semana tras outra, un mes tras outro dicíndolles que é un problema de modelo. Efectivamente, é un problema de modelo no que acredita entusiasticamente o Partido Popular, por suposto. É un problema de modelo; un problema de modelo no que se empeza polo financiamento; un problema de modelo no que vostedes, como bos colonizados, permiten que sexa ese centralismo madrileño o que teña a chave da caixa dos nosos recursos, da nosa riqueza, dos nosos impostos. E logo véñennos con estas «cositas» así tan veraniegas de que «claro, Madrid non nos manda cartos». Se se plantaran, se quixeran que foramos donos do noso, non terían que andar pedichándolles a outros porque seríamos donos do noso. Entón, vostedes son tan culpables e é un problema seu, do Partido Popular, porque acreditan neste modelo, nesta parte. (*Aplausos.*)

E na seguinte parte tamén, porque, evidentemente, á parte de acreditar no modelo, en canto a quen decide, como decide e cando decide, resulta que despois o Partido Popular entusiasticamente pon en marcha medidas, ou se non as pon en marcha logo non as elimina, como é o caso da taxa de reposición. Din: É que non temos médicos, é que... ¿E que pasou coa taxa de reposición? Púxo a o Partido Socialista, claro. Nós denunciámolo aquí, vostedes non. Nós denunciámolo aquí e pedimos que se retirara, vostedes non. Pero é que vostedes estiveron dúas lexislaturas no Goberno e non a retiraron, nin pediron que se retirara. Veñen agora coas rebaixas. Vale, pero, en todo caso, podemos comprarlles iso de que *Madrid es malísimo*, de que o Goberno central é malísimo, cando non está o Partido Popular, e de que resulta que é culpa das medidas de Madrid.

Pero, mire, o contrato de continuidade para médicos e para enfermeiras, ¿quen lle mandou ao Partido Popular, ao Sergas, poñelo en marcha, ese contrato que precariza aínda máis as condicións dos traballadores e traballadoras? ¿Quen? Paréceme que foi unha decisión do Goberno galego, aplaudida por vostedes.

Podemos seguir: os contratos lixo. E non é unha denuncia de última hora, como a de vostedes, senón que levamos anos con ela. Volvemos á hemeroteca —é que isto é fantástico—: «Levo traballando no Sergas doce anos e firmei 350 contratos». E como esta traballadora, miles. «Nun turno de sete horas traballei en tres hospitais.» Supoño que os responsables disto antes levantaban o teléfono e chamaban a Madrid para preguntarlles se podían poñer en marcha este tipo de contratación, ¿non? Dígo, porque non teñen ningunha responsabilidade. «Penalizáronme un ano por rechazar ir a quirófano porque non teño experiencia.» Porque esa é outra, evidentemente, as condicións en que traballan moitas veces os profesionais.

¿De quen é responsabilidade esta situación de precariedade no Sergas e na contratación aquí en Galiza? Pois única e exclusivamente do Partido Popular, que acredita que esa situación de deterioración da sanidade pública é a súa folla de ruta. E o mellor mecanismo para deteriorar a sanidade pública, para que teñamos unha asistencia sanitaria de moita peor calidade, é actuar negativamente sobre os cadros de persoal e sobre as condicións laborais. Xa lles



dixen antes, na anterior intervención, que se se vai zafando é polo inmenso e bo traballo dos profesionais e das profesionais.

É que logo, ademais, vostedes insisten en traer e en dicir aquí toda unha serie de datos sen contrastar e sen confirmar, sen saber de onde os traen.

Por iso nós, dende o BNG, imos apoiar a iniciativa de En Marea, pero presentámoslle unha emenda pedindo que se realice no prazo máximo de seis meses un plan de reordenación de Recursos Humanos para saber cantos profesionais hai, onde, como e de que xeito. Porque xa está ben de que vostedes intenten impoñer un relato fraudulento día si e día tamén, con datos que non sabemos de onde os quitan —non sabemos de onde os quitan— para que logo sexa o Consello de Contas, sexa o orzamento ou sexa calquera outro organismo quen o desminta sistematicamente.

Por iso pedimos que se faga isto, e tamén que esa petición e creación de ofertas públicas de emprego se faga coa totalidade das prazas vacantes e de todas as categorías, porque logo tampouco vale que vostedes digan que sacan todas estas prazas, pero acumuladas nunhas cantas categorías, cando están desmantelando outras moitas e facendo que esas prazas vaian directamente á empresa privada.

Polo tanto, señor deputado do Partido Popular, si é culpa do Partido Popular en Galiza e do Goberno galego en moita medida.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Torrado Quintela.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Falouse nestas intervencións que me precederon dalgúns contratos, dalgúns exemplos que se veñen poñendo polos profesionais que traballan no sistema, e a verdade é que temos debatido tantas horas destas cuestións que, se cadra, tamén, ademais das posicións de partida e dos modelos que defendemos, contribúe a este debate —e eu creo que é moi enriquecedor— falar do que están facendo os profesionais, que ven que por parte do Goberno non se están atendendo as súas realidades. Por poñer algo en versión concreta, eu creo que isto pode contribuír.

Algún dos casos que se citaron —e por traducilo— son os 350 contratos en doce anos. Algún caso era bastante máis sangrante incluso, e todos o coñecemos. Se asumimos que deses doce anos se traballa practicamente os doce anos —practicamente completos os doce anos, que pode haber épocas que non—, isto é un contrato cada dúas semanas. Isto supón —para poñelo de verdade— ter que renovar cada quince días, sen saber se vas renovar ou non, ter que estar dispoñible no móbil durante doce anos da túa vida, vinte e catro horas ao día e



sete días á semana, porque, se te chaman e dis que non, vas abaixo da lista; é dicir, doce anos contratado, cada quince días e dispoñible 24-7. Este é o modelo. Non é un caso, non son dous, son decenas, centenas de casos semellantes.

¿Lembran vostedes o que dixo o conselleiro sobre este modelo: ¡Éche o que hai! Era unha entrevista, está escrito. Non renegou, estaba entrecomillado: ¡Éche o que hai!

Dúas semanas, acaba un contrato; con sorte, un novo contrato; con sorte, outro máis. Posible pregunta que se fai unha persoa que está contratada así: se traballo doce anos cada quince días no mesmo posto de traballo, ¿quen é o intelixente que non fai un contrato de doce anos? Claro, podemos pensar: é que non sempre é no mesmo posto de traballo. Ben, imos un paso máis alá. Entón, xa non imos aos profesionais, imos á xustiza, que sentencia o Sergas por contratación fraudulenta, por utilización torticera do sistema, por contratar de maneira eventual enfermeiras por usar postos estruturais. A xustiza. Este é o modelo.

Pero hai unha pregunta máis: ¿por que alguén pode pensar que é útil, interesante, bo e eficiente contratar a alguén durante doce anos cada dúas semanas? Cámbiolles o exemplo: unha baixa dun ano, anunciada. Contrátase un profesional novo. Vale, ben. ¿Fáiselle un contrato dun ano? Non, fáiselle un contrato dun mes, logo de tres semanas, logo contrátase de luns a venres, despídese un venres e contrátase un luns. Á semana seguinte, o venres é festivo e contrátase ata o xoves, contrátase outra vez o luns...

Hai centenas de contratos idénticos. Este é o modelo do sistema, o sistema do «¡éche o que hai!», que logo chegan as sentenzas, pero é moito mellor a resposta ás sentenzas. A responsable de Recursos Humanos neste Parlamento, á pregunta de por que hai unha sentenza que di que contratamos de maneira fraudulenta, responde —cabe agradecer a sinceridade—: «Bueno, non sempre contratamos de maneira fraudulenta». Literal. Non sempre hai contratos fraudulentos no Sergas, é unha alegría. Este é o modelo laboral do Sergas.

E agora respóndanme vostedes: ¿como é posible manter a calidade dun sistema cando os profesionais están sometidos a esta situación? ¡Imposible! É unha decisión política, puramente política. Que é un modelo lexítimo, nós non o compartimos, e cremos que é ineficiente e malo. É unha posición política. Non se avergoñen da súa posición, ese é o seu modelo. Dende logo, con ese en continuidade imos acabar mal, xa non imos polo bo camiño. Ese é o seu sistema: explotar e aproveitarse de que os profesionais si que responden, si que defenden o sistema. E, por tanto, ¿que acaban facendo? Traballando máis do que deben, asumindo as saturacións e respondendo ante un sistema no que cada día que van para a casa se preguntan se alguén está xogando aos dardos para decidir con respecto ao Sergas. A nosa pregunta ás veces pode ser a mesma, aínda que, a verdade, se un ve os datos, xa sabe que alguén está xogando aos dardos e que, ademais, os tira mal.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.



Por parte do Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, señor presidente.

Señora Solla, este tema tamén o debatemos na última comisión. Eu agradézolle que vostede, polo menos, trouxera unha iniciativa que non é textualmente igual. Na comisión referíase máis á enfermería.

Permítanme uns segundos para dirixirme ao señor Torrado.

Señor Torrado, non faga trampas, as cifras que dá vostede son do Colexio Médico e do Colexio de Enfermería de médicos por habitantes, non de médicos da pública; poden ser da privada ou poden ser licenciados que estean traballando sen especialidade en empresas e en mutuas. Os datos da pública doullos eu, que están na páxina web do Ministerio de Sanidade... *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.):* 5 comunidades con peor ratio de tarxetas por enfermeira, 7 comunidades con peor ratio de tarxetas por pediatra, 12 comunidades con peor ratio de tarxetas por médico de familia. ¡Doce! Revise os datos, téñoos eu aí, na carpeta. E xa non lle falo das cotas de máis de 1.500 e de máis de 2.000 persoas que están tamén aí. Revíseas, a ver onde hai e onde non hai. En Galicia, non. *(Aplausos.)*

A mesma trampa fai co tema dos contratos. Vostede non traballou en atención primaria, polo menos non nunha praza de médico ou de enfermería, que son as conflitivas. Vostede sabe que se eu pido un día e me veñen substituír —por mudanza, por falecemento dun familiar, por unha semana de vacacións ou polo que sexa... — iso é un contrato. E moitos contratos son, evidentemente, dun día. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Moitísimos. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, si, ¡moitísimos! *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Si, vostedes, cando non queren, non contan. *(Murmurios.)*

Pero, mire, eu o primeiro que quero deixar claro, señora Solla, é que no ano 2017 se aprobou un plan de estabilidade do emprego e provisión de prazas de persoal estatutario consensuado cos sindicatos para estabilizar máis de 800 prazas. Esas 838 prazas —unhas delas de eventuais e outras de cúmulo de tarefas— convertéronse en nomeamentos interinos. Os nomeamentos interinos toda a vida foron estables, agora parece que non. Os nomeamentos interinos toda a vida foron estables, son estables. Hai que aprobar a oposición despois, pero son estables, son da mesma praza; e non se salta de praza cando un é interino, que é outra cousa que confundimos con certa facilidade.

É ben certo, señora Solla, que non foi posible convocar todas as prazas da OPE. Falamos antes da taxa de reposición. Vostede non ten a culpa, pero o seu grupo asinou os orzamentos fallidos do Goberno con Podemos e os seus grupos, e aí non aparece a eliminación da taxa de reposición para nada. Non diga que vostedes non son responsables. Vostedes poderían exixilo ao Goberno de Sánchez para asinalo, ou incluso para ter ministras de Unidos Podemos —creo que a partir de hoxe non vai haber ministras de Unidos Podemos—. Poderían telo exixido e non o fixeron, pero si se contempla para universidades e para concellos, para a política local. Para a Administración local báixase ou suprímese a taxa de reposición e para



universidades e investigación, tamén; pero para a sanidade, non. Algo de culpa tamén terán vostedes, ¿non? A min paréceme un pouco incongruente falar do que estamos falando e non traballar para eliminar esa taxa.

Eu non sei se queren que o Goberno galego incumpra a normativa básica do Estado. Non sei o que queren. Se se cobren todas as prazas —como piden vostedes—, evidentemente, incúmrese a normativa.

Certamente, como consecuencia da crise e como consecuencia do que pasou, houbo que incrementar a eventualidade nos primeiros anos desa crise, obrigando a utilizar máis contratos temporais dos que serían necesarios e sobre todo recomendables en época de bonanza económica. Pero mire, señora Solla, Galicia mantivo as convocatorias anuais de OPE de xeito sucesivo desde o ano 2010 ao 2019; non todas as comunidades autónomas o fixeron. Galicia foi a primeira comunidade que adoptou medidas de reversión. Galicia esgotou sempre as taxas de reposición a partir do 2010, inclusive a taxa de estabilización, que se aprobou no ano 2017. E xa lle dixen na comisión que retiraron prazas de Educación e de Administración local para convertelas en prazas estabilizadas sanitarias. Entre o ano 2012 e o 2019 Galicia convocou preto de 6.000 prazas de OPE, en plena crise. E, como lle dicía, o conselleiro segue a pedir a eliminación da taxa de reposición.

Efectivamente, asinouse no ano 2019 cos sindicatos o Acordo sobre as Bases do nomeamento estatutario eventual de continuidade no ámbito do Servizo Galego de Saúde, que se aplica a médicos e enfermeiras. Eu sigo defendendo ese contrato, e creo que calquera profesional que o pense debe defender ese contrato. Non é o mesmo ir un día a un sitio, outro día ir a outro e ter un contrato cada día que ter un contrato dun a tres anos. Creo que non ten nada que ver. É que iso baixa, evidentemente, a eventualidade. E, ademais, sempre esquecen que o contrato é voluntario. Hai xente que o rexeita, pero tamén hai xente —profesionais— que o está asinando.

Falamos antes de Valencia, do que son as medidas que se fan en Valencia, onde goberna o Partido Socialista coas confluencias e onde con 100 millóns arreglan a atención primaria para catro anos. Aquí, 102 millóns para tres anos, e resulta que parece pouco.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Remato, presidente.

A estabilidade do persoal estase a negociar cos sindicatos, pero hai que cumprir a taxa de reposición. E estase a avanzar, en definitiva, na mellora das condicións laborais do persoal do Sergas despois, efectivamente, duns anos duros, co incremento da estabilidade e negociando cos sindicatos representativos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Sabe vostede que o Goberno da Xunta ten o compromiso de reducir a eventualidade ata o 5 %.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, señor Núñez Centeno.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Solla Fernández.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Imos aceptar as dúas emendas. E quero agradecer o apoio dos grupos da oposición.

Creo que tampouco vai ir desta. Seguiremos reclamando datos. Eu lembro aquí, unha vez máis, que no primeiro período de sesións desta lexislatura —e xa estamos case rematando— pedín as listas non estruturais do Sergas ao abeiro do artigo 9 e sigo agardando. ¿Onde vai ese mes?

Eu creo que o que non se pode é branquear unha realidade que é terrible, señor Centeno, para o sistema público, pero tamén para as profesionais e os profesionais. ¡Claro que hai moitos contratos dun día! ¡Evidentemente! ¡É que hai demasiados contratos dun día! Porque un ou unha profesional pode aceptar un elemento de certa inestabilidade e de certa precariedade cando remata os seus estudos, pero é que esta xente leva cinco, leva seis, leva sete ou leva doce anos nesa situación. E iso é absolutamente inasumible, porque non se pode formalizar unha vida minimamente estable nesas condicións, porque é moi difícil ter unha vida digna e chegar a fin de mes, pero tamén porque a calidade dos servizos sanitarios se ve absolutamente precarizada cando os profesionais van cambiando un día si e outro día tamén de servizo, porque se require ter un certo asentamento nun servizo para ter un nivel de coñecemento do funcionamento. ¡É obvio!

E non é certo que toda a vida se utilizaran deste xeito. Claro que ten que haber unha lista para eventualidades, porque sempre pode faltar un profesional, pero o que non é normal é que isto sexa a norma. E as vinculacións de profesionais interinos non son vinculacións fixas, desgraciadamente tampouco son estables porque dende que vostedes... *(O señor Núñez Centeno pronuncia palabras que non se perciben.)* —voullo explicar, atenda ao razoamento—. Vostedes sacan agora mesmo concursos de traslados anuais. O que ocorre coas interinidades é que unha vez que volven saír a concurso eses profesionais poden durar nunha interinidade uns meses. Isto está acontecendo, e deberían revisar que acontece, que pasa, porque hai precariedade tanto nas interinidades como no resto de contratacións. Vostedes din que os contratos que vostedes propoñen dun ano ou de tres non son precarios. Son precarios igual, porque non dan garantías; o contrato non está vinculado a un servizo concreto. Polo tanto, o que sucede é que esa persoa pode ter unha mobilidade diaria a cada servizo, e iso significa precariedade, porque, se cada día ou cada semana unha persoa está traballando nun sitio e cun turno distinto, a única diferenza de firmar contratos cada quince días, cada día ou cada semana é que se reducen os actos administrativos. O resto é o mesmo, non hai estabilidade porque non se pode planificar a vida dunha persoa se cada día pode estar cambiando de servizo. Por iso dicimos que este contrato, evidentemente, é inaceptable e é un contrato precario. Non deberían de propoñer isto, deberían de estabilizar o emprego.

Vostede di que se sacaron —remato xa— OPE cada ano. Non é certo. Nestas dúas lexislaturas fixemos dous exames, e na miña categoría, en enfermería, hai categorías profesionais que non levan ningún.



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Co cal, non é certo; simplemente é falso.

¿Pregúntase vostede que queremos? Queremos que o sistema sanitario público estea ao servizo dunha clase traballadora...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.


**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** ...que está absolutamente mermada nos seus dereitos. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Solla.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

*Suspéndese a sesión ás oito e cincuenta e dous minutos do serán.*





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

